

ÍNDICE

CAPÍTULO 1. INTRODUCCIÓN	1
1.1.- CONTIDO DO DOCUMENTO	1
1.2.- ANTECEDENTES	2
1.3.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PXOM DE OUTES	2
1.4.- ÁMBITO DE INFLUENCIA	3
1.5.- CALENDARIO	3
1.6.-A FIGURA DA APROBACIÓN INICIAL	5
1.7.- PLANTEXAMENTO CONCEPTUAL DA APROBACIÓN INICIAL	5
1.8.- PROCESO DE ELABORACIÓN	6
CAPÍTULO 2.- MEMORIA INFORMATIVA	10
2.1.- O MEDIO FÍSICO	10
2.2.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO FÍSICO	10
2.3.- A DEMOGRAFÍA MUNICIPAL	11
2.3.1.- A DEMOGRAFÍA COMARCAL	11
2.3.2.- A DEMOGRAFÍA MUNICIPAL	13
2.3.2.1.- O estado da poboación	13
2.3.2.2.- Evolución da poboación municipal	13
2.3.2.3.- Evolución e distribución da poboación a escala parroquial	14
2.3.2.4.- Evolución da poboación por núcleos	16
2.4.- PROBLEMAS DERIVADOS DA DEMOGRAFÍA MUNICIPAL	20
2.5.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA	21
2.6.-PROBLEMAS DERIVADOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA	21
2.7.- O MEDIO URBANO	22
2.7.1.- ANÁLISE DA MALLA URBANA	22
2.8.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO URBANO	24
2.9.- A ORDENACIÓN MUNICIPAL	24
2.9.1.- O PLANEAMENTO MUNICIPAL	24
2.9.2.- O PLANEAMENTO OS CONCELLOS LIMÍTROFES	24
2.10- PROBLEMAS DERIVADOS DA ORDENACIÓN MUNICIPAL	25
2.10.1.- A CLASIFICACIÓN DO SOLO	25
2.10.2.- O SOLO URBANO	25
2.10.3.- OS NÚCLEOS RURAIS	26
2.10.4.- OS SISTEMAS XERAIS	26
2.10.4.1.- A rede de comunicacións	26
2.10.4.2.- Os equipamentos	26
2.10.4.3.- Os espazos libres	26

2.11.- INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE	27
2.12.- ANÁLISE DAS INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS	28
2.12.1.- INFRAESTRUTURAS VIARIAS	28
2.12.2.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS	29
2.12.2.1.- Abastecemento de auga	29
2.12.2.2.- Saneamento	29
2.12.2.3.- Xestión de residuos sólidos urbanos	30
2.13.- ANÁLISE DOS ESPACIOS LIBRES E EQUIPAMENTOS EXISTENTES	30
CAPÍTULO 3- MEMORIA DE ORDENACIÓN	33
3.1.- TRAMITACIÓN E CONCLUSIÓNS DO AVANCE DE PLANEAMENTO	33
3.1.1.- O AVANCE DE PLANEAMENTO	33
3.1.2.- PROBLEMÁTICA DETECTADA, OBXECTIVOS E CRITERIOS DO PLAN XERAL DE ACORDO CO AVANCE DE PLANEAMENTO	33
3.1.3.- O MODELO DE ASENTAMENTO PROPOSTO E A ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO	33
3.2.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA	35
3.2.1.- CRITERIOS DE CARACTER XERAL APLICADOS	35
3.2.2.- CRITERIOS SECTORIAIS	36
3.2.2.1.- Criterios en orde a acadar o acabado e mellora do modelo e medio urbano existente	36
3.2.2.2.- Criterios específicos nos núcleos rurais	37
3.2.2.3.- Criterios específicos nas áreas para novos asentamentos	37
3.2.2.4.- Criterios específicos para o solo rústico	38
3.2.2.5.- Obxectivos e criterios socioeconómicos	38
3.2.2.6.- Obxectivos e criterios en orde a resolver problemas estruturais	38
3.2.2.7.- Consecución do sistema xeral de espazos libres	39
3.2.2.8.- O tratamento dos equipamentos que constitúen o sistema xeral	39
3.2.2.8.1.- Equipamento docente	39
3.2.2.8.2.- Equipamento sanitario	39
3.2.2.8.3.- Equipamento asistencial	40
3.2.2.8.4.- Equipamento sociocultural	40
3.2.2.8.5.- Equipamento deportivo	40
3.2.2.8.6.- Equipamento relixioso	40
3.2.2.8.7.- Cemiterios	40
3.2.2.9.- Obxectivos, criterios e actuacións dirixidas a resolver os problemas existentes nos servizos urbanos básicos e medio ambiente	40
3.2.2.10.- Accións tendentes á actualización da normativa urbanística	40
3.2.2.10.1.- Marco legal	41

3.2.2.10.2.- Sistema normativo	41	3.3.2. CUANTIFICACIÓN E DEFINICIÓN DE SISTEMAS XERAIS	64
3.2.3.- MODELO DE XESTIÓN URBANÍSTICA PROPOSTO	41	3.3.2.1. Sistema xeral viario.....	64
3.2.3.1.- Xestión do solo urbano.....	42	3.3.2.2. Sistema xeral zonas verdes e espazos libres	65
3.2.3.2.- Xestión do solo de núcleo rural	42	3.3.2.3. Equipamentos e dotacións.....	67
3.2.3.3.- Xestión do solo urbanizable	43	3.3.2.4. Sistema xeral de infraestruturas.....	69
3.2.3.4.- Xestión do solo rústico	43	3.3.2.5. Obtención, execución e deseño das novas dotacións	69
3.2.4.- CRITERIOS E ESTRATEXIAS DE XESTIÓN DO PLANEAMENTO.....	43	3.3.2.6. Cumprimento da lexislación sobre accesibilidade.....	70
3.2.4.1.- Criterios de xestión en solo urbano consolidado.....	44	3.3.2.7. Cumprimento da lexislación sobre habitabilidade	71
3.2.4.2.- Criterios de xestión en solo urbanizable delimitado e urbano non consolidado	44	4.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO	72
3.2.4.2.1.- A delimitación de áreas de reparto como técnica de equidistribución de cargas e beneficios.....	44	4.1.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN	72
3.3.- DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA.....	44	4.2.- ESTUDIO ECONÓMICO	74
3.3.1.- CUANTIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN DO SOLO.....	44		
3.3.1.1.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano consolidado	45		
3.3.1.2.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano non consolidado	47		
3.3.1.2.1.- Xustificación das edificabilidades e cargas derivadas das obras de urbanización no solo urbano non consolidado.....	51		
3.3.1.2.2.- Xustificación dos valores dos coeficientes de homoxeneización	52		
3.3.1.3.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo de núcleo rural..	52		
3.3.1.4. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbanizable delimitado	58		
3.3.1.5. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbanizable non delimitado	60		
3.3.1.6. Dimensionado da capacidade residencial en función das expectativas de crecemento	60		
3.3.1.7.- Ordenación do solo rústico	61		
3.3.1.7.1. Solo rústico de protección agropecuaria.....	61		
3.3.1.7.2. Solo rústico de protección forestal	62		
3.3.1.7.3. Solo rústico de protección de augas	62		
3.3.1.7.4. Solo rústico de protección de infraestruturas.....	63		
3.3.1.7.5. Solo rústico de protección de costas	64		
3.3.1.7.6. Solo rústico de protección paisaxística	64		
3.3.1.7.7. Solo rústico de protección de espazos naturais.....	64		
3.3.1.7.8. Solo rústico de protección de patrimonio (arquitectónico e arqueolóxico).	64		
3.3.1.7.9. Solo rústico de protección ordinaria	64		

CAPÍTULO 1. INTRODUCCIÓN

1.1.- CONTIDO DO DOCUMENTO

O presente documento articúlase atendendo ó referido no art. 61 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e as súas posteriores modificacións (en adiante, LOUPMRG) na que se determina que un Plan Xeral de Ordenación municipal (en adiante, PXOM) terá que desenvolver os seguintes documentos:

- a) Memoria Xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como as súas determinacións
- b) Estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional.
- c) Planos de información.
- d) Planos de clasificación do termo municipal
- e) Planos de ordenación urbanística do solo urbano e dos núcleos rurais
- f) Normas urbanísticas.
- g) Estratexia de actuación e estudio económico.
- h) Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar.
- i) Informe de sostibilidade ambiental (ISA)
- j) Aqueloutros que se consideren necesarios para reflectir as súas determinacións.

a) Memoria xustificativa: como compoñente do texto de redacción do Plan, o contido deste documento de memoria adáptase ó referido no art. 38 do Regulamento de Planeamento (RP) establecendo as conclusións da información urbanística, analizando as distintas alternativas posibles e xustificando o modelo escollido, as determinacións de carácter xeral e as correspondentes ós distintos tipos e categorías de solo, se ben o referido ás características que define como "naturais" do territorio contémpanse máis especificamente no documento de Estudio do Medio Rural.

A efectos da súa organización interna o documento de Memoria estruturouse en 4 capítulos, un introdutorio, os dous centrais nos que se atenden ós contidos referidos no RP, e finalmente un capítulo de estudos parciais e datos complementarios anexos:

Capítulo 1: introdución.

Capítulo 2: memoria informativa.

Capítulo 3: memoria de ordenación.

Capítulo 4: documentos anexos.

b) Estudio do Medio Rural e análise do modelo de asentamento poboacional. Segundo a LOUPMRG o estudio do medio rural debe servir de base para establecer as medidas tendentes á conservación e mellora das súas potencialidades intrínsecas e, en particular, para a protección dos seus valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou con potencialidade produtiva. A análise do modelo de asentamento territorial terá por obxecto determinar as medidas que se vaian adoptar para a preservación do medio rural, definindo os elementos que o constitúan e a súa inserción no marco comarcal destacando a división parroquial, o sistema de núcleos de poboación e a súa relación co medio natural e productivo. A súa elaboración foi concretada despois dun minucioso traballo de campo con identificación, sobre la cartografía dispoñible, de tódalas vivendas, alpendres, hórreos e demais construcións auxiliares, así coma a tipoloxía destas de cara á delimitación precisa dos núcleos rurais.

c) Planos de información urbanística: Recóllense aquí os planos referentes á topografía, rede hidrográfica, solos, cultivos, distribución da poboación e outros que aporten documentación adicional ós aportados anteriormente expostos. Un apartado importante desta documentación será a correcta e actualizada cartografía, complementada co traballo de campo necesario así como uns exhaustivos planos de servizos urbanísticos, os cales servirán de base para as clasificacións das distintas entidades de poboación.

d) Planos de ordenación urbanística. Divídense en tres tipos de planos:

- Planos de clasificación, estrutura xeral e usos globais do termo municipal. Realizados sobre base cartográfica a escala 1/5000.
- Planos de ordenación e xestión do solo urbano. Realizados sobre base cartográfica a escala 1/2000.
- Planos de ordenación dos núcleos rurais.

Estes planos complementáanse con outros máis específicos como o que representa a estrutura xeral e orgánica do territorio ou os planos de xestión do solo urbano e urbanizable.

e) Normas urbanísticas. Subdividíronse en dúas partes:

- Normas urbanísticas: textos escritos.
- Normas urbanísticas: fichas de xestión dos solos urbanos non consolidados e do solo urbanizable.

f) Estratexia de actuación e estudio económico.

g) Catálogo de protección. Recóllense aquí os distintos elementos catalogados do termo municipal, tanto arquitectónicos como arqueolóxicos cos seus graos de protección e as súas cautelas. O catálogo de bens arqueolóxicos foi realizado a partir das delimitacións remitidas ao concello pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

1.2.- ANTECEDENTES.

O Concello de Outes, na data actual, dispón para a ordenación urbanística do seu territorio, de Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas definitivamente, cunha serie de modificacións, pola Comisión Provincial de Urbanismo de A Coruña, en sesión de 5 de agosto de 1977. Estas modificacións foron aprobadas polo pleno en decembro de 1982 e na Comisión Provincial de Urbanismo en 1985.

A ordenación establecida neste documento de planeamento, xunto ás modificacións puntuais que ao longo da vixencia deste se aprobaron (modificacións puntuais aprobadas definitivamente en 1994), serviron de base para regularizar o proceso de edificación no termo municipal durante o seu período de vixencia.

Imponse polo tanto a necesidade de elaborar un documento que regule o crecemento municipal, tanto no rural, con iniciativas cada vez máis florecentes no terreo do turismo rural, como no medio urbano, cunha presión urbanística moderada na Serra de Outes e maior en Riveira do Freixo, pero que necesita de maneira urxente unha recondución.

1.3.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PXOM DE OUTES

Durante o período transcorrido dende a entrada en vigor das Normas Subsidiarias de Planeamento, o 5 de agosto de 1977, xurdiu unha importante normativa tanto estatal coma autonómica, que incide nos aspectos territoriais da actividade económica e urbanística. Pola súa especial incidencia e importancia, cómpre citar as seguintes:

- Lei 8/1995, de 30 de Outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

- Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia.

- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. (LOUPMRG)

- Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

- Ley 8/2007, de 28 de mayo, de suelo.

Estas novas normativas, constitúen o marco regulador no que debe inscribirse toda a actividade urbanística e planificadora do territorio, e introduciron cambios importantes no xeito de entender a territorialización das actividades urbanísticas e edificatorias e a súa ordenación integrada con carácter urbanístico nun Plan.

As expectativas coas que conta este concello no sector turístico comezan a desenvolverse, debido aos trocos nas tendencias actuais, que fan que cada vez se demande máis un turismo ecolóxico e vinculado á natureza. Considérase necesario desde o Plan Xeral o facilitar as condicións necesarias para encauzar estas tendencias e facilitar o achegamento dos viaxeiros a este concello, con aloxamentos ben dotados e espazos de interese tanto paisaxístico como natural.

Noutro eido, o desenvolvemento constante da actividade construtiva no termo municipal, Sobre todo na Serra de Outes en a Ribeira do Freixo, e núcleo rural, sobre todo vinculada á segunda residencia, así coma a aparición de actividades non desexadas dentro do solo rústico, no marco delimitado polas Normas Subsidiarias, coas limitacións de xestión que estas carrear, crearon diferenzas no ordenamento urbanístico municipal e efectos non desexados, que se acentúan coa aparición dunha serie de circunstancias imprevistas nas Normas Subsidiarias, e xurdidas como consecuencia do seu propio desenvolvemento.

A necesidade de ordenar as áreas vacantes dos solos urbanos e de introducir mecanismos de planeamento que permitan ordenar axeitadamente a implantación e xestión de execución de novas infraestruturas, equipamentos e zonas verdes de vital importancia para a desconxestión edificatoria dalgunhas zonas do núcleo urbano de Serra de Outes, así coma a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e sistemas xerais do termo municipal fan necesaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para axeitar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así

coma permitir a introdución dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite.

1.4.- ÁMBITO DE INFLUENCIA

O modelo de asentamento poboacional de Outes baséase na centralidade do núcleo urbano e nunha periferia de núcleos de pequeno tamaño, dependentes da capital municipal e agrupados por parroquias con relacións propias da vida rural e economía vinculada ás actividades agropecuarias. Dentro deste sistema de núcleos destacan algúns que polas súas especiais características e vinculación con actividades terciarias e/ou industriais poderíanse considerar, dentro do esquema de centralidade antes definido, coma subcentros, cabeceiras de parroquia que agrupan parte das actividades económicas e equipamentos da súa área de influencia respectiva, aos que se referirán no seu momento mediante a súa correspondente análise detallada de cada unha destas situacións.

Malia a centralidade da capital municipal, son as tensións cara a municipios limítrofes coma Muros, Noia e incluso Santiago, as que marcan as directrices de crecemento na actualidade. A dependencia que os subcentros e os núcleos rurais poden ter con respecto a núcleos de maior importancia reflíctese no crecemento lento e descontinuo que se aprecia na capital municipal ou outros núcleos como Riveira do Freixo ou A Ponte Nafonso, a pesar das boas comunicacións existentes entre a capital municipal e a maior parte do resto do termo municipal.

Así, o novo Plan Xeral, que necesariamente se centrará no ámbito do termo municipal, deberá poñer un énfase especial en prever unha mellora importante nas comunicacións das distintas parroquias e as súas entidades de poboación e en completar e mellorar a ordenación e dotacións do principal núcleo urbano co fin de procurar inverter a tendencia e converter á capital municipal nun verdadeiro centro das actividades económicas e urbanísticas do concello.

1.5.- CALENDARIO

Convocado en 1997 o concurso para a elaboración dos traballos de redacción do planeamento de Outes e unha vez resolto, este foi adxudicado á empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., e o seu equipo de profesionais, dirixidos polo Enxeñeiro de Camiños D. Julio C. Rojo Martínez e o Arquitecto D. Isidro López Yáñez.

Inmediatamente comezouse co traballo de campo a partir da cartografía facilitada pola Consellería de Política Territorial, que foi actualizada, incorporando novos datos e corrixindo parte dos existentes. Tomáronse datos referentes a infraestruturas, equipamentos, vivendas e elementos a catalogar.

O resultado do traballo de campo foi unha serie de datos que serviron de base para a elaboración do Estudio do Medio Rural, que malia non ser preceptivo no documento de Avance, entregouse con este para un maior entendemento da realidade municipal. Completouse ademais con esta primeira toma de contacto co terreo a elaboración do precatálogo de elementos arquitectónicos a protexer e que se desenvolve máis detalladamente no documento de Aprobación Inicial.

Paralelamente, foise realizando traballo de gabinete, coa recompilación e redacción do conxunto da información urbanística, con datos referentes ao medio físico, ao medio construído e a factores demográficos e socioeconómicos fundamentais á hora de tomar decisións sobre as previsións de crecemento, necesidades e estratexia de cara ao futuro do concello.

Con esta serie de datos elaborouse un documento de Avance no que, ademais de presentar a recompilación de datos sobre a realidade existente de servizos e infraestruturas, o estudio do Medio Rural e o precatálogo de elementos a protexer, sentábanse as bases de ordenación do termo municipal tanto no solo rústico coma urbano.

As principais ideas de futuro plasmadas no mencionado avance poderíanse resumir na reestruturación e acabado do tecido urbano, o mantemento e reforzo do actual sistema de núcleos, a estrutura parroquial, a conservación ambiental, paisaxística e patrimonial e a dotación de elementos comunitarios estratexicamente situados.

O Avance foi presentado ao Pleno do Concello o 28 de xuño de 2000, publicándose a mencionada aprobación no Diario Oficial de Galicia o 28 de xullo seguinte e en dous xornais, iniciándose entón a exposición pública por un período de dous meses.

Durante o prazo de exposición pública, que se realizou nas dependencias do concello, a pesar das numerosas persoas que se achegaron a examinar o avance de planeamento, unicamente se presentou unha suxestión, que se refería á posible conversión en solo urbano ou urbanizable duns terreos situados en Cruceiro de Roo, coa apertura dunha nova rúa. Ademais, no mencionado período foi emitido informe por parte da Dirección General de Costas, do Ministerio de Medio Ambiente, no que se indicaban unha serie de puntualizacións a ter en conta á hora de redactar o documento de Aprobación Inicial que, en todo caso, debería de volver a ser informado por este organismo. Partindo do feito de que

aparentemente o deslinde e a servidume deste atopábanse ben reflectidos no planeamento, as principais indicacións non se referían tanto a aspectos de clasificación coma de normativa, os que no avance non se atopaban plenamente desenvolvidos.

O informe presentado pola Dirección General de Costas é tido en conta á hora de redactar o documento de Aprobación Inicial e a suxestión presentada infórmase desfavorablemente no senso de manter a clasificación dos terreos coma solo apto para urbanizar, por consideralos coma os únicos puntos para unha posible expansión do núcleo urbano de Cruceiro de Roo, eliminando a rúa plantexada por considerar que debe ser o correspondente Plan Parcial o que observe esa posibilidade.

Atendendo aos prazos que se están a indicar pódese comprobar que posteriormente á tramitación do Avance, entra en vigor a Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, a cal provocou a introdución de importantes trocos no documento que se estaba tramitando, tomando a decisión, de acordo co equipo de goberno, de introducilos de cara á redacción do documento de Aprobación Inicial.

Os grandes trocos a introducir sobre o documento de Avance coa nova lexislación aparecida desde a aprobación deste e os novos criterios adoptados poderíase resumir nos seguintes:

- Maior protección dos terreos de agropecuarios, sobre todo os que contan con potencialidades produtivas.
- Mellor axuste dos núcleos rurais á realidade física e ao Modelo de asentamento poboacional.

Para a reelaboración destes documentos iniciouse a realización dun concienzudo traballo de campo baseado tanto na cartografía 1/5.000 da CPTOPV como na 1/2.000 catastral cun proceso de contraste entre ambas. O resultado deste traballo de campo foron unha serie de datos que serviron de base para a actualización e mellora da mencionada cartografía así como para a elaboración do Modelo de asentamento poboacional.

Completouse ademais con esta toma de contacto co terreo a elaboración do catálogo de elementos arquitectónicos a protexer.

Paralelamente foise realizando traballo de gabinete, coa recompilación e redacción do conxunto da información urbanística, con datos referentes ao medio físico, ao medio construído e a factores demográficos e socioeconómicos fundamentais á hora de tomar decisións sobre as previsións de crecemento, necesidades e estratexia de cara ao futuro do concello.

Con esta serie de datos e os xa obtidos anteriormente para a redacción do Avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal, elaborouse o documento de Aprobación Inicial.

As principais ideas de futuro plasmadas no mencionado documento de aprobación inicial poderíanse resumir na continuidade do trazado e clasificacións nos núcleos existentes, procurando ordenar os crecementos xurdidos tanto ao amparo da normativa como á marxe desta sempre e cando se consideren conformes cos intereses municipais, o mantemento e reforzo do actual sistema de núcleos, a conservación ambiental, paisaxística e patrimonial e a dotación de elementos comunitarios buscando a integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do municipio.

Con data de novembro de 2004, remítese o documento de Aprobación Inicial ao Concello para, unha vez dado coñecemento del, remitilo á Consellería de Política Territorial, co fin de recadar o preceptivo Informe previo á Aprobación Inicial.

Este informe foi emitido con data de 21 de setembro de 2005, indicándose nel unha serie de modificacións a introducir no documento que se estaba a tramitar, previamente á súa aprobación inicial. En datas posteriores a este informe mantivéronse varias reunións con responsables da Dirección Xeral de Urbanismo coa finalidade de ver de que maneira se integraban no documento de trámite as diferentes modificacións. No anexo correspondente desta memoria inclúese o mencionado informe así como un informe de cumprimentación no cal se indican en que maneira se introducen estas modificacións.

O documento así modificado remítese ó concello en novembro de 2007 para a súa aprobación inicial e posterior exposición ó público.

O documento do PXOM foi aprobado polo Pleno do Concello de Outes de data de 14 de decembro de 2007, e exposto ó público durante un período de dous meses, segundo anuncio no DOG de 1 de febreiro de 2008.

Paralelamente ó proceso de exposición ó público, que foi realizado nas oficinas municipais, nas que se habilitou persoal para asesorar ás numerosas persoas que ata alí se acercaron a consultar o PXOM, realizáronse charlas informativas polas parroquias, 10 en total, unha por cada parroquia rural e unha polo urbano da Serra de Outes. Nestas charlas, nas que estiveron integrados os representantes de tódolos grupos municipais, tentouse explicar a filosofía xenérica do PXOM, os distintos criterios de clasificación e cualificación e as posibles afeccións a cada unha das parroquias nas que se realizaba a charla.

Durante o período de exposición ó público foron presentadas un total de 938 alegacións, das que boa parte (381 en total) referíanse ó cambio de localización do sector de solo

urbanizable S-01, destinado á construción dun polígono industrial. Ó respecto deste PXOM compre indicar que a participación cidadá tanto a modo individual como por colectivos foi elevada, destacando o importante número de asociacións que presentaron alegacións, ata 13 alegacións.

Paralelamente a este proceso foron recadados os preceptivos informes sectoriais téndose recibidos durante o período de tramitación ata hoxe os seguintes:

- Informe da Subdirección de Estradas, da Dirección Xeral de Obras Públicas, da Consellería de Política Territorial.
- Informe da Deputación Provincial da Coruña.
- Informe da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar, da Secretaría General del Mar.
- Informe de Portos de Galicia.
- Informe da Dirección Xeral de Montes, da Consellería de Medio Rural.
- Informe da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, da Consellería de Medio Ambiente.
- Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente.

No anexo da presente memoria inclúese un informe no que se indica de que modo foron integradas no PXOM as distintas disposicións referidas nos informes anteditos.

Unha vez rematado o período de exposición ó público procedeu estudar e resolver as alegacións presentadas. A tal efecto convocouse á comisión de planeamento do Concello, integrada polos tres grupos políticos municipais a unha serie de reunións nas que, con asistencia dos técnicos do equipo redactor do PXOM, unha por unha, foron estudadas e informadas todas as alegacións presentadas, e se tomaron resolucións das modificacións a introducir no PXOM de cara á súa aprobación provisional.

Inclúese como anexo da memoria do PXOM un informe das alegacións presentadas e as propostas de resolución.

Este proceso culminou en data de decembro de 2008 coa remisión ó Concello do documento para a súa aprobación provisional.

1.6.-A FIGURA DA APROBACIÓN INICIAL

Establece o artigo 85 da LOUPMRG que, unha vez concluída a elaboración do planeamento, inmediatamente antes da aprobación inicial, o expediente completo será remitido para o seu informe á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que terá que emitilo no prazo máximo de tres meses.

O documento de Aprobación Inicial como documento de planeamento que é, conterá as determinacións necesarias para a ordenación integral do termo municipal, que se plasma na documentación resinada no punto 1.1 desta memoria.

1.7.- PLANTEXAMENTO CONCEPTUAL DA APROBACIÓN INICIAL

O termo municipal de Outes, enclavado a medio camiño entre as zonas costeiras, na ría de Muros e Noia, e as agrícolas de interior, na meseta do Xallas, atópase suxeito a numerosas tensións motivadas pola súa especial posición xeográfica, constituíndo un lugar de paso entre Muros e Noia, entre o interior gandeiro de concellos coma Mazaricos, Negreira ou Santa Comba e a costa, entre as actividades agropecuarias e as marisqueiras; entre o sector primario e o sector tercho vinculado ó turismo. A súa inclusión na comarca de Noia é a indicada só en parte, pois grande parte da zona alta do termo municipal vincúlase aos concellos de interior.

Neste estado de cousas calquera plantexamento que a nivel de planeamento municipal xurda dende o concello debería pasar por incrementar a identidade do concello, reforzando a centralidade e potencia da capital municipal xunto co sistema de subcentros urbanos que fan a transición aos núcleos rurais e dan maior uniformidade ao termo municipal.

Actualmente o termo municipal atópase marcado por unha estacionalidade demográfica e unha modernización do tecido empresarial así coma do sector primario o que ofrece perspectivas lixeiramente optimistas, pois o mencionado estancamento demográfico é xeneralizado a toda Galicia ao achacarse ao descenso da natalidade e ao envellecemento da poboación. Este feito xa se recolle no libro dos profesores D. Pedro Arias Veiga y D. Miguel Cancio Álvarez, *Situación e perspectivas socioeconómicas dos 94 municipios da provincia da Coruña*, no que comentan: "Obsérvase en Outes un crecemento do conxunto económico reflectido nun bo tecido empresarial que presenta grandes expectativas de aumento para o futuro, froito dunha diversificación sectorial, que presenta grandes proxectos empresariais, coma o exemplificado na actividade da construción e reparación de embarcacións, que xa conta con algunhas compañías destinadas ao seu mantemento. O problema demográfico do

envellecemento excesivo da poboación aparece recollido no aumento do número de maiores de 65 anos, o 21,3% do total da poboación, unido ao descenso das taxas vexetativas. Cabe recordar neste apartado que os retirados, xubilados e pensionistas creceron en número ata os 2.404 habitantes, máis da cuarta parte da poboación. A especialización e desenvolvemento futuro están aínda sen consolidar. O municipio mellorou a súa diversificación económica e afronta o futuro sobre a base do tirón comarcal da proximidade e dos efectos inducidos pola referencia compostelá."

Ó anterior, compre engadir que este tirón motivado pola proximidade da referencia compostelá será aínda maior no momento en que entre en funcionamento a autovía Santiago-Noia, na actualidade en execución así como a variante da AC-550 que aproximará ó concello a tan só 20 minutos da capital de Galicia.

A súa posición na costa da ría de Muros e Noia ofrece oportunidades de cara a desenvolvementos vinculados ao turismo e á segunda residencia, as que deben ser aproveitadas e contempladas dende a redacción do presente documento urbanístico, de xeito que os posibles crecementos edificatorios vinculados a estes desenvolvementos se produzan ordenadamente garantindo as dotacións necesarias e o respecto á natureza e ao entorno no que se asentán.

Por todo isto, o novo Plan, procura que as previsións do novo solo a incorporar no proceso urbanizador, estean suficientemente dimensionadas non so respecto ás previsións de crecemento demográfico se non empresarial ou turístico e de segunda residencia, se ben tendo en conta que este é case imprevisible.

A necesidade de solo empresarial convenientemente dotado debe ser outras das principais apostas do PXOM, pois con elo acadarase a desexada fixación de poboación nova que na actualidade está a emigrar a concellos limítrofes ou mesmo máis afastados como Santiago.

Deberá ser prioritario no planeamento de Outes o sistema xeral de comunicacións, tanto nos seus aspectos de mellora das actuais vías, que nalgúns casos deberán buscar alternativas, coma na súa potenciación e diversificación. Desde ese punto de vista considérase de especial importancia execución do proxecto *Mellora de trazado e capacidade da AC-550 Cee-Tui, treito: Muros-Noia, subtreito: límite municipal de Muros con Serra de Outes-Noia*, neste momento en fase de construción, a cal mellorará considerablemente a conectividade do concello con Santiago de Compostela.

En canto ao medio rural, deberase establecer por un lado, o marco que posibilite o mantemento e mellora do medio físico natural no que se enclava, de indubidable valor, e por outro, potenciar un desenvolvemento cualitativo do mesmo que primará sobre o cuantitativo.

Así, débese tratar con especial sensibilidade tódalas áreas que, intrinsecamente, presentan un notorio interese medioambiental ou bioecolóxico, xunto có tratamento que se debe dar aos núcleos rurais, conforme á Lei do Solo de Galicia. Neste sentido, por primeira vez no termo municipal, realízase o estudo do medio rural e o análise do modelo de asentamento poboacional, que producirá sen dúbida algunha, unha notable mellora na ordenación dos núcleos e posibilitará efectuar nos mesmos unha axeitada reserva de equipamentos e espazos libres.

Así, preténdese que o novo Plan Xeral resulte flexible e áxil, permitindo a súa adaptación ás circunstancias cambiantes e ás veces imprevisibles da sociedade, e sente as bases urbanísticas de Outes do século XXI.

1.8.- PROCESO DE ELABORACIÓN

Coma xa se indicaba no documento de Avance, a formalización deste realizábase partindo do coñecemento da realidade de feito do municipio e, para isto, realizábase a información urbanística que non era máis que unha transcripción, representación e análise das distintas variábeis socioeconómicas, físicas e formais que na realidade presenta o municipio actualmente.

A análise deste documento, xunto coas indicacións e suxestións do equipo técnico e dos xestores municipais, permiten poñer en evidencia a situación urbanística municipal, sinalando os conflitos principais e o diagnóstico ou catálogo dos problemas existentes, así coma as posibles solucións e alternativas que se poden contemplar para facerles fronte, no marco dunha concepción global da ordenación territorial do municipio, cuxas liñas xerais quedaron xa definidas no documento de Avance.

A diagnose é consecuencia lóxica do contido que, a nivel de conclusións, ofrece a información urbanística, en tanto que o marco de referencia indicado responde non so aos obxectivos que poden plantexarse ante as demandas diagnosticadas naquel, senón que intenta, tamén, contemplar os criterios municipais con que debe abordarse a elaboración da redacción do Plan Xeral, pretendendo deste xeito plasmar xa unha determinada filosofía conceptual para a ordenación urbanística do municipio de Outes.

O documento de Avance presentado pretendía, en consecuencia, expoñer, de forma clara e pormenorizada, as conclusións que, a nivel de diagnose, ofrecía a situación urbanística actual de Outes para definir, a continuación, as posibles solucións a deseñar e a súa correspondente baralla de alternativas, establecendo, ao mesmo tempo, as liñas estruturais

básicas da futura ordenación do municipio. A tal fin estruturaba unha Memoria e unha serie de planos a escala axeitada ao seu contido, nos que se recollía de forma práctica a Información Urbanística e a proposta do Avance de Ordenación.

Á vista das suxestións presentadas, e tendo en conta o Estudio do Medio Rural, delimitáronse os núcleos rurais axustándoos ás necesidades de crecemento e desenvolvemento plantexadas. Respectáronse os solos que xa se consideraban como protexibles no Avance e reguláronse aqueles sobre os que non se observaba a necesidade de establecer ningún tipo de protección.

Por outro lado, as novas disposicións que a nivel de documentación esixe a LOUPMRG, sobre todo no referente ós núcleos rurais, levou ó equipo redactor, a variar a base documental con respecto ó documento xa tramitado, usando como cartografía base os planos catastrais, completándoos e actualizándoos, sobre todo os referentes á tipoloxía das edificacións, cun exhaustivo traballo de campo. Iso complementábase coa cartografía 1/5.000 de todo o termo municipal da CPTOPV e cos planos do solo urbano a escala 1/2.000, que foron tamén completados. Por outro lado realizouse un estudio das redes municipais, así como as súas capacidades e elementos que a compoñen co fin, non só de determinar os límites do solo urbano, senón tamén para prever o seu posible reforzo de cara á proxección de novos desenvolvementos.

Así mesmo e como complemento do traballo de campo, realizado para o estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento, apórtanse fotografías aéreas, da *Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia*, actualizada, do voo 1999/2000, que complementarán a documentación referente a este apartado segundo disposto no artigo 61.3 da LOUPMRG.

Polo que se refire ó traballo de campo analizáronse, individualizadamente, o total dos 143 núcleos rurais de que consta o concello, contemplando aspectos de cada un como o número de vivendas e construcións auxiliares, a súa tipoloxía, o seu estado de conservación, as súas relacións con outros núcleos, o viario, os elementos construídos destacables, as súas dotacións de equipamentos e de servizos e calquera outro dato resinable que sirva para a delimitación destes, así como da súa área de expansión.

Outro gran esforzo nesta fase de Aprobación Inicial realizouse no Solo urbano, coa busca dun modelo de xestión para as áreas de solo urbano pendentes de pormenorización. A delimitación daquelas áreas que aínda deben someterse a un proceso de execución integral foi unha das prioridades marcadas polo Plan para esta fase en Solo urbano.

Con este modelo de xestión procúrase a obtención dun conxunto de zonas verdes e equipamentos de carácter local que veñan a complementar os existentes de carácter xeral, mellorando a calidade ambiental e urbana no núcleo de Serra de Outes.

Por último, engadir que nesta fase procedeuse á elaboración do catálogo de bens a protexer, tanto arquitectónicos coma arqueolóxicos, os cales foron localizados, inventariados e delimitados despois dun minucioso traballo de campo. A parte do catálogo dedicada ao patrimonio arqueolóxico foi realizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura. Polo que respecta aos bens de carácter arquitectónico recolléronse todos os incluídos nos inventarios tanto da mencionada Dirección Xeral como nas Normas Subsidiarias Provinciais, así coma os que foron aparecendo durante as diferentes visitas ao termo municipal e que se consideraba que deberían estar protexidos, tanto fosen arquitectura civil, relixiosa ou popular, deixando aberta a posibilidade de incorporar novos elementos antes da aprobación definitiva.

Con esta nova documentación aportada sobre a que constituía o documento de Avance, ademais da estratexia de actuación e o estudio económico das previsións do Plan e outros documentos que garantan a xestión e viabilidade do Plan elaborouse o documento de Aprobación Inicial.

Durante o proceso de exposición ó público foron presentadas un total de 938 alegacións así diversos informes sectoriais:

As alegacións presentadas poderían dividirse en cinco grandes grupos: unhas referentes a ampliacións dos núcleos rurais, tanto no ámbito tradicional como na área de expansión, as segundas a actualizacións cartográficas, as terceiras a cambios na clasificación do solo rústico, as cuartas consistían nun grupo heteroxéneo referente a diferentes disposicións do solo urbano, e as quintas ó cambio de localización do solo urbanizable para a execución do parque empresarial.

Tamén foron presentadas trece alegacións de asociacións e cinco do grupos políticos do BNG.

No tocante ó primeiro grupo de alegacións procedeu informar favorablemente aquelas que á vista dos argumentos utilizados na análise do modelo de asentamento poboacional e na presente memoria encaixaban coas directrices marcadas, rexeitando aquelas que por unha banda se opoñían ó ditado nos informes sectoriais como o de estradas, ou por outra se apartaban dos criterios antes mencionados.

As alegacións a cuestións cartográficas e clasificacións de solo rústico foron resoltas en base a unha nova realización de traballo de campo co fin de ditaminar os extremos nelas referidos.

A casuística das alegacións en solo urbano era variada e se resolveron atendendo a cada problemática particular.

No referente ó solo para o parque empresarial procedeu a súa redución axustándoo á demanda real inmediata, reducindo considerablemente o impacto sobre o medio rural que era unha das cuestións fundamentais das reclamadas nas alegacións.

No tocante á tramitación dos informes sectoriais compre indicar que foron realizadas as seguintes modificacións:

Informe da Subdirección Xeral de Estradas da Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes.

Con data de 12 de maio de 2008, foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido favorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Respecto do artigo 3.6.5. procede incluír a estrada de nova construción AC-554 (Riba de mar AC-550-Catasueiro AC-550) con categoría de rede primaria básica.
- Procede modificar o articulado das áreas de expansión dos núcleos rurais incluíndo as prescricións do informe.
- Procede impedir nas condicións do desenvolvemento dos polígonos P-RV-01, P-SE-06 e P-SE-07 a imposibilidade de realizar xiros á esquerda. Por outra banda compre modificar a ordenación prevista para o P-SE-06, incluíndo unha separación física entre a banda de aparcamento e a estrada autonómica. Por último comprobouse que o P-SE-16 non linda con ningunha estrada de titularidade autonómica.

Informe da Deputación Provincial da Coruña.

Con data de 17 de novembro de 2008, foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido favorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede modificar a normativa no relativo á distancia de peches.
- Procede incorporar ós planos de información urbanística a estrada CP-6201.
- Procede modificar o articulado no sentido de recoller as condicións xerais de protección especial das estradas.

Informe da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar, da Secretaría General del Mar.

Con data de 30 de abril de 2008, foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido desfavorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede incorporar a denominación correcta da servidume de protección. Asemade procede corrixir os planos e incorporar a traza correcta do deslinde e da súa servidume de protección.
- Procede modificar o artigo 11.3.9. da normativa no sentido de dar prevalencia ás maiores limitacións impostas pola lexislación de costas sobre o dominio público marítimo-terrestre e a súa servidume de protección.
- Neste punto concreto compre aclarar, ó respecto do informe, que por un lado temos o reparto do aproveitamento urbanístico e por outro a propia natureza urbana dos terreos, regulada polo artigo 12 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións. Segundo o disposto no artigo 10 da devandita Lei "os plans xerais de ordenación municipal deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico". Enténdese que sendo o dominio público marítimo-terrestre parte do termo municipal tamén estará suxeito a clasificación. Tendo en conta o informe emitido ó PXOM de Outes pola Área de explotación e planificación de Portos de Galicia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (de data de 18 de febreiro de 2008), no que se indica a natureza urbana dos portos baixo a súa tutela, procede excluír da delimitación do solo urbano para incluílos en solo rústico de protección de costas, os terreos afectados pola servidume do deslinde público marítimo-terrestre a excepción das concesións portuarias da comunidade autónoma (porto do Freixo, porto do Conchido e porto da Barquiña).
- A depuradora da Serra de Outes, por atoparse en parte no dominio público marítimo-terrestre, evidentemente que está en situación de fóra de ordenación sen necesidade de facelo constar explicitamente.
- Procede definir claramente nos planos as zonas de adscrición portuaria.
- Procede modificar a normativa referente ós tres solos urbanos en coherencia co indicado na disposición transitoria terceira da Ley de Costas. Para o caso da zona máis consolidada pola de edificación de Ribeira do Freixo procede fixar no plano de ordenación correspondente o tramo de fachada marítima que verifica as condicións establecidas na devandita disposición transitoria terceira.

- Procede modificar a normativa no sentido de estender as disposicións da Ley de Costas a toda a franxa costeira independentemente da clasificación como solo rústico de protección de costas.
- Procede incorporar ós planos do PXOM as concesións existentes.

Informe da Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Con data de 19 de febreiro de 2008, foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido desfavorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede modificar os planos de ordenación de maneira que o ámbito que delimita a zona de servizo adscrita estes portos so se contemple como sistema xeral portuario.
- Procede modificar a normativa incluíndo as referencias ó sistema xeral portuario e á normativa transitoria en tanto non se aproba o correspondente Plan Especial.
- Procede modificar a memoria no sentido de recoller a normativa sectorial vixente en materia de portos.
- No tocante á clasificación do solo compre indicar que segundo o disposto no artigo 10 da LOUPMRG e as súas posteriores modificacións "*os plans xerais de ordenación municipal deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico*". Segundo os artigos posteriores a este a clasificación obedecerá ás características que concorran en cada un dos terreos indicados. A este respecto compre aclarar que ó porto do Freixo e ó do Conchido corresponde a clasificación de solo urbano, pois están integrados na malla urbana definida polo planeamento. No caso da Barquiña compre indicar que os terreos inmediatamente lindeiros con el atópanse clasificados como solo de núcleo rural, sendo esta a clasificación que lle corresponde pois é no ámbito no que se integran as instalacións existentes.
- Os elementos catalogados AC-18, CR-43 e OC-03, xa figuran na documentación remitida e trátanse respectivamente da Carpintería de Riveira do Freixo, do Cruceiro do Freixo e do Peirao da Barquiña, todos eles recollidos no inventario da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura.
- Por último procede incluír na normativa unha prescrición para as solicitudes de licenza que poidan afectar ós plans especiais portuarios do Freixo, do Conchido e da Barquiña, condicionando a concesión destas á obtención do informe de Portos de Galicia.

As modificacións de normativa plasmaranse no novo artigo 3.6.6. Sistema Xeral Portuario.

Informe da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, da Consellería de Medio Rural.

Con data de 2 de xaneiro de 2008, foi emitido informe favorable polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes.

Informe da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, da Consellería De Medio Ambiente.

Con data de 28 de xaneiro de 2008, foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido favorable, indicábanse unha serie de observacións que se incorporan o Informe de Sostibilidade Ambiental ISA.

Informe da Dirección Xeral Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente.

Con data de 7 de xullo de 2008, foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido desfavorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede incorporar ó PXOM coa clasificación de solo rústico de protección de espazos naturais os seguintes humidais: Esteiro do Tambre (incluído no LIC da Rede Natura), Braña do Cotro, Pedra do Coiro e Veiga do Cu de Mula. As Veigas do Río Bendimón, debido á súa extensión superficial, 0,09 Ha, intégrase na protección do solo rústico de protección de augas vinculado a este río.

CAPÍTULO 2.- MEMORIA INFORMATIVA

En este capítulo recóllese unha breve referencia á información urbanística presentada na parte correspondente do presente documento coa fin de detectar os problemas aos que se debería dar resposta dende o planeamento municipal.

2.1.- O MEDIO FÍSICO

O concello de Outes áchase situado no suroeste da provincia da Coruña, lindando cos concellos de Muros, Mazaricos, Negreira e Noia. Ten unha extensión de 99,35 km² sobre os que se asenta unha poboación total de 8.243 habitantes segundo censo de 2003, repartidos entre 152 entidades de poboación en 10 parroquias.

A súa principal entidade de poboación é o núcleo urbano de Serra de Outes, con 1.119 habitantes (segundo censo de 2003).

Topograficamente o territorio presenta grandes contrastes, dende o litoral ata a meseta do Xallas, pasando bruscamente e en rápido ascenso, dende a suavidade da costa aos montes situados cara o norte do termo municipal, os cales chegan a alcanzar unha altura en torno aos 500 m. No espazo de transición, ábreanse vales en dirección norte-sur, por cuxo fondo discorre unha rede fluvial de fortes pendentes formada polos ríos Tines, Donas e Tambre. Os seus cursos seguen as liñas de fractura, producindo unha intensa erosión lineal e a conseguinte acumulación de sedimentos areosos no fondo do estuario e, sobre todo, nas enseadas. Dende a cima do Tremuzo (514 m) tan só a tres quilómetros da ría, podemos contemplar grande parte do termo municipal, dende a ría ata o interior así coma o resto das principais elevacións coma o alto da Vaqueira ou o alto da Raña. Tendo en conta os datos climáticos do entorno poderíase dicir que as características xerais do clima local son propios do oceánico húmido. As precipitacións oscilan entre los 1.000 mm da ribeira e os 2.000 mm nas zonas altas do municipio. Do mesmo xeito, as oscilacións térmicas son máis acentuadas nas zonas altas que á beira da ría, cunha oscilación de tan só 7°C e unha temperatura media suave de 13°C.

Xeoloxicamente, predomina a rocha de tipo granítico coexistindo con xistos e zonas amplas de chairas aluviais nos leitos dos ríos Tines e Donas. Non así o entorno do Tambre, que desemboca encaixado entre grandes formacións rochosas. Esta situación determina para os

dous primeiros a aparición de zonas con posibles riscos de inundacións en períodos fortes de chuvía.

En canto á vexetación e cultivos os principais aproveitamentos agrícolas repártense uniformemente por todo o termo municipal, sendo fundamentalmente os destinados ao consumo de gando os que máis abundan na zona interior do termo municipal, mentres que os de horta sitúanse fundamentalmente e uniformemente repartidos pola zona litoral. En canto ás explotacións forestais predomina o pino e a mestura deste con eucalipto.

Debido ás peculiaridades orográficas, tamén se aprecian dúas maneiras de ocupar o territorio coa edificación. Mentres que na zona norte-noroeste, a vinculada á chaira do Xallas, predomina a aldea pechada e compacta, dominando unha ampla zona de cultivos vinculados á actividade gandeira, no resto do termo municipal predomina o asentamento disperso, no que a partir dun núcleo orixinario se foron creando unha serie de asentamentos dispersos, que aproveitan a escasa topografía favorábel mesturándose coas fértiles terras de cultivo do fondo dos vales. Así aprécianse unha serie de asentamentos que colonizan uniformemente os vales, sen solución de continuidade, sobre todo ao longo do río Tins e Donas. Este mesmo fenómeno repítese no borde litoral, no que as numerosas zonas de cultivos se foron ocupando con edificacións, debido fundamentalmente á boa accesibilidade, factores climatolóxicos e, nalgúns casos non moi numerosos, vinculados a segunda residencia.

Por outro eido, é de subliñar o tamaño considerable da capital municipal, con máis de 1.100 habitantes, tamén ocupando o centro xeográfico do termo municipal, e ocupando unha extensión moi grande de terreo debido ao disperso e discontinuo do seu tecido edificatorio. Este crecemento disperso da vila crea unha imaxe fragmentada, sobre todo nos bordes que debería ser corrixida có Plan Xeral.

2.2.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO FÍSICO

O principal problema neste senso deriva da grande dispersión que presenta a poboación galega polo xeral, e a de Outes en particular, agrupándose en núcleos de tamaño variable, dende o conxunto de núcleos sen solución de continuidade ata os pequenos núcleos de tipoloxía pechada, espaxados por todo o municipio. Non obstante, as especiais características topográficas do concello fixeron que grandes zonas de orografía accidentada foran quedado sen colonizar e presenten a día de hoxe unhas compoñentes ambientais e ecolóxicas de grande valor que deberían ser protexidas dende o planeamento.

Neste estado áchanse o Monte Tremuzo, o alto das Vaqueiras e a desembocadura do Tambre. Tamén é rechamante o litoral municipal, que, se ben non presenta aspectos especialmente relevantes, si se encontra catalogado dentro do espazo da Rede Natura denominado *Esteiro do Tambre*, o cal xunto coa zona costeira definida polo deslinde marítimo-terrestre debería ser protexido dende o planeamento.

Por outra banda naquelas zonas nas que a dispersión é máis evidente, sobre todo na zona costeira, provócase que na interrelación núcleos rurais - medio físico se produzan afeccións sobre este último, normalmente de carácter leve, agás en casos puntuais, vinculados a fenómenos de segunda residencia. Este feito pode apreciarse na colonización do medio agrícola con vivendas non vinculadas á explotación dos recursos do medio no que se asentan e provocando fenómenos de urbanización incontrolada de solo rústico aos que cómpre por freo.

En canto ao aspecto técnico, as características do mesmo no ámbito do municipio de Outes, fará tomar precaucións nas condicións construtivas dos edificios naqueles terreos que podan presentar problemáticas dos seguintes tipos:

- Litolóxicas: existen áreas que presentan formacións cun grao de alteración superficial importante. Isto implica que a capacidade portante destas zonas sexa inferior á rocha san, sendo necesario, ao acometer unha obra determinar a potencia da zona alterada, así coma a súa capacidade de carga, para estimar se a resistencia do terreo é suficiente para soportar as estruturas que sobre este se sitúan.
- Xeomecánicas e xeomorfolóxicas: refírese a terreos con capacidade de carga moi baixa que fan necesarias cimentacións máis profundas, apoiadas en estratos resistentes, a terreos con fortes pendentes topográficas e de accesibilidade difícil.
- Hidrolóxicas: refírese a áreas con drenaxe deficiente, que poden producir pozas en períodos de chuvía, e a áreas con posible agresividade por infiltración, o que fai necesario o emprego de cimentos especiais na realización de pavimentos.

Débase prestar especial atención á rede de acuíferos existente no municipio, protexendo o seu percorrido de actuacións que puideran agredir o seu entorno.

En resumo, o medio natural esixe prestar axeitada atención á súa posta en valor, tanto coma medio de autoconservación, coma de equilibrio das condicións de vida da poboación.

2.3.- A DEMOGRAFÍA MUNICIPAL

O estudio da poboación ten un interese decisivo en calquera traballo de planeamento físico aínda que no caso de Outes pode resultar un caso atípico, pois a súa estacionalidade non constitúe un reflexo do movemento da poboación e do potencial urbanístico do concello, cun incremento de vivendas nos últimos anos notable e coas perspectivas que agora se abren coa construción do corredor Santiago-Brión-Noia, a través da cal se situará a 20 minutos de Santiago de Compostela.

Por outra parte, a realización dunhas predicións da futura poboación municipal, no ámbito no que se enmarca o concello, pode resultar ficticia pois a evolución desta depende en gran medida do funcionamento das infraestruturas supramunicipais e do comportamento de concellos próximos, sobre todo Santiago, algo que xa se ven demostrando nos últimos anos nos que, a pesar de manterse estacionaria a evolución demográfica, o parque de vivendas experimentou un considerable incremento.

Este estudio aborda a realidade demográfica desde varios aspectos, desde o mais xeral a nivel comarcal ata o máis particular analizando a evolución da poboación de cada un dos núcleos do termo municipal.

2.3.1.- A DEMOGRAFÍA COMARCAL

Segundo a demarcación comarcal, o concello de Outes sitúase dentro da comarca de Noia, xunto cos municipios de Noia, Lousame e Porto do Son.

Para o estudio da demografía comarcal e os posibles movementos de poboación a este nivel habería que incluír dentro deste conxunto tamén ó municipio de Muros xa que mentres Outes pertence administrativamente á comarca de Noia, e Muros conta con comarca propia, son importantes os vínculos que ligan a estas dúas comarcas. Así o municipio de Outes é limítrofe co de Muros, pertence ó seu partido xudicial e polo tanto prodúcese un intenso movemento de poboación neste sentido. A capital municipal, Serra de Outes sitúase a medio camiño entre dous núcleos de poboación cabeceiras de comarca, Noia da que dista 7 km. dende a construción da nova ponte sobre o Tambre, e Muros, da que dista 21 km.

A área así demarcada (Porto do Son, Lousame, Noia e Outes, xunto con Muros) constitúe a fronte marítima da ría de Noia e os seus concellos teñen as características típicas dunha topografía costeira con zonas chás próximas á costa e ladeiras empinadas cara ó interior, que chegan a alcanzar os 600 m., con todo o conxunto da Serra do Barbanza na beira Sur da ría ou as terras altas de Muros e Outes no lado Norte.

A poboación desta zona, cun total de 49.817 habitantes en 1996, representa o 4,5% da poboación da provincia de A Coruña e o 1,8% do total de Galicia.

Como se pode observar polas cifras, trátase dunha zona de gran peso específico de poboación na provincia, máxime tendo en conta o pequeno número de concellos que compoñen a comarca.

Esta importancia mantívose historicamente bastante estable ó longo dos anos xa que, pese ós efectos da emigración, o saldo migratorio mantívose parello ou incluso superior ó da provincia e de Galicia.

A poboación dos cinco concellos, a excepción de Lousame, é moi similar e presenta características de asentamentos de poboación parellas, cunha zona costeira moi poboada e dispersa e unha zona máis montañosa, máis despoboada e con núcleos máis compactos.

A principal vía de comunicación e eixe vertebrado fundamental da comarca é a AC-550 que bordea toda a costa unindo os principais núcleos de poboación, tanto as capitais municipais como outros menores que nalgún caso chegan a formar conxuntos edificadas continuos ó longo de dita estrada. Neste caso tamén é Lousame o concello menos relacionado xa que unicamente se comunica con Noia a través da estrada AC-543, sen ter unha comunicación inmediata co resto dos concellos.

En valores absolutos de poboación, Outes, Muros e Porto do Son achéganse ós 10.000 habitantes e Noia ós 15.000. O único concello que se aparta destas cifras é Lousame con arredor de 5.000 sendo, ademais, o único municipio dos cinco sen fronte ó mar.

Atendendo a estes valores de poboación obsérvase que é o municipio de Noia o que se converte en cabeceira comarcal e aglutinadora das principais actividades económicas do contorno.


Outro factor que corrobora este feito é a cantidade de habitantes da capital municipal. Así mentres que Lousame se mostra como un concello netamente rural cun núcleo principal de aproximadamente 250 habitantes, Serra de Outes supera os 1.000 e Muros e Porto do Son superan os 2.000. O principal centro urbano da comarca é Noia, que con 6.000 habitantes se converte no principal centro aglutinador de servizos da zona. Nese sentido son moi importantes os movementos que se producen dende Noia ás vilas portuarias de Muros e Porto do Son e dende estes a Noia, como centro terciario principal da comarca.

En canto á evolución da poboación cabería destacar a evolución de Noia fronte á regresión dos concellos limítrofes o que vén a confirmar o exposto anteriormente. Non obstante isto en principio non está producido tanto por un desprazamento da poboación duns concellos cara á

cabeceira comarcal como por un despoboamento das aldeas do interior destes, aínda en condicións de forte illamento.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NA COMARCA

	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996
LOUSAME	5.543	5.477	5.500	5.857	6.214	6.555	6.004	5.361	4.661	4.275	4.461
NOIA	9.791	9.990	10.687	10.975	12.016	12.118	12.241	11.990	13.867	14.082	14.422
MUROS	9.130	9.728	10.026	10.282	10.475	11.155	10.029	10.305	11.060	10.178	11.065
OUTES	9.160	9.202	9.979	10.025	10.811	11.303	10.734	9.968	10.128	9.273	9.283
PORTO DO SON	9.244	9.557	9.478	9.682	10.341	10.876	10.598	9.874	10.453	10.414	10.586
COMARCA	42.868	43.954	45.670	46.821	49.857	52.007	49.606	47.498	50.169	48.222	49.817
A CORUÑA	653.556	676.708	708.660	767.608	883.090	955.772	991.729	1.004.188	1.083.415	1.097.511	1.110.302
	6,56	6,50	6,44	6,10	5,65	5,44	5,00	4,73	4,63	4,39	4,49
GALICIA	1.980.515	2.063.589	2.124.244	2.230.281	2.495.860	2.604.200	2.602.962	2.583.674	2.753.386	2.720.445	2.742.622
	2,16	2,13	2,15	2,10	2,00	2,00	1,91	1,84	1,82	1,77	1,82



EVOLUCIÓN DO PESO POBOACIONAL DOS CONCELLOS NA COMARCA

	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996
LOUSAME	13%	12%	12%	13%	12%	13%	12%	11%	9%	9%	9%
NOIA	23%	23%	23%	23%	24%	23%	25%	25%	28%	29%	29%

MUROS	21%	22%	22%	22%	21%	21%	20%	22%	22%	21%	22%
OUTES	21%	21%	22%	21%	22%	22%	22%	21%	20%	19%	19%
PORTO DO SON	22%	22%	21%	21%	21%	21%	21%	21%	21%	22%	21%
COMARCA	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

DENSIDADES DE POBOACIÓN, E POBOACIÓN DA CAPITAL MUNICIPAL

	SUPERFICIE (km ²)	DENSIDADE 1981 (hab/km ²)	DENSIDADE 1996 (hab/km ²)	HABITANTES EN CAPITAL
LOUSAME	93,60	49,80	47,66	247
NOIA	37,20	372,77	387,69	5.929
MUROS	72,90	151,71	151,78	2.310
OUTES	99,70	101,58	93,11	1.101
PORTO DO SON	94,60	110,50	111,90	2.207
COMARCA	398	125,27	125,17	

2.3.2.- A DEMOGRAFÍA MUNICIPAL

2.3.2.1.- O estado da poboación

O municipio de Outes conta, segundo o último censo de 2003, cunha poboación de 8.243, cunha densidade de 82,7 hab./km², que supón unha cifra bastante similar á media da comarca que se sitúa nos 125,1, moi superior ós 47,7 de Lousame pero tamén moi lonxe dos 387,7 de Noia, extremos da variación de densidades de poboación.

Esta densidade que se mantivo bastante estable ó longo do presente século sen variacións de poboación moi importantes, é lixeiramente inferior á provincial 137 hab/km², e lixeiramente superior á galega, 94,5 hab/km².

Aínda así, esta densidade non reflicte con exactitude a realidade municipal xa que como xa se indicou anteriormente prodúcese un forte desequilibrio entre as poboacións costeiras que constitúen un conxunto edificado continuo e as interiores moito máis illadas e diseminadas.


Unha ollada sobre a pirámide de poboación lévanos a comprender máis o estado actual do concello, pois á dicotomía interior-costa hai que engadi-lo fenómeno do envellecemento da

poboación, feito común a toda a comunidade autónoma, e que agrava a diferenciación antes mencionada.

Este feito demostra o engrosamento das partes superiores da pirámide e o preocupante estreitamento da base. Mentres que o segmento entre os 10 e os 19 anos supón o 15,8% da poboación total, os nacementos, o segmento entre os 0 e 9 anos, só supón o 10% do total. No outro extremo atopámonos con que a poboación con idades comprendidas entre os 60 e 79 anos representa unha cifra tan elevada como o 21% do total.

Como en case tódolos casos de concellos cunha situación semellante, esta é relativamente recente xa que comparándoa coa de 1975 obsérvase unha pirámide que en nada facía presaxia-la situación actual.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN EN 1996

**2.3.2.2.- Evolución da poboación municipal**

Evolución da poboación municipal por decenios:

	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996
OUTES	9.160	9.202	9.979	10.025	10.811	11.303	10.734	9.968	10.128	9.273	9.283

Evolución da poboación municipal nos últimos 20 anos:

	1981	1986	1991	1996	1998	1999	2000	2001	2002	2003
OUTES	10.128	10.115	9.273	9.283	8.948	8.739	8.634	8.553	8.398	8.243

A evolución do stock demográfico municipal ó longo do presente século caracterízase pola súa lixeira regresión, con algún período de aumento de poboación. O número de habitantes dende 1950 reduciuse en 3.060 a un ritmo medio de 57 habitantes ó ano.

Esta regresión foi bastante constante con algunhas recuperacións coincidentes co resto dos concellos como por exemplo nas décadas 1931-50 co primeiro retorno de emigrantes e a partir de 1.973 co segundo retorno de emigrantes debido á crise económica. Neste último período é nun dos que a provincia da Coruña no seu conxunto experimenta un maior crecemento da poboación.

A partir dos anos 80, a diminución da poboación prodúcese non só por fenómenos de movementos de poboación ou migratorios, como viña sucedendo ata daquela, senón tamén por causas de baixa natalidade e o conseguinte envellecemento da poboación.

Como consecuencia desa lixeira regresión o peso relativo do concello na poboación total da comarca tamén vén a diminuír lixeiramente pasando, nos derradeiros 10 anos ó supoñer tan só o 19% do total da poboación comarcal.

2.3.2.3.- Evolución e distribución da poboación a escala parroquial

O termo municipal de Outes abarca 10 parroquias: Cando (San Tirso), Entíns (Sta. María), Entíns (Santo Ourente), O Freixo de Sabardes (San Xoan), Matasueiro (San Lourenzo), Outeiro (San Cosme), Outes (San Pedro), Roo (San Xoan), Tarás (San Xián) e Valadares (San Miguel).

A superficie destas parroquias é moi variable. A máis grande é Entíns (Santo Ourente) con 21,97 km² e a máis pequena Tarás (San Xián) con arredor de 3,0 km². As parroquias máis grandes encóntranse na metade norte do municipio, coincidindo coas terras altas: Valadares (San Miguel), Matasueiro (San Lourenzo), Outes (San Pedro) e Entíns (Santo Ourente) abarcan 59,7 km², é dicir case o 60 % de todo o termo municipal. As parroquias máis pequenas sitúanse na costa: Outeiro (San Cosme), Roo (San Xoan), e Tarás (San Xián), vinculadas, ademais, á desembocadura dos ríos Tins e Donas. O Freixo de Sabardes (San Xoan) e Entíns (Sta. María) teñen tamaño intermedio, xa que tamén comparten zonas de costa e zonas abruptas de interior.

A distribución da poboación no territorio é moi desigual. As parroquias máis poboadas son ademais as costeiras, cunha menor superficie e unha maior concentración de poboación. Así tanto Outeiro como Roo, Tarás ou O Freixo de Sabardes superan os 100 hab/km², destacando sobre todas Outeiro, con 186 hab/km². Ó contrario, as parroquias de interior como Entíns (Santo Ourente), Matasueiro e Valadares non chegan a superar o medio centenar. Valadares só conta con 36 hab/km². Mención aparte merece a parroquia de Outes, na que, se consideramos a capital municipal, a densidade duplica á calculada se non a consideráramos; a parroquia pasa de 1.099 habitantes a 2.262 ó incluír o núcleo de Serra de Outes, e a densidade de 66,3 a 136,6 hab/km². Vemos pois que, a pesar da alta densidade resultante, trátase dunha cifra ficticia xa que, exceptuando a capital municipal trátase tamén dunha parroquia de interior, cunha densidade moi baixa e unha poboación moi dispersa.

A evolución das poboacións parroquiais durante os últimos 45 anos (1950-1996) revela que só a parroquia de Valadares gaña poboación en termos absolutos. O resto perden poboación en termos absolutos. Sobresaen pola súa regresividade as dúas parroquias de Entíns, que perden dende 1950 ata a actualidade o 47,9 e o 30% dos seus efectivos humanos, respectivamente. Destes datos obsérvase que non existe unha relación clara entre densidade ou situación xeográfica e regresión, pois esta afecta tanto ás parroquias costeiras como ás interiores. Dende este punto de vista poderíase concluír que os movementos de poboación no ámbito parroquial afectan a factores locais e non a fenómenos explicables a nivel supramunicipal.

As características da distribución espacial da poboación poñen de manifesto os seguintes datos: as parroquias das terras altas de municipio, como Valadares, Matasueiro, Entíns (Santo Ourente) e Outes que supoñen o 60% da superficie do termo, só contan en 1.996 co 33% da poboación (46% se incluímos a capital municipal); ó contrario, as parroquias netamente costeiras que representan o 17,1% da superficie municipal acollen no mesmo ano ó 28% da poboación municipal. As outras parroquias (O Freixo de Sabardes e Cando) gardan equilibrio entre a súa superficie (23,3%), e a poboación (26,3%) que representan.

Este esquema das distribucións parroquiais permanece basicamente inalterable ó longo do período 1950-1996. As escasas modificacións limítanse ó incremento do peso relativo das parroquias das zonas costeiras que compensa a diminución das restantes, ademais dunha capital municipal importante que fai que as densidades globais non sufran variacións moi fortes. A distribución da poboación nas distintas parroquias tamén é moi variable concentrándose a maior parte dos efectivos de poboación, dentro da mesma parroquia, nas zonas costeiras e mellor comunicadas.

SUPERFICIE E DENSIDADES DE POBOACIÓN POR PARROQUIAS (1996).

PARROQUIA	SUPERFICIE (km ²)	POBOACIÓN	DENSIDADE (hab/km ²)
CANDO (S. TIRSO)	10,85	1069	98,50
ENTÍNS (S. OURENTE)	21,97	1089	49,60
ENTÍNS (STA. MARÍA)	3,25	246	75,70
MATASUEIRO (S. LOURENZO)	5,12	314	61,30
OUTEIRO (S. COSME)	5,24	975	186,00
OUTES (S. PEDRO)	16,56	2262 (1099)*	136,60 (66,30)*
ROO (S. XOÁN)	5,76	930	161,40
O FREIXO DE SABARDES (S. XOÁN)	12,49	1377	110,20
TARAS (S. XIÁN)	2,91	424	145,70
VALADARES (S. MIGUEL)	16,05	586	36,50
TOTAL	100,20	9272	92,50

*sen contar coa capital Serra de Outes.

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE HABITANTES POR PARROQUIA

PARROQUIA	1950	1960	1970	1986	1996
CANDO (S. TIRSO)	1.323	1.274	1.111	1.198	1.069
ENTÍNS (S. OURENTE)	1.549	1.537	1.266	1.293	1.089
ENTÍNS (STA. MARÍA)	472	469	360	279	246
MATASUEIRO (S. LOURENZO)	376	377	371	357	314
OUTEIRO (S. COSME)	1.255	1.196	1.080	1.060	975
OUTES (S. PEDRO)	2.523	2.432	2.328	2.264	2.262
ROO (S. XOÁN)	1.082	991	955	943	930
O FREIXO DE SABARDES (S. XOÁN)	1.747	1.467	1.664	1.562	1.377
TARAS (S. XIÁN)	462	449	358	440	424
VALADARES (S. MIGUEL)	514	542	480	719	586
TOTAL	11.303	10.734	9.973	10.115	9.272

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIAS

PARROQUIA	1950-1960	1960-1970	1970-1986	1986-1996
CANDO (S. TIRSO)	96,3%	87,2%	107,8%	89,2%
ENTÍNS (S. OURENTE)	99,2%	82,4%	102,1%	84,2%
ENTÍNS (STA. MARÍA)	99,4%	76,7%	77,5%	88,1%
MATASUEIRO (S. LOURENZO)	100,2%	98,4%	96,2%	87,9%
OUTEIRO (S. COSME)	95,3%	90,3%	98,1%	92,0%
OUTES (S. PEDRO)	96,4%	95,7%	97,2%	100%
ROO (S. XOÁN)	91,6%	96,5%	98,7%	98,6%
O FREIXO DE SABARDES (S. XOÁN)	84,0%	113,4%	93,9%	88,1%
TARAS (S. XIÁN)	97,2%	79,7%	122,9%	96,4%
VALADARES (S. MIGUEL)	105,4%	88,6%	149,8%	81,5%
TOTAL	95,0%	92,9%	101,4%	91,7%

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN (1950-1960) EN PORCENTAXE ACUMULADA

PARROQUIA	1950	1960	1970	1986	1996
CANDO (S. TIRSO)	100	96,3%	84,0%	90,55%	80,8%
ENTÍNS (S. OURENTE)	100	99,2%	81,7%	83,5%	70,3%
ENTÍNS (STA. MARÍA)	100	99,4%	76,3%	59,1%	52,1%
MATASUEIRO (S. LOURENZO)	100	100,2%	98,7%	94,9%	83,5%
OUTEIRO (S. COSME)	100	95,3%	86,0%	84,5%	77,7%
OUTES (S. PEDRO)	100	96,4%	92,3%	89,7%	89,6%
ROO (S. XOÁN)	100	91,6%	88,3%	87,1%	85,9%
O FREIXO DE SABARDES (S. XOÁN)	100	84,0%	95,2%	89,4%	78,8%
TARAS (S. XIÁN)	100	97,2%	77,5%	95,2%	91,8%

VALADARES (S. MIGUEL)	100	105,4%	93,4%	139,9%	114,0%
TOTAL	100	95,0%	88,2%	89,5%	82,0%

PARTICIPACIÓN RELATIVA DAS POBOACIÓNS PARROQUIAIS NA POBOACIÓN MUNICIPAL

PARROQUIA	1950	1960	1970	1986	1996	% SUPERFICIE MUNICIPAL
CANDO (S. TIRSO)	11,7	11,9	11,1	11,8	11,5	10,8
ENTÍNS (S. OURENTE)	13,7	14,3	12,7	12,8	11,8	21,9
ENTÍNS (STA. MARÍA)	4,2	4,4	3,6	2,8	2,6	3,2
MATASUEIRO (S. LOURENZO)	3,4	3,5	3,7	3,5	3,4	5,1
OUTEIRO (S. COSME)	11,1	11,1	10,8	10,5	10,5	5,2
OUTES (S. PEDRO)	22,3	22,6	23,3	22,5	24,5	16,5
ROO (S. XOÁN)	9,6	9,3	9,6	9,3	10,0	5,7
O FREIXO DE SABARDES (S. XOÁN)	15,4	13,7	16,7	15,4	14,8	12,4
TARAS (S. XIÁN)	4,1	4,2	3,5	4,3	4,6	2,9
VALADARES (S. MIGUEL)	4,5	5,0	4,8	7,1	6,3	16,0

3.2.2.4.- Evolución da poboación por núcleos

Segundo o censo de poboación de 1996, o municipio de Outes conta con 152 núcleos de poboación, o que supón unha media de 1,5 núcleos por km². As parroquias de Entíns (Sta. María), Outeiro, Roo e Tarás teñen máis de 2 núcleos de poboación por km², a de Valadares menos de un e o resto aproxímanse bastante á media municipal.

O tamaño medio dos núcleos de poboación é de 60,6 habitantes. Sen embargo o alto valor da desviación típica con respecto a esta media pon en evidencia unha gran dispersión do tamaño dos núcleos, é dicir existen moitos núcleos de tamaño relativamente distinto. De todos modos esta desviación típica redúcese considerablemente se excluimos da media a capital municipal, Serra de Outes. Nestas ocasións a media de habitantes por núcleo

achégase ós 53,3 aínda que existen núcleos que superan os 250 habitantes e núcleos con a penas 20,3.

O tamaño medio máis grande corresponde á parroquia de Outes, incluíndo o núcleo de Serra de Outes, e Roo (84 habitantes por núcleo, cunha desviación de 44) e o máis pequeno á de Entíns (Sta. María) con 27 habitantes por núcleo e unha desviación de 18,7. A parroquia máis uniformemente poboada é Valadares, sendo ademais a máis rural cunha desviación típica do 16,9 e unha media de 41,8 habitantes por aldea.

Neste caso, tamén se volve a producir diferenciación entre os núcleos do interior e as costeiras tomando como valor de referencia a media de habitantes por núcleo nas diferentes parroquias (60,6) obsérvase como son Entíns (Santo Ourense), Entíns (Sta. María), Matasueiro, Valadares e Outes (excluíndo a capital municipal) as que sitúan os seus núcleos por debaixo da dita media.

Da análise da poboación dos núcleos durante os últimos 10 anos (1986-1996) despréndese que das 152 existentes no municipio de Outes, 95 teñen carácter regresivo ou fortemente regresivos, é dicir perden poboación en termos absolutos. Só 37 son progresivos ou fortemente progresivos, é dicir gañan poboación por riba do 5%. Os 21 restantes son estacionarios.

O carácter dos núcleos está ademais vinculado ó seu tamaño de maneira que son os máis pequenos os que máis poboación perden, sobre todo nas zonas do interior do municipio.

NÚMERO DE NÚCLEOS, TAMAÑO MEDIO E DESVIACIÓN TÍPICA DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN (1996), POR PARROQUIAS.

PARROQUIA	Nº NÚCLEOS	NÚCLEOS/km ²	HAB./NÚCLEO	DESVIACIÓN TÍPICA
CANDO (S. TIRSO)	16	1,47	66,8	47,9
ENTÍNS (S. OURENTE)	35	1,59	31,1	28,3
ENTÍNS (STA. MARÍA)	9	2,77	27,3	18,7
MATASUEIRO (S. LOURENZO)	8	1,56	39,25	24,7
OUTEIRO (S. COSME)	13	2,48	75	57,0
OUTES (S. PEDRO)	22	1,33	102,8(52,3)*	240(39,6)*

ROO (S. XOÁN)	11	1,90	84,5	44
O FREIXO DE SABARDES (S. XOÁN)	18	1,44	76,5	93,1
TARAS (S. XIÁN)	7	2,40	60,6	50,2
VALADARES (S. MIGUEL)	14	0,87	41,8	16,9
TOTAL	152	1,53	60,6(53,3)*	102,7(50,2)*

*Sen contar coa capital Serra de Outes.

EVOLUCIÓN DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN. ÍNDICES DE CRECEMENTO

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
CANDO (S. TIRSO)		1.198	1.069	89,2%	R
	BOCADROÑA	1	52	5200%	FP
	CANCELO		25	2500%	FP
	CANDO DE ABAIXO	173	78	45%	FR
	CANDO DE ARRIBA	190	162	85,2%	R
	CARBALLIDO	28	23	82,1%	FR
	CORGA, A	54	53	98,1%	E
	CUNS	165	164	99,4%	E
	FILGUEIRO	47	37	78,7%	FR
	GALLARDO	8	10	125%	FP
	INSUA	21	30	142,8%	FP
	LOUREIRO	39	34	87,2%	R
	PONTE NAFONSO, A	140	121	86,4%	R
	PUMAR	46	34	73,9%	FR
	TOXEIRA, A	87	83	95,4%	E
	VILAR, O	86	67	77,9%	FR
	VILARDIGO	113	96	84,9%	FR

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
ENTÍNS (STA. MARÍA)		279	246	88%	R
	COIRADAS	68	52	76%	FR
	ENTÍNS	76	63	83%	FR

	FONTE, A	14	13	93%	R
	FONTENLOS	42	18	43%	FR
	PAZOS	39	33	85%	FR
	PORTELA, A		16	1600%	FP
	REGO, O	14	24	171%	FP
	TRAVESÍA DE ENTÍNS		8	800%	FP
	VILAR, O	26	19	73%	FR

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
ENTÍNS (S. OURENTE)		1.293	1.089	84,2%	FR
	AREAL, O		28	2800%	FP
	BANZAS	156	128	82%	FR
	BRENZO	31	13	42%	FR
	BUISTE	10	7	70%	FR
	CABANA MOURA	79	59	74%	FR
	CANIZOS		53	5300%	FP
	CANLE, O		25	2500%	FP
	CASAIS, OS	44	31	70%	FR
	COSTIÑA, A	15	8	53,3%	FR
	CEPA, A		12	1200%	FP
	COTRO, O	50	15	30%	FR
	CRUCEIRO, O	99	94	94,9%	R
	CURRO, O	1		0%	FR
	DIZ	36	30	83,3%	FR
	ESFARRAPA, A	35	27	77%	FR
	FORMIGUEIRO	8	6	75%	FR
	GALTEIROS	9	7	77,7%	FR
	GUENDE	10	7	70%	FR
	LAVACOLLA	17	12	70%	FR
	LUGAR DE RIBA	23	22	95,6%	E
	MOSTEIRO	24	19	79%	FR
	MOURELOS	9	7	77,8%	FR
	MUIÑOS, OS	34	31	91,2%	R
	OROÑA	26	18	69,2%	FR
	OUSESENDE	62	61	98%	E
	PIÑEIRO, O	32	34	106,2%	P

	POZA, A	89	79	88,8%	R
	QUINTELA	60	55	91,7%	R
	SACIDO	66	27	40,9%	FR
	SARNÓN	28	21	75%	FR
	SEARA, A	119	49	41%	FR
	VALADO, O	34	26	76,5%	FR
	VILAR, O	70	63	90%	R
	VOUSACOVA		4	400%	FP
	VALEIXO	17	11	64,7%	FR

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
O FREIXO DE SABARDES (S. XOÁN)		1562	1377	88%	R
	ANSERES	11	12	109%	P
	ARESTIÑO	33	18	54%	FR
	BRAÑO	261	262	100%	E
	CATADOIRO, O	20	8	40%	FR
	CATASUEIRO	152	121	80%	FR
	CERNADAS	5	10	200%	FP
	CERZÓN	75	72	96%	E
	CORGA, A	21	16	76%	FR
	COVIÑA, A				FR
	FIGUEIROA	12	15	125%	FP
	LESTELLE	28	24	86%	R
	MAGOR	18	17	94%	R
	MOSTEIRO	155	140	90%	R
	PENSEIRA, A	40	31	77,5%	FR
	PIÑEIRO	56	51	91%	R
	RIVEIRA DO FREIXO	322	269	83,5%	FR
	SIAVO	281	251	89%	R
	VILARIÑO	72	60	83,3%	FR

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
MATASUEIRO (S.LOURENZO)		357	314	88%	R

	BARCO, O	91	75	82%	FR
	BARGO, O	5	1	20%	FR
	CARREIRA, A	35	34	97%	E
	FAMELGA, A	80	67	84%	FR
	LOURIDO	48	25	52%	FR
	MASTONTÁN	66	56	85%	FR
	RODEIRO		27	2700%	FP
	TORRE, A	32	29	91%	R

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
OUTEIRO (S. COSME)		1060	975	92%	R
	ALBEIDA	79	78	99%	E
	BARA	124	136	110%	P
	BARQUIÑA, A	29	24	83%	FR
	BARREIRO, O	80	50	26%	FR
	BROÑA	14	28	200%	FP
	CAMPOSAS, AS		71	7100%	FP
	CANTEIRIÑA, A		23	2300%	FP
	GULFIÁN	27	33	122%	FP
	LAGOA	106	76	72%	FR
	RATES	157	135	86%	R
	SERANTES	303	192	58%	FR
	TAVILO	139	127	91%	R
	TORNIL	2	2	100%	E

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
OUTES (S. PEDRO)		2264	2262	100%	E
	BERRÉS	57	55	96%	E
	BOEL	169	135	80%	FR
	CAMBEIRO DE ABAIXO	82	94	115%	P
	CAMBEIRO DE ARRIBA	45	50	111%	P
	CARBALLA, A	17	15	88%	R
	CARLEO DE ABAIXO	66	68	103%	E

	CARLEO DE ARRIBA	33	31	93,9%	R
	CASTELO, O	24	21	87,5%	R
	COUTO, O	9	17	189%	FP
	CURES	97	90	83%	R
	LANTAROU	161	131	81%	FR
	LUCIL	5	5	100%	E
	MIRÁS	81	86	106%	P
	MOLEDO	56	54	96%	E
	OUTES	92	91	99%	E
	RÍO DE OUTES	31	43	139%	FP
	SANDE DE ABAIXO	15	22	146%	FP
	SANDE DE ARRIBA	1	1	100%	E
	SERRA DE OUTES	1101	1163	106%	P
	VILAR DE OUTES	64	53	83%	FR
	VISTA ALEGRE	32	26	81%	FR
	XURISDICIÓN, A	26	11	42%	FR

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
ROO (S. XOÁN)		943	930	98,6%	E
	ÁSPERA	60	66	110%	P
	BENDIMÓN	105	119	113%	P
	BRIÓN DE ABAIXO	120	141	117%	FP
	BRIÓN DE ARRIBA	133	126	95%	R
	CENTRAL		18	1800%	FP
	CRUCEIRO DE ROO	135	103	76%	FR
	OUTÓN	54	47	87%	R
	ROO DE ABAIXO	99	129	130%	FP
	ROO DE ARRIBA	107	75	70%	FR
	VIRO	118	90	76%	FR
	XURISDICIÓN, A	12	16	133%	FP

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
TARAS (S. XIÁN)		440	424	96%	E
	BARREIRA, A	99	96	97%	E
	ESPIÑEIRO	21	16	76%	FR

	RIBA DA FONTE				FR
	RIBA DE MAR	111	104	94%	R
	SEILÁN	104	94	90%	R
	SINO, O	5	6	120%	FP
	TARÁS	100	108	108%	P

PARROQUIA	NÚCLEO	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 1996	PORCENTAXE	CARÁCTER
VALADARES (S. MIGUEL)		719	585	81%	FR
	CRESPOS	58	47	81%	FR
	ESPERANTE	51	52	102%	E
	GOSENDE	66	52	79%	FR
	GUIMAREI	43	28	65%	FR
	LESTAI	47	37	79%	FR
	LOIOS	74	71	96%	E
	PEDRAFITA	21	12	57%	FR
	SENDÓN	55	48	87%	R
	TERELLE	56	46	82%	FR
	TOUZAS, AS	39	27	69%	FR
	VALADARES	66	69	105%	E
	VILADOMONTE	46	34	74%	FR
	VILAR, O	20	20	100%	E
	XENDIL	77	43	56%	FR

FR < 85
86 < R < 95
96 < E < 105
106 < P < 115
116 < FP

CLASIFICACIÓN DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN POLO SEU CARÁCTER

PARROQUIA	FR	R	E	P	FP
CANDO (S. TIRSO)	6	3	3		4
ENTÍNS (S. OURENTE)	22	5	2	1	5
ENTÍNS (STA. MARÍA)	5	1			3
MATASUEIRO (S. LOURENZO)	5	1	1		1

OUTEIRO (S. COSME)	4	2	2	1	4
OUTES (S. PEDRO)	5	4	6	4	3
ROO (S. XOÁN)	3	2		2	4
O FREIXO DE SABARDES (S. XOÁN)	8	5	2	1	2
TORAS (S. XIÁN)	2	2	1	1	1
VALADARES (S. MIGUEL)	9	1	4		
CONCELLO	69	26	21	10	27

NÚMERO DE NÚCLEOS, E INCREMENTOS DE POBOACIÓN SEGUNDO INTERVALOS E CARÁCTER

NÚCLEOS	FR	R	E	P	FP
MÁIS DE 201 HAB.	1	1	1	1	
ENTRE 101 E 200 HAB.	6	7	1	3	2
ENTRE 51 E 100 HAB.	17	6	13	3	3
ENTRE 0 E 50 HAB.	45	12	6	3	22
TOTAL	69	26	21	10	27

2.4.- PROBLEMAS DERIVADOS DA DEMOGRAFÍA MUNICIPAL

A evolución demográfica do municipio ao longo do século XX resulta variable. A primeira etapa poboacional iría dende 1900, cando o municipio presenta 9.160 habitantes ata 1950 cando se rexistran 11.303 habitantes, dentro dun período de crecemento continuado de poboación, sen ningún descenso intermedio. É a partir de 1960 cando comeza unha segunda etapa de descenso poboacional dende os 10.734 habitantes rexistrados ese ano ata os 8.243 de feito do censo de 2003. Actualmente a situación é de unha lixeira regresividade. A diferenza entre as poboacións de dereito de 1996 e 2003 apuntan cara esa tendencia. A diferenza en número de habitantes entre este último período é de 1040, cunha perda de un pouco máis de 100 habitantes ano (1,1%)

Non obstante, o crecemento vexetativo que fora positivo na década dos setenta móstrase coma un dos puntos de posible perda de poboación. Entre 1981 y 1991 o saldo negativo por esta compoñente foi de 168 habitantes e no período 91-96 o crecemento vexetativo foi negativo ata o punto de arrojar un valor de -218, cunha taxa vexetativa do -2,4%, provocada esencialmente polo descenso no número de nacementos.

Pola súa banda o saldo migratorio presenta uns datos aparentemente contraditorios. As saídas netas do municipio foran elevadas nos setenta, cando o saldo é negativo e a perda poboacional por ese concepto foi de 620 habitantes. Entre 1981 e 1991 é cando se produciu a emigración neta máis acentuada, coa perda de 1.400 habitantes, unha taxa migratoria do -14,3%. No quinquenio 1991-96 o saldo é positivo en 228 habitantes, cunha taxa de 2,5%.

No que se refire aos grupos de idade, os máis numerosos son os situados entre os 13 e os 24 anos, un 15% do total, superior ao do grupo de máis xoves, o que revela que dende fai unha década a natalidade non asegura o remprazo da poboación. O problema do envellecemento detéctase en que os menores de 15 anos diminuíron de 1.609 de 1991 aos 1.217 de 1996, e a súa porcentaxe baixa neste período dende o 17,3% ao 13,1%. En sentido contrario aumenta a proporción de maiores de 65 anos, que si no último censo representaba o 19,6 da poboación, no padrón de 96 chagaba ao 21,3% do total.

O problema demográfico máis importante a contemplar, aparte do xeral do país relativo ao envellecemento da poboación cun crecemento vexetativo moi baixo, é a disgregación da poboación, ocupando amplas zonas do medio rural, colonizando os terreos agrícolas coa merma de aproveitamento que isto supón.

Non obstante, hai que sinalar que a distribución da poboación no ámbito do termo municipal é moi desigual. O crecemento experimentado pola capital municipal e as apetencias para colocacións residenciais, tanto de residencia habitual como de segunda residencia, que supón o borde litoral do concello, levou consigo un aumento de poboación nos núcleos das parroquias costeiras e lindeiras coa mencionada capital, creando un continuo edificado entre os distintos núcleos que forman as unidades parroquiais.

No outro extremo sitúase o resto do termo municipal, con grandes conxuntos de núcleos regresivos ou fortemente regresivos, que afectan por igual a núcleos pequenos e de maior tamaño, nos cales se producen movementos migratorios locais, tanto cara a capital municipal como ás vilas dos concellos limítrofes.

Será preferente no presente planeamento a ordenación da edificación, por un eido atendendo e regulando os crecementos periféricos ao núcleo urbano poñendo especial atención no correcto dimensionado dos sistemas xerais e os equipamentos, por outro o ordenamento e

limitación das edificacións de borde de litoral xurdidas á marxe dos núcleos orixinarios e que a día de hoxe se converteron en asentamentos consolidados, e por último delimitando áreas para a colocación das novas vivendas que se producen nos arredores dos núcleos do resto do termo municipal.

2.5.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA

O dinamismo xeral das rías e o seu entorno xerou unha diversificación continua na organización económica do municipio de Outes.

Outes presenta un total de activos no municipio de 3.158 habitantes, cunha taxa de actividade do 41,7%; mentres que o número de ocupados representa a 2.777 cidadáns nunha taxa e ocupación do 36,15%. Os 381 parados evidencian unha moderada taxa de paro (9,3%), un problema común a moitos dos seus concellos lindeiros, e que dende o ano 96 experimenta un retroceso produto da mellora económica xeral.

O sector primario reduciuse drasticamente en Outes. Do 33,65% dos activos que rexistraba o sector primario no 1986 pasou ó 16,65%, diversificando a súa actividade entre a agricultura, gandería e, en grande medida, o marisqueo. Integrados na confraría de Noia, nas últimas campañas adquiriron licenza arredor de 299 persoas. Pódese dicir que as campañas marisqueiras de berberecho e da ameixa inflúen, en boa medida, no dinamismo económico municipal. Non obstante coma na maioría do resto dos concellos costeiros trátase dunha economía de ingresos complementarios á unidade familiar.

Seguindo o patrón clásico da Galicia non urbana, a agricultura amosaba en Outes, altos porcentaxes de actividade, como o 37% de 1975, ou o 26,4% en 1991. Xa no 96 se aprecia unha notable redución do peso económico da agricultura no total do municipio, ó 13,1%, o que manifesta a intensidade dos procesos de reestruturación agropecuaria e forestal do municipio. A día de hoxe é anecdótica a súa representación a nivel de activos, tan so o 7,3%

O número de cabezas de gando bovino en Outes é de 2.520 reses repartidas en 251 explotacións. Estas cifras aumentaron en 400 cabezas nos últimos dez anos o que da unha idea de que a diminución no número de activos non implica unha redución na produtividade agrícola do concello, a cal se concentra fundamentalmente nas parroquias das zonas altas.

Diversos factores coma foi a importante poboación ocupada na mariña mercante, retorno de emigrantes e, en menor medida, o turismo incidiron na dinamización da construción (17% dos seus activos e dos servizos (37,80%), sendo este último o que máis creceu a medida que

se consolidou o centro urbano, onde o pequeno comercio, a hostalería, o transporte e a administración son as súas principais actividades.

O sector industrial comeza a ser significativo pois pasou de representar o 13,9% dos activos en 1991 ao 16% da actualidade. Este sector oriéntase fundamentalmente á transformación da madeira; sen embargo cabe destacar o tamaño das empresas, pois das 31 que se rexistran neste sector catro delas aglutinan máis do 50% dos activos empregados. É rechamante neste apartado a colocación de estaleiros de pequena dimensión, algún deles de carácter artesanal, en O Freixo, onde se empraza tamén o espigón e unha nave que fai de lonxa para os mariscadores.

Dentro das empresas máis emblemáticas, por orde de facturación, presentes no municipio, destaca unha empresa dedicada ás finanzas, seguros e bens raíces; e dúas empresas maioristas dedicadas ós comestibles e a produtos relacionados, coa presenza de 19 e 14 empregados cada unha.

A empresa que maior ocupación aglutina no concello é un estaleiro que se dedica á fabricación, construción e reparación de buques, onde se contabilizan un total de 49 empregos directos. Á súa vez, tamén se localiza en Outes outra empresa dedicada á construción e reparacións neste caso de embarcacións menores, e que conta con 19 empregados.

A relacións de empresas importantes complétase facendo referencia a outras moitas, como as dedicadas a servizos médicos; servizos de fontaneira, calefacción e aire acondicionado; construción; maioristas de froitas e verduras; ou contratistas xerais da construción.

O volume comercial de Outes é dunha interesante consistencia, segundo recolle o anuario comercial de 1998, onde se reflexa a presenza no municipio de 7 oficinas bancarias; 124 actividades industriais, 75 delas dedicadas á construción; 18 actividades comerciais maioristas e 146 actividades comerciais minoristas, 64 delas no entorno das actividades relacionadas coa alimentación. Ademais, o florecente sector da restauración conta con 74 actividades de restauración, bares e hostalería.

2.6.-PROBLEMAS DERIVADOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

O municipio presenta unha segmentación clara en canto á súa actividade económica: por un lado, existen unhas áreas de clara vocación urbana (Serra de Outes, Cruceiro de Roo, Ribeira de Freixo e Ponte Nafonso), onde priman os sectores secundario e terciario, e por outro, o resto do termo municipal, de carácter rural, de claro carácter primario, agropecuario

ou pesqueiro-marisqueiro, ou de asentamento de poboación cuxa actividade se desenvolve fóra do termo municipal. Esta especialización observada no termo municipal, debe servir de guía para a correcta distribución de actividades no territorio, de forma que a creación de solo industrial e residencial, non invada as zonas de actividade agraria, e á vez, se libere do uso industrial a maior parte posíbel do solo urbano, posto que na actualidade existen enclaves con excesiva proximidade ao núcleo residencial.

Aínda que non se detectaran ata a actualidade conflitos có medio agrícola derivados da crecente urbanización dalgunhas parroquias do municipio, as máis costeiras, cómpre unha delimitación da área urbana que preserve de forma clara a área rural e o entorno agrícola, e posibilite o correcto desenvolvemento da actividade primaria.

O desenvolvemento industrial do municipio de Outes viuse limitado ata a actualidade, pola saturación das vías de comunicación existentes, e pola carencia de solo industrial convenientemente dotado. Isto dou lugar á aparición de industrias vinculadas exclusivamente á accesibilidade, en entornos non axeitados para a súa implantación. A creación de solo destinado a estes fins, así coma o recoñecemento das implantacións que se consideren axeitadas có entorno, estaleiros de Ribeira do Freixo ou outras, considérase fundamental á hora de abordar o planeamento deste municipio.

A sobrecapacidade das infraestruturas de transporte e a limitación das mesmas, débese corrixir de modo axeitado, coa ampliación das mesmas, xunto coa dotación de accesos cómodos ás mesmas, para poder estimular o tecido empresarial local.

2.7.- O MEDIO URBANO

O medio urbano de Outes encóntrase constituído pola súa capital municipal, Serra de Outes, centro de vida municipal e unha serie de subcentros, nos que se albergan actividades económicas relacionadas có sector servicios e a industria, Cruceiro de Roo, A Ponte Nafonso e Riveira do Freixo.

O núcleo de Serra de Outes áchase situado na zona costeira do municipio, na desembocadura do río Tins, no cruce formado polas estradas AC-550, CP-3304, CP-6202 e CP-5604. Neste núcleo é onde se concentra gran parte da vivenda residencial colectiva do termo municipal e a maior parte das actividades económicas non vinculadas ao sector primario. A situación reflicte a problemática dunha vila de tipo medio, rolda os 1.200 habitantes, no que a dispersión que sofre a edificación crecendo ao longo do viario provocando, ao aledarse do centro, unha serie de disfuncionalidades e mestura de tipoloxías

que sería necesario atallar. Polo que respecta aos tres subcentros que complementan o medio urbano do concello de Outes, caracterízanse pola súa colocación, completando o elevado número de asentamentos que se producen na zona litoral do termo municipal. Teñen en común a súa vinculación á estrada AC-550 ao longo da que xurdiron, completando un tecido transversal que tamén sería necesario completar dende a redacción do presente planeamento. Riveira de Freixo caracterízase pola súa especial vinculación coas actividades portuarias e de construción e reparación de barcos. A creación do porto deportivo e a mellora das restantes instalacións portuarias, contribuíu ó despegue definitivo deste asentamento, no que en pouco tempo pasouse dunha tipoloxía maioritaria de vivenda unifamiliar a unha maioritaria de residencial colectiva, sobre todo na fronte portuaria, orientada fundamentalmente á segunda residencia. A edificación característica é a residencial unifamiliar e colectiva entre medianeira. Cruceiro de Roo, situado fóra do borde litoral, ao longo da estrada AC-550, caracterízase pola súa especial vinculación có sector terciario, constituíndo o centro dos asentamentos que van dende Catasueiro ata Brión, incluíndo a zona de Serantes e a vinculada á praia de Broña ademais dunha ampla zona dos asentamentos interiores situados ao norte do núcleo. Neste núcleo alterna, mesturándose entre elas, a vivenda unifamiliar coa colectiva, illada ou apegada, considerándose un problema que debería resolverse coa redacción do Plan. O núcleo de A Ponte Nafonso, o mesmo que o de Cruceiro de Roo, caracterízase por constituírse en centro de servizos dunha ampla zona, que neste caso constitúen tódolos núcleos vinculados á desembocadura do Tambre. Contrariamente ao resto de núcleos non se detectan excesivos problemas vinculados á mestura de tipoloxías.

2.7.1.- ANÁLISE DA MALLA URBANA

A malla urbana no caso concreto de Serra de Outes atópase formada polo cruce da estrada AC-550 sobre o río Tins. Este cruce ten á súa vez continuidade coa CP-4502, CP-3404 e CP-6202 e forman a trama básica de Outes en torno á cal se foi creando un núcleo con tipoloxía de “vila”, cun conxunto tradicional no entronque das estradas e unhas serie de edificacións que avanza ó longo dos camiños acompañadas da urbanización e a dotación de servizos. Esta trama central con ramificación bastante extensa cara ós catro puntos cardinais atópase bastante consolidada pola edificación, froito do desenvolvemento das vixentes normas subsidiarias que en contra de toda previsión lóxica, fomentaban esa direccionalidade.

Por outra banda as necesidades infraestruturais da poboación foron oportunamente satisfeitas de maneira que a día de hoxe esta trama urbana derivada das normas subsidiarias atópase adecuadamente dotada de servizos urbanísticos.

Como centro desta trama direccional, está a zona sur que media entre os dous ramais en “U” que forma a AC-550 ó seu paso pola capital municipal, dous ramais que bordean a desembocadura do ría Tins. Vinculados a estes dous ramais atopamos a malla urbana que se forma en torno á zona do centro escolar de primaria, o polideportivo, o cuartel da Garda Civil, e o concello.

Entre a CP-3404 e o ramal oeste da AC-550 se forma outra trama urbana básica, cunha malla de varias rúas en retícula na que se localizan equipamentos fundamentais como o centro de saúde, o centro de servizos sociais ou o parque, principal espazo libre a nivel urbano no entronque das estradas CP-0602 e CP-3404. Vinculado máis lonxitudinalmente a esta estrada sitúase o novo centro de secundaria, entre as edificación que sen solución de continuidade unen a malla urbana co núcleo rural de Boel.

Pola zona nordeste, paralelo á CP-4502 tamén se creou unha malla urbana en retícula máis ou menos consolidada da que o principal referente é a casa da cultura.

Cara ó sueste a malla esténdese ó longo da estrada AC-550 ata recoller as vivendas da denominada Travesía de Entíns, unha zona de clara compoñente lonxitudinal pero dotada de tódalas condicións para poder ser considerada como solo urbano.

A malla así definida esténdese cara ó norte ata o centro de saúde, o centro de secundaria e as últimas vivendas en contacto co núcleo de Boel, cara ó nordeste ata a travesía do Areal ó longo da CP-4502, cara ó sueste ata recoller as vivendas da travesía de Entíns, identificadas polo deslinde do DPMT cunha zona de servidume de protección de 20 m, cara ó sur ata os núcleos rurais de Vista Alegre e A Xurisdición, e cara ó leste ata recoller as vivendas localizadas ó longo da CP-6202. Os límites desta malla acomópanse escrupulosamente á existencia de servizos urbanísticos e ós antecedentes de planeamento, pois todos os terreos definidos dentro desta malla urbana xa encontraban clasificados como solo urbano na vixentes Normas Subsidiarias Municipais, a excepción da zona onde se atopa o centro de saúde e o centro de servizos sociais, unha pequena malla urbana que decide incorporarse pola existencia de infraestruturas de servizos, equipamentos e ser lindeira co solo urbano delimitado.

Por outro lado, na actualidade o esforzo inversor do concello fixo que tódalas rúas existentes dentro da delimitación do solo urbano, prevista polas normas subsidiarias, contén a día de hoxe con servizos urbanísticos con capacidade suficiente para dar servizo á edificación prevista por elas, e mesmo superando os límites da delimitación do solo urbano de Serra de Outes, incorporando novos terreos á malla urbana. Este é o caso da travesía do Areal, a zona do centro de saúde, centro de servizos sociais e dependencias da escola taller.

Por último compre subliñar, dentro da estrutura da malla urbana a recente creación do paseo fluvial da Serra que partindo da desembocadura do río Tins atravesa por ambas marxes o solo urbano e chega ata a ponte de pista que une Boel co Areal, que en todo caso contribuirá a consolidar o concepto de malla urbana nas súas marxes.

A malla urbana de Cruceiro de Roo, de acordo coas Normas Subsidiarias vixentes, atópase constituída polas edificacións que dan fronte ás estradas AC-550 e CP-6203 ó seu paso polo núcleo así como as edificacións na rúa que vai ó núcleo rural de Roo e a igrexa e a gran zona de equipamentos situada ó norte. É unha malla urbana básica, constituída polos viarios existentes, baseada na edificación de licenza directa en tipoloxía unifamiliar con actuacións esporádicas de residencial colectivo. Na zona de equipamentos sitúanse o colexio, o polideportivo cuberto e unha pista descuberta. No desenvolvemento das normas subsidiarias tampouco se levaron a cabo actuacións neste núcleo que fagan replantexarse a malla urbana derivada delas máis alá de recoller os novos equipamentos creados. A totalidade desta malla urbana básica conta con servizos urbanísticos axeitados a tipoloxía edificatoria existente no núcleo.

A malla de Riveira do Freixo, segundo as normas subsidiarias vixentes, atopábase constituída polas edificacións situadas ó longo da estrada AC-550, así como todo o fronte marítimo que dá ó porto ata a zona de estaleiros, incluídas as respectivas rúas de baixada dende a estrada cara ó mar.

Por último compre analizar a malla urbana do núcleo de A Ponte Nafonso que aínda que non estaba clasificado como solo urbano nas vixentes normas subsidiarias si procede a súa clasificación como solo urbano, por estar integradas as súas construcións nun conxunto con identidade de malla urbana. O conxunto así constituído parte das edificación vinculadas á histórica ponte e se ramifica seguindo a traza das estradas CP-5602 e a AC-196, abarcando o terreo que xa na última proposta de deslinde marítimo-terrestre foi considera como solo urbano e polo tanto cunha servidume de 20 m. Trátase en todo caso dunha malla baseada fundamentalmente na edificación unifamiliar en moitos casos apegada, constituíndo un conxunto edificado continuo, onde o elemento máis singular e diferenciador é o paseo marítimo e o parque creado ó longo da costa desde A Ponte Nafonso. As catro rúas que constitúen a trama básica do núcleo contan con todos os servizos urbanísticos con capacidade suficiente para a tipoloxía prevista, e enlazan cos núcleos rurais tradicionais circundantes de A Corga e A Toxeira.

2.8.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO URBANO

A afección principal que se produce no núcleo urbano de Serra de Outes refírese principalmente á súa relación có entorno rural lindeiro, sen case gradiente de edificación cara o solo rústico, coa edificación avanzando ao ritmo que avanzan os servizos e con urbanizacións xurdidas á marxe da legalidade que colonizan ámbitos de solo rústico sen os mecanismos axeitados de xestión que garantan o correcto reparto de cargas e beneficios.

Por outra banda debido á presión urbanística e á estrutura viaria o núcleo urbano tende á descontinuidade da edificación, xerándose construcións na periferia sen que aínda se atopen totalmente rematadas as do centro urbano. Sería desexable dende o planeamento a concentración e remate do tecido residencial existente, xerando esta mediante a redución de solo urbano de licenza directa e a previsión de mecanismos de xestión para o remate das zonas descontinuas.

Os problemas detectados no núcleo de Riveira de Freixo refírense fundamentalmente á mestura de tipoloxías da edificación e á necesidade de introducir os mecanismos de xestión precisos para conseguir unha ordenación axeitada cun parcelario fragmentado en exceso e un viario insuficientemente dimensionado. Ó mesmo que no núcleo de Serra de Outes, a introdución de mecanismos de xestión que garantan a resolución destes problemas considérase fundamental.

As características de viario e parcelario de Cruceiro de Roo e A Ponte Nafonso fan que as únicas perspectivas necesarias previstas para este núcleo pasen pola unificación de tipoloxías e ordenanzas có fin de asegurar un conxunto máis harmónico, ademais de resolver a transición do solo urbano có entorno rural no que se atopa.

2.9.- A ORDENACIÓN MUNICIPAL

2.9.1.- O PLANEAMENTO MUNICIPAL

O Concello de Outes, a día de hoxe, dispón para a ordenación urbanística do seu territorio de Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, en sesión de 5 de agosto de 1977.

Actualmente o mencionado planeamento está demostrando certa ineficacia ao xerar problemas derivados tanto da clasificación do solo coma do deseño das ordenanzas.

O planeamento existente establece tres solos urbanos, Serra de Outes, capital municipal, Cruceiro de Roo e Riveira de Freixo, e unha serie de solos de núcleo rural a todas luces insuficientes, se atendemos aos censos do Instituto Nacional de Estatística. Por outro eido, expóñense unha serie de solos protexidos, máis ben escasos, que á vista das riquezas tanto naturais coma produtivas aludidas anteriormente habería que reconsiderar.

Ó respecto do solo urbano vixente en Riveira do Freixo e en Serra de Outes, compre aclarar que serviu de base a fixación da servidume de protección do DPMT no ámbito dos 20 m recoñecidos como solo urbano. Enténdese polo tanto que a nova ordenación proposta polo PXOM debe respectar este ámbito clasificando como solo urbano en toda a fronte marítima recoñecida na aprobación definitiva do deslinde do DMPT

Polo que respecta ao desenvolvemento do mencionado planeamento existente habería que insistir no avanzado no parágrafo anterior. Debido ao deseño do propio planeamento danse situacións de grandes descontinuos no edificado dos solos urbanos e de invasións por parte da edificación do solo non urbanizable, nalgúns casos xerando conflitos coas capacidades produtivas e paisaxísticas do solo rústico, as cales deberían ser corrixidas có presente planeamento.

Por último, e dado o nivel de desenvolvemento e consolidación alcanzado pola edificación de acordo có modelo previsto no Plan en vigor, o novo Plan Xeral, debe necesariamente, asumir as determinacións e actuacións iniciadas en base ao mesmo, posibilitando o remate da trama urbana iniciada da maneira máis axeitada, e mediante a introdución dos sistemas de xestión previstos na lexislación actual, completar as dotacións de espazos libres e equipamentos tanto para a poboación existente coma para a futura.

2.9.2.- O PLANEAMENTO OS CONCELLOS LIMÍTROFES

O concello de Outes linda con catro concellos nos que o estado do planeamento é o seguinte:

CONCELLO	FIGURA DE PLANEAMENTO	DATA DE APROBACIÓN
Muros	-----	-----
Mazaricos	NN. SS. P. Municipal	04/05/95
Negreira	Plan Xeral de Ordenación Municipal	18/05/99
Noia	NN. SS. P. Municipal	06/11/90

Polo que respecta ó concello de Noia, a súa situación xeográfica con respecto a Outes, separado deste polo río Tambre, cunha topografía bastante accidentada, fai que non se detectasen especiais conflitos na zona de contacto.

O concello de Muros non dispón de planeamento propio, estando neste momento no proceso de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Tamén neste caso a topografía accidentada fai que tampouco se atopen zonas de conflito nos bordes municipais.

O límite co concello de Mazaricos céntrase nos terreos da parroquia de Valadares e Matasueiro. A clasificación de gran parte delas como solo rústico de especial protección de agropecuaria e forestal implica a non existencia de tensión urbanísticas na zona de contacto. Po outro lado tampouco se detectaron, de acordo con límites municipais oficiais núcleos localizados a medio camiño entre ambos.

O caso do límite municipal con Negreira e similar ó que acontece co de Muros, moi accidentado e sen zonas de conflito.

2.10- PROBLEMAS DERIVADOS DA ORDENACIÓN MUNICIPAL

2.10.1.- A CLASIFICACIÓN DO SOLO

A redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal debe respectar no posible a clasificación do solo urbano das vixentes Normas Subsidiarias e o recoñecemento do solo urbano previsto no deslinde do DPMT, recollendo os cambios producidos como consecuencia do desenvolvemento acadado ata o momento presente ao longo dos seus anos de vixencia e emendando desaxustes de detalle, á vez que corrixa aquelas inadecuacións que se puideran detectar durante o tempo transcorrido.

Así mesmo, referente á clasificación deste tipo de solo, a posibilidade de introducir mecanismos de reparto de beneficios e cargas que garantan o correcto desenvolvemento de bolsas de solo enclavadas dentro do solo urbano, que por diversas causas aparecen sen desenvolver, debe reflectirse nunha solución para as mesmas, que permita completar axeitadamente a trama urbana, efectuar as reservas necesarias para espazos libres e equipamentos, á vez que se garanta un correcto desenvolvemento do proceso urbanizador.

A sinalización de todas aquelas áreas que deban ser obxecto de especial protección polos seus valores naturais ou agrícolas, permitirá considerar certas áreas de solo do municipio coma apto para o desenvolvemento urbanístico, regulando as condicións que deban cumprirse en cada caso e establecendo os criterios necesarios para potenciar o desenvolvemento destas bolsas de solo.

Neste senso, o Plan Xeral debe contemplar medidas normativas correctoras que impidan o deterioro medioambiental e protexan o seu desenvolvemento harmónico entre a paisaxe natural e o crecemento urbano.

Destacan neste eido as zonas costeiras, os espazos da Rede Natura, os vales fluviais e os principais cumios, que teñen unha potencia paisaxística que debe ser preservada de calquera desenvolvemento urbanístico.

Existen importantes áreas forestais repartidas por todo o termo municipal, de varias especies que tamén haberá que valorar pola súa especial capacidade produtiva.

A recuperación ambiental das marxes de cursos fluviais, debe ser abordada con eficacia.

2.10.2.- O SOLO URBANO

O solo urbano do termo municipal, de acordo coas Normas en vigor, concéntrase en Serra de Outes, Riveira de Freixo e Cruceiro de Roo, localizándose nos dous primeiros case a totalidade da vivenda colectiva, con pequenas actuacións nesta materia no outro núcleo. A estes tres habería que engadir dende a redacción do presente planeamento o de A Ponte Nafonso, que se atopa en condicións semellantes ao de Cruceiro de Roo, con tódolos servizos urbanísticos consolidados, alternancia de vivenda unifamiliar e colectiva, e un paseo litoral a xeito de espazo libre de sistema xeral que serve a toda a poboación do contorno.

O crecemento experimentado por estes núcleos fixo que a práctica totalidade do solo urbano, aínda que con numerosos baleiros, apareza desenvolto. O tratamento e solución deste problema, como consecuencia das diferentes morfoloxías, deberá ser resolto no Plan Xeral, á vez que se terá que dar unha énfase especial, de cara a completar a trama urbana xa iniciada, e potenciar o desenvolvemento dos núcleos máis aló das estradas e a rede viaria que se sitúa na orixe do mesmo.

No núcleo de Serra de Outes débese revalorizar o acabado e remate das grandes pezas de equipamento iniciadas, que polas súas especiais condicións, débense converter en auténticos espazos vertebradores da ordenación xeral do núcleo urbano.

Paralelamente ao desenvolvemento da trama urbana, mediante a introdución de correctos mecanismos de xestión, débense corrixir as deficiencias de solo dotacional e de equipamento, derivado da sobrecualificación como solo urbano de execución directa, e polo tanto, non sometido a cesión algunha, que contemplaban as Normas vixentes. Este procedemento, permitirá a obtención do solo necesario para a colocación dos servizos e

equipamentos públicos, á vez que obriga a efectuar a urbanización antes da edificación, evitando as distorsións observadas no desenvolvemento do solo urbano de acordo coas Normas vixentes.

2.10.3.- OS NÚCLEOS RURAIS

Os núcleos rurais existentes vense presionados polo desenvolvemento da edificación, que tende cada vez máis a invadir os terreos de cultivo, ao non atopar posibilidades de construción nuns núcleos de estrutura moi pechada e parcelas de escaso tamaño e aproveitamento edificatorio. Esta invasión vese ademais apoiada por unha rede de camiños, estradas e pistas de concentración parcelaria que facilitan la colocación das vivendas fóra da estrutura do núcleo. Esta situación debido ás especiais condicións climatolóxicas, ambientais e topográficas do concello concéntrase fundamentalmente no ámbito dos núcleos próximos ao litoral, constituíndo nalgúns casos un continuo edificado entre varios núcleos sen solución de continuidade.

Este modelo de asentamento baseou ademais a súa implantación no planeamento vixente, pois ao carecer este de zonas de especial protección e ao permitir a construción de vivendas unifamiliares en practicamente todo o termo municipal, presentábase coma un feito a colonización do solo non urbanizable.

Deberá ser prioritario dende o planeamento a delimitación de núcleos rurais que partan da situación existente na actualidade, a cal é un feito ineludíbel, e a acouten có fin de limitala para que no futuro non se volvan a producir as actuais situacións de invasión de terreos rústicos con edificacións. Por outra banda o recoñecemento dos asentamentos de poboación coas dimensións e edificacións existentes hoxe en día supón a non protección destas áreas de solo, o que parece de todo lóxico pois teñen as súas capacidades produtivas diminuídas ao estar invadidos pola edificación.

2.10.4.- OS SISTEMAS XERAIS

2.10.4.1.- A rede de comunicacións

A nova rede de comunicacións deberase apoiar nos abundantes sistemas xerais existentes que atravesan o termo municipal, o que fai aumentar aínda máis as expectativas de crecemento de certas zonas do municipio.

Neste punto considérase de vital importancia para as expectativas municipais a creación da Vía de Alta Capacidade Brión-Noia e a súa conexión co concello a través do proxecto denominado *Mellora de trazado e capacidade da AC-550 Cee-Tui, treito Muros-Noia. Subtreito: límite municipal de Muros con Serra de Outes-Noi*, en fase de execución, o cal prevé dúas alternativas de circunvalación ó núcleo de Serra de Outes, e que sen dúbida algunha aumentará as expectativas de crecemento do concello ó mellorar considerablemente a súa accesibilidade e acercar as potencialidades medio ambientais e turísticas que posúe a poboación de maior importancia como Santiago de Compostela.

Por outro lado deberase recoller na normativa xeral do Plan, un correcto posicionamento das edificacións respecto ás vías de comunicación, evitando a conversión das mesmas en “rúas urbanas”.

2.10.4.2.- Os equipamentos

O sistema de equipamentos do termo municipal debe ser complementado naqueles casos que máis demanda social poidan ter no momento actual e no futuro, coma son os de carácter asistencial, docente e administrativo, así como debe buscarse a obtención de outras que incentiven ou promovan a actividade terciaria.

2.10.4.3.- Os espazos libres

Un dos aspectos máis relevantes do Plan Xeral que se pretende será o facer posíbel, mediante o establecemento dos oportunos mecanismos de xestión, a obtención dalgúns solos que sirvan de desconxestión aos colmatados solos urbanos de Serra de Outes, Cruceiro de Roo e Riveira de Freixo.

O pulo das infraestruturas e equipamentos da praia de Broña, así coma o tratamento axeitado da ribeira do río Tambre en A Ponte Nafonso e a mencionada praia, xunto co proxecto de paseo fluvial na Serra de Outes, completaría a estrutura xeral e orgánica municipal, permitindo unha acción encamiñada a preservar e potenciar a calidade medioambiental do seu medio.

Para posibilitar a materialización destas actuacións, cómpre establecer os sistemas de xestión que as leis contemplan para facer viábel a obtención do solo mediante a xusta compensación aos seus propietarios, sen facer onerosa a súa adquisición para o uso e dominio público.

Asemade, considérase fundamental o establecemento de cuñas de protección nas marxes do amplo sistema hidrolóxico e fluvial do termo.

2.11.- INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE

Listado da normativa e as actuacións previstas polos distintos organismos sectoriais:

- Organismo: Subdirección Xeral de Estradas. Dirección Xeral de Obras Públicas. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia.
 - Lexislación sectorial. Lei 4/1994 de 14 de setembro, de Estradas de Galicia.
 - Ámbito. Estradas de titularidade autonómica que discorren polo termo municipal: AC-550, AC-400 e AC-196.
 - Afeccións: 30 m, medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
 - Actuacións previstas. Mellora de trazado e capacidade da AC-550 Cee-Tui, treito Muros-Noia, subtreito: límite municipal de Muros con Serra de Outes-Noia.
- Organismo: Augas de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia.
 - Lexislación sectorial. Texto refundido da Lei de Augas aprobado por R.D.L. 1/2001, de 20 de xullo. Regulamento do D.P.H. RD 849/1986 de 11 de abril, modificado polo RD 606/2003 de 23 de maio. Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC) aprobado por RD 103/2003, do 24 de xaneiro.
 - Ámbito. Augas continentais, leitos de correntes naturais, continuas ou descontinuas, leitos dos lagos e lagoas e os dos encoros superficiais en leitos públicos, acuíferos soterrados, ós efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos.
 - Afeccións. As marxes dos leitos están suxeitas en toda a súa extensión lonxitudinal a unha zona de servidume de 5 m de anchura, para uso público e unha zona de policía de 100 m de anchura no que se condicionará o uso do solo e as actividades que nel se desenvolvan.
 - Actuacións previstas. Non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- Organismo: Portos de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia.
 - Lexislación sectorial. Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral; Lei 27/1992, de 24 de novembro, de portos do estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, de 26 de decembro; Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas e o regulamento xeral para o seu desenvolvemento e execución.
 - Ámbito. Portos do Freixo, do Conchido e da Barquiña.
 - Afeccións. As zonas de servizo dos referidos portos.
 - Actuacións previstas. Non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- Organismo: Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia.
 - Lexislación sectorial. Orde do 9 de xuño de 2003 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección xeral (DOG, luns 16 de xuño do 2003, nº 115). Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. Espazos naturais e inventario de patrimonio das Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais, de 3 de abril de 1991, DOG nº72 de 16 de abril.
 - Ámbito. Espazos naturais inventariados, humidais e calquera outro elemento incluído nalgún dos inventarios sectoriais. Sistema Fluvial Ulla-Deza, incluído na Rede Natura 2000.
 - Afeccións. Variables en función do espazo natural protexido.
 - Actuacións previstas. Non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- Organismo: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura e Turismo.
 - Lexislación sectorial. Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español. Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, sobre protección dos "hórreos" e "cabazos". Decreto 571/1963 de

- 14 de marzo, sobre protección de escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico. Decreto de 22 de abril de 1949 sobre protección de castelos españois.
- **Ámbito.** Elementos arquitectónicos e xacementos arqueolóxicos catalogados polas Normas Subsidiarias Provinciais, municipais ou incluídos nalgún dos inventarios da Dirección Xeral de Patrimonio.
 - **Afeccións.** Variables entre os 50 m e os 200 m dende o punto máis exterior do elemento que se protexe.
 - **Actuacións previstas.** Non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- **Organismo:** Deputación Provincial da Coruña.
 - **Lexislación sectorial.** Lei 4/1994 de 14 de setembro, de Estradas de Galicia.
 - **Ámbito.** Estradas de titularidade provincial que discorren polo termo municipal: CP-3404, CP-4502, CP-5305, CP-5602, CP-5604, CP-6201, CP-6202, CP-6203, CP-6204, CP-6205.
 - **Afeccións.** 30 metros medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
 - **Actuacións previstas.** Non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
 - **Organismo:** Demarcación de Costas en Galicia. Dirección General de Costas. Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino.
 - **Lexislación sectorial.** Lei 22/1988 de 28 de xullo, de costas. Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de Costas, RD 1471/1998, de 1 de decembro .
 - **Ámbito.** A ribeira do mar e as rías que inclúe a zona marítimo terrestre e as praias, o mar territorial e as augas interiores e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental. No caso concreto de Outes afecta ó deslinde marítimo terrestre aprobado pola orden ministerial correspondente.

- **Afeccións.** A servidume de protección recaerá sobre unha zona de 100 metros medida terra a dentro dende o límite interior da ribeira do mar.
 - **Actuacións previstas.** Non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- **Organismo:** Dirección Xeral de Recursos Mariños. Consellería de Mar. Xunta de Galicia.
 - **Lexislación sectorial.** Lei 22/1988 de 28 de xullo, de costas. Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de Costas, RD 1471/1998, de 1 de decembro.
 - **Ámbito.** A ribeira do mar e as rías que inclúe a zona marítimo terrestre e as praias, o mar territorial e as augas interiores e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental. No caso concreto de Outes afecta ó deslinde marítimo terrestre aprobado pola orden ministerial correspondente.
 - **Afeccións.** A servidume de protección recaerá sobre unha zona de 100 metros medida terra a dentro dende o límite interior da ribeira do mar.
 - **Actuacións previstas.** Non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

2.12.- ANÁLISE DAS INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS

2.12.1.- INFRAESTRUTURAS VIARIAS

A estrutura viaria do concello de Outes atópase formada por tres estradas autonómicas, dez provinciais e un número importante de locais, pertencentes ó concello.

A estrutura destas estradas, abarcando as tres tipoloxías é ramificada, e da servizo de maneira bastante adecuada á meirande parte da poboación.

A estrada AC-550, principal comunicación do concello con toda a costa galega, atravesa o termo municipal pola costa e serve de principal vía de comunicación ás parroquias máis poboadas, así como ós principais núcleos urbanos, Serra de Outes, Cruceiro de Roo e Ribeira do Freixo. A próxima construción da vía de alta capacidade Brión-Noia, e a previsible conexión con Muros a través do concello, fará que as súas características varíen significativamente, e aínda que siga pertencendo á rede de interese xeral, se transforme máis

nun corredor urbano, de comunicación entre os distintos núcleos, que nunha estrada de desprazamentos intermunicipais.

Esta estrada ten unha continuación ata A Ponte Nafonso coa estrada vella antes de que se construíra a nova ponte sobre o río Tambre. Actualmente denomínase AC-196 e pertence á rede secundaria.

A rede autonómica complétase coa AC-400 que atravesa o termo municipal polo extremo norte sen constituír unha vía de especial relevancia para o desenvolvemento do concello.

A partir da AC-550, na zona de Serra de Outes, parten cara ó norte as estrada provinciais CP-6202, CP-3404, CP-4502 e CP-5604 que atravesan o concello de sur a norte e serven de comunicación principal de Outes cos concellos altos do interior e cos principais conxuntos de núcleos. A súa traza e características e algunha operación de melloras puntuais, fan que estas estradas se consideren suficientes para os desenvolvementos previstos sobre elas.

O resto da rede, provincial e municipal complementa esta rede principal, podéndose concluír que no concello de Outes non existen parroquias cunha comunicación viaria deficiente.

Extraído do inventario de estradas da Deputación obtéñense os seguintes datos:

CÓDIGO	LONXITUDE TRAMO	PLATAFORMA	CALZADA	TIPO FIRME
CP-3404	7,20 km	8,00 m	7,00 m	Tratamento superficial
CP-4502	4,28 km	7,50 m	6,50 m	MAF
CP-5305	2,40 km	5,00 m	4,00 m	Tratamento superficial
CP-5602	5,88 km	5,00 m	4,50 m	Tratamento superficial
CP-5604	8,61 km	7,00 m	6,50 m	MAF
CP-6201	0,90 km	4,00 m	4,00 m	Tratamento superficial
CP-6202	8,60 km	5,00 m	4,50 m	Tratamento superficial
CP-6203	3,20 km	5,00 m	4,50 m	Tratamento superficial
CP-6204	12,90 km	5,00 m	4,50 m	Tratamento superficial
CP-6205	0,60 km	5,00 m	4,50 m	Tratamento superficial

O resto das estradas son de titularidade municipal e teñen anchos, firmes e estados de conservación dispares, non podendo establecerse criterios de prioridade dalgunha delas.

2.12.2.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

2.12.2.1.- Abastecemento de auga

O concello de Outes, neste momento está traballando para acadar o abastecemento completo das parroquias máis poboadas do termo municipal. Así, xa se ten dotado de abastecemento a gran parte das parroquias de Outes, as dúas Entíns, Roo, Outeiro, O Freixo de Sabardes e Cando. Na parroquia de Outes, o abastecemento chega ós núcleos da Serra e Boel, en Entíns (Santo Ourente) ó de O Areal, en Entíns (Sta. María) ata Espiñeiro, en Roo, Outeiro e O Freixo de Sabardes, dende o núcleo de A Serra e A Xurisdición ata Cruceiro de Roo por Brión de Abaixo, A Central e Viro, Roo de Arriba e Abaixo, Lagoa, A Canteiriña, Bendimón, Catasueiro, Zarzón e dende Broña ata Albeida e As Camposas por Tavilo, Serantes, Barreiro e Vara. En O Freixo de Sabardes polo Freixo, Mosteiro, Vilariño, Piñeiro, Corga, Braño, Figueroa e Siavo. En Cando, A Ponte Nafonso, A Toxeira e A Corga. O conxunto destes núcleos abarca unha poboación total de 5.266 habitantes.

Non obstante, existen neste momento varios proxectos de maneira que unha vez rematados se acadará o abastecemento de practicamente o 100% do concello.

O sistema de abastecemento debido ás condicións topográficas baséase en varias captacións, as súas respectivas estacións de tratamento e uns depósitos que dan servizo suficiente para a poboación actual do concello. A capacidade dos depósitos é de 500 + 100 m³, suficientes para unha poboación total de 4.000 habitantes, motivo polo cal deberá ser prioritario dende o PXOM a previsións duns novos de depósitos de abastecementos que complementen o de Serra de Outes, de 100 m³.

Polo que respecta ós núcleos urbanos, a totalidade destes, e dicir, Serra de Outes, Cruceiro de Roo, A Ponte Nafonso e Riveira do Freixo, conta con servizo de abastecemento, totalmente executado e en funcionamento.

2.12.2.2.- Saneamento

O saneamento municipal debido a razóns evidentes de topografía non abarca a totalidade das parroquias, solucionando este servizo puntualmente nas zonas de maior densidade de poboación.

Na zona de Outes, o saneamento abarca os núcleos de Serra, Boel, Vista Alegre; en Entíns (Santo Ourente) dende a Poza ata O Areal, ó longo da estrada CP-4502, así como Fontenlos. Tamén contan con este servizo Entíns, Pazos, A Fonte, Coiradas, Travesía de Entíns, A Barreira e Ribadafonte, todos eles conxestionados a unha estación depuradora con vertido ó

río Tins na desembocadura deste. No núcleo urbano de Serra de Outes, a totalidade das rúas conta con este servizo.

Na zona de Roo e Outeiro contan con este servizo os núcleos de Cruceiro de Roo, Roo de Arriba e Abaixo, Lagoa, Canteiriña, Bendimón, Catasueiro, Zarzón, Albeida, Vara, Barreiro, Serantes, Camposas, Tavilo e Broña, cun bombeo que eleva as augas ata a estrada AC-550 dende a que, por gravidade, baixa ata a depuradora de Serra de Outes, pasando por A Central de Brión de Abaixo para recoller as augas de Brión de Arriba e Rates. A capacidade da depuradora considérase suficiente para as necesidades actuais da poboación e mesmo para crecementos moderados. A outra vertente da zona recolle as augas residuais de Catasueiro, Anceres, Siavo, A Corga, Piñeiro, Vilariño, Mosteiro e Ribeira do Freixo, cun bombeo neste último núcleo que ascende as augas tamén ata a estrada AC-550, para conectarse ó bombeo de Roo e de ahí, á depuradora de Serra de Outes.

Nos núcleos urbanos de Cruceiro de Roo e Riveira de Freixo, a totalidade das rúas conta con este servizo.

Como se pode apreciar, unha gran parte do termo municipal está conectada coa depuradora de Serra de Outes, que conta cunha capacidade de 584.000 m³/ano (10.000 habitantes). A poboación que conta con este servizo na actualidade ascende a 5.010 persoas, motivo polo cal non se observan especiais carencias neste servizo, podendo mesmo duplicarse a poboación en función da capacidade da depuradora.

Por último, na zona de Tarás e Cando contan con saneamento os núcleos de Riba de mar, Seilán, A Ponte Nafonso, Toxeira, Vilardigo e A Corga, Cando de Arriba e Abaixo, Filgueiro, Caraballido, Vilar, Pumar e Cuns, todos eles dirixidos a varias fosas, considerándose estas suficientes para a escasa poboación que sanean.

Existen trazados de menor importancia, todos eles vertendo a fosas en Vila do Monte, O Barco e Insua.

2.12.2.3.- Xestión de residuos sólidos urbanos

O concello de Outes conta con recollida selectiva que chega á case totalidade do termo municipal. Ademais conta cun punto limpo no lugar da Cepa, cunha superficie total de 2.797 m² que se considera suficiente para as necesidades do termo municipal.

A xestión dos residuos está concertada coa mancomunidade do Barbanza.

2.13.- ANÁLISE DOS ESPACIOS LIBRES E EQUIPAMENTOS EXISTENTES

Os equipamentos de Outes localízanse principalmente na capital municipal Serra de Outes (parroquia de Outes) e no núcleo de Cruceiro de Roo (parroquia de Roo), adquirindo en ambos casos un carácter municipal. Facendo unha análise no ámbito parroquial obtéñense os seguintes datos:

CANDO: nesta parroquia as dotacións concéntranse en A Ponte Nafonso e Cando, cun parque e a capela no primeiro e a antiga escola no segundo. En Cuns e Filgueiro existen sendas escolas unitarias. Existe un local social na Corga, outro en Filgueiro e un antigo teleclub en Cuns. O equipamento deportivo constitúeno unha pista deportiva en Cuns, outra na Corga e un campo de fútbol en Cando cerca de San Tirso.

ENTÍNS (Sta. María): o único equipamento destacable desta parroquia é o conxunto parroquial constituído pola igrexa, a reitoral e cemiterio.

ENTÍNS (Santo Ourente): a súa proximidade á capital municipal e as súas boas condicións a nivel de infraestruturas viarias favoreceron a creación de dotacións de servizos, que enriqueceron a calidade de vida desta parroquia e así no Vilar, en Banzás, no Piñeiro e no Lugar de Arriba temos sendas pistas polideportivas, en Canizo o cemiterio, en Cabanamoura e Quintela, a antiga escola unitaria, no Lugar de Arriba un local social, na seara o conxunto parroquial formado por igrexa e cemiterio e no curro unha capela. E tamén de destacar nesta parroquia a presenza do centro de Protección Civil no Areal e o punto limpo en A Cepa. Por último existe unha pista deportiva en Piñeiro.

O FREIXO DE SABARDES: nesta parroquia as dotacións atópanse moi repartidas. En Mosteiro, o campo de fútbol, en Piñeiro, o conxunto parroquial, en Ribeira, o conxunto portuario, e en Braño, a antiga escola unitaria. Mención aparte merecen a área recreativa no monte Tremuzo, de grande valor paisaxístico e o novo paseo que discorre pola costa entre Riveira do Freixo e a praia de Broña, ó que se vincula entre outro unha pista polideportiva. Tamén existe outra pista en Siavo.

MATASUEIRO: o único equipamento destacable desta parroquia é o conxunto parroquial constituído pola igrexa, a reitoral e cemiterio e unha pista polideportiva na Carreira, e a pista deportiva en Matasueiro.

OUTEIRO: desta parroquia o elemento máis destacable é o espazo libre e o paseo na praia de Broña. As dotacións complétanse cunha pista polideportiva en Serantes e o conxunto parroquial en Tornil xunto con outra pista deportiva.

OUTES: é en Serra de Outes onde se concentran a maioría dos equipamentos e servizos, fundamentalmente os de carácter xeral, pois é aquí onde se atopa a capital municipal. Así, aquí se atopan a Casa do Concello, o Xulgado, o Centro de saúde, o Centro de servizos sociais, o Centro de día, a Casa da cultura, a Escola-taller, o Cuartel da garda civil, un Colexio de Primaria e un Centro da E.S.O. Todo isto vese complementado cun pavillón polideportivo, un campo de fútbol e, moi próximo na zona de Boel, a piscina municipal. Dentro do conxunto de zonas verdes e espazos libres son de destacar a praza de Galicia, o parque do concello, o parque e a grande actuación que supón todo o acondicionamento do río Tins ó seu paso por Serra de Outes, en fase de execución neste momentos. Todo isto complementase con equipamentos e dotacións de carácter local repartidos polas distintos núcleos da parroquia. Así en Lantarou e Moledo atopamos a antiga escola unitaria, no Couto un espazo libre, no Vilar de Outes unha pista polideportiva, e en Outes o cemiterio.

ROO: os principais equipamentos e dotacións da parroquia concéntranse no núcleo urbano de Cruceiro de Roo, onde se atopan o centro escolar e o complexo polideportivo formado polo polideportivo cuberto e outras pistas exteriores. Esta dotación se complementa con outra de carácter claramente local constituída polo conxunto parroquial de igrexa e cemiterio localizado en Roo de Abaixo ou unha pista polideportiva en Bendimón.

TARÁS: o equipamento máis importante da parroquia de Tarás é o antigo hospital do CENGAS. Este complexo hospitalario localízase na zona de Seilán, próximo á nova ponte sobre o Tambre. O resto dos equipamentos son de carácter claramente local e están constituídos por unha escola unitaria e unha pista deportiva na Barreira e o conxunto parroquial en Sino.

VALADARES: é, xunto con Matasueiro, a parroquia situada máis ó norte e, ademais, a máis agrícola. Debido ó seu illamento con respecto as poboacións costeiras é unha das que maior déficit de equipamento ten en comparación co seu número de habitante e o acceso ós ubicados no resto do concello. Así so conta co conxunto parroquial e as antiga escola unitaria ubicadas en Valadares, Lestaio e Vila do Monte, un espazo libre en Pedrafita e dúas pistas polideportivas, unha en Vila do Monte e outra xunto á escola antiga escola unitaria.

De todo isto dedúcese que son os núcleos costeiros e que se atopan mellor comunicados os que aportan un maior número de servizos e dotacións, tanto a escala parroquial como municipal, onde a estrada AC-550 representa un papel importante.

EQUIPAMENTOS E ESPACIOS LIBRES EXISTENTES

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	SUPERFICIE (m ²)

SCL-01 (a)	Antiga escola	Cando (San Tirso)	Cando de Abaixo	610
SCL-01 (c)	Local social	Cando (San Tirso)	Filgueiro	563
DCL-01	Escola unitaria	Cando (San Tirso)	Cuns	1.744
RCL-01	Conxunto parroquial	Cando (San Tirso)	San Tirso	3.418
REL-01	Capela	Cando (San Tirso)	A Ponte Nafonso	158
DPL-01 (a)	Campo de fútbol	Cando (San Tirso)	Cando de Abaixo	4.186
DPL-01 (b)	Pista polideportiva	Cando (San Tirso)	A Corga	670
DPL-01 (c)	Pista Polideportiva	Cando (San Tirso)	Cuns	1.105
ZVX-4	Parque	Cando (San Tirso)	A Ponte Nafonso	3.856
RCL-02	Conxunto parroquial	Entíns (Sta. María)	Entíns	2.962
DPL-03 (a)	Pista polideportiva	Entíns (Santo Ourente)	O Vilar	2.557
DPL-03 (b)	Pista polideportiva	Entíns (Santo Ourente)	Vousacoba	1.463
DPL-03 (c)	Pista polideportiva	Entíns (Santo Ourente)	Banzás	1.131
DPL-03 (d)	Pista polideportiva	Entíns (Santo Ourente)	O Piñeiro	1.365
CEL-03	Cemiterio	Entíns (Santo Ourente)	Canizos	5.426
SCL-03 (a)	Antiga escola	Entíns (Santo Ourente)	Cabana Moura	1.067
SCL-03 (b)	Local social	Entíns (Santo Ourente)	Quintenla	559
SCX-3	Protección civil	Entíns (Santo Ourente)	O Areal	1.393
SRX-3	Punto limpo	Entíns (Santo Ourente)	O Brenzo-A Ceba	2.797
RCL-03	Conxunto parroquial	Entíns (Santo Ourente)	A Seara	2.565
REL-03 (a)	Capela	Entíns (Santo Ourente)	O Curro	1.173
REL-03 (b)	Capela	Entíns (Santo Ourente)	Lugar de Arriba	1.203
DCL-04	Escola unitaria	Freixo de Sabardes (San Xoán)	Braño	1.626
ELL-04	Espazo libre	Freixo de Sabardes (San Xoán)	Monte Tremuzo	10.577
DPL-04 (a)	Campo de fútbol	Freixo de Sabardes (San Xoán)	Mosteiro	7.106
DPL-04 (b)	Pista de tenis	Freixo de Sabardes (San Xoán)	Na costa	1.893
RCL-04	Conxunto parroquial	Freixo de Sabardes (San Xoán)	Piñeiro	859
SRX-02	Complexo portuario	Freixo de Sabardes (San Xoán)	Ribeira	13.131
REL-05	Ermida de San Paio	Matasueiro (San Lourenzo)	San Paio	1.077
DPL-05	Pista polideportiva	Matasueiro (San Lourenzo)	A Carreira	1.328
RCL-05	Conxunto parroquial	Matasueiro (San Lourenzo)	A Torre	1.350
ELX-3	Praia e paseo marítimo	Outeiro (San Cosme)	Broña	10.350
DPL-06 (a)	Pista de tenis	Outeiro (San Cosme)	Serantes	1.058
DPL-06 (b)	Pista polideportiva	Outeiro (San Cosme)	Tornil	1.161
RCL-06	Conxunto parroquial	Outeiro (San Cosme)	Tornil	5.751
ELX-4	Area recreativa	Outeiro (San Cosme)	Pta. Albar	3.465
SRX-4	Peirao	Outeiro (San Cosme)	A Barquiña	2.245

SCL-07(a)	Antiga escola	Outes (San Pedro)	Lantarou	663
SCL-07(b)	Centro sociocultural	Outes (San Pedro)	Moledo	937
REL-07 (a)	Igrexa	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	465
REL-07 (b)	Capela	Outes (San Pedro)	Mirás	138
CEL-07	Cemiterio	Outes (San Pedro)	Outes	5.073
ELL-07	Espazo libre	Outes (San Pedro)	O Couto	766
DPL-07	Pista polideportiva	Outes (San Pedro)	Vilar de Outes	2.012
RCL-07	Conxunto parroquial	Outes (San Pedro)	Outes	2.218
DPX-1	Complexo deportivo	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	12.975
DPX-3	Piscina	Outes (San Pedro)	Boel	5.437
DCX-1	Complexo educativo	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	11.212
DCX-2	Complexo educativo	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	12.162
SRX-1	E.D.A.R.	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	886
SRX-5	Porto do Conchido	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	3.240
SRX-6	Depósito	Outes (San Pedro)	Boel	284
ADX-1	Casa Consistorial	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	355
ADX-2	Cuartel Garda civil	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	1.380
SCX-1	Casa da cultura	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	1.605
SCX-2	Escola-taller	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	523
SAX-1	Centro de Servizos sociais	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	463
SAX-2	Centro de saúde	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	674
SAX-3	Centro de día	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	707
ELX-1	Praza de Galicia	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	2.018
ELX-2	Praza do Centro de saúde	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	2.541
ZVX-1	Parque (tras concello)	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	1.078
ZVX-2	Entorno río Tins	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	47.526
ZVX-3	Parque	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	1.870
RCL-08	Conxunto parroquial	Roo (San Xoan)	Roo de Abaixo	3.092
DPL-08	Pista polideportiva	Roo (San Xoan)	Bendimón	998
ELL-08	Parque	Roo (San Xoan)	Cruceiro de Roo	631
DCX-3	Complexo educativo	Roo (San Xoan)	Cruceiro de Roo	5.966
DPX-2	Complexo deportivo	Roo (San Xoan)	Cruceiro de Roo	10.881
SRX-7	Depósito	Roo (San Xoan)	Roo de Arriba	175
SAL-09	Antigo hospital CENGAS	Tarás (San Xián)	Seilán	31.083
DCL-09	Escola unitaria	Tarás (San Xián)	A Barreira	372
RCL-09	Conxunto parroquial	Tarás (San Xián)	O Sino	1.221
REL-09	Ermida	Tarás (San Xián)	O Sino	554
DPL-09	Pista deportiva	Tarás (San Xián)	Riba de mar	387

DCL-10	ADIBISMUR	Valadares (San Miguel)	As Touzas	9.886
DPL-10	Pista polideportiva	Valadares (San Miguel)	A Vila do Monte	1.590
RCL-10	Conxunto parroquial	Valadares (San Miguel)	Valadares	1.768
ELL-10	Espazo Libre	Valadares (San Miguel)	Pedrafita	258
SCL-10 (a)	Antiga escola	Valadares (San Miguel)	preto a Valadares	2.181
SCL-10 (b)	Antiga escola	Valadares (San Miguel)	Lestaio	1.180
SCL-10 (c)	Antiga escola	Valadares (San Miguel)	A Vila do Monte	591

CAPÍTULO 3- MEMORIA DE ORDENACIÓN

Recóllese neste capítulo, o estudo e análise das problemáticas e criterios establecidos no Avance do Plan, xunto coas suxestións presentadas ao mesmo, e a materialización do mesmo na proposta de planeamento que se contempla neste documento de Aprobación Inicial.

3.1.- TRAMITACIÓN E CONCLUSIÓN DO AVANCE DE PLANEAMENTO

3.1.1.- O AVANCE DE PLANEAMENTO

O Avance foi sometido a coñecemento do Pleno do Concello, o 28 de xuño de 2000, expoñéndose o documento ao público entre os meses de xullo, agosto e setembro do mesmo ano.

Durante o período de exposición pública unicamente foi presentada unha suxestión, referente á clasificación dos terreos situados no arredor do núcleo de Cruceiro de Roo. Esta suxestión referíase á posibilidade de urbanización destes, xa que se trata de terreos con fins agrícolas. Examinados estes termos, procedeuse a non tomar en consideración a suxestión indicada pois examinados novamente os terreos non foron detectadas especiais capacidades produtivas e si para o desenvolvemento de solo, mediante a urbanización destes e a conexión cos sistemas xerais lindeiros.

Por outra banda, foron varias as persoas ou entidades que se aproximaron á exposición do Avance có fin de chegar a acordos có Concello e plasmar estes nos correspondentes convenios urbanísticos, para desenvolver bolsas de solo como urbanizables. Pese a todo, por diversas circunstancias, non se chegou a materializar ningún nesta fase, o que non implica a inexistencia de iniciativas que posiblemente aínda estean a tempo de plasmarse a medida que avanza a tramitación do documento.

Ademais disto recibíuse, no período de exposición ao público, o informe da Dirección General de Costas, do Ministerio de Medio Ambiente. Tódalas indicacións nel reflectidas se plasmarán no documento de Aprobación Inicial. Segundo o mencionado informe, o deslinde reflíctese coa suficiente precisión para a escala de que se trata, e indícase a súa corrección puntual no núcleo de Outes. Apúntase ademais que se deberá modificar a ordenanza para facela compatible co indicado na Lei de Costas.

3.1.2.- PROBLEMÁTICA DETECTADA, OBXECTIVOS E CRITERIOS DO PLAN XERAL DE ACORDO CO AVANCE DE PLANEAMENTO

Nos apartados anteriores desta memoria (epígrafes 2.1. a 2.13), analizouse meticulosamente a problemática dos distintos aspectos a contemplar no Plan Xeral, de acordo co exposto no Avance e o traballo de campo realizado dende entón, así coma os criterios e posibles solucións que se propón para cada aspecto, e que máis adiante desenvolveranse dentro da xustificación da ordenación proposta.

3.1.3.- O MODELO DE ASENTAMENTO PROPOSTO E A ESTRUTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO

O que debe entenderse como estrutura xeral e orgánica do termo municipal, recóllese nos artigos 53.1.e) da LOUPMRG e 19.b e 25 do RP, que de modo sintético refiren que estará *“integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, e particular, polos sistemas xerais de comunicacións e as súas zonas de protección, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos”*.

A estrutura proposta, que desenvolve este documento de aprobación inicial, parte do criterio aprobado no avance de MANTER A MORFOLOXÍA EXISTENTE NO TERMO MUNICIPAL, concentrando a vivenda colectiva no núcleo de Serra de Outes e en Riveira do Freixo, e especializando o resto dos núcleos urbanos e rurais existentes, en tipoloxía de vivenda unifamiliar, posibilitándose pola aplicación das técnicas de reparto de beneficios e cargas previstas na lexislación vixente a obtención do solo necesario para dotar aos núcleos dos espazos libres e equipamentos de que son deficitarios.

Este criterio, desenvólvese mediante a asignación de usos globais que se efectúa neste documento. Así, planifícase a vivenda colectiva nos núcleos antes mencionados, con especialización das distintas tipoloxías nas correspondentes zonas, intentando eliminar as tipoloxías non axeitadas có medio coma a vivenda unifamiliar en zonas de vivenda colectiva ou certos usos industriais, toda vez que tamén se planifica a reserva de solo para la posíbel colocación dun futuro polígono industrial, o cal posibilitará a recolocación destas actividades dunha maneira ordenada e cós servizos necesarios.

No documento de estudo do medio rural do modelo de asentamento poboacional así como nos planos de ordenación pormenorizada recóllese o tratamento da vivenda unifamiliar nestes núcleos, e no plano xeral de clasificación do solo, clasifícase e protexe axeitadamente

o solo rústico que por diversas características debe someterse a algún réxime de preservación.

O resto do solo rústico del termo municipal, en función das súas posibilidades reais de integrarse no desenvolvemento urbanístico, e das súas posibilidades de conexión cós sistemas xerais propostos, clasifícase coma urbanizable, e cuxas condicións de desenvolvemento quedan especificadas máis adiante.

En base á problemática detectada de conxestión tanto edificatoria como viaria no núcleo urbano de Serra plantéxase dende o presente planeamento o desdoblamento viario de maneira que se presenten alternativas ao único punto de cruce do río Tins ao seu paso pola capital municipal, pois neste momento constitúe unha auténtica barreira que separa a vila en dous. Esta alternativa plantéxase sempre en base a áreas de xestión de solo urbano có cal a accesibilidade dos crecementos previstos atópase resgardada. Estas propostas complementaríanse coa construción do novo ramal da AC-550 neste momento en fase de execución, para a cal plantéxanse dúas alternativas de cruce da ría.

Polo que respecta aos outros tres solos urbanos, non se observan especiais problemas derivados do sistema viario, máis aló dos xerados pola súa colocación apoiados na estrada AC-550. Neste punto será fundamental o contemplar un correcto posicionamento da edificación nestas travesías urbanas, controlando a tal efecto o trazado de aliñacións naqueles tramos vacantes de edificación.

Como rede xeral viaria, que estrutura o termo municipal, ademais das indicadas, dispónse das actuais estradas seguintes:

Estradas Autonómicas

- Estrada AC-550 percorrendo todo o borde litoral do termo municipal unindo núcleos e parroquias dende A Ponte Nafonso a Riveira de Freixo.
- Estrada AC-400, atravesando a zona noroeste do concello, serve de principal comunicación cós municipios limítrofes ás parroquias da zona, en concreto a Valadares.
- Estrada AC-196: antigo ramal da estrada AC-550 que atravesa o núcleo de A Ponte Nafonso e que pertence á rede secundaria.

Estradas Provinciais

- Estrada CP-3404, de Serra de Outes a Dumbría, constitúe a principal comunicación da zona sur do concello cós limítrofes nesta zona. Discorre pola ladeira oeste do val do Tins e se complementa coa CP-4502 que fai o propio pola ladeira leste.
- Estrada CP-4502 de Braña do Cotro a Chacín, indicada no parágrafo anterior percorre a ladeira leste do val do río Tins.
- Estrada CP-5604, de Outes a Pereiriña por Pesadoira, comunicación da capital municipal coa chaira do Xallas, Santa Comba e outros concellos.
- Estrada CP-5602 de Negreira a A Ponte Nafonso, constitúe a principal comunicación entre o municipio e o limítrofe de Negreira.
- Estrada CP-5305, de Esteiro a Lestelle, comunicación dos núcleos da parte noroeste del termo municipal có concello limítrofe de Muros.
- Estradas CP-6201, CP-6202, CP-6203, CP-6203 e CP-6205, estradas interiores de comunicación de distintos núcleos que xunto coas estradas municipais axudan a vertebrar as comunicacións entre os distintos asentamentos uniformemente repartidos polo municipio.

A estas estradas principais hai que engadir unha tupida rede de estradas municipais que parten das xa citadas e unen as distintas parroquias entre si e os distintos núcleos de poboación, ademais de todas as realizadas para a concentración parcelaria.

Polo que respecta ás infraestruturas de servizos urbanísticos habería que aclarar que nestes momentos dos datos que figuran no presente PXOM a auga é insuficiente para a demanda actual. Á vista disto o PXOM contempla a ampliación dos depósitos existentes no entorno da Serra, con cargo ó desenvolvemento do solo urbanizable. Esta ampliación será dende os 100 m³ actuais ata os 500 m³ que se considerarían necesarios en base á demanda prevista no completo desenvolvemento do PXOM.

No tocante á depuración habería que indicar que tendo en conta o dimensionamento da actual EDAR para unha poboación superior a 10.000 habitantes fai que, en base ás expectativas de crecemento do PXOM, non se considere necesaria a ampliación deste sistema xeral.

No plano C-00 de Estrutura Xeral e Orgánica do Territorio, reflíctese o trazado de tódalas vías sobre as que se soporta o crecemento previsto do termo municipal, quedando patente, a solución da problemática existente ao día de hoxe e a posibilidade de efectuar o desenvolvemento proposto neste documento.

Este documento de planeamento, en canto ao SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES, pretende dar cumprimento aos estándares resinados na LOUPMRG. Así, preténdese ampliar as zonas verdes existentes no Solo urbano de Serra de Outes, completando a urbanización dos bordes fluviais do río Tins e das áreas recreativas asociadas a este, mellorar as zonas libres da praia de Broña, potenciar o paseo de A Ponte Nafonso, xerar un gran espazo libre no interior das mazás de Riveira do Freixo, e dotar aos outros dous solos urbanos de sendas zonas verdes para o gozo dos habitantes destes e dos das parroquias que os circundan. Así mesmo, nas inmediacións e dentro dos núcleos rurais dispóñense zonas verdes con dimensión suficiente para a poboación que serven, sendo consideradas de carácter local, aínda que na súa maioría de utilidade pública.

En canto a equipamentos deportivos e de ocio, actualmente, practicamente se dispón dun campo de fútbol, unha área de xogos ou un parque infantil por parroquia, ademais do grande conxunto existente en Serra de Outes formado por campo de fútbol, polideportivo e piscinas municipais. O Plan, prevé a creación de solo de equipamentos para este uso no núcleo urbano de Serra de Outes.

Os equipamentos escolares, sanitarios, administrativos, etc. están distribuídos por todo o termo municipal. En previsión de reforzar os existentes, e acoller outros novos, na ordenación pormenorizada, sitúanse parcelas para estas fins, dentro das distintas áreas de xestión que se contemplan.

3.2.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

3.2.1.- CRITERIOS DE CARACTER XERAL APLICADOS

A redacción do PXOM do Concello de Outes parte co propósito de adaptar a ordenación urbanística á lexislación vixente, e o de acometer unha nova política urbanística tendente a perfeccionar o modelo territorial existente mediante a introdución dos sistemas de xestión e actuación que o novo marco legal nesta materia posibilitou, evitando que o proceso urbanizador xere desequilibrios, e polo contrario, poida ser utilizado para mellorar a realidade física existente e o nivel de equipamentos e servizos.

A inexistencia dun Plan Director Comarcal, que defina as directrices xerais de estruturación do territorio, obriga a efectuar unha análise das necesidades e posibles demandas de solo para efectuar a ordenación xeral.

Tendentes á consecución destes fins plantéxanse os seguintes obxectivos e criterios de carácter xeral:

A) Reestruturación funcional do tecido urbano:

- A.1) Equilibrio urbanístico entre diferentes áreas do municipio.
- A.2) Impedir a invasión indiscriminada do territorio.
- A.3) Completar a trama urbana dos núcleos existentes, mellorando a súa funcionalidade.
- A.4) Prever o enlace dos novos crecementos cos núcleos rurais circundantes

B) Consideración da importancia do medio rural:

- B.1) Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
- B.2) Conservar a parroquia como institución básica de convivencia rural.
- B.3) Potenciar as actividades agropecuarias e forestais.
- B.4) Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
- B.5) Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.

C) Conservación ambiental:

- C.1) Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados (acuíferos, cursos fluviais, masas forestais, etc.).
- C.2) Conservación e recuperación do patrimonio arquitectónico, cultural e medioambiental. O estudio pormenorizado establece este obxectivo en relación co patrimonio arquitectónico e cultural.
- C.3) Conseguir para uso público, áreas de interese que pasen a constituír o sistema xeral de espazos libres do termo municipal.
- C.4) Recoñecer e potenciar aquelas áreas con alto valor ecolóxico, incluídas ou non en inventarios de espazos naturais.
- C.5) Ordenar as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de produtos vinculados ó sector primario.

D) Dotación de elementos comunitarios:

D.1) Equilibrio dos aproveitamentos lucrativos e os usos comunitarios a establecer nos solos intersticiais vacantes situados dentro da trama urbana.

D.2) Mellora das actuacións infraestruturais que supoñen unha recuperación da calidade de vida (saneamento, viario e rede xeral de comunicacións).

E) Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do municipio, conservando cada unha das súas particularidades.

E.1) Respecto á distribución descentralizada e xerárquica da poboación no municipio.

E.2) Defensa do equilibrio intersectorial existente.

E.3) Fomento, de acordo coa LOUPMRG, da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.

3.2.2.- CRITERIOS SECTORIAIS

A formulación e realización do Plan Xeral de Ordenación municipal para o municipio de Outes ten unha orientación destinada a obter un modelo de utilización do solo a longo prazo, urbanisticamente equilibrado e de desenvolvemento sostible, que consiga as mellores condicións e calidade de vida para os seus habitantes.

A formulación do Plan Xeral preparará ao municipio para resolver os actuais problemas de carácter estrutural que presenta en razón da disgregación do medio construído, tanto urbano como rural e a invasión indiscriminada do ámbito agrario circundante, e o esgotamento da capacidade dalgunhas infraestruturas e sistemas xerais existentes na actualidade, sendo capaz de prever un crecemento continuado e sostido nos próximos anos, encauzando debidamente certos fenómenos de segunda residencia que nestes momentos comezan a desenvolverse.

Apoiándose na mencionada estrutura xeral, recoñece a existencia de catro núcleos urbanos, nos que a día de hoxe se concentra a principal consolidación edificatoria e existencia de servizos, a existencia dun armazón de núcleos máis miúdo cuxa organización principal é a parroquia, así como os solos urbanizables e rústicos tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

O Plan Xeral plantéxase coma obxectivo favorecer o desenvolvemento cualitativo de Outes e ser eminentemente realista. Capaz de ser levado á práctica, permitindo conseguir a materialización das determinacións de planeamento que se fixan, nos prazos que se

determinan. Un Plan Xeral no que o equilibrio entre as propostas de planeamento, as de xestión urbanística e a capacidade da Administración actuante, sexa notoria e patente.

Como desenvolvemento deste obxectivo xeral, considérase, asemade, obxectivo básico para o conxunto do termo municipal coñecer a vocación fundamental de cada parte do seu solo, a fin de recuperar e desenvolver positivamente os recursos do medio físico, as actividades agrarias, industriais e comerciais, desenvolver as comunicacións e os servizos comunitarios e favorecer o máximo rendemento posíbel mediante as determinacións de planeamento que ao solo se lle asignen.

Para iso, e en directa relación cós problemas urbanísticos detectados, defínense de seguido o sistema de obxectivos urbanísticos sectoriais que a redacción do Plan Xeral persegue.

3.2.2.1.- Criterios en orde a acadar o acabado e mellora do modelo e medio urbano existente

O obxectivo fundamental, no actual solo urbano do municipio de Serra de Outes, é o de completar a súa ordenación, facendo fronte á situación actual, que demanda completar aquela mediante determinacións directas de ordenación e posterior execución. O solo urbano clasificado como tal, deriva da aplicación das condicións obxectivas establecidas no artigo 11 da LOUPMRG, en función da información urbanística sobre servizos existentes, así coma dos antecedentes de planeamento coa clasificación do solo urbano.

O solo do núcleo urbano principal do termo municipal, analízase có máximo detalle posible para coñecer a realidade do tecido urbano existente en relación cós obxectivos básicos comentados, a fin de que as medidas propostas sexan factíbeis de levar á práctica, fuxindo polo tanto, de propostas xeralistas, fáciles de formular pero claramente afastadas dun necesario e eficaz pragmatismo.

No resto dos núcleos urbanos efectúase un recoñecemento da realidade existente e a súa adaptación ás determinacións do planeamento que se substitúe, procurando proporcionar unha ordenación equilibrada entre crecemento e espazos libres e equipamentos.

En resumo, no solo urbano, realízanse as seguintes actuacións:

- A) Redacción dunhas novas Normas Urbanísticas que no solo urbano teñen carácter de Ordenanzas da edificación, de forma que se sistematizan, simplifícase a súa aplicación práctica, e fan máis alcanzables o seu entendemento aos cidadáns e corrixen e obxectivan ambigüidades existentes.

B) Conservación e respecto, en xeral, das aliñacións e alturas vixentes, completando aqueles preceptos normativos que se consideran deficitarios e corrixindo disfuncións detectadas na súa aplicación práctica.

C) Diminución dos déficits de dotacións, equipamentos e espazos libres existentes nas zonas de rápido crecemento.

O logro dun equilibrio entre a dimensión dos núcleos urbanos e as súas dotacións e equipamentos, é un dos obxectivos fundamentais do Plan Xeral. Asemade, a obtención do solo necesario para a ampliación das dotacións existentes, e implantación doutras novas, mediante el establecemento dos instrumentos de equidistribución axeitados para os actuais propietarios do solo, permite absorber as necesidades da poboación á que serven nas zonas polo xeral máis altamente densificadas. Inclúense, para a súa obtención, en Areas de Reparto de solo urbano non consolidado.

Neste aspecto, o Concello deberá comprometer o seu esforzo nos próximos anos de desenvolvemento do Plan, mediante a aplicación directa de parte dos seus recursos e a estimulación e o logro de acordos cós propietarios de solo, que, á súa vez, deberán afrontar con pleno rigor a consecución da culminación do proceso de desenvolvemento urbanístico.

Isto contribuirá paralelamente á posta en valor dos recentes crecementos, e daqueles elementos e zonas infravaloradas ata a data por carencia duns instrumentos de xestión axeitados.

D) Delimitación das Áreas de Reparto e cálculo dos seus aproveitamentos tipo conforme establece a LOUPMRG.

E) Protección dos elementos de patrimonio arquitectónico existentes.

3.2.2.2.- Criterios específicos nos núcleos rurais

O obxectivo fundamental, no actual solo de núcleo rural do municipio de Outes, é o de completar a súa ordenación, facendo fronte á situación actual, que demanda completar aquela mediante determinacións directas de ordenación e posterior execución. O solo de núcleo rural clasificado como tal deriva da aplicación das condicións obxectivas establecidas no artigo 13 da LOUPMRG, así como das condicións establecidas no modelo de asentamento poboacional e no estudio do medio rural.

En resumo, no solo de núcleo rural, realízanse as seguintes actuacións:

A) Redacción dunhas novas Normas Urbanísticas de forma que se sistematizan, simplifícase a súa aplicación práctica, faise máis alcanzable o seu entendemento ós cidadáns e corríxense e obxectivan ambigüidades existentes.

B) Conservación e respecto, en xeral, das edificacións existentes procurando en cada caso englobalas, na medida do posible, dentro da delimitación dos núcleos rurais proposta.

C) Diminución dos déficits de dotacións, equipamentos e espazos libres existentes no conxunto do termo municipal e na periferia dos núcleos rurais de primeira orde.

D) Protección dos elementos de patrimonio arquitectónico ou de elementos arqueolóxicos existentes ou de novos achados.

3.2.2.3.- Criterios específicos nas áreas para novos asentamentos

Comprenden estas áreas, o solo clasificado como urbanizable, estando regulada a súa clasificación polos artigos 14, 21 e 22 da LOUPMRG, que estipula que *“constituirán o solo urbanizable os terreos que non teñan a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos na lei”*.

Neste documento sinálanse as áreas de solo aptas para a súa incorporación ó proceso de desenvolvemento urbanístico como solo urbanizable, en atención á utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento sostible, e aqueles outros que polo seu valor agrícola, forestal, gandeiro ou polas súas riquezas naturais deben ser preservadas.

Acorde coa mencionada lexislación o Plan Xeral contempla dúas situacións perfectamente diferenciadas: por un lado, o solo clasificado como urbanizable delimitado ou inmediato, correspondente a solos que teñan comprometidos prazos de execución e condicións de transformación; e por outro, o solo urbanizable non delimitado para o que o Plan define as condicións xerais para a delimitación de sectores, desenvolvemento dos mesmos e usos globais.

Para o solo que se clasifica como urbanizable delimitado o Plan Xeral plantexa os seguintes obxectivos:

- Incluir e definir nas Áreas de Reparto, a parte do solo urbanizable que poida ser necesaria para acadar os obxectivos plantexados no Plan Xeral, adscribindo ás

mesmas os solos de sistemas xerais que se consideran necesarios, a efectos da súa obtención a través da aplicación do instrumento do aproveitamento tipo e cesión obrigatoria.

- Prever un tratamento adecuado das áreas para novos asentamentos residenciais, dirixindo suficientemente o deseño previo da futura ordenación no propio Plan Xeral, a fin de garantir a súa inserción na estrutura urbana existente.
- Delimitar as Áreas de Reparto e calcular os seus aproveitamentos tipo no solo urbanizable.

Para dirixir o posible desenvolvemento das actuacións no solo urbanizable non delimitado, establécense os seguintes criterios e obxectivos:

- Establecer as condicións para delimitación de sectores, de modo que estes constitúan unidades xeográficas e urbanísticas continuas que permitan un desenvolvemento adecuado en plans de sectorización.
- Establecer a dimensión mínima dos sectores, garantindo coa mesma que se permita a reserva de dotacións derivada da lexislación urbanística.
- Establecer as condicións de enlace dos novos sectores cos Sistemas Xerais do termo municipal, a efectos de garantir o correcto funcionamento e comunicacións dos asentamentos.
- Establecer as limitacións e restricións sobre intensidades de usos, usos globais e tipoloxías edificatorias, nas distintas zonas do termo municipal, buscando salvaguardar o carácter e a vocación de cada unha delas, e evitando tensións e interferencias que puidesen derivarse da introdución en partes do territorio de novos usos ou tipoloxías.

3.2.2.4.- Criterios específicos para o solo rústico

O obxectivo xeral que o Plan se plantexa para esta clase de solo é a revisión da delimitación daquelas áreas que deben ser obxecto de especial protección fronte ó proceso de urbanización e edificación, en función de que así o demanden as circunstancias intrínsecas naturais ou porque así o requiren os seus actuais usos, a lexislación sectorial ou en razón dos seus valores paisaxísticos, históricos, arqueolóxicos, científicos, ambientais, culturais ou outras de similar natureza, segundo establece o artigo 15 da LOUPMRG.

Este obxectivo traducirase directamente na protección das áreas de interese medioambiental ou bioecolóxico ou polo seu interese ou capacidade agrícola, gandeira ou forestal, consideradas na información urbanística que realmente teñan este valor.

Como segundo obxectivo neste tipo de solo, o Plan contempla as condicións das edificacións permitidas no mesmo de acordo co sinalado nos artigos 36 a 40 da LOUPMRG.

3.2.2.5.- Obxectivos e criterios socioeconómicos

A situación actual de semiestancamento do termo municipal, fai necesario que o novo Plan, contemple medidas tendentes a fomentar a implantación de actividades produtivas municipais, sobre todo, en ausencia dun Plan Comarcal que garanta o equilibrio de usos nun ámbito superior ao municipal, e do que hoxe se carece.

As xestións con diversos operadores de solo e propietarios do mesmo durante a redacción e vixencia do Plan, orientaranse a conseguir os seguintes obxectivos:

- A) Creación do solo industrial e terciario, que permita unha maior presenza de actividades industriais e de servizos no municipio, quedando prevista a posibilidade de desenvolver solo industrial dentro do solo urbanizable que se delimita.
- B) Mellora e modernización das explotacións agrícolas e gandeiras, establecéndose a protección agrícola do solo destinado a esta fin.
- C) Melloras das infraestruturas de transporte e comunicacións que discorren polo municipio e presentan unha importante sobreesaturación na súa capacidade, con novos trazados, que sen dúbida algunha, estimularán o tecido empresarial local e fomentarán a localización de áreas industriais inmediatas aos mesmos.
- D) Potenciación dos valores ambientais e paisaxísticos do termo municipal, como xeradores dunha industria de ocio e recreo.

3.2.2.6.- Obxectivos e criterios en orde a resolver problemas estruturais

Contéplanse neste apartado as necesidades a cubrir de novos sistemas xerais que completen a estrutura urbana e eliminen as disfuncionalidades observadas no momento actual.

Así, fundamentalmente, prevese a corrección das deficiencias observadas nas infraestruturas de transporte e comunicacións expostas no catálogo de problemas mediante:

- Difusión e dotación de accesibilidade a todo o territorio, de maneira que ningunha parte do mesmo quede marxinada ou disgregada, e á vez, se evite a interferencia funcional có núcleo urbano existente, mediante as melloras da actual rede con trazados de variantes, que eviten o estrangulamento do tránsito ao atravesar o núcleo urbano.
- Establecemento das conexións necesarias entre a rede viaria municipal e o sistema viario metropolitano e comarcal.
- Definición das medidas correctoras de detalle baseadas na enxeñería de tránsito, no núcleo urbano existente, que sexan consideradas necesarias para resolver problemas puntuais existentes na rede de comunicacións.
- Melloras da rede interior de intercomunicación entre os diversos núcleos, mediante un estudio pormenorizado do seu trazado que elimine os problemas puntuais de ordenación existentes ao longo da mesma.

3.2.2.7.- Consecución do sistema xeral de espazos libres

É vontade municipal que o Plan Xeral de Ordenación imponha coma obxectivo dotar ao planeamento dos mecanismos de xestión que fagan posíbel a obtención de solos de interese paisaxístico, naturalístico e forestal da forma máis inmediata no tempo, a fin de obter o solo necesario e os recursos para a súa execución, mediante a súa inclusión nas áreas de reparto.

Neste senso, preténdese completar e garantir a reserva de solo no medio fluvial do río Tins, no núcleo urbano de Serra, que posibilita a súa ampliación e transformación no lugar de reunión e paseo de todo o núcleo urbano, xunto coa implantación nas súas proximidades das dotacións e equipamentos públicos que sexan necesarios. Na praia de Broña preténdese a clasificación de solo que posibilite a rehabilitación do medio a través da creación dun paseo para fomentar as actividades vinculadas ao turismo e as actividades estivais. En Riveira do Freixo preténdese desconxestionar o centro urbano que medrou precipitadamente nos últimos anos, vinculado fundamentalmente á segunda residencia e á creación do porto deportivo, creando unha gran zona verde no seu interior, toda vez que os terreos costeiros pertencen á autoridade portuaria.

3.2.2.8.- O tratamento dos equipamentos que constitúen o sistema xeral

O concello de Outes necesita a regulación dalgúns aspectos dos seus equipamentos, fundamentalmente efectuar a reserva de solo que posibilite a súa ampliación e adecuación segundo as necesidades da poboación, a fin de impedir a falta ou carencia destes, ou nalgúns casos, a nova implantación dos mesmos.

Unha vez analizados os diversos equipamentos, deducíronse os seguintes obxectivos, criterios e actuacións.

3.2.2.8.1.- Equipamento docente

O coidado e mellora da dotación docente considérase fundamental como fórmula de melloras da preparación dos habitantes máis novos do municipio, o que lles permitirá acceder a traballos máis cualificados.

A ausencia de competencias municipais, na planificación da rede de centros, obriga a que no Plan, por parte do concello, unicamente sexa posible efectuar as reservas de solo para a súa implantación no caso de que pola Administración competente decida a súa realización.

Prevese como punto destacado deste apartado a necesidade de creación dunha gardería municipal, para a cal dende o planeamento se deixa prevista a obtención do solo preciso.

3.2.2.8.2.- Equipamento sanitario

Non se observaron problemas funcionais na rede existente de equipamentos nesta materia. Ademais, a relativa proximidade aos equipamentos rexionais existentes na cidade de Santiago, cunhas dimensións que actualmente satisfai á máis optimista das proxeccións demográficas, garante o correcto funcionamento nesta materia.

Non obstante, o crecemento da poboación no núcleo urbano de A Serra, de se manter, obrigará a potenciar o centro de Atención Primaria existente, o que se pretende solucionar dentro das previsións de solo dotacional.

En tempos recentes funcionou no termo municipal o hospital do CENGAS, a día de hoxe pechado, pero no que se están estudando localizar novos usos de carácter asistencial.

3.2.2.8.3.- Equipamento asistencial

A actual composición da pirámide de poboación obriga á previsión de dotacións para a terceira idade as cales deberán resolverse en breve, debido ás carencias que nesta materia conta el concello.

Neste senso debería plantexarse dende o propio planeamento a previsión de cesións de solo nalgún dos polígonos de xestión de solo urbano para a colocación dunha residencia de anciáns que dea servizo á poboación municipal da terceira idade.

As instalacións do antigo hospital do CENGAS ben poderían contribuir a paliar este déficit.

3.2.2.8.4.- Equipamento sociocultural.

O Centro sociocultural de Serra de Outes, así coma a nova Casa da cultura e os edificios da Escola-taller considéranse suficientes a día de hoxe para as previsións da poboación actual e da prevista non sendo necesario prever unha maior dotación na capital municipal para este tipo de equipamentos.

Este sistema de equipamentos complétase coa ampla rede de centros socioculturais repartidos polas diferentes parroquias, varios deles ben dotados e cun grao elevado de actividade, e que dan servizo á totalidade do termo municipal, non sendo necesario prever máis aló dos existentes.

3.2.2.8.5.- Equipamento deportivo

No referente a instalacións deportivas, a existencia das mesmas en practicamente a totalidade das parroquias do termo municipal, e as áreas deportivas executadas no entorno da escola có campo de fútbol e o polideportivo, permite afirmar que as existentes constitúen unha reserva suficiente para as previsións de poboación. Non obstante, o Plan prevé a reserva de solo necesario, para completar as instalacións existentes.

3.2.2.8.6.- Equipamento relixioso

O número e distribución de centros parroquiais dentro do termo municipal, considérase axeitado ás necesidades. Non obstante, atendendo ao novo concepto de centro parroquial

que debe contemplar a colocación de instalacións máis aló do propio templo de culto, se ben a reserva de solo na colocación dos existentes é axeitada, na normativa regúlase a maneira de executar centros parroquiais de carácter social nas inmediacións dos centros de culto.

3.2.2.8.7.- Cemiterios

Se o modelo de cemiterio que se quere no municipio de Outes é o parroquial, semella suficiente o número deles existente, facendo as ampliacións necesarias nos que teñen esgotado o solo.

3.2.2.9.- Obxectivos, criterios e actuacións dirixidas a resolver os problemas existentes nos servizos urbanos básicos e medio ambiente

Os obxectivos e criterios que nesta materia, o novo Plan fixa son os seguintes:

- Débese controlar a calidade das augas mediante a xeneralización do subministro municipal a tódolos núcleos.
- Ampliación e renovación programada da rede de colectores e sistema de depuración existente, a fin de conseguir o 100% de depuración de vertidos.

Asemade, débese proceder á eliminación dos vertidos incontrolados de residuos sólidos e escombros.

A posta en marcha do Plan da mancomunidade do Barbanza, ó que se adscribiu o concello de Outes, permitiu o selado dos vertedoiros de residuos sólidos que se empregaron durante os últimos anos, que deberá garantirse mediante a elaboración dos proxectos correspondentes.

A construción do punto limpo no lugar de A Cepa contribuirá á solución deste problema.

3.2.2.10.- Accións tendentes á actualización da normativa urbanística

Como xa se comentou, un dos obxectivos primordiais do Plan Xeral, é a adecuación da normativa urbanística e do planeamento do termo municipal á lexislación vixente, e polo tanto á actualización da normativa, que é primordial para o logro de dito obxectivo.

3.2.2.10.1.- Marco legal

O marco legal ó que se adecúa a redacción do Plan Xeral está definido a nivel Estatal pola *Lei 8/2007, de 28 de mayo, del Suelo*, e a nivel autonómico, pola *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia* e as súas posteriores modificacións. A primeira delas, no seu artigo 2, establece a función social que a propiedade do solo debe cumprir, e subordina a súa utilización ó principio de desenvolvemento sostible e ó uso racional dos recursos naturais.

A lexislación autonómica, materializada na LOUPMRG, establece no Título II de Planeamento Urbanístico, Capítulo I, sobre clases de instrumentos de ordenación, Sección 3ª, o contido dos plans xerais de ordenación municipal, sinalando claramente as determinacións que debe conter debendo estas *“ser congruentes cos fins que neles se determinen e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto de ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.”*

As determinacións tanto xerais como particulares para cada tipo de solo regúlanse nos artigos 56 a 60 da mencionada lexislación.

3.2.2.10.2.- Sistema normativo

A normativa do Plan Xeral, parte da contemplada nas vixentes Normas, modificándoa e mellorándoa nas carencias que manifestou, e có fin de evitar calquera tipo de interpretación subxectiva das súas determinacións, permite a consecución dos seguintes obxectivos:

- A) Adaptación ao marco legal. Xa se xustificou axeitadamente a necesidade e obrigatoriedade de realizar este axuste normativo.
- B) Adaptación da Normativa a novas circunstancias e condicionantes. A nova normativa urbanística recolle a regulación de usos que non contempla a actual, ben por omisión ou por tratarse de novos conceptos de utilización ou produción, así coma a adaptación ás novas tecnoloxías.
- C) Adaptación a normas específicas. Recóllense tamén aquelas Normas Específicas de carácter xeral e obrigado cumprimento que son de aplicación á edificación tales coma as que fan referencia á supresión de barreiras arquitectónicas, protección contra

incendios, acústica, comunicacións interiores, recollida e tratamento de residuos sólidos ou contaminantes, etc., que ata o momento, non estaban incluídas na Normativa ou nas ordenanzas municipais ou noutros tipos de normativas, facilitando así a súa localización e posterior cumprimento e esixencia.

- D) Adaptación ás esixencias medio ambientais. Establécense por normativa as medidas preventivas do posíbel impacto ambiental previas á elaboración do planeamento, chegando incluso á definición de normas específicas de protección ambiental nos sectores de solo rústico e urbanizable que así o requiren.
- E) Elaboración dunha normativa de usos. Inclúense os usos que non contempla a normativa actual, cuxa implantación resultou difícil pola súa falla de regulación.
- F) Reaxuste das ordenanzas. Contémplase a modificación daquelas ordenanzas, cuxa posta en práctica foi dificultosa sentando claramente os criterios axeitados para a súa correcta interpretación, e nalgúns casos, limitando as facultades dos propietarios do solo sobre a posición da edificación sobre as parcelas.

O obxectivo destes axustes e adaptacións é a clarificación da Normativa, de acordo coa experiencia adquirida, para facela máis alcanzable a tódolos axentes intervenientes e aos encargados do seu control.

3.2.3.- MODELO DE XESTIÓN URBANÍSTICA PROPOSTO

Os criterios que se deben seguir para lograr os obxectivos e desenvolver os criterios propostos soen definirse ao longo do proceso de formulación das determinacións do Plan e no caso do Concello de Outes, preténdese, que sexa o máis consensuado posíbel cós propietarios do solo, administracións públicas e operadores urbanísticos a fin de permitir unha rápida materialización das previsións.

A política urbanística municipal diríxese cara a consecución dun Plan Xeral no que:

- a) A Corporación municipal dirixe e controla a evolución urbanística do municipio, encamiñando as iniciativas privadas que incidan no desenvolvemento urbano.
- b) A política urbanística do Concello, da cal o Plan é un instrumento operativo, diríxese a garantir o nivel axeitado de dotacións, equipamentos e infraestruturas para tódolos sectores da poboación, a fluidez no mercado inmobiliario, evitando retencións especulativas, e o dereito dos cidadáns aos espazos, ambientes, infraestruturas, etc.,

necesarios para o mellor desenvolvemento das esferas de actividade que enmarcan a súa vida.

- c) A clasificación do solo como urbano límitase á constatación da súa situación de feito como tal. O solo rústico protexido está constituído por aquel que debe preservarse da urbanización polas súas peculiares características ou condicións que fagan necesaria a súa protección, mentres que no solo urbanizable considérase que nel continuará có uso que corresponde á súa natureza rústica ata que se crea necesaria a súa transformación en urbana mediante o proceso urbanizador. A clasificación do solo como urbanizable debe responder a unha economía de oferta concorrente en lugar de intentar solucionar tan só as necesidades de crecemento vexetativo e inmigratorio da poboación do municipio, acorde coas aptitudes e potencialidades dos distintos terreos do termo municipal.
- d) A xestión urbanística municipal, proposta polo Plan, debe levarse á práctica polos servizos técnicos municipais en colaboración có equipo administrativo.

En cada unha das clases de solo a política urbanística municipal diríxese cara as seguintes liñas de actuación en canto á ordenación urbana:

- Comprensión e análise do marco metropolitano real do que o municipio de Outes forma parte e que se ben impide a súa ordenación territorial coma un feito illado en si mesmo non debe interferir nin verse interferido pola dos municipios limítrofes.
- Defensa dos valores naturais e medio ambientais, (agrícolas, paisaxísticos, arqueolóxicos e de recursos naturais), tanto para a selección dos solos a protexer coma para a posta en valor daqueles que pasen a formar parte dos sistemas xerais do municipio, en especial os parques urbanos, así coma la posta en valor dos núcleo rurais existentes.
- Revisión dos mecanismos de xestión previstos no planeamento vixente que non permitiran, ben pola súa complexidade, ben por unha disfunción dimensional, alcanzar os obxectivos de desenvolvemento propostos naquel.
- Adecuación á lexislación estatal e autonómica vixente das determinacións do planeamento actual, mediante a introdución dos mecanismos de planeamento e xestión que, en orde a un xusto reparto de cargas e beneficios, considéranse necesarios.

En cada unha das clases de solo a política urbanística municipal diríxese cara as seguintes liñas de actuación en canto á súa ordenación.

3.2.3.1.- Xestión do solo urbano

A xestión a realizar neste tipo de solo, irá encamiñada a:

- Reequilibrar os sistemas xerais e locais, tanto de zonas verdes e espazos libres coma de equipamentos e comunicacións.
- Completar a ordenación das áreas urbanas existentes.
- Evitar a segregación social, equilibrando as dotacións e equipamentos sociais nas parroquias, facilitando, acorde coa nova lexislación do solo, a promoción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en todas as zonas.
- Remitir a transformación a outros usos dos elementos illados de uso industrial, que quedaron inmersos no tecido residencial.
- Reordenar as áreas de crecemento perimetral que na actualidade non se encontren ben estruturadas.
- Conservar e revitalizar o patrimonio edificado do municipio.

Como instrumento de xestión, introdúcese a delimitación de Áreas de Reparto en solo urbano non consolidado, con sinalización do aproveitamento tipo patrimonializable polos propietarios do solo.

Tamén, para os casos puntuais que se presentan onde a clasificación do solo como urbano consolidado é indiscutíbel en base a edificacións existentes que se pretenden transformar pola súa inadecuación ás previsións ou obxectivos do plan, ou solares inadecuados para servir ás necesidades da edificación prevista sobre os cales cómpre un proceso reparcelatorio, realízase a delimitación de unidades de reparcelación obrigatoria, onde se deixa prevista a execución das operacións de transformación necesarias.

3.2.3.2.- Xestión do solo de núcleo rural

No estudio do medio rural e o modelo de asentamento poboacional, procedeuse á delimitación daquelas áreas do territorio que “*serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado en función das súas características morfolóxicas, tipoloxía tradicional das edificacións, vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de*

circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación racional do núcleo co medio físico no que se sitúa e que figuran diferenciados administrativamente nos censos e padróns oficiais, así como as áreas de expansión ou crecemento destes asentamentos”.

Preténdese o seu mantemento e potenciación, dentro dos seus actuais límites, na medida do posible, co fin de evitar a progresiva perda de habitantes que están a sufrir, primando os usos relacionados coa actividade primaria, para o que se admitirán melloras e pequenas ampliacións dos usos agrícolas, gandeiros e forestais.

O modelo de asentamento dos núcleos rurais baséase nunha estrutura parroquial base e moi pouco transformada a día de hoxe que deu lugar á creación dun sistema de núcleos en torno á capital parroquial, identificada pola igrexa e o cemiterio, entre os cales se creou un sistema edificatorio espallado creando un conxunto continuo onde resulta difícil discernir os límites físicos de cada núcleo.

Déixase prevista a necesidade de redactar plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural de maneira que se posibilite un desenvolvemento ordenado dos núcleos rurais e a creación dos espazos libres e dotacións de que puidesen ser deficitarios.

3.2.3.3.- Xestión do solo urbanizable

O tratamento deste tipo de solo no Plan Xeral, responde ás seguintes directrices de xestión:

- Definición dun modelo de utilización do solo co máximo apoio da poboación e da promoción.
- Realismo na selección e sectorización das áreas para novos asentamentos residenciais, industriais e de equipamentos.
- Control da ordenación das novas áreas de desenvolvemento para a súa adecuada inserción na estrutura urbana xeral.
- Delimitación sectorial para o seu desenvolvemento en Plans Parciais.
- Programación dos sectores nos que exista concertación cos posibles promotores.
- Consecución de zonas verdes e espazos libres.
- Incentivar, acorde coa lexislación vixente, a construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección.

3.2.3.4.- Xestión do solo rústico

Para posibilitar a concreción das medidas propostas no Plan neste tipo de solo, atenderase ás seguintes pautas:

- Control disciplinado das edificacións relacionadas coa natureza do solo nas áreas protexidas nas que se permita algún tipo de edificación.
- Protección das áreas de interese bioecolóxico e ambiental.
- Categorización do solo rústico en protección ordinaria e protección especial en función dos seus valores agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións de servidumes ou doutra índole.

3.2.4.- CRITERIOS E ESTRATEXIAS DE XESTIÓN DO PLANEAMENTO

A lexislación urbanística diferencia o planeamento (como norma ordenadora de tódalas actividades que necesitan territorializarse) da xestión do planeamento (como actividades que levan a efecto a execución física e xurídica do Plan).

Sen embargo, a lexislación urbanística establece que os Plans Xerais conteñan algunhas determinacións que aínda non sendo propias do planeamento si son determinacións que figuran no mesmo para facilitar a súa posterior execución dunha vez aprobada.

As determinacións de xestión que han de estar contidas no Plan Xeral con carácter obrigatorio son:

- División do solo urbano en distritos para asegurar o cumprimento dos estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas locais e de limitación de intensidades para o solo urbano non consolidado previstas pola lexislación do solo vixente.
- Delimitación de áreas de reparto en solo urbanizable e solo urbano non consolidado.
- Establecemento do aproveitamento tipo en cada área de reparto.

3.2.4.1.- Criterios de xestión en solo urbano consolidado

Con obxecto de facilitar no posible a posterior execución do Plan Xeral trátase de:

- Definir, aclarar, sistematizar e complementar, aqueles conceptos básicos necesarios para o desenvolvemento do solo urbano.
- Manter as determinacións e asumir o proceso de xestión en todas aquelas unidades de actuación e polígonos do Plan Xeral anterior que iniciasen xa a súa execución.
- Propor e delimitar zonas de normalización de predios (URO) cando fose necesario adaptar a configuración física das parcelas en aplicación das determinacións do planeamento.

3.2.4.2.- Criterios de xestión en solo urbanizable delimitado e urbano non consolidado

Para este solo procédese á delimitación ponderada dos sectores ou áreas nos que este queda dividido, para que, sometidos todos eles aos patróns de estruturación e ordenación instituídos no Plan Xeral, a delimitación e superficie que abarquen sexa a que permita a súa mellor xestión posterior.

En función da prioridade das actuacións, queda reflectido e contemplado un prazo para o seu desenvolvemento por un dos sistemas de xestión contemplados na lexislación vixente.

3.2.4.2.1.- A delimitación de áreas de reparto como técnica de equidistribución de cargas e beneficios

As áreas de reparto son os ámbitos territoriais nos que se dividen os solos urbanos non consolidados e urbanizables delimitados que contempla o Plan Xeral, a efectos de cálculo e fixación, en cada unha delas, do aproveitamento tipo correspondente, que vai servir de base para a determinación do aproveitamento susceptible de apropiación (proporcional á superficie do terreo polos propietarios do solo).

Denomínase aproveitamento tipo dunha área de reparto á intensidade de usos lucrativos homoxeneizados ou ponderados respecto do uso dominante ou característico desa área de reparto.

O criterio que segue o Plan Xeral para determinar o aproveitamento tipo de cada área de reparto, é sumar tódolos aproveitamentos reais lucrativos homoxeneizados (respecto ó dominante ou característico na área de reparto) establecidos no Plan Xeral nesa área de reparto e dividilos pola súa superficie.

No solo urbanizable, a superficie de cada área de reparto considerada para o cálculo do aproveitamento tipo incluírá ós sistemas xerais pertencentes a ela e non terán en conta as superficies de solo de dotacións públicas xerais ou locais existentes no momento de aprobación do plan xeral que se manteñan.

No solo urbano non consolidado a superficie de cada área de reparto considerada para o cálculo do aproveitamento tipo excluírá as superficies de solo de dotacións públicas xerais ou locais existentes no momento de aprobación do plan xeral que se manteñan.

As regras que se seguirán para delimitar as áreas de reparto, serán as establecidas no Título IV, capítulo II, artigo 112 da LOUPMRG.

No solo urbano non consolidado aplicaranse os criterios establecidos no Artigo 113 da mencionada Lei, procurándose que a delimitación das áreas de reparto, cadre no posible coa dos polígonos en que se materialice o seu aproveitamento, co fin de posibilitar a participación de tódolos propietarios de solo.

No solo urbanizable a Lei establece dúas categorías: urbanizable delimitado e urbanizable non delimitado, correspondendo, no primeiro dos casos, ó Plan Xeral a delimitación de áreas de reparto, mentres que no segundo, ó Plan de Sectorización que se redacta con posterioridade á aprobación definitiva do planeamento xeral.

Nos sectores delimitados, cada sector xunto cos sistemas xerais incluídos e adscritos constituirá unha área de reparto.

3.3.- DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA**3.3.1.- CUANTIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN DO SOLO**

De acordo coa definición dos distintos tipos de solo establecida na lexislación vixente, e os criterios de clasificación empregados na redacción do Plan, as superficies grafadas nos planos de clasificación, amosan a seguinte cuantificación por tipos de solo:

Solo urbano	104,16 Ha	1,07 %
Solo urbanizable delimitado	30,00 Ha	0,31 %
Solo urbanizable non delimitado	7,40 Ha	0,08 %
Solo de núcleo rural	316,32 Ha	3,26 %
Solo rústico de especial protección:		
. De protección de augas	1.321,98 Ha	13,63 %
. De protección agropecuaria	2.038,29 Ha	21,03 %
. De protección forestal	4.298,67 Ha	44,33 %
. De protección de infraestruturas	262,02 Ha	2,70 %
. De protección de costas	359,77 Ha	3,71 %
. De protección de espazos naturais	246,52 Ha	2,54 %
. De protección paisaxística	681,32 Ha	7,03 %
. De protección ordinaria	4,17 Ha	0,04 %
. De protección de patrimonio arquitectónico	2,57 Ha	0,03 %
. De protección de patrimonio arqueolóxico	22,74 Ha	0,23 %
TOTAL	9.696,93 Ha	100 %

Así pois, a superficie total do termo municipal, cuantificada segundo a cartografía en 99,35 km², aparece clasificada como solo urbano, un 1,07 % do termo municipal, distribuído en catro núcleos urbanos; como solo de núcleo rural coas súas dúas clasificacións un 3,26 % do termo municipal, distribuído en 148 entidades rurais de poboación; un 0,39 % como solo urbanizable delimitado e non delimitado; e un 95,01 % como solo rústico protexido, do que, un 44,33 % é de protección forestal, un 13,63 % é de protección de augas e un 21,03 % é agropecuario.

3.3.1.1.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano consolidado

Clasifícanse como Solo urbano aqueles terreos que contan con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministro de enerxía

eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas, con características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo planeamento.

En virtude disto clasifícanse como Solo urbano os seguintes ámbitos, que veñen definidos no plano correspondente:

SERRA DE OUTES. Clasifícase como tal o solo urbano xa clasificado nas actuais Normas Subsidiarias, que conta con servizos urbanísticos case na súa totalidade ademais do solo que linda con este conta con servizos urbanísticos consolidados, como a zona do Centro de saúde, totalmente integrada na malla urbana e dedicada maioritariamente a equipamentos. Neste último caso, así como en bolsas vacantes do solo urbano existente, e tendo en conta a propia distribución dos mencionados servizos, delimítanse áreas de solo urbano non consolidado onde se considera necesario efectuar un proceso de execución integral.

A malla urbana, no caso concreto de Serra de Outes, atópase formada polo cruce da estrada AC-550 sobre o río Tins. Este cruce ten, á súa vez, continuidade coas estradas CP-4502, CP-3404 e CP-6202, formando a trama básica de Serra de Outes en torno á cal se foi creando un núcleo con tipoloxía de "vila": cun conxunto tradicional no entronque das estradas e unhas serie de edificacións que avanza ó longo dos camiños acompañadas da urbanización e a dotación de servizos. Esta trama central con ramificacións bastante extensas cara ós catro puntos cardinais atópase bastante consolidada pola edificación, froito do desenvolvemento das vixentes normas subsidiarias que en contra de toda previsión lóxica, fomentaban esa direccionalidade. Por outra banda, as necesidades infraestruturais da poboación foron oportunamente satisfeitas de maneira que a día de hoxe esta trama urbana derivada das normas subsidiarias atópase adecuadamente dotada de servizos urbanísticos. Como centro desta trama direccional, está a zona sur que media entre os dous ramais en "U" que forma a AC-550 ó seu paso pola capital municipal, dous ramais que bordean a desembocadura do río Tins. Vinculados a estes dous ramais atopamos a malla urbana que se forma en torno á zona do Centro escolar de primaria, o Polideportivo, o Cuartel da Garda civil, e a Casa consistorial.

Entre a CP-3404 e o ramal oeste da AC-550 se forma outra trama urbana básica, cunha malla de varias rúas en retícula na que se localizan equipamentos fundamentais como o Centro de saúde, o Centro de servizos sociais ou o Parque, principal espazo libre a nivel urbano no entronque das estradas CP-0602 e CP-3404. Vinculado máis lonxitudinalmente a esta estrada atópase o novo Centro de secundaria, entre as edificación que sen solución de continuidade unen a malla urbana co núcleo rural de Boel.

Pola zona nordeste, paralelo á CP-4502 tamén se creou unha malla urbana en retícula máis ou menos consolidada da que o principal referente é a Casa da cultura.

Cara ó sueste a malla esténdese ó longo da estrada AC-550 ata recoller as vivendas da denominada Travesía de Entíns, unha zona de clara compoñente lonxitudinal pero dotada de tódalas condicións para poder ser considerada como solo urbano. Esta zona esténdese en toda a zona de servidume de protección do DMPT a 20 m, recoñecidos como solo urbano en virtude das vixentes NN.SS. polo Ministerio de Medio Ambiente.

A malla así definida esténdese cara ó norte ata o Centro de saúde, o Centro de secundaria e as últimas vivendas en contacto co núcleo de Boel, cara ó nordeste ata as primeiras vivendas do núcleo do Areal ó longo da CP-4502, cara ó sueste ata recoller as vivendas da travesía de Entíns, cara ó sur ata os núcleos rurais de Vista Alegre e A Xurisdición e cara ó leste ata recoller as vivendas localizadas ó longo da CP-6202. Os límites desta malla acomópanse escrupulosamente á existencia de servizos urbanísticos e ós antecedentes de planeamento pois todos os terreos definidos dentro desta malla urbana xa encontraban clasificados como solo urbano na vixentes Normas Subsidiarias Municipais, a excepción da zona onde se atopa o centro de saúde e o centro de servizos sociais, unha pequena malla urbana que decide incorporarse pola existencia de infraestruturas de servizos, equipamentos e ser lindeiro co solo urbano delimitado. Incorpórase tamén á malla urbana, pero coa categoría de solo urbano non consolidado a travesía do Areal, xurdida ó marxe de planeamento e que encaixa na definición que deste tipo de solo se fai no artigo 12.b)

Por outro lado, o esforzo inversor do concello fixo que tódalas rúas existentes dentro da delimitación do solo urbano, prevista polas normas subsidiarias, contén a día de hoxe con servizos urbanísticos con capacidade suficiente para dar servizo á edificación prevista por elas, e mesmo superando os límites da delimitación do solo urbano de Serra, incorporando novos terreos á malla urbana. Este é o caso da zona do centro de saúde, centro de servizos sociais e dependencias da escola taller.

Por último, compre subliñar, dentro da estrutura da malla urbana a recente creación do paseo fluvial da Serra que partindo da desembocadura do río Tins atravesa por ambas marxes o solo urbano e chega ata a ponte de pista que une Boel co Areal, que en todo caso contribuirá a consolidar o concepto de malla urbana nas súas marxes.

CRUCEIRO DE ROO. Clasifícase como tal o solo urbano xa clasificado nas actuais Normas Subsidiarias, que conta con servizos urbanísticos case na súa totalidade. A malla urbana de Cruceiro de Roo, de acordo coas Normas Subsidiarias vixentes, atópase constituída polas edificacións que dan fronte ás estradas AC-550 e CP-6203 ó seu paso polo núcleo así como as edificacións na rúa que vai ó núcleo rural de Roo e a igrexa e a gran zona de equipamentos situada ó norte. É unha malla urbana básica, constituída polos viarios existentes, baseada na edificación de licenza directa en tipoloxía unifamiliar con actuacións

esporádicas de residencial colectivo. Na zona de equipamentos sitúanse o colexio, o polideportivo cuberto e unha pista descuberta. No desenvolvemento das normas subsidiarias tampouco se levaron a cabo actuacións neste núcleo que fagan reformularse a malla urbana derivada delas máis alá de recoller os novos equipamentos creados. A totalidade desta malla urbana básica conta con servizos urbanísticos axeitados a tipoloxía edificatoria existente no núcleo.

RIVEIRA DE FREIXO. Clasifícase como tal o solo urbano xa clasificado nas actuais Normas Subsidiarias así como os viarios de penetracións dos núcleos rurais no solo urbano e que se poden considerar unha prolongación deste, que contan con tódolos servizos urbanísticos e manteñen unha consolidación edificatoria, tanto en edificación coma en tipoloxía permitida, superior ás dúas terceiras partes das parcelas. A malla de Ribeira do Freixo segundo as normas subsidiarias vixentes atopábase constituída polas edificacións situadas ó longo da estrada AC-550 así como todo o fronte marítimo que dá ó porto ata a zona de estaleiros, incluídas as respectivas rúas de baixada dende a estrada cara ó mar. Neste caso, como no da Serra de Outes tamén procede clasificar o ámbito urbano a partir do recoñecemento da zona de servidume de protección do DMPT de 20 m.

A PONTE NAFONSO. A clasificación do núcleo de A Ponte Nafonso como solo urbano, ademais de contar con tódolos servizos urbanísticos consolidados constituíndo unha malla urbana, atópase suficientemente xustificada nos parágrafos precedentes da presente memoria. A malla urbana do núcleo de A Ponte Nafonso parte das edificacións vinculadas á histórica ponte e se ramifica seguindo a traza das estradas CP-5602 e a AC-196, abarcando o terreo que xa na última proposta de deslinde marítimo-terrestre foi considerada como solo urbano e polo tanto cunha servidume de 20 m. Trátase en todo caso dunha malla baseada fundamentalmente na edificación unifamiliar en moitos casos apegada, constituíndo un conxunto edificado continuo, onde o elemento máis singular e diferenciador é o paseo marítimo e parque creado ó longo da costa desde a Ponte Nafonso. As catro rúas que constitúen a trama básica do núcleo contan con todos os servizos urbanísticos con capacidade suficiente para a tipoloxía prevista, e enlazan cos núcleos rurais tradicionais circundantes de A Corga e A Toxeira.

A efectos do presente planeamento e de acordo co resinado no artigo 49 do LOUPMRG cada un dos catro solos mencionados considéranse como un único distrito.

No presente planeamento se mantén a tipoloxía e os aproveitamentos existentes en función da ordenanza de aplicación a cada zona.

Naquelas zonas onde non se necesitan procesos de reparto de cargas e beneficios pero si pequenas actuacións de remate de viario ou de servizos urbanísticos, os procesos

parcelatorios, delimitáanse áreas de reparcelación obrigatoria, onde o aproveitamento vén dado pola aplicación directa da ordenanza vixente na zona.

CUANTIFICACIÓN DAS PREVISIÓNS DO PLAN XERAL EN SOLO URBANO CONSOLIDADO

SERRA DE OUTES

SERRA DE OUTES								
tipoloxía	superficie	altura	altura uso resid	ocupación	edificabilidade	subtotal m ²	m ² const	m ² uso resid
	6.118,00	2,50	2,50			15.295		15.295
MAZÁ PECHADA	29.774,00	3,50	2,50			104.209	306.587	74.435
	41.574,00	4,50	3,50			187.083		145.509
EDIF. ABERTA	17.889,00	2,50	2,50	0,50		22.361		22.361
	18.476,00	3,50	2,50	0,50		32.333	69.232	23.095
	6.461,00	4,50	3,50	0,50		14.537		11.307
VIV.UNI. ILLADA	48.786,00				0,60	29.272	29.272	29.272
VIV.UNI. APEGADA	9.694,00				0,80	7.755	7.755	7.755
TOTAL RESID.	178.772,00					412.845	412.845	329.029
INDUSTRIAL	0,00				0,85	0	0	0
TOTAL S.U.	178.772,00					412.845	412.845	

CRUCEIRO DE ROO

CRUCEIRO DE ROO								
tipoloxía	superficie	altura	altura uso resid	ocupación	edificabilidade	subtotal m ²	m ² const	m ² uso resid
MAZÁ PECHADA								
EDIF. ABERTA	1.519,00	2,50	2,50	0,50		1.899	1.899	1.899
VIV.UNI. ILLADA	34.008,00				0,60	20.405	20.405	20.405
VIV.UNI. APEGADA	48.157,00				0,80	38.526	38.526	38.526
TOTAL RESID.	83.684,00					60.829	60.829	60.829
INDUSTRIAL	0,00				0,85	0	0	0
TOTAL S.U.	83.684,00					60.829	60.829	

RIVEIRA DO FREIXO

RIVEIRA DO FREIXO								
tipoloxía	superficie	altura	altura uso resid	ocupación	edificabilidade	subtotal m ²	m ² const	m ² uso resid
	3.147,00	2,50	2,50			7.868		7.868
MAZÁ PECHADA	3.594,00	3,50	2,50			12.579	44.270	8.985
	5.294,00	4,50	3,50			23.823		18.529
EDIF. ABERTA	3.537,00	2,50	2,50	0,50		4.421	4.421	4.421
VIV.UNI. ILLADA	54.953,40				0,60	32.972	32.972	32.972
VIV.UNI. APEGADA	9.576,79				0,80	7.661	7.661	7.661
TOTAL RESID.	80.102,19					89.324	89.324	80.436
INDUSTRIAL	10.358,00				0,85	8.804	8.804	8.804
TOTAL S.U.	90.460,19					98.129	98.129	

A PONTE NAFONSO

A PONTE NAFONSO								
tipoloxía	superficie	altura	altura uso resid	ocupación	edificabilidade	subtotal m ²	m ² const	m ² uso resid
MAZÁ PECHADA								
EDIF. ABERTA								
VIV.UNI. ILLADA	21.345,70				0,60	12.807	12.807	12.807
VIV.UNI. APEGADA	5.632,00				0,80	4.506	4.506	4.506
TOTAL RESID.	26.977,70					17.313	17.313	17.313
INDUSTRIAL	0,00				0,85	0	0	0
TOTAL S.U.	26.977,70					17.313	17.313	

TOTAL SOLO URBANO CONSOLIDADO DELIMITADO NETO	379.893 m ²
CAPACIDADE TOTAL DO SOLO URBANO CONSOLIDADO	589.116 m ²
CAPACIDADE RESIDENCIAL TOTAL SOLO URBANO CONSOLIDADO	487.607 m ²

3.3.1.2.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano non consolidado

De acordo co artigo 12.b) da LOUPMRG se clasifican como solo urbano non consolidado aqueles terreos incluídos dentro da delimitación do solo urbano por estar rodeados de viario que soporta todos os servizos urbanísticos pero que aínda deben someterse a un proceso de execución integral.

Estes terreos se inclúen en áreas de reparto coa finalidade de fixar o aproveitamento tipo así como as cesións de cada un dos polígonos en función dos límites de sostibilidade e as reservas mínimas de dotacións asignados a cada distrito, segundo o estipulado nos artigos 46 e 47 da LOUPMRG.

Como se indicou anteriormente, cada un dos catro solo urbanos descritos se considera un distrito. Destes catro, unicamente se delimitan áreas de solo urbano non consolidado en Serra de Outes e Riveira do Freixo.

A escasa complexidade do reparto entre os posibles polígonos a delimitar e a intención de simplificar a xestión fai que, a efectos prácticos, se identifique cada polígono cunha área de reparto. As cesións destes polígonos serán tais que no seu conxunto garantan os estándares fixados pola lexislación do solo para o conxunto dos solos urbanos de Serra e Ribeira, pois como se indicou anteriormente constitúen un único distrito cada unha.

Naquelas áreas de reparto con ordenación pormenorizada incluída nos planos de ordenación, o aproveitamento das mesmas restrinxirase, en todo caso, ao resultante da

ordenación efectuada, que sempre prevalecerá sobre o resultante de aplicar o aproveitamento tipo definido na ficha da área, que ten carácter orientativo.

Distrito 1: SERRA DE OUTES

	SUP TOTAL ORDENANZA	SUP EDIF	OCUPACION	ALTURA	EDIFICABIL	ZV	EQUIP	VIARIO	ROD VIA PEONIL	PLAZ. PUB	PLAZ. TOTAIS	VPP	APROV M ²	APROV
P-SE-01	5.680,67	MC	824,00		3,50		1.294,00	1.107,46		29	109	2.880,00	2.884,00	1,06
		EA	1.779,00	0,50	3,50								3.113,25	
P-SE-02	9.521,00	MC	2.521,00		3,50		1.458,00	3.090,00	1.487,00	162	280	4.238,00	8.823,50	0,93
P-SE-03	13.264,66	MC	546,00		3,50	3.346,00		2.812,86		69	244	1.911,00	1.911,00	0,99
		EA	6.413,00	0,50	3,50							5.049,00	11.222,75	
P-SE-04	12.020,76	MC	3.051,00		4,50	3.521,00		834,00		33	216	6.781,50	13.729,50	1,14
P-SE-05	10.855,74	MC	2.862,00		4,50	2.101,00		875,00		32	204	6.192,00	12.879,00	1,19
P-SE-06	8.381,00	EA	2.448,00	0,50	4,50	2.795,00	1.581,00	1.560,00		44	117	2.972,25	5.508,00	0,66
P-SE-07	5.724,00	EA	1.735,00	0,50	3,50	2.199,00		1.790,00		46	86	3.036,25	3.036,25	0,53
P-SE-08	15.157,27	MC	899,00		3,50	3.867,00	3.034,00	2.965,55		60	200	1.487,50	3.146,50	0,69
		EA	4.200,00	0,50	3,50							2.283,75	7.350,00	
P-SE-09	17.342,00	UAD	6.509,00			0,80	8.520,00		2.385,00	30	99		5.207,20	0,30
P-SE-10	27.454,00	UAD	10.360,00			0,80	8.798,00		7.033,00	221	332		8.288,00	0,30
P-SE-12	10.554,00	UAI	5.972,00			0,60		1.630,00	2.934,00	70	118		3.583,20	0,34
P-SE-13	14.705,00	UAI	8.046,00			0,60		1.566,00	5.106,00	106	170		4.827,60	0,33
P-SE-14	3.993,00	EA	2.234,00	0,50	2,50		748,00		1.009,00	29	66	1.631,25	2.792,50	0,70
P-SE-15	2.323,00	EA	1.003,00	0,50	3,50		693,00		627,00	0	23	917,00	1.755,25	0,76
P-SE-16	2.803,00	EA	1.219,00	0,50	3,50		1.581,00			0	28	1.263,50	2.133,25	0,76
P-SE-17	5.183,00	EA	2.752,00	0,50	3,50			977,00	1.451,00	15	79	2.632,00	4.816,00	0,93
P-SE-18	4.623,00	EA	1.784,00	0,50	3,50				1.835,00	37	87	3.122,00	3.122,00	0,81
		UAI	1.003,00			0,60							601,80	
P-SE-19	63.997,40						4.000,00			100	612	3.000,00	38.398,44	0,6
P-SE-20	20.138,00						2.000,00			50	147		7.249,68	0,36
TOTAIS	253.720,50		68.160,00				38.169,00	17.540,00	37.414,87	2.701,00	1.133	3.218,05	49.397,00	156.378,67
							15,04							0,62
							24,41	11,22		0,35	2,06	31,59		
ESTÁNDAR							10,00			781,89	3.127,57	31.275,73		
							18,00	10,00		0,25	2,00	30,00		0,85

Distrito 2: RIVEIRA DO FREIXO

	SUP TOTAL ORDENANZA	SUP EDIF	OCUPACION	ALTURA	EDIFICABIL	ZV	EQUIP	VIARIO	PLAZ. PUB	PLAZ. TOTAIS	VPP	APROV M ²	APROV
P-RV-01	4.739,29					1.000,00	500,00		20,00	58	900,00	2.850,00	0,60
P-RV-02	14.893,67					1.000,00	600,00		40,00	238	2.500,00	6.000,00	0,40
TOTAIS	19.632,96		0,00			2.000,00	1.100,00	0,00	60,00	296,00	3.400,00	8.850,00	
							10,19	5,60	0,00				0,45
							22,60	12,43		3,34	38,42		
ESTÁNDAR						10,00			44,25	177,00	2.655,00		
						18,00	10,00		0,50	2,00	30,00		0,85

Distrito 3: CRUCEIRO DE ROO

	SUP TOTAL	ORDENANZA	SUP EDIF	OCUPACION	ALTURA	EDIFICABIL	ZV	EQUIP	VIARIO	PLAZ. PUB	PLAZ. TOTAIS	VPP	APROV M ²	APROV
P-RO-01	9.486,15	UAD	2.113,68			0,80	999,29	454,85	1.839,26	36,00	59	1.690,94	1.690,94	0,48
		UAI	4.076,94			0,60					33		2.446,16	
P-RO-02	5839,56						550,00	300,00		20,00	63	800,00	3.200,00	0,55
TOTAIS	15.325,71		6.190,62				1.549,29	754,85	1.839,26	56,00	153,83	2.490,94	7.337,11	
						10,11	4,93	12,00					0,48	
						21,12	10,29			2,10	33,95			
ESTÁNDAR							10,00			36,69	146,74	2.201,13		
							18,00	10,00		0,50	2,00	30,00	0,85	

CUANTIFICACIÓN DAS PREVISIÓNS DO PLAN XERAL EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

Tendo en conta os datos anteriores, pódese comprobar que a meirande parte dos polígonos de solo urbano non consolidado distribúen vivenda colectiva. Tendo en conta a tipoloxía deste tipo de vivenda imperante nos tres núcleos é máis que previsible que gran parte das plantas baixas non estean dedicadas a uso residencial, motivo polo cal, a efectos de cálculo da capacidade residencial do PXOM, procede reducir os datos anterior nun 15%, sendo polo tanto a capacidade residencial a efectos de cómputos legais a seguinte:

TOTAL SOLO URBANO NON CONSOLIDADO BRUTO	288.679 m ²
CAPACIDADE TOTAL DO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	172.566 m ²
CAPACIDADE RESIDENCIAL TOTAL SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	146.681 m ²

3.3.1.2.1.- Xustificación das edificabilidades e cargas derivadas das obras de urbanización no solo urbano non consolidado

Os valores da edificabilidade das distintas áreas de reparto responden á ordenación do contorno inmediato das zonas lindeiras, procurando ser coherentes co solo urbano consolidado contiguo. Desde ese punto de vista os distintos valores da edificabilidade dos distintos polígonos atópase plenamente xustificada. Así, plantéxase como solos urbanos non consolidados destinados a vivenda residencial colectiva o P-SE-01, P-SE-02, P-SE-03, P-SE-04, P-SE-05, P-SE-06, P-SE-07, P-SE-08, P-SE-14, P-SE-15, P-SE-16, P-SE-17, P-SE-19, parte do P-SE-18 e o P-RV-01. Todos eles teñen aproveitamentos similares acordos coa ordenanza das edificación lindeiras. Os solos destinados a vivenda unifamiliar abarcan terreos lindeiros con esa tipoloxía ou zonas de transición cos núcleos rurais, sendo polo tanto coherente coa ordenación do contorno o aproveitamento dos polígonos P-SE-09, P-SE-10, P-SE-12, P-SE-13, P-RV-02, P-RO-01 e P-RO-02.

Polo que respecta ás cargas de urbanización, calculando un custe de urbanización de rede viaria de 72 €/m² e de espazos libres de 20 €/m², os cálculos de repercusión de urbanización sobre m² de parcela bruta abalan entre os 18 e os 30 euros, algo totalmente asumible, e entre os 20 e os 60 sobre a edificabilidade prevista.

Sobre estas cantidades compre realizar certas matizacións, respecto da repercusión sobre parcela bruta existen catro ámbitos que se distancian da media, o P-SE-04, P-SE-05, P-SE-01 e P-SE-16. A diferenza cos restantes deriva nos dous primeiros casos, tal e como foi expresado

en parágrafos precedentes, da súa situación no interior dun patio de mazá de solo urbano consolidado, xa clasificado nas NN.SS vixentes, no que se pretende harmonizar en certa medida os valores dos soares exteriores e as parcelas interiores. No caso dos segundos, P-SE-01 e P-SE-16 trátase de ámbitos parcialmente clasificados como solo urbano consolidado nas vixentes NN.SS. e que contan parcialmente coa condición de soar sobre os que é necesario levar a cabo procesos de reforma interior ou obtención de dotacións.

Respecto da repercusión sobre edificabilidade, os valores son máis dispares, pois inflúe definitivamente a tipoloxía edificatoria prevista. Non obstante, lémbrese que é totalmente lóxico que exista unha repercusión da urbanización moito maior sobre a vivenda unifamiliar que sobre a colectiva, tal e como se pode apreciar nos desenvolvementos que se están a executar. Descartando os valores máis baixos que se xustifican a continuación, a repercusión abala entre os 20 e os 60 €. Non obstante, tamén compre lembrar que sobre un custe medio de construción de uso residencial de 700 €, os custes de urbanización abalan entre o 3 e o 7 %, algo totalmente asumible na promoción das vivendas. No tocante ós polígonos P-SE-09, P-SE-10, P-SE-12 e P-SE-13 compre lembrar que se trata de terreos afectados pola servidume de protección do DMPT ou do dominio público hidráulico, o que inevitablemente rebaixa a edificabilidade e aumenta os custes de urbanización ó non poder edificar a franxa afectada.

	SUPERFICIE TOTAL (m ²)	REPERCUSIÓN (€/m ² solo)	REPERCUSIÓN (€/m ² edificable)
P-SE-01	5.680	13,25	12,38
P-SE-02	9.521	23,27	25,21
P-SE-03	13.264	19,65	19,59
P-SE-04	12.020	11,38	9,50
P-SE-05	10.855	9,94	8,15
P-SE-06	8.381	20,07	30,54
P-SE-07	5.724	30,20	56,93
P-SE-08	15.157	18,56	26,49
P-SE-09	17.342	19,73	65,70
P-SE-10	27.454	24,85	82,33
P-SE-12	10.554	20,02	58,96
P-SE-13	14.705	25,00	76,15
P-SE-14	3.993	21,94	31,37

P-SE-15	2.323	25,40	33,62
P-SE-16	2.803	11,28	14,82
P-SE-17	5.183	20,16	21,69
P-SE-18	4.623	28,58	35,48
P-SE-19	63.997	Pendente de PERI	Pendente de PERI
P-SE-20	20.138	Pendente de PERI	Pendente de PERI
P-RV-01	4.739	Pendente de PERI	Pendente de PERI
P-RV-02	14.893	Pendente de PERI	Pendente de PERI
P-RO-01	9.486	16,07	36,84
P-RO-02	5.839	Pendente de PERI	Pendente de PERI

3.3.1.2.2.- Xustificación dos valores dos coeficientes de homoxeneización

Segundo o expresado no artigo 113.3 da LOUPMRG: “para que o aproveitamento tipo poida expresarse por referencia ó uso e tipoloxía edificatoria característicos, o planeamento fixará xustificadamente os coeficientes de ponderación relativa entre dito uso e tipoloxía, ó que sempre se lle asignará o valor da unidade, e os restantes, ós que corresponderán valores superiores ou inferiores, en función das circunstancias concretas do concello e área de reparto”.

Os coeficientes de ponderación que se empregan no PXOM derivan da análise dos prezos de mercado das diferentes tipoloxías edificatorias, descontando destes os respectivos custes de construción.

Os usos e tipoloxías empregadas en solo urbano non consolidado e urbanizable delimitado son residencial colectiva en protección autonómica ou promoción libre, residencial unifamiliar en protección autonómica ou promoción libre, terciario e industrial.

Analizados os prezos de mercado en función destes usos e tipoloxías obtemos as seguintes variacións:

- Diferenza de prezo da edificabilidade residencial en protección autonómica e promoción libre: 20 % a favor da promoción libre.
- Diferenza de prezo da edificabilidade residencial unifamiliar e residencial colectiva: 10% a favor da residencial colectiva.
- Diferenza de prezo da edificabilidade residencial colectiva en promoción libre e o uso terciario: 0%.

- Diferenza de prezo da edificabilidade de uso terciario e o uso industrial: 20% a favor do uso terciario.

3.3.1.3.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo de núcleo rural

As determinacións e criterios seguidos para a delimitación dos núcleos rurais do municipio plásmase no documento do Estudio do Medio Rural e Modelo de Asentamento Territorial.

A modo de comentario cabería sinalar os seguintes criterios de delimitación:

- Delimítanse e recoñécense 135 núcleos rurais dos 144 existentes no municipio.
- Preténdense respectar na medida do posible os antecedentes de planeamento tentando axustar as delimitacións existentes nas Normas Subsidiarias municipais á realidade física, parcelaria e construída.
- As delimitacións dos núcleos responden ás distintas realidades demográficas destes.
- As delimitacións vixentes adáptanse na medida do posible ao parcelario e aos accidentes naturais existentes grazas á cartografía de que se dispón.
- As delimitacións pretenden abranguer todas as edificacións vinculadas ao núcleo, reflectindo as dúas realidades existentes no termo municipal: núcleos pechados con casarío mesto, onde se atinxen límites de densidade elevados e nos que se pretende unha medra moderada na periferia destes, e núcleos espallados ao longo das vías de comunicación, onde a densidade é menor e nos que o que se pretende é recoller a realidade edificada para completar os espazos intermedios vacantes.
- As delimitacións propostas, en canto á delimitación do núcleo rural tradicional adáptanse escrupulosamente ao disposto no artigo 13 da LOUPMRG, presentando unha consolidación das parcelas edificables do superior ó 50% e procurando englobar ás vivendas tradicionais (vivendas cunha antigüidade estimada superior a 50 anos).
- Nos núcleos nos que existen expectativas de medra, postas de manifesto pola aparición de novas vivendas, delimítanse áreas de expansión do núcleo, clasificándoas como solo de núcleo rural disperso, en zonas de boa accesibilidade e parcelario e topografía adecuados, sen que en ningún caso superen os 200 metros desde a delimitación do núcleo tradicional.

Por outra banda, procede calcular a consolidación edificatoria dos núcleos rurais tradicionais en base criterio seguinte.

A consolidación edificatoria ten que ver en todo caso coa ordenanza de aplicación pois para edificabilidade baixas os metros cadrados construíbles deberán ser menores que para edificabilidade altas. Por outra banda lémbrese que de acordo co indicado na LOUPMRG todas as superficies construídas sobre rasante computan a efectos de determinar a superficie máxima construída.

Tendo en conta isto procedeuse a superficiar en planta as edificacións existentes nos núcleos rurais tradicionais delimitados e a partir de aquí tomar unha altura media das edificacións de 1,8, pois maioría das edificacións residenciais existentes contan con dúas plantas e nalgúns casos aproveitamento baixocuberta, o que compensa en parte as edificacións dunha soa planta. A partir destes datos obtemos a superficie edificada total (estimada). Tendo en conta a superficie total delimitada así como a edificabilidade asignada por ordenanza ó solo de núcleo rural tradicional ($0,4 \text{ m}^2/\text{m}^2$ no caso concreto de Outes) obtemos a superficie edificable máxima e polo tanto grao de consolidación do núcleo de acordo coa ordenación prevista polo Plan.

Por outra banda a partir da análise do grao de consolidación podemos obter a capacidade máxima residencial do núcleo tradicional, plasmando todo isto na táboa que segue a continuación:

Número	Núcleo	Superficie delimitada bruta (NRT)	Superficie delimitada neta (NRT)	Superficie edificada en planta (NRT)	Altura Media	Superficie edificada total	Edificabilidade	% CONSOLIDACIÓN (NRT)	VIVENDAS EXISTENTES (NRT)	VIVENDAS EDIFICABLES ESTIMADAS	NUMERO DE VIVENDAS EN A.E.	NUMERO DE FINCAS EN A.E.
01.01	Bocadroña											
01.02	Cancelo											
01.03	Cando de Abaixo	43.740,61	30.530,80	8.703,88	1,8	15.666,98	0,4	128,29	29	6	1	28
01.04	Cando de Arriba	106.074,00	87.346,40	9.763,90	1,8	17.575,02	0,4	50,30	41	20	5	33
01.05	Carballido	7.844,42	6.071,20	1.373,13	1,8	2.471,63	0,4	101,78	4	11	0	0
01.06	A Corga	14.899,99	12.665,90	2.612,77	1,8	4.702,99	0,4	92,83	18	1	3	7
01.07	Cuns	50.103,87	40.367,90	7.864,21	1,8	14.155,58	0,4	87,67	35	4	12	21
01.08	Filgueiro	25.914,90	20.196,00	2.248,55	1,8	4.047,39	0,4	50,10	11	5	0	10
01.09	Gallardo, O	7.829,50	6.863,05	970,62	1,8	1.747,12	0,4	63,64	2	1	0	0
01.10	Insua	7.559,90	6.337,45	1.620,77	1,8	2.917,39	0,4	115,09	5	0	0	11
01.11	Loureiro	10.085,31	7.948,25	1.335,20	1,8	2.403,36	0,4	75,59	6	1	1	26
01.12	Pumar, O	19.839,58	14.752,00	1.936,56	1,8	3.485,81	0,4	59,07	6	2	1	7
01.13	San Tirso	9.464,62	8.533,19	1.229,99	1,8	2.213,98	0,4	64,86	2	1	0	0
01.14	Toxeira, A	32.192,52	27.172,10	3.982,60	1,8	7.168,68	0,4	65,96	24	8	4	21
01.15	Vilar, O	36.695,09	30.303,40	3.964,82	1,8	7.136,68	0,4	58,88	16	7	2	28
01.16	Vilardigo	31.469,78	25.676,30	4.023,49	1,8	7.242,28	0,4	70,52	24	7	5	39
		403.714,09	324.763,94	51.630,49		92.934,88			223	76	34	231
02.01	Coiradas	59.060,28	49.428,00	5.741,35	1,8	10.089,58	0,4	52,27	30	14	2	14
02.02	Entís	43.598,93	37.464,10	5.827,48	1,8	10.489,46	0,4	70,00	27	8	1	14
02.03	Fonte, A	7.619,64	6.238,17	733,90	1,8	1.321,02	0,4	52,94	4	2	1	15
02.04	Fontelos	16.057,73	13.918,10	2.654,56	1,8	4.778,21	0,4	85,83	7	1	1	7
02.05	Pazos	7.976,42	6.723,92	1.510,46	1,8	2.718,83	0,4	101,09	8	0	1	21
02.06	Portela, A	3.930,32	3.198,88	827,49	1,8	1.489,48	0,4	116,41	3	3	0	2
02.07	Rego, O	6.162,01	5.149,53	639,37	1,8	1.150,87	0,4	55,87	3	1	3	7
02.08	Vilar, O	12.692,03	10.549,50	1.319,13	1,8	2.374,43	0,4	56,27	7	3	1	8
		157.097,36	132.670,20	19.253,74		34.656,73			89	32	10	88
03.01	Areal, O											
03.02	Banzas	77.939,20	64.917,80	10.149,20	1,8	18.268,56	0,4	70,35	39	12	5	39
03.03	Brenzo, O - Cepa, A	10.403,53	8.664,62	1.547,85	1,8	2.786,13	0,4	80,39	4	1	0	12
03.04	Buíste	9.144,88	7.627,35	1.564,29	1,8	2.815,72	0,4	92,29	3	0	0	4
03.05	Cabana Moura	17.379,44	14.408,60	3.262,78	1,8	5.873,00	0,4	101,90	11	2	4	9
03.06	Canizos	7.128,52	5.960,79	834,73	1,8	1.502,51	0,4	63,02	5	2	11	26
03.07	Casais, Os	9.758,48	8.176,59	1.168,32	1,8	2.102,98	0,4	64,30	8	3	0	9
03.08	Costiña, A	8.346,80	7.782,97	937,05	1,8	1.686,69	0,4	54,18	5	2	1	5
03.09	Cotro, O	16.749,70	13.834,50	1.839,40	1,8	3.310,92	0,4	59,83	7	3	1	4

03.10	Cruceiro, O	53.093,86	43.893,10	6.425,07	1,8	11.565,13	0,4	65,87	31	11	7	55
03.11	Curro, O - Lavacolla	10.356,28	8.653,30	1.112,25	1,8	2.002,05	0,4	57,84	6	3	2	11
03.12	Diz	25.245,81	22.104,40	3.019,53	1,8	5.435,15	0,4	61,47	9	3	2	18
03.13	Esfarrapa, A	17.621,70	14.881,50	1.977,16	1,8	3.558,89	0,4	59,79	10	4	2	28
03.14	Formigueiro, O											
03.15	Galteiros	5.886,89	5.258,88	809,32	1,8	1.456,78	0,4	69,25	3	1	1	5
03.16	Guende	5.095,77	4.326,61	727,64	1,8	1.309,75	0,4	75,68	3	1	0	4
03.17	Lugar de Arriba - Vousacoba	5.503,43	4.659,40	773,61	1,8	1.392,50	0,4	74,71	3	1	3	9
03.18	Mosteiro	19.359,40	16.523,50	2.394,22	1,8	4.309,60	0,4	65,20	10	3	1	9
03.19	Mourelos	6.769,76	5.769,41	672,97	1,8	1211,346	0,4	52,49	5	2	0	2
03.20	Muiños, Os	13.003,26	11.264,60	1.858,21	1,8	3.344,78	0,4	74,23	6	2	0	2
03.21	Oroña	21.662,74	17.589,20	2.204,47	1,8	3.968,05	0,4	56,40	9	4	0	0
03.22	Ousesende	32510,21,	26.651,00	2.989,03	1,8	5.380,25	0,4	50,47	13	6	5	39
03.23	Piñeiro, O	13.333,23	10.459,60	1.895,60	1,8	3.412,08	0,4	81,55	8	1	0	0
03.24	Poza, A	39.084,14	32.938,30	5.725,05	1,8	10.305,09	0,4	78,22	25	5	2	12
03.25	Quitena	17.307,72	13.791,80	3.201,00	1,8	5.761,80	0,4	104,44	14	6	0	11
03.26	Sacido	35.019,40	30.224,70	3.500,87	1,8	6.301,57	0,4	52,12	16	8	2	18
03.27	Sarnón	20.019,47	16.391,10	2.196,07	1,8	3.952,93	0,4	60,29	6	2	4	30
03.28	Seara, A	37.629,98	33.168,40	5.436,85	1,8	9.786,33	0,4	73,76	24	6	1	13
03.29	Valado, O	9.329,92	9.332,70	1.842,10	1,8	3.315,78	0,4	88,82	5	1	0	12
03.30	Valeixo	9.218,96	8.616,72	1.031,67	1,8	1.857,01	0,4	53,88	4	2	1	2
03.31	Vilar, O	21.269,01	16.472,70	4.183,40	1,8	7.530,12	0,4	114,28	14	4	1	11
		542.661,28	484.344,14	75.279,71		135.503,48			306	100	56	399
04.01	Anseres	5.877,44	4.607,20	1.130,50	1,8	2.034,90	0,4	110,42	5	0	0	33
04.02	Arestíño	10.641,23	8.080,62	2.103,90	1,8	3.787,02	0,4	117,16	6	4	0	5
04.03	Braño	85.840,62	69.243,00	11.670,30	1,8	21.006,54	0,4	75,76	85	20	5	87
04.04	Catadoiro, O	4.183,25	3.269,30	1.285,63	1,8	2.314,13	0,4	176,96	6	0	0	10
04.05	Catasueiro, O	56.810,94	44.462,60	8.318,36	1,8	14.973,05	0,4	84,19	47	7	6	29
04.06	Cernadas	11.186,06	8.003,71	1.061,83	1,8	1.911,29	0,4	59,70	4	2	0	6
04.07	Cerzón	42.365,61	33.449,20	4.959,30	1,8	8.926,74	0,4	66,72	30	10	0	19
04.08	Corga, A	10.768,41	8.701,05	1.016,26	1,8	1.829,27	0,4	52,56	8	4	0	0
04.09	Figueiroa	2.457,68	1.862,14	478,15	1,8	860,67	0,4	115,55	6	0	0	0
04.10	Lestelle	17.353,89	13.240,80	2.096,50	1,8	3.773,70	0,4	71,25	8	2	0	1
04.11	Magor	15.353,62	12.607,50	1.883,31	1,8	3.389,96	0,4	67,22	8	3	1	1
04.12	Mosteiro	47.541,31	38.070,00	5.077,63	1,8	9139,734	0,4	60,02	37	15	1	28
04.13	Penseira	19.569,64	16.466,30	2.364,08	1,8	4255,344	0,4	64,61	11	4	0	0
04.14	Piñeiro	38.680,98	30.478,30	3.703,62	1,8	6.666,52	0,4	54,68	18	8	0	37
04.15	Siavo	61.877,79	48.677,80	10.026,30	1,8	18.047,34	0,4	92,69	68	5	7	91
04.16	Vilariño	47.111,15	37.371,50	4.529,50	1,8	8.153,10	0,4	54,54	32	15	1	28
		477.619,62	378.591,02	61.692,17		111.045,91			379	98	21	375
05.01	Barco, O	29.586,97	22.531,60	3.615,12	1,8	6.507,22	0,4	72,20	20	6	5	15
05.02	Bargo, O											

05.03	Carreira, A	28.849,89	23.886,90	2.682,85	1,8	4.829,13	0,4	50,54	16	8	3	12
05.04	Famelga, A	20.184,50	15.642,60	2.574,29	1,8	4.633,72	0,4	74,06	12	3	1	7
05.05	Lourido	21.138,31	17.984,40	2.263,40	1,8	4.074,12	0,4	56,63	11	5	0	0
05.06	Mastontán	32.952,33	26.705,80	5.983,50	1,8	10.770,30	0,4	100,82	14	11	0	0
05.07	Rodeiro	3.663,86	3.638,30	475,87	1,8	856,57	0,4	58,86	4	2	0	0
05.08	Torre, A	18.339,24	15.514,30	1.961,15	1,8	3.530,07	0,4	56,88	11	5	0	3
		154.715,10	125.903,90	19.556,18		35.201,12			88	39	9	37
06.01	Albeida	34.139,88	29.244,00	5.263,39	1,8	9.474,10	0,4	80,99	35	7	0	0
06.02	Bara	47.180,82	39.436,10	7.573,53	1,8	13.632,35	0,4	86,42	44	6	11	75
06.03	Barquiña, A	9.489,07	7.748,85	1.047,87	1,8	1.886,17	0,4	60,85	6	2	0	0
06.04	Barreiro, O	22.598,60	20.768,10	3.481,36	1,8	6.266,45	0,4	75,43	24	6	0	0
06.05	Broña											
06.06	Camposas, As	20.050,80	17.525,90	2.753,70	1,8	4.956,66	0,4	70,70	15	4	1	41
06.07	Canteiriña, a	6.292,01	5.743,98	1.466,67	1,8	2.640,01	0,4	114,90	10	0	8	14
06.08	Gulfián	15.807,56	12.345,40	1.710,06	1,8	3.078,11	0,4	62,33	10	4	2	20
06.09	Lagoa	29.041,75	22.822,50	3.619,99	1,8	6.515,98	0,4	71,38	23	7	5	51
06.10	Rates	56.151,34	42.978,20	7.725,47	1,8	13.905,85	0,4	80,89	42	8	4	11
06.11	Serantes	61.168,91	51.084,70	13.559,20	1,8	24.406,56	0,4	119,44	79	11	3	221
06.12	Tavilo	41.118,58	32.627,70	8.192,06	1,8	14.745,71	0,4	112,98	47	8	13	125
06.13	Tornil											
		343.039,32	282.325,43	56.393,30		101.507,94			335	62	47	558
07.01	Berres	32.551,40	28.922,20	3.467,94	1,8	6.242,29	0,4	53,96	12	6	1	5
07.02	Boel	58.421,30	49.083,10	9.890,14	1,8	17.802,25	0,4	90,67	56	5	13	46
07.03	Cambeiro de abaixo	29.997,33	25.474,00	5.105,50	1,8	9.189,90	0,4	90,19	25	2	13	93
07.04	Cambeiro de Arriba	10.293,73	8.135,25	1.890,88	1,8	3.403,58	0,4	104,59	10	4	2	7
07.05	Carballa	10.022,81	8.605,66	1.664,56	1,8	2.996,21	0,4	87,04	5	1	0	5
07.06	Carleo de Abaixo	14.988,37	12.290,30	4.797,27	1,8	8.635,09	0,4	175,65	16	0	6	21
07.07	Carleo de Arriba	11.260,61	8.379,06	2.816,58	1,8	5.069,84	0,4	151,27	8	0	1	11
07.08	Castelo, O	2.646,99	2.196,52	687,80	1,8	1.238,04	0,4	140,91	3	0	1	7
07.09	Couto, O	9.138,16	6.736,34	1.349,09	1,8	2.428,36	0,4	90,12	7	1	7	27
07.10	Cures	21.276,98	17.602,30	4.637,73	1,8	8.347,91	0,4	118,56	19	4	7	30
07.11	Lantarou	48.960,70	46.107,20	7.750,79	1,8	13.951,42	0,4	75,65	31	8	3	12
07.12	Lucil											
07.13	Mirás	24.953,50	20.946,00	6.517,22	1,8	11.731,00	0,4	140,01	17	1	5	26
07.14	Moledo	21.991,84	17.719,30	3.699,23	1,8	6.658,61	0,4	93,95	13	1	1	23
07.15	Outes	39.866,00	33.233,10	6.931,96	1,8	12.477,53	0,4	93,86	25	2	4	34
07.16	Río de Outes	8.596,48	8.216,33	914,04	1,8	1.645,27	0,4	50,06	2	1	3	17
07.17	Sande de Abaixo	2.215,77	1.918,89	219,17	1,8	394,51	0,4	51,40	6	3	0	10
07.18	Sande de Arriba	13.068,02	10.660,00	1.225,27	1,8	2.205,49	0,4	51,72	2	1	0	2
07.19	Vilar de Outes, O	21.859,68	18.407,50	4.035,67	1,8	7.264,21	0,4	98,66	17	0	0	3
07.20	Vista alegre	10.450,17	8.453,05	2.130,75	1,8	3.835,35	0,4	113,43	11	0	2	8
07.21	Xurisdición, A	9.422,47	8.010,64	906,14	1,8	1.631,05	0,4	50,90	5	2	0	0

		401.982,31	341.096,74	70.637,73		127.147,91			290	41	69	387
08.01	Áspera	21.213,50	17.424,70	3.147,13	1,8	5.664,83	0,4	81,28	21	4	1	12
08.02	Bendimón	32.685,70	26.262,70	6.016,10	1,8	10.828,98	0,4	103,08	38	3	8	34
08.03	Brión de Abaixo	36.889,20	32.352,90	5.766,35	1,8	10.379,43	0,4	80,20	25	2	12	48
08.04	Brión de Arriba	32.763,09	26.122,00	7.333,44	1,8	13.200,19	0,4	126,33	42	10	7	26
08.05	Central, A	5.339,61	5.339,61	729,13	1,8	1.312,43	0,4	61,45	3	1	1	11
08.06	Outón	15.970,90	12.637,80	3.656,17	1,8	6.581,11	0,4	130,19	14	10	0	7
08.07	Roo de Abaixo	40.366,56	30.997,20	6.000,87	1,8	10.801,57	0,4	87,12	35	5	11	45
08.08	Roo de Arriba	32.750,93	25.070,60	4.717,89	1,8	8.492,20	0,4	84,68	20	3	5	32
08.09	Viro	38.402,00	31.130,70	5.988,15	1,8	10.778,67	0,4	86,56	41	6	7	29
08.10	Xurisdición, A	10.982,03	9.993,00	1.134,95	1,8	2.042,91	0,4	51,11	7	3	0	10
		267.363,52	217.331,21	44.490,18		80.082,32			246	47	52	254
09.01	Barreira, A	33.363,57	27.423,00	3.577,74	1,8	6.439,93	0,4	58,71	22	9	2	6
09.02	Espiñeiro											
09.03	Riba da Fonte - Taras	26.714,26	21.639,20	3.560,76	1,8	6.409,37	0,4	74,05	17	4	7	29
09.04	Riba de Mar	33.486,70	27.071,90	4.074,32	1,8	7.333,78	0,4	67,72	26	8	3	12
09.05	Seilán de Abaixo	4.392,77	3.296,33	574,64	1,8	1.034,35	0,4	78,45	6	1	0	0
09.06	Seilán de Arriba	31.274,33	26.041,50	3.441,68	1,8	6.195,02	0,4	59,47	21	9	8	25
09.07	Sino, O	6.784,97	6.178,33	712,64	1,8	1.282,75	0,4	51,91	3	1	0	5
		136.016,60	111.650,26	15.941,78		28.695,20			95	33	20	77
10.01	Crespo	13.912,36	11.551,50	4.544,89	1,8	8.180,80	0,4	177,05	12	0	1	5
10.02	Esperante	20.762,85	17.731,70	4.722,96	1,8	8.501,33	0,4	119,86	12	4	1	10
10.03	Gosende	29.633,24	25.014,40	5.245,29	1,8	9.441,52	0,4	94,36	12	1	3	5
10.04	Guimarei	15.097,44	13.324,00	4.000,09	1,8	7.200,16	0,4	135,10	12	3	2	5
10.05	Lestaio	13.445,27	10.277,40	3.947,08	1,8	7.104,74	0,4	172,82	7	0	0	10
10.06	Loios	28.345,58	22.192,10	5.106,97	1,8	9.192,55	0,4	103,56	14	4	4	5
10.07	Pedrafita	9.468,06	8.597,29	2.257,77	1,8	4.063,99	0,4	118,18	7	0	0	3
10.08	Sendón	26.970,28	23.420,50	5.432,01	1,8	9.777,62	0,4	104,37	13	4	5	17
10.09	Terelle	15.363,69	11.572,10	3.167,80	1,8	5.702,04	0,4	123,19	7	0	2	5
10.10	Touzas, As	16.455,07	1.464,06	1.054,90	1,8	1.898,82	0,4	324,24	5	3	2	7
10.11	Valadares	32.962,54	27.196,50	6.680,26	1,8	12.024,47	0,4	110,53	23	0	4	20
10.12	Vila do Monte, A	15.069,42	13.340,50	4.142,72	1,8	7.456,90	0,4	139,74	7	0	2	8
10.13	Vilar, O	12.774,86	10.893,70	1.518,80	1,8	2.733,84	0,4	62,74	3	1	0	0
10.14	Xendil	14.250,62	11.439,70	4.420,78	1,8	7.957,40	0,4	173,90	7	0	0	0
		264.511,28	208.015,45	56.242,32		101.236,18			141	20	26	100
TOTAL		3.148.720,48	2.606.692,29	471.117,60		848.011,68		11.627,19	2192	546	344	2506

Polo que respecta á cuantificación do uso residencial derivada da ordenación, hai que ter en conta que a tipoloxía maioritaria das vivendas é a tradicional cunha superficie destinada a uso residencial que rolda os 100 m² repartidos en dúas plantas e numerosos anexos. Para as vivendas non tradicionais estímase unha superficie de arredor de 150 m² destinados a uso residencial, tendo en conta que responden a tipoloxías modernas con programas que cumpren as necesidades básicas de habitabilidade e confort. O cálculo da capacidade máxima residencial dos núcleos tradicionais realízase a partir dos cadros anteriores.

En canto ás previsións de edificación nas áreas de expansión do núcleo hai que sinalar que segundo o indicado no artigo 24.4 da LOUPMRG, antes da aprobación do plan especial non se permitirán segregacións ou división de parcelas na área de expansión. Así para o cómputo da edificabilidade básica residencial nas áreas de expansión dos núcleos rurais delimitados partimos do número total de parcelas incluídas nas áreas de expansión asignándolles unha edificación de tamaño medio a cada unha, cun coeficiente corrector do 60% en función das condicións das parcelas existentes, da accesibilidade, da superficie mínima ou da fronte mínima. A efectos de cálculo podemos estimar unha superficie media de edificacións de 150 m² de uso residencial.

Ademais destes cálculos básicos de edificabilidade de licenza directa estímase que se poderán desenvolver certas operacións integrais nas áreas de expansión segundo o indicado no artigo 72.2 da LOUPMRG. Neste caso, en tendo en conta a densidade máxima fixada pola lexislación vixente, atendendo ó modelo de asentamento poboacional, procede fixar unha densidade non superior a 15 vivendas por hectárea.

Tendo en conta as características das áreas de expansión delimitadas, lonxitudinais ó longo do viario e edificados en parte, así como a práctica ausencia, en ámbitos tan marcadamente rurais, de promoción privada de vivendas máis alá da autopromoción, estímase que unicamente chegará a desenvolverse por este sistema o 10% da superficie total delimitada. Si esta porcentaxe chegara a ser superada estaríamos ante un caso de complexidade urbanística sobrevida ó Plan Xeral de maneira que se faría pertinente a súa revisión. A tal efecto, no apartado correspondente da normativa, se fixa como indicador de complexidade urbanística que da lugar á revisión do Plan Xeral, o desenvolvemento de operacións integrais en núcleos rurais a través de Plan Especial, que superen a superficie do 10% do total delimitado nas áreas de expansión dos núcleos rurais, e dicir 21,29 Ha.

CUANTIFICACIÓN DA EDIFICABILIDADE ESTIMADA PARA OS NÚCLEOS RURAIS TRADICIONAIS

	Superficie neta delimitada	Nº vivendas existentes	Superficie estimada	Superficie total	Nº vivendas novas	Superficie estimada	Superficie total
Núcleo rural tradicional	260,66 Ha	2.192	100 m ²	219.200 m ²	552	150 m ²	82.800 m ²
CAPACIDADE RESIDENCIAL DO N.R.T.							302.000 m²

CUANTIFICACIÓN DA EDIFICABILIDADE DE LICENZA DIRECTA ESTIMADA PARA AS ÁREAS DE EXPANSIÓN

	Superficie neta delimitada	Nº vivendas existentes	Nº parcelas delimitadas	% parcelas edificables	Nº parcelas edificables	Superficie estimada	Superficie total
Área de expansión	212,89 Ha	344	2.506	60%	1.504	150 m ²	225.600 m ²

CUANTIFICACIÓN DA EDIFICABILIDADE PARA AS ACTUACIÓNS INTEGRAIS EN NÚCLEOS RURAIS DISPERSOS (ÁREAS DE EXPANSIÓN)

	Superficie total delimitada	Límite de porcentaxe (10%)	Densidade	Nº total vivendas	Superficie media edificada	Superficie total
Núcleo rural disperso	212,89 Ha	21,29	15 viv/Ha	319	150 m ²	47.850 m ²

3.3.1.4. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbanizable delimitado

Delimítanse cinco sectores de solo urbanizable:

S-01: un sector nas proximidades do núcleo de Serra de Outes para a localización de solos industriais, o cal se considera, como xa se indicou suficientemente na memoria, de interese primordial para o concello pois é a única maneira de fixar a poboación residente, que neste momentos estase a marchar a concellos limítrofes polas poucas iniciativas empresariais debido á falta de solo industrial convenientemente dotado. Debido á súa posición deberase prever a conexión directa do sector cos depósitos xerais e a creación dunha depuradora propia nas

proximidades do Rego do Rial. A conexión coa rede viaria xeral realízase previndo, con cargo ó desenvolvemento do sector, a execución dun novo viario que enlace coa estrada CP-4502. Tendo en conta a urxencia da necesidade de solo industrial convenientemente dotado, esta actuación priorizarase entre as primeiras e se desenvolverá por algún dos sistemas de iniciativa pública previstos na lexislación do solo.

Este solo para a posible construción dun parque empresarial situouse en base ós seguintes criterios: a) proximidade ó solo urbano, o que indubidablemente mellora a eficiencia da mobilidade, da distribución ou do transporte público; b) topografía favorable o que indubidablemente repercute nunha economía da execución e nun menor impacto territorial e paisaxístico ó minimizar os movementos de terras, noiros e terrapléns; c) conexión coas vías de comunicación supramunicipais o que indubidablemente repercute nun mellor funcionamento do parque empresarial e unha mellor proxección cara ó exterior do concello. A situación escollida cumpre estes criterios básicos.

No tocante ó impacto paisaxístico compre salientar que non existen criterios de valor para identificar o ámbito en cuestión como un contorno de paisaxe aberta ou natural, rural ou marítimo. Máis aínda, a zona está profundamente transformada o que se plasma na existencia dun circuíto de karting, dúas actividades industriais, ata seis vivendas e numerosos recheos de entullo. No tocante ó humidal inventariado como Braña do Cotro, segundo a documentación dispoñible, conta cunha superficie de 28,75 Ha, nas coordenadas UTM X=508028,Y= 4744145. Despois de realizado o oportuno traballo de campo, o PXOM clasifica 29,45 Ha entre as cotas 13 e 17 m, cifra superior á inventariada, e que, en todo caso, non afecta á delimitación do solo urbanizable industrial S-01.

Por último, no tocante á produtividade da zona, e tal e como se pode apreciar dunha análise da tipoloxía das edificacións existentes, non existen naves agrícolas nin invernadoiros, o que pode dar unha idea de que a economía da zona non depende do uso agrícola destes terreos.

S-02: un sector en torno ao solo urbano de Serra de Outes para asegurar a continuidade e expansión da malla urbana. A finalidade do S-02 vincúlase ao remate norte da trama urbana e o seu enlace co núcleo de Boel. Debido ao tamaño da actuación prevista neste solo urbanizable non se prevén reforzos na rede de abastecemento ou saneamento, conectándose o sector aos servizos urbanísticos existentes, que en todo caso discorren por el. Polo que respecta á conexión co sistema xeral viario tamén se atopa garantido pois o sector ten enlace coa trama urbana sen supoñer unha sobrecarga para esta debido ó seu reducido tamaño.

S-05-01, S-05.02 e S-05-03: tres sectores en Riveira do Freixo. Tal e como se ven referindo na presente memoria o núcleo do Freixo é o que nestes momentos está a medar máis, sobre todo vinculado á segunda residencia polas expectativas que se abren coa creación do porto

deportivo, a proximidade da praia de Broña, a variante da Serra e o corredor Santiago-Noia. Así plnatéxase especializar o cremento deste núcleo urbano en vivenda vivenda unifamiliar posto que o solo destinado a vivenda colectiva vinculada ó porto previsto nas NN.SS. vixentes foi esgotado nos últimos anos.

Estes tres solos de baixa densidade ubícanse no espacio interticial entre os núcleos rurais tradicionais e o solo urbano servindo de transición en baixa densidade entre a zona máis compacta na parte baixa e a zona máis tradicional na parte alta do sentamento, tentando ordenar o espacio vacante que paulatinamente, e amparado polo planemaneto vixente, se foi poboando de edificacións illadas sen nengún tipo de orden aperaturente.

A superficie total do ámbito clasificado ascende a 16,7 Ha que cunha densidade prevista de 15 viv/Ha dá unha capacidade total de 250 vivendas, cifra similar ás que se levan executado nos último anos no solo urbano do Freixo pero en vivenda colectiva.

Esta superficie total divídese en tres sectores para a súa mellor xestión e para a execución lóxica das infraestruturas.

As principais comunicacións destes solos realizaranse a partir da estrada autonómica CP-6204, principal vía de comunicación dos núcleos da parte alta de Ribeira do Freixo e con capacidade suficiente así como polos viarios de penetración dos núcleos rurais no solo urbano. A tal efecto definiranse axeitadamente as aliñacións dos núcleos rurais así como a súa delimitación de maneira que non supoña impedimento ó desenvolvemento destes solos.

En ningún dos cinco ámbitos de solo urbanizable concorren circunstancias que os fagan especialmente protexibles, tratándose no caso dos da Serra de concentracións parcelarias antigas, que xa perderon a súa potencialidade produtiva pola plantación mesturada de especies arbóreas de medra rápida e a existencia de numerosas edificacións, e no caso do Freixo de zonas con monte baixo e algunha horta. Tampouco se dan en ningún deles potencialidades paisaxísticas.

CUANTIFICACIÓN DA EDIFICABILIDADE ESTIMADA PARA O SOLO URBANIZABLE DELIMITADO

Sector	Localización	Superficie total delimitada (m ²)	Uso	Aproveitamento (m ² /m ²)	Densidade	Superficie edificable total (m ²)	Superficie edificable residencial (m ²)
S-01	Serra de Outes	116.400	Industrial-terciario	0,70	---	81.480	---
S-02	Serra de Outes	16.992	Residencial	0,60	30 viv/Ha	10.195	10.195
S-05.01	Riveira do	42.614	Residencial	0,30	15 viv/Ha	12.784	12.784

	Freixo						
S-05.02	Riveira do Freixo	73.000	Residencial	0,30	15 viv/Ha	21.900	21.900
S-05.03	Riveira do Freixo	51.055	Residencial	0,30	15 viv/Ha	15.316	15.316
TOTAL		300.061				141.675	60.225

Destes cinco sectores priorizaranse aqueles que, por intereses municipais, deberían desenvolverse dunha maneira inmediata unha vez aprobado o Plan Xeral, o S-01 como industrial e S-05.01 como residencial.

3.3.1.5. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbanizable non delimitado

Clasifícanse como tal aquelas áreas que poden ser obxecto de transformación, fundamentalmente polos seus valores de posición respecto aos sistemas xerais viarios e infraestruturais e que non tendo a condición de solo urbano, núcleo rural ou rústico, tampouco teñen establecidos prazos dentro da estratexia do Plan Xeral. Tamén se inclúen dentro desta categoría aqueles terreos parcialmente edificadas e que non son susceptibles de clasificarse como solo urbano ou de núcleo rural.

Neste sentido, identifícase unha área en todo o termo municipal.

CUANTIFICACIÓN DA EDIFICABILIDADE ESTIMADA PARA O SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO

Área	Entorno	Superficie total delimitada (m ²)	Uso	Aproveitamento	Densidade	Superficie edificable total (m ²)
UND-04	Cruceiro de Roo	37.250	Residencial	0,3	15 viv/Ha	11.175
UND-05	Sabardes	236.198	Residencial	0,3	15 viv/Ha	70.859
TOTAL		273.448				82.034

3.3.1.6. Dimensionado da capacidade residencial en función das expectativas de crecemento

Para falar das expectativas de crecemento en primeiro lugar compre salientar que a tendencia de crecemento poboacional da zona costeira do concello incrementárase notablemente coa construción da autovía Santiago-Noia. Os 35 quilómetros que separan Santiago de Noia

converteranse en 15 minutos de percorrido en automóbil, unha distancia que fará atractivo residir no contorno de Noia aínda que o posto de traballo se localice na capital autonómica. Nestes momentos existe un bo número de efectivos poboacionais, sobre todo no colectivo máis mozo que está a residir no concello de Santiago pola proximidade ó posto de traballo.

Tamén se estima que esta tendencia incrementárase con poboación que, aínda traballando en Santiago de Compostela, opte por residir no contorno de Noia por unha cuestión de mellor relación calidade-prezo na vivenda e maiores valores medio ambientais.

Por último a aprobación do PXOM suporá, cos numerosos ámbitos de solo urbano non consolidado que se delimitan, unha mellora, sen precedentes no concello, nas dotacións de espazos libres, zonas verdes e equipamentos. As NN.SS. vixentes baseaban o seu modelo de crecemento no solo urbano de licenza directa, en ámbitos que contaban coa condición de soar. Tanto a Serra como o Freixo que se foron materializando en base ó planeamento vixente teñen un déficit considerable de espazos libres o que repercute inevitablemente na calidade de vida do entorno urbano. A materialización do PXOM que se está a tramitar suporá unha modificación transcendental no modelo actual, coa conseguinte mellora na calidade de vida do entorno urbano. Este factor tamén resultará decisivo par fixar poboación nos ámbitos urbanos, pois actualmente existen numerosos activos que traballando fundamentalmente na Serra, residen fora, sobre todo en Noia ou Santiago.

Estes aspectos que estamos a poñer de manifesto son dificilmente cuantificables numericamente, pero apoian máis firmemente o dato estatístico do crecemento do parque inmobiliario, que é xa unha realidade a día de hoxe e que se espera que o siga sendo.

Para facer unha previsión de crecemento do parque de vivendas tomamos como referencia os datos municipais de concesión de licencias anuais para vivendas segundo o seguinte cadro:

ANO	Nº VIVENDAS PARA AS QUE SE CONCEDEU LICENZA
2002	15
2003	19
2004	13
2005	40
2006	66
2007	164

Tal e como se pode apreciar o número de licencias para vivendas medrou exponencialmente nos últimos anos, sobre todo coincidindo coa finalización do primeiro tramo da autovía Santiago-Noia e da construción do novo porto do Freixo.

Á vista disto, sobre todos dos resultados dos tres últimos anos, resulta unha media de produción de vivendas de 90 vivendas/ano.

Por último, o novo panorama que se expoñía nos parágrafos precedentes referentes ás posibilidades de crecemento demográfico no entorno da capital municipal fan que se poida ser optimista respecto da variación á alza da produción de vivendas por ano; é dicir, se o parque de vivendas estaba a medrar nunhas condicións demográficas adversas marcadas pola migración ás principais cidades galegas, no momento que se poida inverter esta situación, e o novo planeamento e as novas infraestruturas están en disposición de acadalo, o parque de vivendas poderá medrar a un ritmo superior ó que o viña facendo. Como mostra da capacidade de Outes para producir novas vivendas podería bastar a do último ano que se incorpora a este informe, o 2007 con 164.

Á vista de todo isto semella coherente dimensionar o PXOM de Outes para unha capacidade de produción de vivendas estimado preto ás do último ano, é dicir, 150 viv/ano, no entorno dos ámbitos urbanos.

Pasamos agora a xustificar os cálculos dos que deriva a capacidade do PXOM en novas vivendas en coherencia co crecemento proposto:

- Solo urbano: a capacidade do PXOM en novas vivendas en solo urbano deriva da diferenza entre a superficie edificable total, por aplicación das ordenanzas correspondentes, e a superficie edificada existente. As superficies calcúlanse en función da relación entre a superficie edificada existente e o número de vivendas existentes.

Dos datos anteriores obtense unha superficie edificada neta de 217.732 m², estando edificadas 956 vivendas, a día de hoxe. A capacidade edificatoria do solo urbano (consolidado e non consolidado) proposto no PXOM é de 634.288 m², da cal resultan, seguindo os mesmos parámetros de edificabilidade actuais, 2.785 vivendas. A este número de vivendas restámoslle as que están xa edificadas, resultando un número de **1.829 novas vivendas en solo urbano.**

- Solo urbanizable delimitado residencial: a capacidade residencial deriva da aplicación do parámetro de densidade pola superficie clasificada.

A capacidade en novas vivendas do solo urbanizable delimitado ascende polo tanto a **303 vivendas.**

Destes datos obtense unha previsión de **2.132 novas vivendas** no entorno urbano, para o período de vixencia de 20 anos sinalado na estratexia do PXOM, cunha produción anual de 107 vivendas.

Por último, compre indicar que a colmatación do 100 % do solo previsto nos apartados anteriores é un feito difícil de acadar, sobre todo no solo urbano consolidado en base a cuestións de propiedade, de edificacións existentes que non acadan a edificabilidade máxima, etc. Compre lembrar que este representa o 70% do total da produción de novas vivendas. Se por determinadas cuestións antes aludidas o solo urbano consolidado non se edificara de acordo coas previsións do PXOM, por defecto (inedificabilidade de certas zonas) ou por exceso (procesos de crecemento superiores ós previstos no PXOM), sería necesario incorporar ó desenvolvemento urbanístico máis solo en condicións axeitadas de dotacións e infraestruturas. Neste marco é no que se plantexa a clasificación do solo urbanizable non delimitado prevista polo PXOM, é dicir como reserva de solo, que poderá entrar no mercado no caso de que conorra algunha das circunstancias antes indicadas.

Este extremo, sobre a incorporación do solo urbanizable non delimitado ó desenvolvemento urbanístico reflíctese oportunamente nas condicións de desenvolvemento deste solo nos apartados correspondentes da normativa.

3.3.1.7.- Ordenación do solo rústico

Establece a LOUPMRG no seu artigo 15 que constituirán solo rústico os terreos que deban ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico, indicando a continuación as causas desta protección. Na práctica isto fai que unha vez definido o solo urbano en base á malla e os servizos urbanísticos, os núcleos rurais en base ao recoñecemento dos asentamentos e a súa tipoloxía e o solo urbanizable como o non protexible con aptitudes para ser desenvolvido, o solo rústico sexa o resto do termo municipal.

Unha vez definida a superficie de solo rústico do termo municipal, haberá que determinar o tipo de protección aplicable a cada unha das zonas, tomando como base os datos obtidos da información urbanística e o estudo do medio rural contidos no presente Plan Xeral.

Así, atendendo á lexislación do solo e ao estudo do medio rural, se clasificará o solo rústico do termo municipal en solo rústico de protección ordinaria, agropecuaria, forestal, de augas, de infraestruturas, de patrimonio, paisaxística, de espazos naturais e de costas.

3.3.1.7.1. Solo rústico de protección agropecuaria

CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS DO CONCELLO DE OUTES

DENOMINACIÓN	CONCELLOS AFECTADOS	DATA DE INICIO
---------------------	----------------------------	-----------------------

Cando (San Tirso)	Outes	12/04/91
Entíns (Santo Ourense e Santa María)	Outes	13/10/80
Matasueiro (San Lourenzo)	Outes	22/11/66
Outes-Valadares	Outes	12/04/91
Roo (San Xoan)	Outes	12/02/67
O Freixo de Sabardes (San Xoan)	Outes	
Valadares (San Miguel)	Outes	13/08/66

Analizando as datas das concentracións parcelarias pódese constatar que, excepto a de O Freixo de Sabardes, aínda sen iniciar, de acordo co expresado no artigo 32.2.a) da LOUPMRG, ningunha concentración, ten unha antigüidade inferior a dez anos e polos tanto, salvo outros motivos de produtividade ou tamaño das parcelas, non ten a obriga de se considerar especialmente protexidas para usos agropecuarios. Polo que respecta á produtividade destes terreos, se atopa moi minguada, mesmo para usos forestais, pois nunha parte dela afecta a núcleos rurais e mesmo a solo urbano ou urbanizable, os que constitúen polígonos únicos dentro da concentración xeral, noutros casos afecta a extensas áreas de monte baixo e nalgúns outros o aproveitamento madeirable xa foi talado e substituído por monte baixo.

Existen áreas de cultivo libres de edificación de superficie superior a 10 Ha nas parroquias de Valadares, Matasueiro, Cando e Entíns (Santo Ourense), situadas ao norte do termo municipal.

As áreas con especial capacidade produtiva agrícola se centran fundamentalmente na zona norte.

A capacidade produtiva do resto das zonas cultivadas do termo municipal se atopa moi minguada pola invasión indiscriminada de vivendas e plantacións forestais.

3.3.1.7.2. Solo rústico de protección forestal

As áreas forestais repártense por todo o termo municipal, ás veces invadindo as áreas orixinarias de cultivo e poñendo en perigo as edificacións dos núcleos.

Clasifícanse como solo rústico de protección forestal, os terreos que, non tanto polo seu valor ecolóxico como produtivo, son de vital importancia para a economía da zona, así como as masas forestais existentes no termo municipal.

Ademais da clasificación, no apartado correspondente da normativa contemplaranse as medidas necesarias para preservar tanto os núcleos como as áreas de cultivo da medra indiscriminada das reforestacións.

3.3.1.7.3. Solo rústico de protección de augas

Os cursos de augas existentes en Outes se clasifican como solo rústico de protección de augas en función das capacidades de cada unha das concas. Así se fixa unha franxa paralela ao leito a unha distancia que abala entre os 100 e os 25 m medidos desde o borde do mencionado leito.

A conca dos respectivos leitos reflíctese nos documentos correspondentes da información urbanística.

O río Tambre é o máis importante do concello, chega a Outes despois de percorrer ó longo dos seus 84 Km. as terras de Sobrado, Arzúa, Ordes, Santiago e Negreira, facendo ademais de linde con Noia no seu último tramo. Desembocan nel, o río Laxoso, de curto percorrido por Cando e o Donas, que vindo desde Negreira cruza cos seus máis de 12 Km. de lonxitude toda a parroquia de S. Ourense, onde recibe as augas do Banzas, e a de Cando, onde se lle une o río Portomourello, para rematar en A Ponte Nafonso.

Outros ríos importantes son o Tins, tamén de 12 Km. de longo, que nace en Mazaricos (onde lle chaman Santabaia), atravesa Matasueiro, pasa por S. Pedro de Outes, onde se alimenta dalgúns regatos en Lantarou e Boel para morrer, logo de partir en dúas a capital municipal, na enseada de Langaño.

No mesmo seo desembocan o Rial e o río de Brión, que regan os vales de S. Ourense e Entíns o primeiro e a chaira de Brión o segundo, máis curto. O Bendimón, de 5 Km., nace preto de Loios (Valadares), bordea o Tremuzo, escorre por terras de Roo e a súa saída ó mar faina polos límites entre S. Cosme de Outeiro e o Freixo. Outros cursos de auga que nacen nas terras altas de Mirás e Valadares non van á ría, senón que se dirixen cara ó río Xallas a través do Beba.


Desde o punto de vista hidrográfico o termo municipal divídese en tres concas que representaremos coas claves C-0 (Cunca do río Tambre), C-1 (Cunca da ría de Muros e Noia) e C-2 (Cunca do río de Xallas).

- Conca da ría de Muros e Noia (C-1): Ocupa el 85 % do termo municipal, sendo a súa extensión de 5.259 Ha e a el verten os seguintes ríos e regatos: río Laxoso (C-1.1), río Donas (C-1.2), río do Rial (C-1.3), río Tines (C-1.4), rego del Prado (C-1.5), río de Bendimón (C-1.6), rego Pipe (C-1.7), rego de Cernadas (C-1.9) e río Maior (C-1.10).

- Conca do Río Xallas (C-2): Ocupa o 3,16% termo municipal, sendo a súa extensión de 308,67 Ha.

Ademais destas concas, existen subconcas que van verter a cada uns dos ríos e regatos mencionados anteriormente. Da subconca do río Donas destacamos o río das Banzas (C-1.2.1) e da subconca do río Tins, destacamos o río de Lantarou (C-1.4.5).

O cadro resumo que ven agora especifica as superficies das diferentes concas, así como das sucesivas división:



3.3.1.7.4. Solo rústico de protección de infraestruturas

Segundo a Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 identifícase nos planos de clasificación cos terreos destinados a infraestruturas e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación, cuadrantes no termo municipal de Outes coa liña límite de edificación das

estradas autonómicas e provinciais, así como as áreas de afección das liñas eléctricas ou dos parques eólicos, mesmo os terreos do parque eólico singular que contan a día de hoxe con declaración de utilidade pública, e as parcelas destinadas a servizos urbanísticos fora do solo urbano.

3.3.1.7.5. Solo rústico de protección de costas

Inclúense dentro desta clasificación os terreos, fora dos núcleos rurais e o solo urbano, que se atopan a unha distancia inferior a 200 metros do límite interior da ribeira do mar.

3.3.1.7.6. Solo rústico de protección paisaxística

Inclúese dentro desta clasificación o Tremuzo e algún outro punto alto do concello así como a súa área de influencia inmediata, non tanto polos seus valores naturais como por constituír un fito visual, divisable a moitos quilómetros á redonda

3.3.1.7.7. Solo rústico de protección de espazos naturais

Delimítanse no planeamento os espazos naturais incluídos na Rede Natura identificados como L.I.C. Esteiro do Tambre. Inclúese nos planos de clasificación coa delimitación publicada no Diario Oficial de Galicia correspondente. Tamén se recollen os humidais inventariados pola Consellería de Medio Ambiente.

3.3.1.7.8. Solo rústico de protección de patrimonio (arquitectónico e arqueolóxico)

Delimítanse no planeamento todos aqueles bens patrimoniais para a súa protección de acordo coa lexislación sectorial vixente. Delimítanse como solo rústico de protección de patrimonio arqueolóxico tódolos castros, mámoas e demais elementos inventariados e delimitados e recollidos no inventario da D.X. de Patrimonio Cultural.

3.3.1.7.9. Solo rústico de protección ordinaria

Clasifícase como tal aquel solo que non reunindo ningún dos valores anteriores tampouco se considera adecuado para a súa incorporación ó desenvolvemento urbanístico en base a criterios de utilización racional dos recursos naturais e desenvolvemento sostible.

En base a isto clasifícanse solos rústicos de protección ordinaria na zona baixa do concello, a menos agrícola por cuestión fundamentalmente parcelarias, en zonas non forestais, fora da liña de 200 m da ribeira do mar e que non presenten valores relevantes dende o punto de vista paisaxístico. Estas zonas repártense polas parroquias de San Cosme de Outeiro, O Freixo de Sabardes, Matasueiro, Roo e Tarás.

3.3.2. CUANTIFICACIÓN E DEFINICIÓN DE SISTEMAS XERAIS

Os sistemas xerais previstos no Plan Xeral aparecen recollidos nos planos correspondentes de clasificación do solo e ordenación.

Se procede a continuación á súa cuantificación e programación a efectos de xustificar os parámetros de aplicación derivados da lexislación urbanística e do regulamento de planeamento en vigor.

3.3.2.1. Sistema xeral viario

Constitúen o sistema xeral viario a totalidade do sistema de estradas: autonómicas, provinciais e municipais, que serven de soporte para a comunicación e enlace dos núcleos de poboación.

Os sistemas xerais viarios recollidos no plano C-00 de Estrutura Xeral e Orgánica do Territorio, de acordo co estipulado na lexislación vixente garanten unha correcta conexión de todas as entidades e núcleos de poboación. A efectos de posibilitar a programación e garantir as posibilidades de execución realízase a continuación o cadro de sistemas de nova creación, indicando a administración responsable da súa execución.

DENOMINACIÓN	TIPO	ADMINISTRACIÓN ACTUANTE
Mellora de trazado e capacidade da AC-550 Cee-Tui.	Estrada autonómica	Subdirección Xeral de Estradas

Treito Muros-Noia. Subtreito: límite municipal de Muros con Serra de Outes-Noia AC-554		
---	--	--

Independentemente do sistema xeral viario, tamén se contemplan certas operacións de sistema local viario para o remate da trama urbana de A Serra de Outes, e a conexión cos equipamentos existentes. Así, prevese a reurbanización das pistas de concentración parcelaria que conectan A Serra co núcleo de Boel, a través da piscina, coa zona verde ZVX-6 e esta, coa travesía do Areal.

A cuantificación das superficies é a seguinte:

SUPERFICIE EXISTENTE	4.835 m ²
SUPERFICIE A EXPROPIAR	7.731 m ²
SUPERFICIE A URBANIZAR	12.566 m ²

3.3.2.2. Sistema xeral zonas verdes e espazos libres

Establece a LOUPMRG, no seu artigo 47 que o Plan Xeral deberá prever Sistema Xeral de Espazos Libres e Zonas Verdes de dominio e uso públicos, en proporción non inferior a 15 metros cadrados por cada 100 metros cadrados de uso residencial. Tendo en conta isto pásase a continuación a cuantificar o número de metros cadrados de uso residencial previstos polo Plan.

Solo de núcleo rural tradicional

O solo de núcleo rural tradicional considérase de licenza directa municipal polo que as previsións son as contempladas nos apartado precedentes.

Superficie prevista por ordenación do Plan Xeral	Superficie total a computar
302.000 m ²	302.000 m ²

Área de expansión

O crecemento das áreas de expansión, segundo os cálculos aportados nos apartados precedentes ascende ás seguintes cantidades:

Superficie prevista por ordenación do Plan Xeral	Superficie por desenvolvemento de Plan Especiais	Superficie total a computar
225.600 m ²	47.850 m ²	273.450 m ²

Solo urbano

Para o solo urbano consolidado aplícanse directamente os datos anteriormente obtidos:

	Superficie prevista por ordenación do Plan Xeral	Superficie total a computar
Solo urbano consolidado	589.116 m ²	487.607 m ²
Solo urbano non consolidado	172.566 m ²	146.681 m ²

Solo urbanizable delimitado

Segundo os datos anteriores:

Superficie prevista por ordenación do Plan Xeral	Superficie total a computar
60.225 m ²	60.225 m ²

Solo urbanizable non delimitado:

Non se contempla a efectos de garantir o estándar de sistemas xerais de equipamentos e espazos libres pois, segundo o estipulado no artigo 66.3.c) da LOUPMRG, os plans de sectorización conterán as súas propias cesións de sistemas xerais.

Por tanto a capacidade real do Plano Xeral de uso residencial ascende a 1.269.963 m².

As zonas verdes e espazos libres tanto existentes como previstos polo Plan teñen por tanto que ser superiores a 190.494 m². A xustificación do cumprimento deste estándar se expresa no cadro adxunto.

ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES EXISTENTES						
DENOMINACIÓN	CÓDIGO	LUGAR	VINCULACIÓN	TITULARIDADE	CONEXIÓN CON SISTEMAS XERAIS	SUPERFICIE (m ²)
Parque	ZVX-4	Ponte Nafonso (Cando)	Solo Urbano	Municipal	Trama urbana	3.856
Praza de Galicia	ELX-1	Serra de Outes (Outes)	Solo Urbano	Municipal	Trama Urbana	2.018
Praza do Centro de saúde	ELX-2	Serra de Outes (Outes)	Solo Urbano	Municipal	Trama Urbana	2.541
Praia e paseo Marítimo	ELX-3	Broña (Outeiro)	Termo municipal	Municipal	Viario municipal	10.350
Área recreativa	ELX-4	Punta Albar (Outeiro)	Termo municipal	Municipal	Viario municipal	3.465
Parque tras do Concello	ZVX-1	Serra de Outes(Outes)	Solo Urbano	Municipal	Trama Urbana	1.078
Entorno río Tins	ZVX-2	Serra de Outes (Outes)	Solo Urbano	Municipal	Trama Urbana	47.526
Parque	ZVX-3	Serra de Outes (Outes)	Solo Urbano	Municipal	Trama Urbana	1.870
TOTAL						72.677

ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES PROGRAMADAS						
DENOMINACIÓN	CÓDIGO	LUGAR	VINCULACIÓN	TITULARIDADE	CONEXIÓN CON SISTEMAS XERAIS	SUPERFICIE (m ²)
Zona verde	ZVX-5	Broña (Outeiro)	Termo municipal	Prevista municipal	Viario municipal	58.612
Zona verde	ZVX-6(a)	Serra de Outes (Outes)	Solo Urbano	Prevista municipal	Trama Urbana	14.036
Zona verde	ZVX-6(b)	Serra de Outes (Outes)	Solo Urbano	Prevista municipal	Trama Urbana	35.239
Zona verde	ZVX-6(c)	Serra de Outes (Outes)	Solo Urbano	Prevista municipal	Trama Urbana	44.319
Zona verde	ZVX-6(d)	Serra de Outes (Outes)	Solo Urbano	Prevista municipal	Trama Urbana	9.471
Novo parque do	ZVX-7 (a)	Riveira do	Solo Urbano	Municipal	Trama urbana	4.886

Freixo		Freixo (Freixo de Sabardes)				
Novo parque do Freixo	ZVX-7 (b)	Riveira do Freixo (Freixo de Sabardes)	Solo Urbano	Municipal	Trama urbana	3.057
TOTAL						169.620

TOTAL ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES	242.297
-------------------------------------	---------

Capacidade de uso residencial prevista polo PXOM 1.269.963

CUMPRIMENTO DE ESTÁNDARES	
Xustificación de dotación de E.L e Z.V. totais sobre uso residencial	19,07 %

Como se pode apreciar no cadro adxunto as dotacións existentes a nivel de espazos libres e zonas verdes neste momento eran deficitarias. Cos que se programan se cobren non só as necesidades da poboación actual, senón as das previsións máis optimistas do planeamento en función da clasificación do solo.

Estes espazos libres existentes ou programados e as súas respectivas ampliacións se sitúan uniformemente repartidos polo termo municipal e preto dos núcleos de poboación importantes de modo que se consegue un certo equilibrio entre posición dos equipamentos e concentracións de habitantes que disfrutan os mencionados espazos libres.

Ademais destes espazos libres e zonas verdes de sistema xeral existen outros de sistema local que complementan o equipamento municipal e que se reflicten no seguinte cadro:

ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES LOCAIS EXISTENTES

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
ELL-04	Espazo Libre	Freixo de Sabardes (San Xoán)	Monte Tremuzo	Municipal	10.577
ELL-07	Espazo Libre	Outes (San Pedro)	O Couto	Municipal	766
ELL-08	Parque	Roo (San Xoán)	Cruceiro de Roo	Municipal	631
ELL-10	Espazo Libre	Valadares (San Miguel)	Valadares	Municipal	258

3.3.2.3. Equipamentos e dotacións

Da análise efectuada en epígrafes anteriores e da información que se desprende dos planos de clasificación e información hai que sinalar que o concello de Outes a día de hoxe non é deficitario en solo destinado a estes fins.

Acompáñanse os cadros de equipamentos e dotacións existentes:

EQUIPAMENTOS DE SISTEMA XERAL EXISTENTE**EQUIPAMENTO DOCENTE**

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
DCX-1	Complexo educativo	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Pública	11.212
DCX-2	Complexo educativo	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Pública	12.162
DCX-3	Complexo educativo	Roo (San Xoán)	Cruceiro de Roo	Pública	5.966

EQUIPAMENTO DEPORTIVO

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
DPX-1	Complexo deportivo	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Municipal	12.975
DPX-2	Complexo deportivo	Roo (San Xoán)	Cruceiro de Roo	Municipal	10.881
DPX-3	Piscina	Outes (San Pedro)	Boel	Municipal	5.437

EQUIPAMENTO ADMINISTRATIVO

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
ADX-1	Casa consistorial	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Municipal	355
ADX-2	Cuartel da Garda civil	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Pública	1.380

SANITARIO ASISTENCIAL

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
SAX-1	Centro de servizos sociais	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Municipal	463
SAX-2	Centro de saúde	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Pública	674
SAX-3	Centro de día	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Municipal	707

SOCIO-CULTURAL

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
SCX-1	Casa da cultura	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Municipal	1.605
SCX-2	Escola-taller	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Municipal	523
SCX-3	Protección civil	Entíns (San Ourense)	O Areal	Municipal	1.393

TOTAL EQUIPAMENTO DE SISTEMA XERAL EXISTENTE **65.733**

Capacidade residencial prevista polo PXOM **1.269.963**

PORCENTAXE SOBRE EDIFICABILIDADE RESIDENCIAL PREVISTA **5,17 %**

OUTROS EQUIPAMENTOS DE SISTEMA XERAL EXISTENTE NON COMPUTABLES**SERVICIOS URBANÍSTICOS**

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
SRX-1	E.D.A.R.	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Municipal	886
SRX-2	Complexo portuario	Freixo de Sabardes (S. Xoan)	Riveira do Freixo	Autonómica	13.131
SRX-3	Punto limpo	Entíns (Santo Ourense)	O Brenzo-A Cepa	Municipal	2.797
SRX-4	Peirao	Outeiro (San Cosme)	A Barquiña	Autonómica	2.245
SRX-5	Porto do Conchido	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Autonómica	3.240
SRX-6	Depósito	Outes (San Pedro)	Boel	Municipal	284
SRX-7	Depósito	Roo (San Xoan)	Roo de Arriba	Municipal	175

EQUIPAMENTO DE SISTEMA LOCAL EXISTENTE

EQUIPAMENTO DEPORTIVO

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
DPL-01 (a)	Campo de fútbol	Cando (San Tirso)	Cando de Abaixo	Municipal	4.186
DPL-01 (b)	Pista polideportiva	Cando (San Tirso)	A Corga	Municipal	670
DPL-01 (c)	Pista polideportiva	Cando (San Tirso)	Cuns	Municipal	1.105
DPL-03 (a)	Pista polideportiva	Entíns (San Ourense)	O Vilar	Municipal	5.426
DPL-03 (b)	Pista polideportiva	Entíns (San Ourense)	Vousacoba	Municipal	1.463
DPL-03 (c)	Pista polideportiva	Entíns (San Ourense)	Banzas	Municipal	1.131
DPL-03 (d)	Pista polideportiva	Entíns (San Ourense)	O Piñeiro	Municipal	1.365
DPL-04 (a)	Campo de fútbol	Sabardes (San Xoán)	Mosteiro	Municipal	7.016
DPL-04 (b)	Pista de tenis	Sabardes (San Xoán)	Na costa	Municipal	1.893
DPL-05	Pista polideportiva	Matasueiro (San Lourenzo)	A Carreira	Municipal	1.328
DPL-06 (a)	Pista de tenis	Outeiro (San Cosme)	Serantes	Municipal	1.058
DPL-06 (b)	Pista polideportiva	Outeiro (San Cosme)	Tornil	Municipal	1.161
DPL-07	Pista polideportiva	Outes (San Pedro)	Vilar de Outes	Municipal	2.012
DPL-08	Pista polideportiva	Roo (San Xoán)	Bendimón	Municipal	998
DPL-09	Pista deportiva	Tarás (San Xián)	Riba de Mar	Municipal	387
DPL-10	Pista polideportiva	Valadares (San Miguel)	A Vila do Monte	Municipal	1.590

EQUIPAMENTO SOCIO-CULTURAL EXISTENTE

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
SCL-01 (a)	Antiga escola	Cando (San Tirso)	Cando de Abaixo	Municipal	610
SCL-01 (c)	Local social	Cando (San Tirso)	Filgueiro	Municipal	563
SCL-03 (a)	Local social	Entíns (San Ourense)	Cabana Moura	Municipal	1.067
SCL-03 (b)	Antiga escola	Entíns (San Ourense)	O Cruceiro	Municipal	559
SCL-07 (a)	Antiga escola	Outes (San Pedro)	Lantarou	Municipal	663
SCL-07 (b)	Centro sociocultural	Outes (San Pedro)	Moledo	Municipal	937
SCL-10 (a)	Antiga escola	Valadares (San Miguel)	preto a Valadares	Municipal	1.768
SCL-10 (b)	Antiga escola	Valadares (San Miguel)	Lestaio	Municipal	1.180
SCL-10 (c)	Antiga escola	Valadares (San Miguel)	A Vila do Monte	Municipal	591

EQUIPAMENTO DOCENTE

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
DCL-01	Escola unitaria	Cando (San Tirso)	Cuns	Municipal	1.744
DCL-04	Escola unitaria	Sabardes (San Xoán)	Braño	Municipal	1.626
DCL-09	Escola unitaria	Tarás (San Xián)	A Barreira	Municipal	372
DCL-10	Asoc. ADIBISMUR	Valadares (San Miguel)	As Touzas	Privada	9.886

EQUIPAMENTO RELIXIOSO

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
REL-01	Capela	Cando (San Tirso)	A Ponte Nafonso	Eclesiástica	158
REL-03 (a)	Capela	Entíns (San Ourense)	O Curro	Eclesiástica	1.173
REL-03 (b)	Capela	Entíns (San Ourense)	Lugar de Arriba	Eclesiástica	1.203
REL-05	Ermida de San Paio	Matasueiro (San Lourenzo)	San Paio	Eclesiástica	1.077
REL-07(a)	Igrexa	Outes (San Pedro)	Serra de Outes	Eclesiástica	465
REL-07(b)	Capela	Outes (San Pedro)	Mirás	Eclesiástica	138
REL-09	Ermida	Tarás (San Xián)	O Sino	Eclesiástica	554

EQUIPAMENTO RELIXIOSO E CEMITERIO

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITULAR	SUPERFICIE (m ²)
RCL-01	Conxunto parroquial	Cando (San Tirso)	San Tirso	Eclesiástica	3.418
RCL-02	Conxunto parroquial	Entíns (Sta. María)	Entíns	Eclesiástica	2.962
RCL-03	Conxunto parroquial	Entíns (San Ourense)	A Seara	Eclesiástica	2.565
RCL-04	Conxunto parroquial	Sabardes (San Xoán)	Piñeiro	Eclesiástica	859
RCL-05	Conxunto parroquial	Matasueiro (San Lourenzo)	A Torre	Eclesiástica	1.350
RCL-06	Conxunto parroquial	Outeiro (San Cosme)	Tornil	Eclesiástica	5.751
RCL-07	Conxunto parroquial	Outes (San Pedro)	Outes	Eclesiástica	2.218
RCL-08	Conxunto parroquial	Roo (San Xoán)	Roo de Abaixo	Eclesiástica	3.092
RCL-09	Conxunto parroquial	Tarás (San Xián)	O Sino	Eclesiástica	1.221
RCL-10	Conxunto parroquial	Valadares (San Miguel)	Valadares	Eclesiástica	1.768

EQUIPAMENTO DE CEMITERIO

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITUL	SUP. (m ²)
CEL-03	Cemiterio	Entíns (San Ourense)	Canizos	Eclesiástica	5.426
CEL-07	Cemiterio	Outes (San Pedro)	Outes	Eclesiástica	5.073

EQUIPAMENTO SANITARIO-ASISTENCIAL

CÓDIGO	ELEMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	TITUL	SUP. (m ²)
--------	----------	-----------	--------	-------	------------------------

SAL-09	Antigo hospital CENGAS	Tarás (San Xián)	Seilán	Privado	31.083
--------	---------------------------	------------------	--------	---------	--------

3.3.2.4. Sistema xeral de infraestruturas

Abastecemento

A actual rede de abastecemento abarca un total de 5.266 habitantes, con dous depósitos conectados, un en Roo e outro en Boel, cunha capacidade total de 840 m³, sendo insuficiente para as previsións de crecemento do PXOM.

As previsións de crecemento do PXOM en número de vivendas en solo urbano e urbanizable delimitado plásmanse no seguinte cadro:

TIPO DE SOLO	NOVA SUPERFICIE EDIFICABLE RESIDENCIAL PREVISTA (m ²)	Nº DE NOVAS VIVENDAS PREVISTAS
Solo urbano consolidado	487.607	1.185
Solo urbano non consolidado	146.681	644
Solo urbanizable delimitado	60.225	303
TOTAL	694.513	2.132

Para as previsión de crecemento de núcleo rural compre indicar que a rede conxionada a estes depósitos abarca o 60% da capacidade dos núcleos rurais:

TIPO DE SOLO	NOVA SUPERFICIE EDIFICABLE RESIDENCIAL PREVISTA (m ²)	PORCENTAXE	Nº DE NOVAS VIVENDAS PREVISTAS
Solo de núcleo rural tradicional	301.100 - (2.192 vivendas existentes x 100m ²)	60%	331
Área de expansión	307.050 - (378 vivendas existentes x 150m ²)	60%	765

É dicir, habería que ampliar os depósitos ata unha capacidade máxima equivalente a 3.228 vivendas e un polígono industrial de 11 Ha.

Realizados os cálculos pertinentes, chegouse á conclusión de que sería necesaria unha ampliación do actual depósito de Boel ata os 1.000 m³, que co existente en Roo daría cabida a unha poboación de máis de 10.000 habitantes. Esta ampliación se realizaría con cargo ó desenvolvemento do nomeado sector de solo urbanizable industrial.

Saneamento

Tendo en conta os datos aportados no presente PXOM, o saneamento existente considérase suficiente para a capacidade edificatoria actual e máis para a proposta no PXOM.

3.3.2.5. Obtención, execución e deseño das novas dotacións

SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES PROGRAMADAS			
DENOMINACIÓN			
Área recreativa e paseo de Broña			
CÓDIGO	LUGAR	OBTENCIÓN DO SOLO	EXECUCIÓN
ZVX-5	Broña	Expropiación	Municipal
CRITERIOS DE DESEÑO			
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento das actividades lúdico-recreativas. - Creación de pequenas construcións en concordancia con esas actividades e co aproveitamento turístico da paria. - Continuidade coa zona xa acondicionada. - Dotación de superficie de aparcamento de superficie branda - Respecto e conservación da vexetación existente. - Primacía da zona verde e urbanización branda. 			

SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES PROGRAMADAS			
DENOMINACIÓN			
Parque do río Tins			
CÓDIGO	LUGAR	OBTENCIÓN DO SOLO	EXECUCIÓN
ZVX-6(a)	Serra de Outes	Terreos municipais e expropiación	Municipal
CRITERIOS DE DESEÑO			
<ul style="list-style-type: none"> - Creación dun grande parque fluvial no entorno do solo urbano de Serra de Outes. - Posta en valor do entorno do río Tins. - Creación dun paseo ó longo do río. - Dotación de superficie de aparcamento de superficie branda. - Primacía da zona verde e urbanización branda. 			

SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES PROGRAMADAS			
DENOMINACIÓN			
Parque do río Tins			
CÓDIGO	LUGAR	OBTENCIÓN DO SOLO	EXECUCIÓN
ZVX-6(b)	Serra de Outes	Terreos municipais e expropiación	Municipal

CRITERIOS DE DESEÑO			
- Creación dun grande parque fluvial no entorno do solo urbano de Serra de Outes.			
- Posta en valor do entorno do río Tins.			
- Creación dun paseo ó longo do río.			
- Dotación de superficie de aparcamento de superficie branda.			
- Primacía da zona verde e urbanización branda.			

SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES PROGRAMADAS			
DENOMINACIÓN			
Parque do río Tins			
CÓDIGO	LUGAR	OBTENCIÓN DO SOLO	EXECUCIÓN
ZVX-6(c)	Serra de Outes	Terreos municipais e expropiación	Municipal
CRITERIOS DE DESEÑO			
- Creación dun grande parque fluvial no entorno do solo urbano de Serra de Outes.			
- Posta en valor do entorno do río Tins.			
- Creación dun paseo ó longo do río.			
- Dotación de superficie de aparcamento de superficie branda.			
- Primacía da zona verde e urbanización branda.			

SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES PROGRAMADAS			
DENOMINACIÓN			
Parque do río Tins			
CÓDIGO	LUGAR	OBTENCIÓN DO SOLO	EXECUCIÓN
ZVX-6(d)	Serra de Outes	Terreos municipais e expropiación	Municipal
CRITERIOS DE DESEÑO			
- Creación dun grande parque fluvial no entorno do solo urbano de Serra de Outes.			
- Posta en valor do entorno do río Tins.			
- Creación dun paseo ó longo do río.			
- Dotación de superficie de aparcamento de superficie branda.			
- Primacía da zona verde e urbanización branda.			

SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES PROGRAMADAS			
DENOMINACIÓN			
Novo parque do Freixo			
CÓDIGO	LUGAR	OBTENCIÓN DO SOLO	EXECUCIÓN
ZVX-7(a)	Riveira do Freixo	Propiedade municipal	Municipal

CRITERIOS DE DESEÑO			
- Creación dunha zona verde no interior da mazá de Riveira de Freixo.			
- Resolución axeitada das zonas de contacto.			
- Resolución dos accesos ó parcelario restante.			
- Dotación de superficie de aparcamento de superficie branda.			
- Respecto e conservación da vexetación existente.			
- Primacía da zona verde e urbanización branda.			

SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES PROGRAMADAS			
DENOMINACIÓN			
Novo parque do Freixo			
CÓDIGO	LUGAR	OBTENCIÓN DO SOLO	EXECUCIÓN
ZVX-7(b)	Riveira do Freixo	Expropiación	Municipal
CRITERIOS DE DESEÑO			
- Creación dunha zona verde no interior da mazá de Riveira de Freixo.			
- Resolución axeitada das zonas de contacto.			
- Resolución dos accesos ó parcelario restante.			
- Dotación de superficie de aparcamento de superficie branda.			
- Respecto e conservación da vexetación existente.			
- Primacía da zona verde e urbanización branda.			

3.3.2.6. Cumprimento da lexislación sobre accesibilidade

O presente planeamento da cumprimento á lexislación vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas nos seguintes extremos:

1.- Solo urbano non consolidado e solo urbanizable en áreas de ordenación integral prevista polo plan:

- Tódalas rúas de nova apertura son de largo igual ou superior a 10 m de maneira que, formulando tráfico rodado dunha soa dirección a aparcamento a un lado, permiten a creación de beirarrúas de 1,80 de largo ou máis.

- As pendentes nas rúas de nova apertura non superan o 8%.

- Non se prevén itinerarios mixtos.

- No cómputo total das prazas de aparcamento tívose en conta a reserva legal para minusválidos, a cal deberá quedar definida correctamente nos proxectos de urbanización de cada área correspondente.

POLÍGONO	NÚMERO TOTAL DE PRAZAS PÚBLICAS	RESERVA DE PRAZAS MÍNIMAS PARA MINUSVÁLIDOS
P-SE-01	29	1
P-SE-02	162	5
P-SE-03	69	2
P-SE-04	47	1
P-SE-05	37	1
P-SE-06	44	2
P-SE-07	46	2
P-SE-08	60	2
P-SE-09	30	1
P-SE-10	221	6
P-SE-12	70	2
P-SE-13	106	3
P-SE-14	29	1
P-SE-15	0	0
P-SE-16	0	0
P-SE-17	15	1
P-SE-18	37	1
P-SE-19	100	3
P-SE-20	50	2
P-RV-01	20	2
P-RV-02	40	2
P-RO-01	36	1
P-RO-02	20	1

- A dimensión das prazas de aparcamento, definidas nos preceptivos proxectos de urbanización adaptaranse ó indicado na lexislación sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

- Os vaos peonís, definidos nos preceptivos proxectos de urbanización adaptaranse ó indicado na lexislación sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

- Os proxectos de urbanización darán cumprimento detallado, nos aspectos non contemplados por este planeamento, á normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

2.- Solo urbanizable:

Será o correspondente planeamento de desenvolvemento (plan parcial ou plan de sectorización) o que dará cumprimento á lexislación vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

3.3.2.7. Cumprimento da lexislación sobre habitabilidade

O PXOM recolle na súa normativa (art. 6.2.4.) as condicións que regulan o espazo exterior de calidade.

O PXOM, en aqueles ámbitos de solo urbano non consolidado que incorporan a ordenación pormenorizada, define os espazos exteriores de calidade que cumpren coas condicións indicadas na normativa, o que se ve reflexado nas correspondentes fichas.

En aqueles ámbitos de solo urbano non consolidado pendentes da redacción dun Plan Especial así como nos de solo urbanizable delimitado e non delimitado será os oportunos planeamentos de desenvolvemento os que definan este espazo a partir dos condicionantes impostos polo PXOM.

No artigo 6.7.2. o PXOM define as condicións da vivenda exterior a partir de dous supostos básicos: novas vivendas en solo urbano consolidado e solo de núcleo rural e novas vivendas en solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado e non delimitado.

O resto das condicións recóllense, en xeral e en particular no título VI do PXOM.

4.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO

4.1.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

A LOUPMRG, no seu artigo 61, establece os documentos que deben conter os Plans Xerais, entre os cales figuran a estratexia de actuación e o estudio económico.

Para a redacción da orde de prioridades ou estratexia de actuación, é de aplicación o artigo 41 do Regulamento de Planeamento, que textualmente di: "*O Programa de actuación do Plan Xeral establecerá:*

1.- Os obxectivos, directrices e estratexia do seu desenvolvemento a longo prazo para todo o territorio comprendido no seu ámbito.

2. As previsións específicas concernentes á realización dos sistemas xerais.

3.- As dúas etapas cuadrienais en que han de se desenvolver as determinacións no solo urbanizable programado.

4.- Os prazos a que han de se axustar as actuacións previstas, no seu caso, para completar a urbanización en solo urbano ou para realizar operacións de reforma interior neste tipo de solo".

Por outro lado, a LOUPMRG establece, no seu artigo 60, que:

"1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que haxan de se crear necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado.

2. Así mesmo, determinarán os ámbitos de actuación preferente en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado, para os que haberán de se fixar os prazos e condicións en que teñan que ser executadas as actuacións públicas programadas ou privadas conectadas cos particulares, así como as determinacións da ordenación detallada sen necesidade de remisión ao planeamento de desenvolvemento."

Atendendo a isto a estratexia do Plan Xeral se encamiña a consolidar o actual modelo de asentamentos, facendo especial fincapé nas actuacións de consolidación e creación de malla urbana no núcleo da Serra, limitando o crecemento en torno aos viarios existentes e creando bolsas de solo para desenvolver cara aos bordes, enlazando co novo viario xa iniciado. Estas actuacións, baseadas fundamentalmente en polígonos de solo urbano non consolidado e

sectores de solo urbanizable delimitado, permiten a consecución dun sistema adecuado de dotacións e infraestruturas.

A priorización das actuacións previstas se acomoda ao horizonte temporal de catro quinquenios e á necesidade de abordar, con anterioridade á execución dalgunhas actuacións, a redacción e tramitación dos pertinentes estudos, o que imposibilita de feito a total materialización do investimento prevista no estudio económico do Plan.

En primeiro lugar, á hora de falar da estratexia, compre analizar a coherencia entre o crecemento residencial previsto polo PXOM e as perspectivas de crecemento do concello, matizando os datos absolutos obtidos no apartado correspondente ó cumprimento de estándares urbanísticos de sistema xeral de equipamentos e zonas verdes

Á hora de cuantificar a capacidade do PXOM compre diferenciar as diferentes situacións dos solos ordenados polo Plan:

a) Solos non susceptibles de desenvolvemento nin aproveitamento urbanístico, nos que a materialización da edificabilidade permitida pola norma reguladora correspondente é un proceso individual de cada propietario, non suxeito a prazos ou obrigacións.

É o caso dos solos clasificados como núcleo rural, cunha regulación que admite a realización de vivendas ligadas á vida e actividade agrícola ou forestal, e incluso, de forma excepcional, algúns dos solos rústicos nos que baixo certas condicións estrictas a Lei permite igualmente a realización de vivendas illadas.

b) Solos susceptibles de ser desenvolvidos urbanisticamente pero non programados ou previstos para o horizonte temporal do Plan, cunha función de constituír unha reserva intemporal e configurar un modelo territorial a longo prazo. Son os solos urbanizables non delimitados, cun desenvolvemento que é de todo incerto, e nalgúns casos está incluso condicionado á execución previa de solos urbanizables delimitados.

c) Solos con aproveitamento urbanístico, cun desenvolvemento que está programado no horizonte temporal do Plan, suxeito a obrigacións e prazos. Son os solos urbanos e urbanizables delimitados.

Por outra parte, para a determinación da coherencia mencionada é preciso fixar un marco temporal determinado, no que se debe de comparar a oferta realizable, de acordo á programación do Plan, coa demanda esperable, de acordo ós datos de tendencia dispoñibles.

Dito marco temporal, loxicamente, é o período inmediato de vixencia e programación do Plan, prazo que razoablemente se sitúa habitualmente no contorno dos 10-12 anos, ou, o que é o

mesmo, e en base á programación do PXOM, nos 2 primeiros quinquenios de vixencia, para o solo urbanizable e ata 20 anos, catro quinquenios, para o solo urbano consolidado. Este horizonte non parece desdeñable tendo en conta a vixencia das actuais normas subsidiarias de planeamento municipal que datan de 1986.

A oferta real do Plan debe polo tanto cuantificarse en base ós solos que efectivamente o Plan ordena e programa para ser urbanizados e edificados en prazos concretos, de acordo a unha orde de prioridades, é dicir, os solos urbanos e urbanizables delimitados.

No que se refire ós solos urbanos, a cifra potencial de novas vivendas se deriva de dúas situacións:

- Solos urbanos consolidados. Superficie edificable total menos superficie edificada estimada.
- Solos urbanos non consolidados. Superficie edificable total menos superficie edificada estimada.
- Solos urbanizables delimitados. Capacidade dos polígonos ou sectores.

Tanto nos solos urbanos non consolidados como nos urbanizables a cifra estimada de vivendas obtense, en ausencia de determinación específica dunha densidade teito, dunha estimación derivada da edificabilidade, determinación en todo caso expresa e vinculante. En dita estimación tense en conta unha superficie construída media por vivenda (que no PXOM de Outes establécese en 150 m²), así como a porcentaxe máxima de superficie edificable que de acordo á ordenación corresponde ó uso residencial, dado que tanto nos solos urbanos non consolidados como nos urbanizables se establece unha porcentaxe mínima destinada a usos comerciais ou terciarios en planta baixa.

Vivendas programadas en solos urbanos e urbanizable delimitado:

TIPO DE SOLO	NOVA SUPERFICIE EDIFICABLE RESIDENCIAL PREVISTA (m ²)	Nº DE NOVAS VIVENDAS PREVISTAS
Solo urbano consolidado	487.607 – 211.317	1.185
Solo urbano non consolidado	146.681 – 6.415	644
Solo urbanizable delimitado	60.225	303
TOTAL	476.781	2.132

A efectos de comparar a capacidade do Plan coa dinámica inmobiliaria prevista, é necesario establecer unha secuenciación da súa execución, partindo dos prazos que se sinalan tanto normativamente, como por consideralos razoables, para o desenvolvemento dos novos crecementos.

Por outra parte, introduciuse unha priorización nos solos urbanizables delimitados, distribuíndo o seu desenvolvemento entre os 2 primeiros quinquenios de vixencia do Plan.

O proceso esperable de execución do Plan, de acordo a ditos prazos e á capacidade potencial dos diferentes solos, sería:

PERÍODO	SOLO URBANO CONS.	SOLO URBANO NON CONS.	SOLO URB. DEL. E PORM. (QUINQUENIO I)	SOLO URB. DEL. (QUINQUENIO I)	SOLO URB. DEL. (QUINQUENIO II)	TOTAL VIVENDAS EXECUTADAS
Quinquenio I	Execución de vivendas	Equidistrib., urbanización e execución de vivendas	Equidistribución e urbanización	Planeamento	-	296 + 161
Quinquenio II	Execución de vivendas	Equidistrib., urbanización e execución de vivendas	Execución de vivendas	Equidistribución e urbanización	Planeamento	296 + 161 + 101
Quinquenio III	Execución de vivendas	Equidistrib., urbanización e execución de vivendas		Execución de vivendas	Equidistribución e urbanización	296 + 161 + 101
Quinquenio IV	Execución de vivendas	Equidistrib., urbanización e execución de vivendas		-	Execución de vivendas	296 + 161 + 101

Do cadro dedúcese que para o solo urbano consolidado estímase unha produción de vivenda en torno a 59 por ano, algo similar ós dous últimos anos para un ámbito similar. O resto das actuacións en solo urbano non consolidado e urbanizable correrán paralelas a medida que se vaian esgotando os soares de solo urbano.

Por outro lado, esta coherencia nas previsións residenciais do PXOM deberá estar en consonancia tamén coas previsións dos sistemas xerais, resultando a análise que se indica a continuación.

Polo que respecta ás determinacións do sistema xeral viario, está previsto para o primeiro quinquenio de vixencia do Plan a finalización da Autovía Santiago-Noia e a mellora da AC-550 ó seu paso por Outes, a realizar pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mellorando substancialmente a funcionalidade viaria do termo municipal e tamén as expectativas de crecemento do solo urbano. Este sistema xeral é de vital importancia para o desenvolvemento municipal, condicionando en grande medida as expectativas de desenvolvemento dos solos urbanos non consolidados e urbanizables. O resto do viario non existente que puidese crearse polo desenvolvemento dos diferentes solos considerarase en todo caso local e irá vinculado necesariamente á execución daqueles. A ampliación do viario existente tamén se vincula á execución dos distintos solos urbanizables, a excepción da reurbanización das pistas de concentración parcelaria que conectan A Serra co núcleo de Boel, a través da piscina, coa zona verde ZVX-6 e esta, coa travesía do Areal, que será asumida con cargo ós presupostos municipais.

Polo que respecta ás infraestruturas básicas de servizos urbanísticos, a principal prioridade é a ampliación do depósito de abastecemento de Boel, ata unha capacidade de 1.000 m³, a cal se realizará con cargo do desenvolvemento do sector de solo industrial S-01, o cal se prioriza como primeira actuación de solo urbanizable do PXOM de Outes.

O saneamento existente considérase con capacidade suficiente, sempre e cando se resolvan os problemas puntuais de funcionamento, non influíndo polo tanto na estratexia de desenvolvemento do PXOM.

Polo que respecta ao desenvolvemento racional do solo urbanizable delimitado e non delimitado establécense os seguintes criterios de priorización:

1.- O desenvolvemento do sector de solo urbanizable S-01 condiciona o desenvolvemento dos restantes sectores de solo urbanizable da Serra.

2.- Polo que respecta ó solo urbanizable delimitado de uso residencial compre indicar que se sitúa exclusivamente na Serra de Outes e en Riveira do Freixo. Tendo en conta a conxestión viaria existente na capital municipal, así como a necesidade de reforzo dos depósitos de abastecemento de auga existentes, o desenvolvemento do sector S-02 se condicionan á execución dos sistemas xerais adscritos (abastecemento) ó S-01, que poderá ser executado co planeamento de desenvolvemento aprobado, con carácter previo e non simultáneo á urbanización de todo o sector. No tocante ós sectores S-05-01, S-05-02 e S-05-03, de Riveira do Freixo, a inminente execución da mellora da estrada AC-550, fai que non se vexan condicionados polo desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable de Serra de Outes, podendo desenvolverse independentemente dos prazos fixados para estes. Dentro destes priorízase como actuación 1 o sector S-05-01, que condiciona a nivel de viario a execución do S-05-02. En segundo lugar priorízase o S-05-03 para completar o viario e as dotacións dos núcleos. O sector S-05-02 condiciónase á parobación do proxecto de equidistribución dos dous anteriores, o que garantirá a posibilidade de execución das diferentes melloras viarias e de dotacións, necesarias para a execución deste.

3.- No tocante ó solo urbanizable non delimitado (UND), tendo en conta que se concibe como unha reserva de solo, non xustificada en base a unha demanda real e inmediata de vivenda, o seu desenvolvemento supeditase á execución (aprobación do proxecto de equidistribución) de tres dos catro solos urbanizables delimitados de uso residencial, así como á solicitude de licenza do 40% da capacidade residencial do solo urbano non consolidado, segundo a cuantificación prevista no apartado correspondente da memoria do presente PXOM.

4.2.- ESTUDIO ECONÓMICO

Trátase agora de definir as previsións sobre execución de sistemas xerais a cargo do Concello, que se reflectiron no epígrafe correspondente. Prevese a súa execución no período de programación da estratexia do plan, catro quinquenios, existindo dispoñibilidade de recursos para a garantir mediante as aplicacións correspondentes do orzamento municipal ademais dos ingresos derivados da cesión do 10% do aproveitamento lucrativo de cada un dos sectores de solo urbanizable.

O contido do estudio económico e financeiro fica regulado no artigo 42 do Regulamento de Planeamento, que textualmente di: "*O estudio económico e financeiro do Plan Xeral conterà:*

1.- *A avaliación económica da execución das obras de urbanización correspondentes á estrutura xeral e orgánica do territorio definida no Artigo 19.1.b do presente Regulamento e á implantación dos servizos, incluídos ambos nos programas cuadrienais correspondentes ao solo urbanizable programado.*

2.- *A mesma avaliación referida ás actuacións que, no seu caso, se programasen para o solo urbano.*

3.- *A determinación do carácter público ou privado dos investimentos a realizar para a execución das previsións do Plan Xeral, expresadas nos apartados anteriores, con suficiente especificación das obras e servizos que se atribúen ao sector público e privado e indicación, no primeiro caso dos Organismos ou Entidades Públicas que asumen o importe do investimento"*

Por outro lado, a LOUPMRG establece, no seu artigo 60 que "*3. O plano xeral de ordenación municipal conterà unha avaliación do custe de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiación, xustificando as previsións que haxan de se realizar con recursos propios do concello. No suposto de que se atribúa a financiación a administracións ou entidades públicas distintas do municipio, deberá acreditarse a conformidade das mesmas.*"

Realízase a continuación o cadro de sistemas xerais cuxa execución queda adscrita ao Concello e a valoración destas actuacións:

DENOMINACIÓN	MELLORA DO TRAZADO E CAPACIDADE DA ESTRADA AC-550 (Cee-Tui) TREITO: MUROS-NOIA SUBTREITO: LÍM. MUNICIPAL DE MUROS e OUTES-NOIA
TIPO DE SISTEMA	S.X. VIARIO

AXENTE INVERSOR	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
-----------------	---

DENOMINACIÓN	ACCESO Ó S-01
TIPO DE SISTEMA	S.X. VIARIO
DENOMINACIÓN	Accesos ó novo parque empresarial S-01
CÓDIGO	RVX-ARS-01
SUPERFICIE	5.854 m ²
CUSTE DO SOLO	adscrito ó S-01
CUSTE DA URBANIZACIÓN	adscrito ó S-01

DENOMINACIÓN	REURBANIZACIÓN DAS PISTAS DE CONCENTRACIÓN DA SERRA
TIPO DE SISTEMA	S.L. VIARIO
DEFINICIÓN	Reurbanización das pistas de concentración parcelaria que conectan A Serra co núcleo de Boel, a través da piscina, coa zona verde ZVX-6 e esta, coa travesía do Areal.
SUPERFICIE EXISTENTE	4.835 m ²
SUPERFICIE A EXPROPIAR	7.731 m ²
CUSTE DO SOLO	30.924 €
SUPERFICIE A URBANIZAR	12.566 m ²
CUSTE DA URBANIZACIÓN	251.320 €
INVERSIÓN TOTAL	282.244 €

DENOMINACIÓN	ZONA VERDE EN BROÑA
CÓDIGO	ZVX-5
TIPO DE SISTEMA	S.X. DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES
DEFINICIÓN	Creación dunha zona verde na zona de Broña, que complementa os servizos existentes.
SUPERFICIE	58.612 m ²
VALOR DO SOLO	234.448 €
CUSTE EXECUCIÓN	351.672 €
INVERSIÓN TOTAL	586.120 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro, segundo e terceiro quinquenios

DENOMINACIÓN	ZONA VERDE EN SERRA DE OUTES
--------------	------------------------------

CÓDIGO	ZVX-6(a)
TIPO DE SISTEMA	S.X. DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES
DEFINICIÓN	Creación dunha zona verde que enlace a que se está executando no entorno do río Tins, co rego de Boel e o remate norte da trama urbana.
SUPERFICIE ADSCRITA Ó S-02	6.223 m ²
SUPERFICIE A EXPROPIAR	7.813 m ²
VALOR DO SOLO	31.252 €
CUSTE EXECUCIÓN	84.216 €
INVERSIÓN TOTAL	115.468 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro, segundo e terceiro quinquenios

DENOMINACIÓN	ZONA VERDE EN SERRA DE OUTES
CÓDIGO	ZVX-6(b)
TIPO DE SISTEMA	S.X. DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES
DEFINICIÓN	Creación dunha zona verde que enlace a que se está executando no entorno do río Tins, co rego de Boel e o remate norte da trama urbana.
SUPERFICIE	35.239 m ²
VALOR DO SOLO	140.956 €
CUSTE EXECUCIÓN	211.434 €
INVERSIÓN TOTAL	352.390 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro, segundo e terceiro quinquenios

DENOMINACIÓN	ZONA VERDE EN SERRA DE OUTES
CÓDIGO	ZVX-6(c)
TIPO DE SISTEMA	S.X. DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES
DEFINICIÓN	Creación dunha zona verde que enlace a que se está executando no entorno do río Tins, co rego de Boel e o remate norte da trama urbana.
SUPERFICIE	44.319 m ²
VALOR DO SOLO	177.276 €
CUSTE EXECUCIÓN	265.914 €
INVERSIÓN TOTAL	443.190 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro, segundo e terceiro quinquenios

DENOMINACIÓN	ZONA VERDE EN SERRA DE OUTES
CÓDIGO	ZVX-6(d)
TIPO DE SISTEMA	S.X. DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES

DEFINICIÓN	Creación dunha zona verde que enlace a que se está executando no entorno do río Tins, co rego de Boel e o remate norte da trama urbana.
SUPERFICIE	9.471 m ²
VALOR DO SOLO	37.884 €
CUSTE EXECUCIÓN	56.826 €
INVERSIÓN TOTAL	94.710 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro, segundo e terceiro quinquenios

DENOMINACIÓN	ZONA VERDE EN RIVEIRA DE FREIXO
CÓDIGO	ZVX-7(a)
TIPO DE SISTEMA	S.X. DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES
DEFINICIÓN	Creación dun parque no centro de Riveira de Freixo
SUPERFICIE	4.886 m ²
VALOR DO SOLO	Propiedade municipal
CUSTE EXECUCIÓN	58.632 €
INVERSIÓN TOTAL	58.632 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro quinquenio

DENOMINACIÓN	ZONA VERDE NO FREIXO
CÓDIGO	ZVX-7(b)
TIPO DE SISTEMA	S.X. DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES
DEFINICIÓN	Creación dun parque no centro de Riveira do Freixo
SUPERFICIE	3.057 m ²
VALOR DO SOLO	36.684 €
CUSTE EXECUCIÓN	36.684 €
INVERSIÓN TOTAL	73.368 €
PROGRAMACIÓN	Segundo quinquenio

Así pois, o investimento total a asumir polo Concello derivado deste Planeamento ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS SEIS MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS (2.006.122 €) que, de acordo co Orzamento Corrente do Concello, é posible executar dentro dos catro primeiros quinquenios cunha repercusión anual de 100.306 €.

A esta cantidade habería que engadir os custes da implantación do Plan de Seguimento, estimados en 30.000 €/ano, co que a inversión anual a asumir polo concello ascendería a 130.306 €/anuais.

Sínálase a continuación o montante dos presupostos correntes e dispoñibilidade para inversións reais dos orzamentos municipais do Concello de Outes, durante os cinco últimos exercicios:

ANUALIDADE	GASTO	SUBVENCIONS	RECURSOS PROPIOS	% DE RECURSOS PROPIOS
2002	951.787,47 €	785.281,93 €	166.505,54 €	17,494%
2003	1.257.194,98 €	630.900,91 €	626.294,07 €	49,817%
2004	1.153.204,94 €	400.662,51 €	752.542,43 €	65,257%
2005	1.190.584,51 €	765.430,12 €	425.154,39 €	35,710%
2006	973.232,12 €	594.695,23 €	378.536,89 €	38,895%
TOTAL	5.526.004,02 €	3.176.970,70 €	2.349.033,32 €	42,509%

Á vista dos datos anteriores pódese concluír unha capacidade de investimento con cargo ós presupostos do concello de 470.000 €/anuais, os cales repercutidos sobre o horizonte temporal de catro quinquenios previsto polo PXOM, bota unha capacidade de investimento total de 9.400.000 €, ó cal habería que engadir os numerosos investimentos por parte de organismos supramunicipais e que se estima que deberían completar o orzamento total contemplado polo plan.

Se temos en conta que se pode estimar un 70% de gasto fixo dos recursos propios, obtemos unha capacidade inversora do concello, a 20 anos, de 2.820.000 € (141.000 €/ano), suficientes para dar cumprimento ás necesidades económicas derivadas da execución do PXOM.

A esta cantidade poderíase engadir o valor do 10% do aproveitamento lucrativo dos numerosos ámbitos de xestión que se delimitan no presente PXOM.

O equipo redactor

Julio C. Rojo Martínez

Isidro López Yáñez

Enxeñeiro de Camiños

Arquitecto



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Urbanismo

Edificio Admvo. San Caetano
15781 Santiago de Compostela

Expediente: AC-05-021
Asunto: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
Concello: OUTES (A CORUÑA)
Trámite: Informe previo á aprobación inicial – artigo 85.1 Lei 9/2002

O Concello de Outes dispón actualmente dunhas normas subsidiarias de planeamento municipal, aprobadas definitivamente o 5 de agosto de 1977. Estas normas foron obxecto de 5 modificacións puntuais, aprobadas definitivamente en data 1/07/1994.

O Concello remite o plan xeral de ordenación municipal solicitando informe previo á aprobación inicial, conforme ó artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Logo de analiza-la documentación que integra o devandito plan (catro tomos con data abril 2005 redactados pola empresa Estudio Técnico Gallego, que tiveron entrada no rexistro desta Consellería o 17/06/2005, RE nº 16.338), emítese o seguinte informe:

1. Cuestións xerais sobre a ordenación formulada:

Sen prexuízo das restantes consideracións deste informe, cómpre primeiramente adiantar que varias das determinacións do plan xeral non teñen axeitada congruencia cos criterios ou obxectivos expresados na súa propia memoria:

- A memoria evidencia a evolución regresiva da poboación, pero o plan xeral acolle unha capacidade residencial moi superior ó actual parque de vivendas.
- A memoria manifesta a vontade de converter o núcleo principal de Serra de Outes no centro das actividades socio-económicas do Concello, pero a ordenación formulada propón crecementos de todos os núcleos e novos asentamentos alleos á capital municipal.
- A memoria destaca a importancia de concretar a previsión e o trazado das melloras da estrada AC-550, pero estes extremos quedan insuficientemente definidos no plan xeral. Non só iso, senón que a funcionalidade desta vía quedaría seriamente comprometida coa ordenación proposta polo plan, que acumula sobre as súas beiras ámbitos de desenvolvemento urbanístico en áreas de expansión de núcleo rural e solo urbanizable.
- En relación co anterior, cómpre indicar que as condicións de accesibilidade resultan determinantes para a correcta orientación do desenvolvemento do Concello, que está incluído nunha área territorial mais ampla.
- A memoria aposta pola primacía do desenvolvemento cualitativo do medio rural fronte o cuantitativo, así como pola axeitada protección dos valores que presenta, pero o plan xeral prevé numerosas áreas de expansión dos núcleos rurais para as que non se achega xustificación, e deixa sen protección especial ámbitos que a precisan.
- A memoria formula a necesidade de poñer freo á urbanización ou indebida colonización do medio agrícola, pero deixa sen protección, ou mesmo clasifica como solo urbanizable, áreas cunha importante potencialidade produtiva.

Todas estas cuestións afectan aos aspectos mais relevantes do plan xeral, e hai que sinalar que en principio é o contido da memoria o que mellor se axusta ós principios e criterios fundamentais da lexislación urbanística vixente.

2.- Adaptación á Lei 15/2004, de 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002:

Os plan xeral non pode conter determinacións menos restritivas que as establecidas na Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Urbanismo

Edificio Admvo. San Caetano
15781 Santiago de Compostela

3.- Documentación.

- Os planos do termo municipal elaboráronse sobre unha base cartográfica do ano 1991, cando existe unha base máis actualizada (do ano 1999). Ademais sobre a base cartográfica non se incorporaron certas actualizacións precisas como por exemplo as actuacións máis recentes de concentración parcelaria.
- Non se presentan planos informativos de redes de servizos existentes no núcleo de Ribeira do Freixo.
- O núcleo da Xurisdición aparece como pertencente á parroquia de S. Pedro de Outes na folla 07.21 do plano de ordenación de núcleos rurais, e como pertencente á parroquia de S. Xoán de Roo na folla 08-09 do mesmo plano.
- O tamaño do cadro correspondente ó apartado 3.3.1.2 da memoria (páx. 46) impide a flexibilidade dos seus datos.
- Nos planos de ordenación 1/5000 non se representa claramente o solo rústico de protección de infraestruturas correspondente ós parques eólicos; se recomenda empregar a trama ou cor necesaria e definindo unha única liña pechada como delimitación.
- O plano de ordenación pormenorizada de Ribeira do Freixo se presenta xirado (a orientación norte cara á dereita); recoméndase presentalo coa orientación norte cara arriba.
- O apartado 3.2.2.3 da normativa, en canto a obxectivos do solo urbanizable, corresponde claramente a outro concello.
- Na páxina 40 do estudo de sostibilidade faise unha mención a outro concello.
- Non se identifica en planos, como equipamento de sistema xeral, o punto limpo situado en Cepa.

4.- Estrutura xeral e orgánica do territorio.

- Recoméndase non utilizar a mesma denominación (ZVX-6) para os dous espazos verdes previstos ó leste e oeste do ZVX-2. Ademais, no plano a escala 1/1000, non está grafada a liña que os delimita respecto do devandito ZVX-2.
- Non se prevé un acceso axeitado ós dous espazos verdes devanditos. En relación co cal, cómpre salientar que a edificación en bloque aberto disposta entre o ELX-2 e o ZVX-6 incide negativamente na funcionalidade desta última, ademais de provocar unha excesiva aproximación ó río.
- Non se establece axeitadamente nos planos de ordenación a proposta de variante da estrada AC-550 polo sur de Serra de Outes, proposta que debe estar axeitadamente coordinada coas previsións da Dirección Xeral de Obras Públicas desta mesma Consellería.

5.- Clasificación e categorías de solo urbano.

- O plan xeral non achega ningunha xustificación para a clasificación como solo urbano de certos ámbitos, que no planeamento vixente teñen outras clasificacións:
 - Incrementos da delimitación do solo urbano actual ó longo de estradas e camiños no núcleo de Serra de Outes.
 - Extremo oeste e norte do núcleo de Ponte Nafonso.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de UrbanismoEdificio Admvo. San Caetano
15781 Santiago de Compostela

- b) A delimitación de solo urbano ó leste da rúa do Cotele ten unha profundidade excesiva, de tal maneira que abrangue terreos que non teñen a condición de solo urbano (especialmente os lindeiros coas aperturas de novos viais, como os previstos nas zonas U.R.O. 06 e os dous situados ó norte desta). Esa profundidade supera a dimensión que resultaría da configuración tipolóxica propia da ordenanza prevista polo plan xeral.
- c) Nas zonas que se indican de seguido os terreos non teñen a condición legal de solar, nin poden adquirila mediante obras de urbanización de escasa entidade que se poidan executar simultaneamente coa edificación, polo que de conformidade co artigo 12 da Lei 9/2002, non teñen a condición de solo urbano consolidado:
- A totalidade dos terreos comprendidos entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa da Capela e os contiguos a estas, exteriores á vixente delimitación de solo urbano.
 - Terreos contiguos ós viais situados ó sur da Avenida de San Pedro e os situados ó sur do parque. Nestes últimos non procede a ordenación pretendida, con edificación adherida ó parque e sen accesos en toda a fachada a vía pública.
 - Terreos ás beiras dos viais ó leste da rúa do Poeta Añón, enfronte do instituto.
 - Terreos ás beiras do vial denominado rúa da Rosaleda e do camiño na súa prolongación atravesando a rúa do Conchido.
 - Terreos no extremo NE do núcleo urbano da Serra de Outes.
 - Terreos en Cruceiro de Roo situados fora da vixente delimitación do solo urbano ó sur, oeste, este e norte do núcleo. No extremo leste rematarase axeitadamente o vial, de maneira que se permita o xiro de vehículos; por outra banda, incluírase nesta categoría de solo os terreos lindeiros co citado vial delimitados actualmente como urbanos.
- d) Respecto das denominadas "unidades de reparcelación obrigatoria" (URO), delimitadas ó abeiro do artigo 122 da Lei 9/2002, debe lembrarse que a normalización de fincas é un sistema previsto pola Lei 9/2002 para o solo urbano consolidado. Nas URO delimitadas polo plan se pode observar que se pretenden obter mediante cesión terreos dotacionais (espazos libres como a zona verde ZVL-PS-14 e viario), o que implica a súa inclusión na categoría de solo urbano non consolidado.
- e) As delimitacións dos ámbitos de solo urbano non consolidado deixan fóra terreos necesarios para a efectiva obtención e execución dos novos viais previstos polo plan, como ocorre por exemplo:
- Conexión do vial da P-SE-03 coa Rúa da Vila, no que, por outra banda, non se xustifica a redución da súa sección.
 - Polígono P-RV-01, que non inclúe a totalidade das superficies de viais necesarios para a súa execución e non resolve axeitadamente a súa conexión coa rúa do Porto así como tampouco o espazo de encontro coas traseiras dos edificios da estrada do Porto.
 - Polígono P-RV-02, que non inclúe a totalidade das superficies de viais necesarios para a súa execución, como os correspondentes a súa conexión coa rúa do Porto, e as parcelas situadas ó sur da mesma edificables mediante esta actuación. A disposición dos viais non garante o axetado acceso rodado a todas as vivendas e ten un impacto sobre a travesía da estrada AC-550 que pode ser mellorado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de UrbanismoEdificio Admvo. San Caetano
15781 Santiago de Compostela

- f) As delimitacións entre dous polígonos contiguos que comparten un vial non resolven axeitadamente que a súa execución garanta a funcionalidade do vial, agás que se esixa a execución simultánea dos polígonos en cuestión. ←

6. Ordenación do solo urbano:

En termos xerais a ordenación pormenorizada do solo urbano semella non ter prestado unha suficiente atención aos elementos territoriais que conforman a identidade dos núcleos (topografía, cursos de auga, espazos públicos e dotacións existentes, características das edificacións existentes, parcelario actual, etc) e que poden constituír a base para acadar solucións urbanísticas de maior calidade espacial e funcional. ←

Entre outras cuestións, e sen prexuízo da reconsideración xeral que se vén de apuntar, menciónanse os seguintes aspectos puntuais:

- Entre os polígonos P-RV-01 e P-RV-02 se observa un dobre acceso á estrada AC-550 e uns trazados de viais que poderían ser mellorados.
- Con carácter xeral, as alturas pretendidas no núcleo urbano de Serra de Outes, e na fachada marítima de Ribeira do Freixo, non son congruentes coas que corresponden maioritariamente ós edificios existentes, tal como esixen os artigos 46.1 e 104.c) da Lei 9/2002). Cómpre por tanto un estudo pormenorizado destas determinacións, que non pode ter como únicas referencias a altura máxima existente na rúa nin o contido das normas subsidiarias vixentes. Particularmente, as alturas previstas de 4 plantas na Rúa da Vila non son congruentes coas existentes nin coa debida integración cos edificios catalogados de 2 plantas. As alturas da P-SE-03 na zona próxima a Rúa da Vila non gardan relación coas correspondentes a ésta.
- Por idénticos motivos, a ordenanza de residencial colectiva en quinteiro pechado non é a axetada en zonas nas que non é actualmente a tipoloxía edificatoria maioritaria, nin nas zonas de borde co solo rústico actualmente sen edificar ou con outra tipoloxía.
- Nos polígonos P-SE-02, P-SE-03, P-SE-04 e P-SE-05 non está axeitadamente xustificado que a ordenación formulada cumpre coa reserva obrigatoria de prazas de aparcamento, públicas e privadas, que establece o artigo 47.2 da Lei 9/2002.
- Non está ben estudado o remate do vial previsto que discorre ó longo do P-SE-09 de xeito que se permita o xiro dos vehículos.
- As seccións do vial denominado rúa da Rosaleda e do camiño na súa prolongación atravesando a rúa do Conchido son claramente inaxeitadas para as tipoloxías edificatorias pretendidas.
- A ordenación dos bloques abertos nos polígonos P-SE-06 e P-SE-07 precisa dunha maior definición, orientada a acadar unha solución axeitada, tanto no que se refire á forma, dimensión e accesibilidade dos espazos libres vencellados ó río, coma na formalización das propias edificacións.

7.- Delimitación e determinacións nos núcleos rurais.

- a) A delimitación das áreas tradicionais dos núcleos excede de 50 m da construción tradicional máis exterior en Quintela, Vista Alegre, A Central e A Barreira.
- b) A área de expansión dos núcleos se estende máis alá de 200 m da delimitación do núcleo tradicional en Catasueiro, Tavilo, Cures, Áspera, Brión de Abaixo, Roo de Abaixo e Tarás.
- c) As áreas de expansión de Cando de Arriba, Banzas, Canizos, O Cotro, O Cruceiro, O Curro, A Esfarrapa, Lugar de Arriba-Vousacoba, Mostelro, Os Muíños, A Poza, Sarnón, A Seara, O



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Urbanismo

Edificio Admto. San Castaño
15781 Santiago de Compostela

Valado, Valeixo, Catasueiro, Figueiroa, Lestelle, Magor, Mosteiro, Piñeiro, Siavo, O Barco, Rodeiro, Berres, Boel, Lantarou, Outes, Brión de Abaixo, A Central, Viro e Seilán de Arriba abranguen terreos que teñen como único acceso rodado estradas de titularidade supramunicipal. Polo tanto as delimitacións das áreas de expansión dos devanditos núcleos non se axustan ó disposto no artigo 13 da Lei 9/2002, por afectar a terreos para os que conforme ó establecido polo artigo 32.2 c) da Lei 9/2002 procede a súa clasificación como solo rústico de protección de infraestruturas.

d) As áreas de expansión de varios núcleos prevense sobre terreos que deben clasificarse como solo rústico de especial protección, como ocorre cos seguintes casos:

- Protección das augas, como en Cabana Moura, Os Muíños, Sarnón, O Barco, Boel, Cambeiro de Arriba, Lantarou, Río de Outes, Áspera, Bendimón, Brión de Abaixo, Crespos e Gosende.
- Protección de costas, como en A Corga, San Tirso, Colradas, Mosteiro, Rates, Viro e Riba de Mar.

8.- Solo urbanizable.

a) O réxime establecido polos artigos 15 e 32 da Lei 9/2002 (modificada pola Lei 15/2004), obriga ó plan xeral a xustificar, detalladamente, a clasificación de solo urbanizable, en atención ós principios de utilización racional dos recursos naturais e desenvolvemento sostible. Particularmente, o plan xeral debe xustificar que a superficie de solo considerado axeitado para o seu posible desenvolvemento urbanístico (solo urbanizable delimitado e non delimitado) é cuantitativamente proporcionado ás demandas reais que se poidan estimar no prazo de vixencia para o que se formula a estratexia do propio plan xeral.

→ Neste caso do plan xeral de Outes, a capacidade edificatoria de 1.704.448 m² (11.362 vivendas considerando 150 m² construídos por vivenda) que se pretende é enormemente desproporcionada para un concello que conta actualmente con 3.681 vivendas, 893 baleiras (I.N.E. 2001, segundo o estudo de sostibilidade, páx. 29). O plan non realiza ningunha previsión de incremento demográfico nin de necesidade de vivendas, afirmándose por outra banda que existe unha baixa dinámica na construción residencial neste concello (memoria, páx. 53).

Todas estas razóns poñen de manifesto que a clasificación de solo urbanizable de uso residencial carece de xustificación.

b) Ademais do anteriormente dito, cómpre salientar que de acordo co disposto no artigo 15 deben clasificarse como solo rústico todos os terreos nos que concorran valores ou potencialidades merecentes dunha especial protección, cousa que o plan xeral incumple nos seguintes casos:

- Os terreos comprendidos no sector S-01 deben clasificarse como solo rústico de protección de augas, en congruencia coa clasificación dos outros terreos contiguos ó río.
- Sector S-02: parte dos terreos, ó sur e norte da estrada deben ser clasificados como solo rústico de protección forestal.
- Sector S-04: parte dos terreos deberán clasificarse como rústico de protección forestal e parte de protección agropecuaria.
- Sector S-05: gran parte dos terreos comprendidos neste deben clasificarse como solo rústico de protección de augas. Por outra banda, este sector delimitase de tal maneira que un tramo de estrada supramunicipal cumpriría función de rúa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Urbanismo

Edificio Admto. San Castaño
15781 Santiago de Compostela

- Sector S-06: A meirande parte dos seus terreos deberán clasificarse como solo rústico de protección de costas.
- Os solos urbanizables non delimitados sitúanse basicamente recargando a estrada AC-550 e/ou ocupando terreos de primeira calidade agrícola (Mapa de clases agrolóxicas, Ministerio de Agricultura).

c) Con carácter xeral, lémbrese que os sectores de solo urbanizable deben ser contínuos. Ademais todos deben ter expresados, tanto na normativa coma na estratexia de actuación, os prazos máximos (ordenación, xestión, urbanización e no seu caso edificación).

d) No solo urbanizable delimitado non están axeitadamente determinados os trazados das redes fundamentais de servizos, en congruencia co estudo sobre o estado actual des redes de servizos e infraestruturas, o que evidentemente inclúe as conexións cos sistemas xerais existentes e exteriores ós sectores e as ampliacións ou reforzos necesarios. No sector S-03 ten especial importancia a conexión viaria.

9.- Solo rústico.

a) Deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas todos os terreos nos que concorran as circunstancias expostas no artigo 32.2.c) da Lei 9/2002, o que inclúe as liñas de enerxía eléctrica consideradas na lexislación sectorial como de alta tensión e as instalacións de telecomunicacións, coas súas correspondentes zonas de afección non susceptibles de transformación.

b) Nas áreas de solo rústico sometidas á protección do patrimonio cultural, nas que poden concorrer outras circunstancias merecentes de protección especial, o plan non expresa axeitadamente a superposición de réximes, de conformidade co previsto no artigo 32.3, tanto nos planos de ordenación coma na normativa.

c) Non está xustificada a clasificación como solo rústico de protección ordinaria de zonas do termo municipal, de uso agrícola e forestal. Gran parte destes terreos considérase no mapa de clases agrolóxicas do Ministerio de Agricultura como de elevada calidade agrícola.

d) Non está grafada no plano de ordenación do termo municipal a clasificación de solo rústico de protección de espazos naturais na illa de Meán, incluída dentro do L.I.C. Esteiro do Tambre.

e) O apartado 3.3.1.6.2 da memoria (relativo a clasificación do solo rústico de protección forestal) non se axusta aos criterios emanados dos artigos 15 e 32.2.b) da Lei 9/2002.

f) O plan xeral non clasifica como solo rústico de protección de espazos naturais a totalidade dos humedais que se enumeran na súa páxina 16, en contra do que expresa o estudo de sostibilidade.

g) O plan xeral non clasifica como solo rústico de protección paisaxística os terreos ó longo de vías de comunicación que aparecen con tal valor na análise paisaxística que se inclúe no estudo de sostibilidade.

10.- Outras observacións.

a) O Plan Xeral non inclúe na súa memoria a xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras (art. 33 da Lei 8/1997) e do seu Regulamento (art. 63 do Decreto 35/2000), nin recolle os criterios básicos establecidos na mesma, sinalando as determinacións normativas de aplicación e as solucións adoptadas para lles dar cumprimento a elas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Urbanismo

Edificio Admto. San Caetano
15781 Santiago de Compostela

- A regulación dos usos en solo rústico que fai a normativa presenta problemas, posto que a mera transcripción da Lei 9/2002 resulta innecesaria e a alteración dunha soa palabra pode ocasionar problemas de interpretación nunha regulación xa de por sí complexa. Se recomenda reproducir fielmente o contido da lei sen engadir máis usos que os relacionados nela.
 - Non é correcta a expresión de que a instalación de invernadoiros non estará suxeita ao disposto na lexislación vixente nin á propia normativa do plan xeral. Para o fin que pretende este precepto é suficiente coa indicación que se fai no artigo 9.2.6, que ven a dicir que este tipo de instalación non se considera edificación, en consonancia co previsto nos artigos 29.4 e 44.2 da Lei 9/2002.
 - A indicación que a normativa fai sobre a lexislación en materia de augas non é a axeitada xa que o texto vixente é o Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.
- e) Na tramitación do expediente solicitaranse todos os Informes preceptivos en virtude da normativa sectorial aplicable, en particular os das administracións titulares de costas, estradas, patrimonio cultural, o do órgano titular da conca hidrográfica así como o informe ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Estes Informes deberán ser solicitados no momento que determine a súa lexislación sectorial, e no seu defecto segundo o disposto no artigo 85.3 da Lei 9/2002, modificado pola Lei 15/2004.

Este Informe emítese de acordo co previsto no artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e se lle traslada ó Concello para o seu coñecemento e efectos na tramitación do plan xeral de ordenación municipal.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2005

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.
Por delegación, Orde de 06/03/2003 (DOG 12/03/2003)
DIRECTOR XERAL DE URBANISMO




Ramón Saúl Lueje Espina

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiotg.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

EXMO. CONCELLO DE OUTES



CUMPLIMENTACIÓN DAS OBSERVACIÓNS CONTIDAS NO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO EMITIDO CON CARÁCTER PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL

ESCRITO DE ACLARACIÓN Ó INFORME EMITIDO POLA D. X. DE URBANISMO CON CARÁCTER PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL

Con data de 21 de setembro de 2005 foi emitido informe con carácter previo á aprobación inicial do Plan Xeral do concello de Outes. En dito informe indicábanse unha serie de observacións, que se asumen na súa maior parte a excepción dalgunhas das que compoñen certas matizacións.

OBSERVACIÓN 1: CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A ORDENACIÓN FORMULADA

- A memoria, na cuestión demográfica, non fai máis que constatar un feito que é xeralizado para toda Galicia, e máis en concreto para boa parte da provincia da Coruña. Analizados os padróns municipais ata o ano 2004 pódese constatar que dos 94 concellos que compoñen a provincia tan so 8 teñen medras de poboación por riba do 2%, permanecendo o resto estacionarios ou con tendencia regresiva, sendo esta última especialmente significativa pois afecta a 64 concellos, é dicir, 64 concellos perden poboación en termos absolutos. Dentro desta lista de concellos que perden poboación en termos absolutos podemos atopar dende concellos cun elevado número de habitantes como A Coruña, Santiago ou Ferrol, ata concellos de escasa entidade como Cerdido, Toques ou Mañón.

Dende este punto de vista, o criterio expresado de crecemento urbanístico en función de crecemento poboacional so se xustifica en determinados casos, sendo nos casos restantes consecuencia do regulamento que deriva da aplicación do réxime de dereitos e deberes dos propietarios do solo, plasmados na Lexislación urbanística. Así, o solo urbano é consecuencia directa da definición da malla urbana, e o entramado dos núcleos rurais tradicionais da realidade dos asentamentos preexistentes. A simple aplicación destes criterios dá como consecuencia que en cada concello a capacidade residencial que se deriva da clasificación do solo urbano e de núcleo rural sexa substancialmente superior á que se deriva do crecemento demográfico do concello.

- A vontade expresada na memoria (apartado 1.4) de converter a capital municipal da Serra de Outes no principal centro das actividades socio-económicas do concello complementábase cos criterios e obxectivos que nos seguintes apartados da memoria se expresan. Así, as

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

principais dotacións previstas se concentran na capital municipal, a edificación colectiva ubícase maioritariamente neste núcleo e na división por distritos tan so o distrito da Serra sobrepasa o 0,60 m²/m² de edificabilidade máxima para o solo urbano non consolidado. Son precisamente estes criterios os que converten á capital municipal no centro da actividade socio-económica do concello e non as ampliacións puntuais que se poidan facer no resto do solo urbano ou de núcleo rural, que en calquera caso se vinculan á edificación unifamiliar.

- No momento que sexa coñecida a alternativa definitiva de trazado procederá a reflectila correctamente no Plan Xeral, coa correspondente clasificación de Solo Rústico de Protección de Infraestructuras, e as debidas bandas de protección. Polo que respecta á protección outorgada á estrada AC-550 procede prever a correspondente protección regulando de maneira axeitada a posición das edificacións en torno a estas con aliñacións e retranqueos que permitan a súa posible ampliación. Polo que respecta ó solo urbanizable procede regular o deseño dos posibles plans parciais ou de sectorización de maneira que o desenvolvemento dos solo urbanizable non inviabilice o correcto funcionamento da vía.

- Polo que respecta ás condicións de accesibilidade queda acreditado no punto anterior que serán convintemente revisadas, quedando pendente ademais a súa definición final en función do trazado definitivo da variante da estrada AC-550.

- A xustificación das áreas de expansión dos núcleos rurais atópase xustificada, de modo xenérico, no apartado correspondente da memoria así como, pormenorizadamente, nas fichas do modelo de asentamento poboacional. A xustificación na maior parte dos casos baséase na existencia de novas vivendas, construídas ó amparo Normas Subsidiarias vixentes coa ordenanza de "Residencial extensivo de Núcleos Rurales", non propoñéndose practicamente áreas de expansión vacantes.

- As áreas de concentración parcelaria, fora dos núcleos rurais tradicionais e certas áreas de expansión atópanse clasificadas como solo rústico de especial protección agrícola. A potencialidade productiva de algúns solos non protexidos, como pode ocorrer na zona de San Cosme de Outeiro ou no Freixo, deriva exclusivamente da súa aptitude agrolóxica, aínda que se esta é comparada coa tendencia do concello así como coa estrutura parcelaria e o rendemento agrícola da zona, dependente en grande medida do excesivo

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

fraccionamento das fincas, pódese concluír que salvo as zonas altas do concello, as cales xa se atopan concentradas ou en proceso de concentración, na zona baixa, a máis próxima á costa, non existen áreas con especial potencialidade agrícola.

Á vista disto pódese concluír que o contido da memoria, convintemente interpretado, non é incompatible coa proposta de ordenamento plantexada.

OBSERVACIÓN 2: ADAPTACIÓN Á LEI 15/2004, DE 29 DE DECEMBRO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002

O plan Xeral será convintemente adaptado á nova lexislación naqueles aspectos nos que aínda non o estea.

OBSERVACIÓN 3: DOCUMENTACIÓN

Punto a): Procede mellorar a cartografía coa existente no ano 1999, a partir da incorporada ó Plan Xeral, toda vez que nela xa se levou a cabo un proceso de actualización cartográfica, incorporando novas edificacións non contempladas nin na mencionada cartografía de 1999.

Punto b): Os planos de redes de servizos urbanísticos relativos a Ribeira do Freixo atópanse recollidos no plano de información xeral de servizos a escala 1/20.000. Non obstante procede elaborar planos de detalle dos servizos do solo urbano de Ribeira do Freixo.

Punto c): O núcleo de Xurisdición efectivamente pertence á vez ás parroquias de S. Pedro de Outes de S. Xoán de Roo.

Punto d): Procede modificar o devandito cadro.

Punto e): Procede, nos planos de clasificación, reflectir de maneira máis clara o solo rústico de protección de infraestructuras correspondente ós parques eólicos.

Punto f): Procede orientar o plano de Ribeira do Freixo de maneira que o norte quede cara a parte superior, e o mesmo no plano de Cruceiro de Roo.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Punto g): Procede modificar o apartado 3.2.2.3. da memoria.

Punto h): Procede corrigir a referencia que se fai a outro concello na páxina 40 do estudio de sostibilidade.

Punto i): Procede identificar como equipamento de sistema xeral o punto limpo da Cepa.

OBSERVACIÓN 4: ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO.

Punto a): Procede utilizar distinta denominación para as dúas partes da zona verde de sistema xeral ZVX-6. A zona verde ZVX-2 e ZVX-6 xa se diferencian por unha liña de cor verde no plano a escala 1/10.000.

Punto b): O acceso á zona verde, dada a posición que ocupa realízase, por un lado a través da zona verde existente ZVX-2, coa que linda en boa parte do seu perímetro, por outro a través das numerosas vías municipais que a atravesan e por outro a través do solo urbano. Ó respecto compre acurtar a lonxitude do edificio de edificación aberta de remate do solo urbano.

Punto c): A proposta de variante da AC-550 plasmarase de maneira máis precisa no momento que se coñeza o trazado definitivo.

OBSERVACIÓN 5: CLASIFICACIÓN E CATEGORÍAS DE SOLO URBANO.

Punto a): A clasificación do solo urbano deriva directamente da definición da malla urbana e dos servizos urbanísticos existentes. A definición e análise da malla urbana atópase recollida no apartado 2.7.1. da memoria do Plan Xeral. Neste apartado xustifícase cada unha das mallas urbanas dos diferentes núcleos, considerando tamén a existencia dos servizos urbanísticos municipais definidos no apartado 2.12.2. e nos planos correspondentes. Non obstante ó respecto das distintas observacións realizadas no informe compre indicar o seguinte:

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Procede eliminar o aumento de solo urbano de Serra de Outes, con respecto ó delimitado nas Normas Subsidiarias vixentes no extremo sur ó longo da estrada AC-550. O resto do solo urbano atópase totalmente integrado na malla urbana incluíndo en varios casos equipamentos directamente vinculados ó funcionamento da Vila, motivo polo cal procede o seu mantemento dentro do solo urbano. Procede eliminar o extremo oeste e norte do solo urbano de Ponte Nafonso.

Punto b): Procede reducir a profundidade do solo urbano ó leste da rúa do Catelo.

Punto c): Procede aumentar a delimitación do P-SE-03 ata englobar a totalidade dos terreos que non reúnen a condición de soar, ampliar o P-SE-01, e incluír nun novo polígono os terreos ás beiras da rúa da Rosaleda e os situados no extremo NE da Serra. No entorno da Avenida de San Pedro procede modificar a ordenación proposta para poder incluír as edificacións existentes dentro do perímetro do solo urbano. No solo urbano de Cruceiro de Roo procede modificar a ordenación proposta no extremo indicado no informe.

Punto d): Procede incluír na categoría de solo urbano non consolidado todas aquelas zonas nas que estea prevista a cesión de terreo para equipamentos ou zonas verdes e espazos libres, mantendo as unidades de reparcelación obrigatoria (URO) para aquelas zonas nas que estea prevista, entre outras, a ampliación do viario existente.

Punto e): Procede ampliar a delimitación do polígono P-SE-03, de maneira que se inclúan os terreos indicados no informe, así como fusionar nun so polígono os dous que se prevén en Ribeira do Freixo, da cara a prever unha ordenación máis racional do entorno.

Punto f): A proposta que se fai neste punto non resulta viable pois suporía a fusión de polígonos contiguos, duplicando e mesmo triplicando a súa superficie, e aumentando exponencialmente a súa xestión. Posto que a división poligonal se realiza na maioría dos casos a partir de viais existentes, non procede contemplar este punto concreto.

OBSERVACIÓN 6: ORDENACIÓN DO SOLO URBANO.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

En termos xerais procede revisar a ordenación pormenorizada dos catro solo urbanos e en particular nos seguintes externos:

- Procede fusionar os dous polígonos previstos na Riberia do Freixo nun so. Procede revisar as alturas de Ribeira do Freixo e da Serra. Procede revisar o ámbito de aplicación da ordenanza de quinteiro pechado. Procede representar graficamente as prazas de aparcamento de maneira que se poida verificar o cumprimento do estándar legal. Procede revisar o remate do vial previsto no polígono P-SE-09. Procede aumentar as seccións previstas na rúa da Rosaleda. Procede representar certos bloques previstos na ordenanza de edificación aberta de maneira que se exprese a súa correcta ubicación con respecto ó río.

OBSERVACIÓN 7: DELIMITACIÓN E DETERMINACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS.

Punto a): Procede revisar as delimitacións dos núcleos tradicionais indicados.

Punto b): Procede revisar as delimitacións das áreas de expansión que superan os 200 dende a delimitación do núcleo rural.

Punto c): Procede eliminar das áreas de expansión aquelas parcelas, non edificadas que contan con accesos exclusivos a través dunha estrada de titularidade supramunicipal. Neste punto o criterio xeral é o da protección da vía, impedindo novos accesos indiscriminados e respectando os existentes. Tendo en conta isto procede modificar parcialmente as áreas de expansión indicadas a excepción das que se atopan na travesía de San Ourente, entre O Cotro e O Mosterio e O Cruceiro, ó longo da estrada CP-5604, que constitúen un conxunto edificado continuo, no que a exclusión de certas parcelas ineditadas non contribuiría á protección da vía.

Punto d): Procede reducir as áreas de expansión dos núcleos que interfieren no solo rústico de protección de augas ou de costas.

OBSERVACIÓN 8: SOLO URBANIZABLE.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Punto a): Procede xustificar axeitadamente o solo urbanizable en función das expectativas de crecemento do concello. Por outra banda procede revisar toda a capacidade residencial do PXOM, en todo tipo de solos tentando a súa redución.

Punto b): O solo urbanizable S-01 linda co rego de Boel, un rego de escasa entidade, que pode ser incorporado ó solo urbanizable, como continuidade da malla urbana, integrando as zonas vinculadas ó río o sistema de espazos libres e zonas verdes, o cal se impón como condición ó desenvolvemento deste solo. Por outra banda procede reducir os sectores S-02 e S-05 nas zonas que deben ser clasificadas como solo rústico de protección forestal. Procede eliminar o solo urbanizable S-05, coincidente coa travesía do Areal e integralo a malla urbana, á que indefectiblemente está unido, como solo urbano non consolidado.

Procede eliminar o sector de solo urbanizable S-06

Procede diminuír o solo urbanizable non delimitado vinculado á estrada AC-550.

Punto c): procede incluír na normativa prazos para a total execución do planeamento.

Punto d): as conexións de infraestructuras de servizos aparecen reflexadas no plano CZ-1 e CZ-2. As conexións viarias aparecen, como condicionantes ó desenvolvemento, indicadas nos apartados correspondentes da Normativa. Non obstante procede incorporar un sistema xeral viario exterior que garanta o correcto funcionamento do sector S-03.

OBSERVACIÓN 9: SOLO RÚSTICO.

Punto a): Procede clasificar como rústico de protección de infraestructuras as liñas eléctricas de alta tensión existentes no concello así como as zonas vinculadas ó parque eólico.

Punto b): Nas áreas de solo rústico de protección de patrimonio, vinculadas á protección integral dos xacementos arqueolóxicos, non se dá a superposición de réximes do solo rústico posto que a ordenanza de protección destes elementos é máis restrictiva que as restantes proteccións do solo rústico, ó permitir tan so os traballos encamiñados á rentabilización social do ben arqueolóxico.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Punto c): Procede reducir o solo de protección ordinaria en determinadas zonas. Polo contrario no tocante a outras nas que mantén, compre aclarar que o criterio xeral aplicado para a clasificación do solo rústico é o seguinte: *“clasifícanse solos rústicos de protección ordinaria na zona baixa do concello, a menos agrícola por cuestión fundamentalmente parcelarias”*

Punto d): Procede recoller a Illa de Meán como solo rústico de protección de espacios naturais.

Punto e): Procede modificar o apartado 3.3.6.1.2. da memoria de maneira que se adapte ós criterios emanados da lexislación vixente.

Punto f): Realizado estudio e traballo de campo non se puido constatar a existencia dos denominados humedais.

Punto g): Procede prever medidas adicionais para preservar as conchas e os fitos de interese paisaxístico, modificando consecuentemente o articulado da normativa.

OBSERVACIÓN 10: OUTRAS OBSERVACIÓNS.

Punto a): Procede incluír a xustificación correspondente do cumprimento da lexislación sobre supresión de barreiras arquitectónicas.

A regulación dos usos do solo rústico considérase axeitada.

Procede modificar a regulación dos invernadoiros.

Procede actualizar a referencia legal da normativa vixente en materia de augas.

Outes, 15 de outubro de 2007

Isidro López Yáñez

Arquitecto redactor do PXOM

INFORME DE ALEGACIÓNS

Aprobación inicial: 14 de decembro de 2007

Publicación DOG: Nº 23 de 1 de febreiro de 2008.

Período exposición: do 2 de febreiro ó 2 de abril de 2008.

Total alegacións presentadas: 938

TIPIFICACIÓN DE ALEGACIÓNS

Alegacións en contra do polígono industrial: 391. Á vista das numerosas alegacións procedeu reducir a superficie do solo urbanizable destinado a usos industrias aínda que manténdoo no ámbito no que estaba previsto. Tamén procedeu incluír condicións ó desenvolvemento do ámbito que garantan a integración medioambiental e as baixas emisións contaminantes.

Alegacións presentadas por colectivos ou agrupacións:

Nº rex. 1090. A.VV. Pontenafonso: solicita ampliar núcleo rurais do entorno de Pontenafonso.

Nº rex. 1268. A.C.C. Terra de Outes: alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial (incluída nas 391 referidas anteriormente)

Nº rex. 1269. A.C.C. Terra de Outes: Solicita, en xeral, reducir o volume edificable proposto polo PXOM

Nº rex. 1841. Asociación de empresarios e profesionais de Outes: alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial (incluída nas 391 referidas anteriormente)

Nº rex. 1864. A.VV. de Entíns e Tarás: alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial (incluída nas 391 referidas anteriormente)

Nº rex. 1956. A.VV. Pontenafonso: Solicita ampliar os núcleos do entorno de Pontenafonso e reducir a servidume dos 100 de costas.

Nº rex. 1992. A.VV. de Entíns e Tarás: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

Nº rex. 1993. A.C.C. Terra de Outes: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

Nº rex. 1994. A.VV. O Valadiño: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

Nº rex. 1995. A.VV. Pontenafonso: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

Nº rex. 1996. A.VV. O Pedregal: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

Nº rex. 2026. Carmen García Barreiro e 132 máis: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada. Tamén alega contra a ubicación do solo urbanizable industrial.

Nº rex. 2053; 2054; 2055; 2056; 2057. Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Solicítase o seguinte:

- 1.- Modificar a cualificación de solo urbano non consolidado do Areal converténdoa en solo rústico de protección de augas.
- 2.a) Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbanizable non delimitado que se atopan a menos de 350 metros da liña de costas.
- 2.b) Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbanizable non delimitado que ocupen zonas susceptibles de ser clasificadas coma áreas de expansión de núcleos rurais.
- 2.c) Eliminar a parte correspondente á UND-05 na zona entre Vilariño e Piñeiro.
- 3.- Estudar as posibles alternativas para a localización do chan industrial do concello.
- 4.- Facer unha revisión a fondo para identificar tódolos elementos do patrimonio histórico-artístico e que se inclúan como elementos protexidos no PXOM.

5.- Modificar as seguintes áreas de expansión de núcleos rurais: a) Cando de Arriba (01.04). A área de expansión vai o longo da estrada; b) Figueiro (01.08). Área de expansión sen continuidade o núcleo e separada por un camiño; c) Toxeira (01.14). Área de expansión que está sen continuidade posto que un camiño separa a área de expansión e estendese a unhas parcelas de maneira inxustificadas; d) Fontelos (02.04). A finca 2422 non agrupa o núcleo rural. A área de expansión debería seguir as fincas 2426, 2427, 2428 e seguintes; e) Ousesende (03.22). A parcela 00101 está totalmente illada e métese dentro de área de expansión; f) Camposas (06.06). Lévese a área de expansión cara á zona de aproveitamento forestal cando o normal e que se fixera zona que vai desde a parcela 00190 ata 00232; g) Gulfián (06.08). Ampliase a área de expansión as parcelas 00872, 00871, 00855, 00856 e 00857 sen aparente xustificación; h) Serantes (06.11). A área de expansión de Serantes e a que abrangue as fincas que aparecen no lugar denominado a Granxa (00656 e limítrofes ata chegar o camiño que baixa a Broña); i) Figueiroa (04.09). Deixase unha área de rústico cando o normal sería que completase a áreas de expansión; j) Central (08.05). Deixase fora do ordenamento as fincas que están na marxe esquerda e dótase unha área de expansión na marxe dereita permitindo medrar o núcleo o longo da estrada; k) Barreira. (09.01). As parcelas 01072 e 01071 están fora da liña normal de expansión; l) Ribademar (09.04). Practicamente sen área de expansión; m) Valadares (10.11). Existe unha vivenda moderna na parcela 227 e inclúese a parcela 228 e 226 nunha área de expansión de maneira inxustificada posto que o mesmo criterio debería usarse en tódolos lugares; n) Viladomonte (10.12). Métese a área de expansión a finca 00406 e a 00435 cando están separadas por un camiño das vivendas tradicionais.

As alegacións do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego foron tratadas na Comisión Municipal de Planeamento formada para seguimento dos traballos do PXOM.

Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do núcleo rural:221.

Destas alegacións foron informadas favorablemente 111, favorables de maneira parcial 47 e desfavorablemente 63.

Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do solo urbano:51.

Destas alegacións foron informadas favorablemente 15, favorables de maneira parcial 12 e desfavorablemente 24.

Alegacións que solicitaban excluír parcelas do solo de núcleo rural, solo urbano ou solo urbanizable, para clasificalas como solo rústico: 418.

Como se indicou anteriormente deste total 391 corresponden ó polígono industrial.

Das 27 restantes foron informadas favorablemente 17, favorables de maneira parcial 3 e desfavorablemente 7.

Alegacións que solicitaban incluír parcelas dentro da delimitación do solo urbanizable: 6.

Destas alegacións foron informadas favorablemente 2, favorables de maneira parcial 1 e desfavorablemente 3.

Alegacións que solicitaban o cambio de cualificación dentro dos diferentes tipos de solo rústico entre núcleo tradicional e área de expansión: 16.

Destas alegacións foron informadas favorablemente 8, favorables de maneira parcial 2 e desfavorablemente 6.

Alegacións que solicitaban modificacións na cartografía: 80.

Destas alegacións foron informadas favorablemente 52, favorables de maneira parcial 15 e desfavorablemente 13.

Alegacións que solicitaban modificacións na ordenación de solo urbano pasándoo de solo urbano non consolidado a consolidado, solicitando variar a ordenación do solo urbano non consolidado, variar as alturas as edificabilidades, os trazados das aliñacións, etc.: 146.

Destas alegacións foron informadas favorablemente 15, favorables de maneira parcial 16 e desfavorablemente 115.

A continuación engádense os informes que sustentan as resolucións antes indicadas:

INFORME DE ALEGACIÓNS POR Nº DE REXISTRO

Num. r	Nombre	Apellidos	Direccion	Población	Provincia	Informe
0432	Mª DOLORES	DOMÍNGUEZ MOLINOS	Ceilán	Serra de Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0434	Mª MERCEDES	TRILLO CAMPOS	Entíns	Serra de Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0442	ANDRÉS FERNANDO	BOUZAS CAMBEIRO	Gulfián, Nº 5, San Cosme	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0444	ROBERTO	LUHIA PEDROSA	Gulfián Nº10	San Cosme de Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0522	Mª DEL CARMEN	ROMERO ROMERO	Siavo	O Freixo de Sabardes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0539	MANUEL	FERNÁNDEZ ABELLEIRA	Rates	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0541	PEREGRINA	BLANCO LEIS	Cuns, Cando	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0551	CONSUELO	VIEITES CAMIÑO				FAVORABLEMENTE
0553	MANUEL	VILAS GALLARDO	C/ Antonio Noche Nº7, 4º D	A Coruña	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0554	Mª OTILIA	CASTRO BARREIRO	Lugar Catasueiro	Sabardes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0555	FRANCISCO	MOURO OTERO	Gosende	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0577	FRANCISCO C.	ANTELO REY	Famelga, San Lorenzo	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0582	ANGELES	BLANCO NIETO	C/ Irmáns Labarta, Nº11, 2ºc	Noia	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0583	CIPRIANA	MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ	Cruceiro De Roo S/N	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0584	Mª PURIFICACIÓN	GARCÍA BREA	Lagoa , San Cosme	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0585	RAFAEL	FONTENLOS CANY	Fontelos	Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0586	Mª PURIFICACIÓN	GARCÍA BREA	Lagoa, San Cosme	Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0587	Mª PURIFICACIÓN	GARCÍA BREA	Lagoa, San Cosme	Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0588	ALVARO	DOMINGUEZ ALMOZARA	Lugar San Ourente, Ousesende	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0589	RAFAEL	FONTENLOS CANEY	Fontenlos	Outes	A Coruña	PARCIALMENTE FAVORABL
0590	MANUEL	TUÑAS RODRÍGUEZ	Berres	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0596	MANUEL	VIDAL PEDROSA	Río De Outes	Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0599	Mª MERCEDES	CEREIJO TUÑAS	Xurisdicción Nº11	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0617	BELARMINO	LOURIDO MARTÍNEZ	A Barreira, San Xoán De Tarás	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0618	MANUEL	LADO CAAMAÑO	Rúa Do Castelo	Serra de Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0619	MANUEL	LADO CAAMAÑO	Rúa Do Castelo	Serra de Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0621	MANUEL JOSÉ	FREIRE AGRAFOJO	Cuns, Cando	Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0635	JOSÉ ANTONIO	MANEIRO MANEIRO	C/ Freixedo, Nº25	Porto do Son	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0644	JOAQUÍN	DOSIL MARTÍNEZ	Lugar Pomar, Cando	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0646	DOMINGO	SENDÓN RODRÍGUEZ	Río De Outes	Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0648	Mª ESTHER	PIÑEIRO OCA	Siavo, O Freixo, Nº 29	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0650	MANUEL	RODRIGUEZ BARBEIRA	O Vilar, Santo Ourente	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0655	JOSÉ BENITO	VILLVERDE FERNÁNDEZ	Lagoa, Cruceiro De Roo	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0659	RAMIRO	DEL RÍO MARTÍNEZ	Rúa Areal S/N	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0670	DANIEL	QUINTÁNS CASAL	Rúa Francisco Romero Blanco Nº 7, 3º B	Noia	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0675	JUAN IGNACIO	AGRA TUÑAS	Creo, Esteiro Nº21	Muros	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0691	MANUEL	LOURIDO GÓMEZ	Vilar, San Ourente	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE

Página 1

INFORME DE ALEGACIÓNS POR Nº DE REXISTRO

Num. r	Nombre	Apellidos	Direccion	Población	Provincia	Informe
0693	JOSÉ	DOMINGUEZ CORBAL	Lugar Areal S/N	Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0694	JOSÉ	DOMINGUEZ CORBAL	Lugar Aral S/N	Outes	A Coruña	PARCIALMENTE FAVORABL
0697	MANUEL	MOURO PEREZ	A Carreira	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0698	JOSE DOMINGO	CAAMAÑO SILVA	Vilariño S/N, Sabardes	Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0707	ANTONIO	GARCÍA MOSQUERA	As Devesas, Entíns	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
0738	Mª DEL CARMEN	GARCIA BARREIRO	Vista Alegre Nº22	Outes	A Coruña	DESFAVORABLEMENTE
0739	DOMINGA	ARCOS CAMPOS	Avda. San Pedro, Nº 14	Outes	A Coruña	FAVORABLEMENTE
9.- Noutro orden de cousas refírese erroneamente a alegación ó artigo 175 da Lei 9/2002 para cuestionarse as parcelas de equipamentos de cesión gratuíta de dominio e uso público, cando en realidade o devandito artigo alude exclusivamente ó patrimonio municipal do solo (solo con aproveitamento lucrativo). A cesión de terreos para dotación de equipamentos de dominio e uso

público ven recollida para o conxunto do distrito no artigo 47 da referida lexislación indicando asemade que o concello pleno, sen necesidade do procedemento de modificación do planeamento, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outros de uso público distinto.

10.- As áreas de reparto contén a total ordenación pormenorizada do ámbito ó indicar os espazos edificables, as zonas de reservas para equipamentos, espazos libres e zonas verdes, e os espazos de reserva viaria, incluído o deseño en planta da sección viaria. O viarios interiores, os accesos e a ordenación dos volumes, que entendemos que se refiren ó espazo privado edificable, poderán ser definidos a través dos estudos detalle que se poidan redactar "a posteriori", que é a figura axeitada para tal efecto, non un PERI como erroneamente se indica na alegación.

11.- O modelo urbanístico de crecemento, baseado entre outras cousas nos antecedentes de planeamento que constitúen as vixentes Normas Subsidiarias, sobre as que se edificou un bo número de edificacións no entorno da Serra e Ribeira do Freixo, atópase suficientemente substanciado no presente informe así como nos restantes documentos do PXOM.

12.- P-SE-04 (AR-SE-04). Polos motivos antes indicados o polígono contén unha ordenación detallada suficiente para o desenvolvemento do ámbito sen prexuízo de que con posterioridade poida ser redactado, se fose preciso un estudio detalle, é dicir fíxanse a totalidade dos espazos edificables, superficies de cesión e viario coa definición da distribución transversal deste. Por outra banda, no tocante ó tema das alturas previstas, compre indicar que sobre todo no ámbito da Avenida de Fisterra atopamos ata cinco edificios de baixo e tres plantas, executados con amaño ás Normas Subsidiarias vixentes. Tendo en conta esta tipoloxía maioritaria, polo menos neste tramo de rúa, carece de toda lóxica deixalos fora de ordenamento, cando en realízase son os únicos que se adaptan á normativa vixente. No tocante ós accesos ás parcelas restantes compre indicar que no proceso urbanizador por un lado temos a fase de ordenación e por outro a fase de parcelación. O PXOM tan so afecta á fase de ordenación, quedando pendente no ámbito obxecto de alegación, o proceso de reorganización da propiedade para o desenvolvemento posterior deste. Será nese momento, unha vez aprobado o PXOM e se entre no proceso de desenvolvemento do polígono, cando se definan correctamente as propiedades, as cargas e dereitos existentes, as servidumes, etc. e se sopesa o mantemento ou modificación destas. No tocante ás construcións existentes no ámbito do polígono, analizadas estas púidose comprobar que ningunha delas está adicada a vivenda ou residencia, estando todas elas en situación de fora de ordenación por sobrepasar o fondo edificable permitido polas NN.SS. vixentes. Por último débese aclarar que non se prevé en ningún caso a expropiación da apertura da rúa se non que está obterase por cesión dos propietarios para ampliación do viario existente.

13.- P-SE-05 (AR-SE-05). Indícase o mesmo ó que se refire o punto anterior.

14.- U.R.O.01-U.R.O.02. Segundo o indicado no artigo 3.2.8. da Normativa do PXOM de Outes está suficientemente claro, independentemente da súa denominación, o réxime aplicable a estes ámbitos. Por outra banda non existe impedimento legal para que o PXOM poida delimitar estas áreas. Da mesma maneira que tampouco se vulnera ningún precepto legal para que o proxecto poida ser formulado por propietarios que supoñan o 25% do ámbito posto que non se produce

ningún tipo de reparto de cargas e beneficios, tan so unha reorganización da propiedade. Por último compre indicar que o viario que se pretende abrir entre a rúa da Cruz e a Avenida de Fisterra xa ten o seu comezo no viario público existente. Tendo en conta o anterior a ordenación pretendida para a rúa tan so pretende o ancheamento desta para servir de acceso ás áreas de reparto P-SE-04 e P-SE-05. Tendo en conta que se trata dun solo urbano consolidado e que o axuste de aliñacións motivado pola ordenación afecta de maneira desigual ás parcelas lindantes procede manter a unidade de reparcelación obrigatoria.

15.- P-SE-09 (AR-SE-09) Vista Alegre. Vista a alegación presentada compre indicar que en base á realidade física do contorno, ás NN.SS. vixentes que clasificaban o ámbito en cuestión como solo urbano, e por aplicación do artigo 12 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, os terreos de referencia merecen a cualificación de solo urbano non consolidado, e polo tanto deben incluírse nunha área de reparto que garanta a equidistribución de cargas e beneficios. Dende ese punto de vista a ampliación do novo vial será equidistribuída entre todos os propietarios da devandita área de reparto repartindo os aproveitamentos derivados da ordenación. As construcións afectadas, se que estas tivesen valor arquitectónico ou etnográfico poderán ser trasladadas. A rotonda proxectada deriva do indicado no informe emitido pola Dirección Xeral de Urbanismo con carácter previo á aprobación inicial. Por último e como xa se indicou nos apartados precedentes o PXOM aporta datos suficientes sobre a ordenación pormenorizada, non sendo necesaria a redacción dun PERI sen prexuízo de poder redactar ó amparo do indicado na lexislación vixente estudos de talle de ámbitos concretos.

15.- P-SE-08 (AR-SE-08). A redución no fondo clasificado como solo urbano consolidado na Avenida de Fisterra na zona indicada na alegación ven motivada porque neste ámbito podería materializarse unha edificación en esquina, con maior fronte de fachada e polo tanto maior aproveitamento que as inmediatamente lindantes. Por outra banda os viarios perpendiculares á Avenida de Fisterra carecen de urbanización para ser considerados como solo urbano consolidado, o cal tamén motiva a redución do fondo na cualificación prevista. A magnitude do desenvolvemento previsto deriva da aplicación das Normas Subsidiarias vixentes.

16.- Núcleo rural de Xurisdizón. A obtención de viais no núcleo rural obedece ó indicado no artigo 171 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións., non sendo necesario proceso expropiatorio algún. Non obstante procede respectar os peches tradicionais existentes e en consecuencia revisar as aliñacións propostas.

17.- P-SE-01 (AR-SE-01). No tocante á inclusión de toda a finca na delimitación do solo urbano consolidado compre indicar que en base á realidade física do contorno, e por aplicación do artigo 12 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, as partes traseiras dos soares que dan á rúa Poeta Añón, merecen a cualificación de solo urbano non consolidado, e polo tanto deben incluírse nunha área de reparto que garanta a equidistribución de cargas e beneficios. No tocante ás aliñacións compre indicar que a tipoloxía pretendida para a zona, acorde coas previsións das Normas Subsidiarias vixentes e das edificacións realizadas con amaño a elas, é a de edificación colectiva en mazá pechada con baixo e tres plantas. Tendo

en conta o anterior considérase que a vivenda existente atópase en situación de fora de ordenación por non responder á tipoloxía permitida polo PXOM para a zona. Tendo en conta a

altura outorgada ás edificacións compre dimensionar os viarios acorde con ela.

18.- Solo Urbanizable S-02: Vista a alegación compre indicar que segundo o plano de Ordenación do solo urbano da Serra de Outes das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal a escala 1/2500, a pista á que da fronte a parcela non está considera

dentro da trama urbana definida no plano correspondente, é dicir a tenor do disposto no documento de planeamento vixente a parcela está clasificada como solo non urbanizable. Tendo

en conta o anterior os servizos urbanísticos adquiridos pola finca foron realizados fora da malla

urbana definida polo documento de planeamento vixente, non podendo polo tanto cambiarse a

clasificación directa de solo non urbanizable a solo urbano consolidado sen unha previa transformación dos terreos, é dicir solo urbano non consolidado ou solo urbanizable.

Atendendo

ás características das parcelas lindantes, sobre todo as máis próximas ó rego, corresponde a

esta finca a clasificación de solo urbanizable.

Atendendo a todo o antedito procede estimar parcialmente a alegación presentada e modificar

no PXOM en tramitación os puntos que foron indicados no presente informe.

INFORME DA ALEGACIÓN

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— MARÍA VICTORIA LORES GOMEZ

Rúa Da Vila Nº 40

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2027; data: 01/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita cambiar a clasificación de Solo Urbanizable (S-01 y UND-01) pola de Solo Rústico de Protección Agropecuaria, en caso contrario, solicita excluír a finca sinalada co número 2655 do Solo Urbanizable delimitado S-01.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada compre informar o seguinte:

Segundo o disposto no artigo 32.2.a) da Lei 9/2002 e as súas posteriores modificacións o solo rústico de protección agropecuaria defínese en base á potencialidade agrícola ou pecuaria dos solos, como pode ser o caso que nos ocupa.

Nembargantes o mesmo artigo tamén indica que "Non obstante, o plan xeral poderá excluír xustificadamente desta categoría os ámbitos lindantes sen solución de continuidade co solo urbano ou cos núcleos rurais que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional (...)". No mesmo sentido se manifesta a Lei 8/2007 reseñada na alegación ó indicar que o proceso urbanizador debe estar xustificadamente obxectivamente.

Tal e como se explica en varios apartados da memoria o desenvolvemento racional do concello pasa por ter solo industrial convintemente dotado, coa intención de albergar as numerosas industrias que están a proliferar con certo desorde polo solo rústico. Este é un feito obxectivo que motiva a necesidade dun solo destas características no concello de Outes.

Este solo para a posible construción dun parque empresarial ubícase en base ós seguintes criterios: a) proximidade ó solo urbano, o que indubidablemente mellora a eficiencia da mobilidade, da distribución ou do transporte público; b) topografía favorable o que indubidablemente repercute nunha economía da execución e nun menor impacto territorial e paisaxístico ó minimizar os movementos de terras, taludes e terrapléns; c) conexión coas vías de comunicación supramunicipais o que indubidablemente repercute nun mellor funcionamento do parque empresarial e unha mellor proxección cara ó exterior do concello. A ubicación escollida cumpre estes criterios básicos. Ademais compre salientar que na alegación presentada non se ofrecen alternativas que cumbran de maneira máis axeita os requirimentos de ubicación dun parque empresarial.

No tocante ó impacto paisaxístico compre salientar que non existen criterios de valor para afirmar que nos atopamos nun caso de paisaxe aberto ou natural, rural ou marítimo. Máis aínda, a zona está profundamente transformada o que se plasma na existencia dun circuíto de Karting, dúas actividades industriais, ata seis vivendas e numerosos recheos de entullo.

Por último no tocante á produtividade da zona, e tal e como se pode apreciar dunha análise da tipoloxía das edificacións existentes, non existen naves agrícolas nen invernadoiros, o que pode dar unha idea de que a economía da zona non depende do uso agrícola destes terreos.

Non obstante en base a un reestudio das necesidades inmediatas de solo

empresarial para o concello de Outes, e en base tamén ó desenvolvemento sostible e aproveitamento racional dos recursos naturais, procede a redución do ámbito clasificado, limitándoo a unha pequena área de en torno a 150.000 m2 ubicados no extremo norte do ámbito aprobado inicialmente (o mellor comunicado).

No tocante ó tema da contaminación medioambiental compre indicar que no PXOM impoñeranse ó desenvolvemento do parque empresarial condicións suficientes que garantan as mínimas emisións contaminantes ó medio ambiente.

Tendo en conta todo o anterior procede estimar parcialmente a alegación presentada, fundamentalmente nas parcelas ubicadas na zona sur do ámbito.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar PARCIALMENTE FAVORABLE a alegación presentada

— ORESTES LOPEZ CAMPOS

Canizos - San Cosme

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2043; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita incluír as fincas sinaladas co nº 1857 e 1854 dentro da área de expansión do núcleo de Canizos.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada así como os antecedentes de planeamento que clasificaban a parcela en cuestión como solo non urbanizable, a lexislación vixente, e os criterios expresados polo Plan Xeral para a zona, segundo os cales, ademais de tentar recoller as edificacións existentes, plantéxase unha área de expansión ó longo da estrada provincial, procede desestimada e consecuentemente manter a clasificación proposta no documento aprobado inicialmente.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— MATÍAS BARREIRO BLANCO

Avd. República Argentina, 28 - 1º B

Noia, A Coruña

Nº de rexistro:2046; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita incluír a finca sinalada co nº 1642 dentro da área de expansión do núcleo de Áspera.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vistos os antecedentes de planeamento que clasificaban a parcela sinalada co número 1642 como solo non urbanizable, a lexislación vixente, e os criterios expresados polo Plan Xeral para a zona, segundo os cales, ademais de tentar recoller as edificacións existentes, plantéxase unha área de expansión do núcleo de Áspera ó longo da pista que vai de Bendimón a Cruceiro de Roo, procede desestimada e consecuentemente manter a clasificación proposta no documento aprobado inicialmente.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— JUAN MANUEL SUAREZ LOURIDO

Cures - Outes

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2048; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita incluír as fincas sinaladas dentro da área de expansión de Cures.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada así como os datos nela expresados cómpre informar: - no referente á finca sinalada co número 1647 procede estimada por cumprir coas condicións indicadas na lexislación do solo vixente así como cos criterios expresados para a zona no Plan Xeral, e consecuentemente incluíla na delimitación da área de expansión do núcleo de Cures.

- no referente á finca sinalada co número 1667, cómpre informar que vistos os antecedentes de planeamento que clasificaban a parcela en cuestión como solo non urbanizable, a lexislación vixente, e os criterios expresados polo Plan Xeral para a zona, segundo os cales, tenta recoller as edificacións existentes ó norte, procede desestimada e consecuentemente manter a clasificación proposta no documento aprobado inicialmente.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar PARCIALMENTE FAVORABLE a alegación presentada

— ÁNGEL RAMÓN LAGE GONZALEZ

Barreiro S/N - San Cosme

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2050; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita:

1- Incluír as fincas sinaladas co nº 2580, 2581, 2582, 02615 e 02614 dentro do núcleo rural tradicional do núcleo de O Barreiro.

2- Que a vivenda sinalada sexa catalogada como vivenda tradicional.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada e os datos nela expresados:

1. procede estimada no referente ás fincas sinaladas cos números 2580, 2581, 2582, 2615 e 2614 por cumprir coas condicións indicadas na lexislación do solo vixente así como cos criterios expresados para a zona no Plan Xeral, e consecuentemente incluíla na delimitación da área de expansión do núcleo das Barreiras.

2. procede estimada e, consecuentemente, modificar a cartografía base en coherencia cos datos nela expresados.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar FAVORABLEMENTE a alegación presentada

— MARIA DEL CARMEN GARCIA BARREIRO

Vista Alegre Nº 22

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2051; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita eliminar las previsiones urbanísticas de la propiedad de la alegante.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada compre indicar que en base á realidade física do contorno, e por aplicación do artigo 12 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, os terreos de referencia merecen a cualificación de solo urbano non consolidado, e polo tanto deben incluírse nunha área de reparto que garanta a equidistribución de cargas e beneficios. Dende ese punto de vista a ampliación do novo vial será equidistribuída entre todos os propietarios da devandita área de reparto repartindo os aproveitamentos derivados da ordenación. Tendo en conta todo o anterior non procede estimar a alegación presentada pois a apertura do vial será repercutida porcentualmente entre todos os propietarios incluídos na área de reparto. Por outra banda non se estima un mellor criterio nunha nova traza contra a proposta polo PXOM, que discorre sobre un trazado xa existente (rúa Portelo do Roio). As edificacións existentes se é que tivesen valor arquitectónico ou etnográfico poderán ser trasladadas con cargo ó desenvolvemento do ámbito

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— CARMEN VICTORIA FERNANDEZ BUJAN

Tarás - Entíns

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2052; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita incluír as fincas sinaladas dentro da área de expansión do núcleo de Riba da Fonte-Tarás.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Segundo a lexislación vixente a edificación nas áreas de expansión condiciónase a ter acceso rodado por vía pública. Tendo en conta isto, procede estimar a alegación presentada nas parcelas que contan con dito acceso.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— XOSÉ RAMÓN RIOMAO RODRÍGUEZ

Barreiro S/N - San Cosme

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2053; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita modificar a cualificación de solo urbano non consolidado converténdoa en solo rústico de protección de augas.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

A alegación presentada foi tratada pola Comisión de Planeamento do Concello de Outes.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— XOSÉ RAMÓN RIOMAO RODRÍGUEZ

Barreiro S/N - San Cosme
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2054; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita:

- 1- Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbanizable non delimitado que se atopan a menos de 350 metros da liña de costas.
- 2- Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbano non delimitado que ocupen zonas susceptibles de ser clasificadas coma áreas de expansión de núcleos rurais.
- 3- Eliminar a parte correspondente á UND-05 na zona entre Vilariño e Piñeiro.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

A alegación presentada foi tratada pola Comisión de Planeamento do Concello de Outes.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar PARCIALMENTE FAVORABLE a alegación presentada

XOSÉ RAMÓN RIOMAO RODRÍGUEZ

Barreiro S/N - San Cosme
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2055; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita estudar as posibles alternativas para a localización do chan industrial do concello.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

A alegación presentada foi tratada pola Comisión de Planeamento do Concello de Outes.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

XOSÉ RAMÓN RIOMAO RODRÍGUEZ

Barreiro S/N - San Cosme
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2056; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita facer unha revisión a fondo para identificar tódolos elementos do patrimonio histórico-artístico e que se inclúan como elementos protexidos no PXOM.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

A alegación presentada foi tratada pola Comisión de Planeamento do Concello de Outes.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar PARCIALMENTE FAVORABLE a alegación presentada

XOSÉ RAMÓN RIOMAO RODRÍGUEZ

Barreiro S/N - San Cosme
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2057; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita:

- 1- Cando de Arriba (01.04). A área de expansión vai o longo da estrada.
- 2- Figueiro (01.08). Área de expansión sen continuidade o núcleo e separada por un camiño.
- 3- Toxeira (01.14). Área de expansión que está sen continuidade posto que un camiño separa a área de expansión e estendese a unhas parcelas de maneira inxustificadas.
- 4- Fontelos (02.04). A finca 2422 non agrupa o núcleo rural. A área de expansión debería seguir as fincas 2426, 2427, 2428 e seguintes.
- 5- Ousesende (03.22). A parcela 00101 está totalmente aillada e métese dentro de área de expansión.
- 6- Camposas (06.06). Lévese a área de expansión hacia a zona de aproveitamento forestal cando o normal e que se fixera zona que vai desde a parcela 00190 ata 00232.
- 7- Gulfián (06.08). Ampliase a área de expansión as parcelas 00872, 00871, 00855, 00856 e 00857 sen aparente xustificación.
- 8- Serantes (06.11). A área de expansión de Serantes e a que abrangue as fincas que aparecen no lugar denominado a Granxa (00656 e limitrofos ata chegar o camiño que baixa a Broña).
- 9- Figueiroa (04.09). Deixase unha área de rústico cando o normal sería que completase a áreas de expansión.
- 10- Central (08.05). Deixase fora do ordenamento as fincas que estan na marxe esquerda e dótase4 unha área de expansión na marxe dereita permitindo medrar o núcleo o longo da estrada.

11- Barreira. (09.01). As parcelas 01072 e 01071 están fora da linea normal de expansión.

12- Ribasdemar (09.04). Practicamente sen área de expansión.

13- Valadares (10.11). Existe unha vivenda moderna na parcela 227 e incluese a parcela 228 e 226 nunha área de expansión de maneira inxustificada posto que o mesmo criterio deberíase usar en tódolos lugares.

14- Viladomonte (10.12). Métese a área de expansión a finca 00406 e a 00435 cando están separadas por un camiño das vivendas tradicionais.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

A alegación presentada foi tratada pola Comisión de Planeamento do Concello de Outes.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar PARCIALMENTE FAVORABLE a alegación presentada

RAMÓN NIETO FUENTES

Avd. Fisterra, 68
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2058; data: 02/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita excluir a finca sinalada da área de expansión de O Vilar.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada así como os datos nela expresados, procede estimala e consecuentemente excluir a finca de referencia do núcleo rural do Vilar, clasificándoa polo tanto, como Solo Rústico de Protección Agropecuaria.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar FAVORABLEMENTE a alegación presentada

MARÍA DE LA PURIFICACIÓN GARCÍA BREA

Lagoa S/N -Cruceiro De Roo-San Cosme
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2110; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita clasificar a zona sinalada como residencial colectiva en edificación aberta.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Segundo o disposto no artigo 104 da lei 9/2002 e as súas posteriores modificacións a tipoloxía das construcións haberá de ser congruente coas características do contorno. Analizadas ditas características pódese concluir que a tipoloxía maioritaria para o núcleo de Cruceiro de Roo é a vivenda unifamiliar encostada ou illada. Por outra banda cómpre lembrar que segundo o establecido na normativa do PXOM en tramitación as condicións tipolóxicas e de altura son obrigatorias non podendo edificar vivenda unifamiliar en zonas de edificación colectiva nin edificación de baixa densidade en zonas de edificación en altura.

Por último, aclárase que segundo o artigo 7.2 da lei 9/2002 "a ordenación do uso dos terreos e construcións establecida na lexislación e no planeamento urbanístico non confire aos propietarios ningún dereito a esixir indemnización por implicar meros límites e deberes que definen o contido normal da propiedade segundo a súa cualificación urbanística".

A vista disto non procede estimar a alegación presentada.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

CARMEN ROMERO NIMO

Lg San Cosme S/N - Tavilo
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2111; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicítase a inclusión dunha serie de fincas na delimitación do solo de núcleo rural de Tavilo.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Procede estimar a alegación presentada no referente ás fincas sinaladas no plano adxunto por cumprir coas condicións indicadas na lexislación do solo vixente así como cos criterios expresados para a zona no Plan Xeral, e consecuentemente incluír a porción de terreo que acade a distancia máxima de 50 m dende ás edificacións tradicionais para a delimitación do núcleo rural tradicional.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar PARCIALMENTE FAVORABLE a alegación presentada

CARMEN ROMERO NIMO

Lg San Cosme S/N - Tavilo
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2112; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicítase a inclusión dunha serie de fincas na delimitación do solo de núcleo rural de Tavilo.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada así como os datos nela expresados, cómpre indicar que non se cumpren os criterios indicados no artigo 13 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, respecto da distancia máxima de 50 m para a delimitación do núcleo rural tradicional contados desde a última vivenda tradicional do núcleo, motivo polo cal non procede estimar a alegación presentada.

Por outra banda tampouco se estima que nos terreos concorra ningunha circunstancia que os faga merecedores da protección ordinaria.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

CARMEN ROMERO NIMO

Lg San Cosme S/N - Tavilo
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2113; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita que conste o camiño existente e que se inclúan as fincas no ámbito do núcleo rural tradicional de Tavilo.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada compre indicar que non se aportan datos de valor para constatar a titularidade pública do camiño reclamado. Tendo en conta isto as parcelas reclamadas non contan con acceso rodado por vía pública, sendo inedificables e polo tanto non procedendo a súa inclusión no núcleo rural tradicional de Tavilo

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

JOSÉ CARLOS GONZALEZ AÑÓN

Rúa Poeta S/N - Añón - Boel
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2114; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita incluír as fincas sinaladas dentro da área de expansión do núcleo de Boel.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada así como os datos nela expresados, cómpre informar :

- no referente á finca sinalada co número 66, procede estimala por cumprir coas condicións indicadas na lexislación do solo vixente así como cos criterios expresados para a zona no Plan Xeral, e consecuentemente aumentar o núcleo rural tradicional de Boel.

- no referente ás fincas sinaladas cos números 65 e 67, segundo o disposto na lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 as áreas de expansión dos núcleos rurais non poden invadir terreos que deban ser especialmente protexidos. A parcela indicada na alegación atópase dentro do ámbito do Solo Rústico de Protección de Augas vinculado o río Outes, o cal ten unha franxa de protección segundo o PXOM de 75 metros, motivo polo cal non pode ser incorporada á área de expansión solicitada.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar PARCIALMENTE FAVORABLE a alegación presentada

Mª CARMEN GONZÁLEZ LAMELA

Rúa Poeta S/N - Boel - Añón
Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2115; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita incluír as fincas sinaladas dentro do núcleo rural tradicional de Boel, e en todo caso eliminar a zona verde ZVX-06

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada e analizados os datos nela indicados, cómpre indicar que na fronte da parcela atópanse ubicadas a día de hoxe dúas edificacións tradicionais ocupando practicamente todo o ancho. Tendo en conta que segundo o indicado no artigo 26 da lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións, está prohibida a demolición destas, o aumento no fondo clasificado como Solo de Núcleo Rural Tradicional non repercutiría substancialmente nas posibilidades edificatorias existentes. Por outra banda e contrariamente ó indicado na alegación, non se plantexa ningún tipo de cesión gratuíta, nin polo tanto, carga de urbanización para a obtención e

execución da zona verde ZVX-06. Segundo o indicado nos apartados 3.3.2.2 e 4.2 da memoria, a mencionada zona verde está incluída no Sistema Xeral (non local) de Espacios Libres e Zonas Verdes, coa finalidade de dar cumprimento ó estándar fixado no artigo 47.1 da mencionada lei 9/2002. A obtención deste Sistema Xeral será polo sistema de expropiación (apartado 4.2 da memoria) e non por cesión gratuita como se indica na alegación.

A xustificación e necesidade da devandita zona verde, ademais de dar cumprimento ó estándar legal aparece recollida no apartado 3.1.3 e concordantes da memoria. Visto todo o anterior non procede estimar a alegación presentada.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— ROSA PEREZ VILLAVERDE

Rúa Fisterra S/N - Xurisdición

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2116; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita a modificación das aliñacións trazadas no núcleo da Xurisdición para que se respeten os muros de pedra construídos e un cuberto.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

A obtención de viais no núcleo rural obedece ó indicado no artigo 171 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións. Non obstante procede respectar os peches tradicionais existentes e en consecuencia revisar as aliñacións propostas.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar FAVORABLEMENTE a alegación presentada

— MARÍA MACEIRAS CONDE

C/Fernando 3º El Santo Nº 14 - 1ºizq.

Santiago de Compostela, A Coruña

Nº de rexistro:2117; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita eliminar P-SE-12

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

A área de reparto contén a total ordenación pormenorizada do ámbito ó indicar os espazos edificables, as zonas de reservas para equipamentos, espazos libres e zonas verdes, e os espazos de reserva viaria, incluído o deseño en planta da sección viaria. Os viairos interiores, os accesos e a ordenación dos volumes, que entendemos que se refiren ó espazo privado edificable, poderán ser definidos a través dos estudos detalle que se poidan redactar "a posteriori", que é a figura axeitada para tal efecto, non un PERI como erroneamente se indica na alegación. Polos motivos antes indicados o polígono contén unha ordenación detallada suficiente para o desenvolvemento do ámbito sen prexuízo de que con posterioridade poida ser redactado, se fose preciso un estudio detalle. No tocante ó aproveitamento tipo compre aclarar que o ámbito estaba cualificado nas vixentes NN.SS. como Z4, Zona de Baixa Densidade. Ademais este ámbito está afectado nunha importante superficie pola servidume do DPMT, que imposibilita a edificación de todo uso destinado a residencia. Atendendo a estes dous factores considérase axeitado o aproveitamento asignado. No tocante ás vivendas protexidas compre indicar que o PXOM non considera porcentaxe de vivenda protexida en ningún ámbito dos que contan con menor aproveitamento, como é o caso que nos ocupa, co cal non se producirá ningunha rebaixa a maiores do aproveitamento tipo.

Noutro orden de cousas refírese erroneamente a alegación ó artigo 175 da Lei 9/2002 para cuestionarse as parcelas de equipamentos de cesión gratuita de dominio e uso público, cando en realidade o devandito artigo alude exclusivamente ó patrimonio municipal do solo (solo con aproveitamento lucrativo). A cesión de terreos para dotación de equipamentos de dominio e uso público ven recollida para o conxunto do distrito no artigo 47 da referida lexislación indicando asemade que o concello pleno, sen necesidade do procedemento de modificación do planeamento, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outros de uso público distinto

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— MARIA JOAQUINA MARTINEZ BARREIRO

Avd. San Campio Nº 6

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2118; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita incluír dentro do dominio público como camiño e placita públicas, a franxa de terreo denominado "curro".

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada así como constatados os datos nela expresados procede estimala e consecuentemente manter como público o terreo denominado Curro.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar FAVORABLEMENTE a alegación presentada

— DOMINGO RAMÓN CAMPOS ALBORÉS

Avd. Do Rocío Nº 51

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2119; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita excluír a finca sinalada do U.R.O.-04

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Segundo o indicado no artigo 3.2.8. da Normativa do PXOM de Outes está suficientemente claro, independentemente da súa denominación, o réxime aplicable a estes ámbitos. Por outra banda non existe impedimento legal para que o PXOM poida delimitar estas áreas. Da mesma maneira que tampouco se vulnera ningún precepto legal para que o proxecto poida ser formulado por propietarios que supoñan o 25% do ámbito posto que non se produce ningún tipo de reparto de cargas e beneficios, tan so unha reorganización da propiedade. Por outra banda o PXOM, en concreto para a URO-04 non pretende ningún proceso de reparto de cargas e beneficios se non adaptar a configuración das fincas á edificación racional delas pois a día de hoxe se atopan cunha inclinación de tan so 30º con respecto á Avenida do Rocío. Tendo en conta que é necesario normalizar os predios (facelos perpendiculares á Avenida do Rocío para racionalizar a edificación) non procede estimar a alegación presentada. Por último compre aclarar que o deber de cesión dos terreos destinados a viario, fóra das aliñacións establecidas polo PXOM, é un precepto legal para os propietarios de solo urbano consolidado recollido no artigo 19 da Lei 9/2002 e as súas posteriores modificacións.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— SUSANA OCA ABELLEIRA

Rúa Poeta Anón, 29

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2121; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita incluír a finca sinalada dentro do solo urbano de Outes.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación compre indicar que segundo o plano de Ordenación do solo urbano da Serra de Outes das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal a escala 1/2500, a pista á que da fronte a parcela non está considerada dentro da trama urbana definida no plano correspondente, é dicir a tenor do disposto no documento de planeamento vixente a parcela está clasificada como solo non urbanizable. Tendo en conta o anterior os servizos urbanísticos adquiridos pola finca foron realizados fora da malla urbana definida polo documento de planeamento vixente, non podendo polo tanto cambiarse a clasificación directa de solo non urbanizable a solo urbano consolidado sen unha previa transformación dos terreos, é dicir solo urbano non consolidado ou solo urbanizable. Atendendo ás características das parcelas lindantes, sobre todo as máis próximas ó rego, corresponde a esta finca a clasificación de solo urbanizable.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

— ROSA RODRIGUEZ REGO

C/Poeta Añón Nº 16

Outes, A Coruña

Nº de rexistro:2122; data: 04/04/2008

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita:

1- Respetar a a edificación que constituye a vivenda no trazado da C/ Otero Pedrayo, así como as dos anexos a dita vivenda, conservando as alineacións actualmente existentes.

2- Rectificar o trazado da C/ Otero Pedrayo dende o cruce con a C/ Bosque ata a C/ Poeta Añón

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Respecto da alegación presentada compre aclarar en primeiro lugar que non se trata da única edificación afectada polo trazado de aliñación no solo urbano. No tocante ás aliñacións compre indicar que a tipoloxía pretendida para a zona, acorde coas previsións das Normas Subsidiarias vixentes e das edificacións realizadas con

amaño a elas, é a de edificación colectiva en mazá pechada con baixo e tres plantas. Tendo en conta o anterior considérase que a vivenda existente atópase en situación de fora de ordenación por non responder á tipoloxía permitida polo PXOM para a zona. Tendo en conta a altura outorgada ás edificacións compre dimensionar os viairos acorde con ela.


INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar DESFAVORABLEMENTE a alegación presentada

—

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

EXMO. CONCELLO DE OUTES



ESCRITO DE CUMPLIMENTACIÓN DOS INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OUTES

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ESCRITO DE CUMPRIMENTACIÓN DOS INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OUTES

INFORME DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS DA DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.

Con data de 12 de maio de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido favorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Respecto do artigo 3.6.5. procede incluír a estrada de nova construción AC-554 (Ribademar AC-550-Catasueiro AC-550) con categoría de rede primaria básica.
- Procede modificar o articulado das áreas de expansión dos núcleos rurais incluíndo as prescricións do informe.
- Procede impedir nas condicións do desenvolvemento dos polígonos P-RV-01, P-SE-06 e P-SE-07 a imposibilidade de realizar xiros á esquerda. Por outra banda compre modificar a ordenación prevista para o P-SE-06, incluíndo unha separación física entre a banda de aparcamento e a estrada autonómica. Por último comprobouse que o P-SE-16 non linda con ningunha estrada de titularidade autonómica.

INFORME DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO CORUÑA

Con data de 17 de novembro de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido favorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede modificar a normativa no relativo á distancia de peches.
- Procede incorporar ós planos de información urbanística a estrada CP-6201.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Procede modificar o articulado no sentido de recoller as condicións xerais de protección especial das estradas.

INFORME DA “DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y EL MAR” DA “SECRETARÍA GENERAL DEL MAR”

Con data de 30 de abril de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido desfavorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede incorporar a denominación correcta da servidume de protección. Asemade procede corrixir os planos e incorporar a traza correcta do deslinde e da súa servidume de protección.
- Procede modificar o artigo 11.3.9. da normativa no sentido de dar prevalencia ás maiores limitacións impostas pola lexislación de costas sobre o dominio público marítimo-terrestre e a súa servidume de protección.
- Neste punto concreto compre aclarar, ó respecto do informe, que por un lado temos o reparto do aproveitamento urbanístico e por outro a propia natureza urbana dos terreos, regulada polo artigo 12 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións. Segundo o disposto no artigo 10 da devandita Lei “os plans xerais de ordenación municipal deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico”. Enténdese que sendo o dominio público marítimo-terrestre parte do termo municipal tamén estará suxeito a clasificación. Tendo en conta o informe emitido ó PXOM de Outes pola Área de explotación e planificación de Portos de Galicia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (de data de 18 de febreiro de 2008), no que se indica a natureza urbana dos portos baixo a súa tutela, procede excluír da delimitación do solo urbano para incluílos en solo rústico de protección de costas, os terreos afectados pola servidume do deslinde público marítimo-terrestre a excepción das concesións portuarias da comunidade autónoma (porto do Freixo, porto do Conchido e porto da Barquiña).

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- A depuradora da Serra de Outes, por atoparse en parte no dominio público marítimo-terrestre, evidentemente que está en situación de fóra de ordenación sen necesidade de facelo constar explicitamente.
- Procede definir claramente nos planos as zonas de adscrición portuaria.
- Procede modificar a normativa referente ós tres solos urbanos en coherencia co indicado na disposición transitoria terceira da Ley de Costas. Para o caso da zona máis consolidada pola de edificación de Ribeira do Freixo procede fixar no plano de ordenación correspondente o tramo de fachada marítima que verifica as condicións establecidas na devandita disposición transitoria terceira.
- Procede modificar a normativa no sentido de estender as disposicións da Ley de Costas a toda a franxa costeira independentemente da clasificación como solo rústico de protección de costas.
- Procede incorporar ós planos do PXOM as concesións existentes.

Con data de 30 de marzo de 2009 o citado organismo emite informe favorable con carácter previo á aprobación definitiva indicando unha serie de modificacións puntuais a introducir no documento que se incorporan a este nos seguintes termos:

- Foron revisadas as liñas de ribeira do mar, deslinde do dominio público marítimo-terrestre e servidume de protección, corrixíndose certos erros puntuais detectados.
- Modifícase o artigo 11.3.9. de maneira que as disposicións xenéricas da Lei de Costas sexan de aplicación á zona de afección independentemente do tipo de solo.
- Procede modificar o artigo 8.2.1. condicionando a edificación no tramo de fachada marítima da Ribeira do Freixo á redacción do instrumento urbanístico específico previsto na Lei de Costas.

INFORME DA ÁREA DE EXPLOTACIÓN E PLANIFICACIÓN DE PORTOS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.

Con data de 19 de febreiro de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido desfavorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Procede modificar os planos de ordenación de maneira que o ámbito que delimita a zona de servizo adscrita estes portos so se contemple como sistema xeral portuario.
- Procede modificar a normativa incluíndo as referencias ó sistema xeral portuario e á normativa transitoria en tanto non se aproba o correspondente Plan Especial.
- Procede modificar a memoria no sentido de recoller a normativa sectorial vixente en materia de portos.
- No tocante á clasificación do solo compre indicar que segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións “os plans xerais de ordenación municipal deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico”. Segundo os artigos posteriores a este a clasificación obedecerá ás características que concorran en cada un dos terreos indicados. A este respecto compre aclarar que ó porto do Freixo e ó do Conchido corresponde a clasificación de solo urbano, pois están integrados na malla urbana definida polo planeamento. No caso da Barquiña compre indicar que os terreos inmediatamente lindantes con el atópanse clasificados como solo de núcleo rural, sendo esta a clasificación que lle corresponde pois é no ámbito no que se integran as instalacións existentes.
- Os elementos catalogados AC-18, CR-43 e OC-03, xa figuran na documentación remitida e trátanse respectivamente da Carpintería de Ribeira do Freixo, do Cruceiro do Freixo e do Peirao da Barquiña, todos eles recollidos no inventario da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura.
- Por último procede incluír na normativa unha prescrición para as solicitudes de licenza que poidan afectar ós plans especiais portuarios do Freixo, do Conchido e da Barquiña, condicionando a concesión destas á obtención do informe de Portos de Galicia.

As modificacións de normativa plasmaranse no novo artigo 3.6.6. Sistema Xeral Portuario.

Con data de 12 de marzo de 2009 o citado organismo emite informe favorable con carácter indicando unha serie de aclaracións das que compre introducir as seguintes xustificacións:

- Segundo o disposto na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia o catálogo é un documento obrigatorio do Plan Xeral de Ordenación Municipal:
Os catálogos son instrumentos complementarios dos plans o obxecto dos cales é identificar as construcións, recintos, xardíns, monumentos, inmobles ou outros elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos,

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, se estime conveniente conservar, mellorar ou recuperar.

Por outra banda no artigo 4.2.8. do PXOM indícase que:

O catálogo é un documento aberto, sendo susceptible de incorporar novos elementos, ben a instancias do concello ben a instancias da Consellería de Cultura e Deporte. No caso de producirse altas ou baixas de elementos deberase tramitar o oportuno expediente na Consellería de Cultura.

Tendo en conta o anterior enténdese que a través do Plan Especial de cada un dos portos poderá cursarse a oportuna baixa no catálogo, motivo polo cal non procede neste momento de tramitación do PXOM a eliminación do catálogo dos elementos AC-18, CR-43 e OC-06.

- Por último, referente ó cambio de clasificación dos terreos do Porto da Barquiña, compre aclarar que o instrumento axeitado para a clasificación do solo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal ou as súa modificacións ou revisións. En base a isto procede indicar na normativa que o resultado da aprobación do Plan Especial do Porto da Barquiña poderá levar aparellada a tramitación dunha modificación puntual para clasificar os terreos como solo urbano se é que se desen os requisitos legais necesarios.

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.

Con data de 2 de xaneiro de 2008 foi emitido informe favorable polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes.

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.

Con data de 28 de xaneiro de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido favorable, indicábanse unha serie de observacións que se incorporan o Informe de Sustentabilidade Ambiental ISA.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL CONSERVACIÓN DA NATUREZA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.

Con data de 7 de xullo de 2008 foi emitido informe polo referido organismo ó Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes. Neste informe, emitido en sentido desfavorable, indicábanse unha serie de observacións que se asumen nos termos indicados no presente informe.

- Procede incorporar ó PXOM coa clasificación de solo rústico de protección de espacios naturais os seguintes humedais: Esteiro do Tambre (incluído no LIC da Rede Natura), Braña do Cotro, Pedra do Coiro e Veiga do Cu de Mula. As Veigas do Río Bendimón, debido á súa extensión superficial, 0,09 Ha, intégrase na protección do solo rústico de protección de augas vinculado a este río.

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO EN MATERIA DE COSTAS EN VIRTUDE DOS ARTIGOS 112 E 117.1 DA LEI DE COSTAS.

O informe sobre o documento de aprobación inicial, aínda que solicitado fora do momento procedimental oportuno, foi emitido con carácter totalmente extemporáneo. De feito na data de emisión do referido informe (trece meses despois da súa solicitude) xa se tiña realizado a aprobación provisional así como introducido no documento as observacións realizadas, entre outros, polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, en materia de costas. Así case que a totalidade das observacións plasmadas neste informe xa foran emendadas no documento de aprobación provisional en base ó informe emitido polo Ministerio. Tendo en conta o anterior compre incluír as seguintes aclaracións ó informe:

- Núcleos rurais afectados pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre: Procede incluír na ordenanza do solo de núcleo rural a especificade contemplada pola disposición adicional segunda da Lei 18/2008 de Vivenda de Galicia para os núcleos de A Barquiña, Ribademar, A Corga e San Tirso.
- Solo urbano afectado pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre: en base ó informe emitido polo Ministerio de Medio Ambiente xa foron realizadas as modificacións pertinentes recollidas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
- Afección da servidume de protección do DMPT: en base ó informe emitido polo Ministerio de Medio Ambiente xa foron realizadas as modificacións.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Pantallas arquitectónicas: en base ó informe emitido polo Ministerio de Medio Ambiente foron modificadas as ordenacións de certos ámbitos de solo urbano non consolidado e se pode considerar que no actual documento non se forman pantallas arquitectónicas.
- Liñas de ribeira do mar, deslinde do dominio público marítimo-terrestre e servidume de protección: en base ó informe emitido polo Ministerio de Medio Ambiente foron corrixidas as deficiencias detectadas nestas liñas, obténdose o informe favorable deste.

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE CULTURA.

O informe sobre o documento de aprobación inicial non foi emitido.

Non obstante compre salientar que o PXOM recolle no tocante ó patrimonio arquitectónico e etnográfico a totalidade dos elementos inventariados e recollidos no escrito remitido por este organismo ó concello de Outes con motivo da tramitación do PXOM en data de 15 de novembro de 2001.

Por outra banda o PXOM tamén recolle a totalidade dos elementos catalogados polas Normas Subsidiarias Provinciais.

No tocante ó patrimonio arqueolóxico o PXOM recolle as delimitacións elaboradas pola empresa "Arca Arqueoloxía" nun traballo realizado para a propia Consellería de Cultura en novembro de 1996.

Por último compre salientar que durante a tramitación de PXOM a mencionada consellería non notificou ó concello ningunha ampliación do inventario de bens a protexer.

Outes, 18 de decembro de 2009

Isidro López Yáñez

Arquitecto redactor do PXOM

ORDE DO 21 DE ABRIL DE 2010 SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTES (A CORUÑA).

O Concello de Outes remite o plan xeral de ordenación municipal (PXOM) para a súa aprobación definitiva, conforme ao artigo 85.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

I. ANTECEDENTES

1. O Concello de Outes dispón dunhas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente o 05/08/1977, que foron obxecto de cinco modificacións puntuais.
2. Con data de 21/09/2005 emitíase informe previo á aprobación inicial, de acordo co previsto no artigo 85.1 da LOUG.
3. O Concello de Outes aprobou inicialmente o Plan o día 14/12/2007, e o someteu a información pública mediante anuncios nos xornais La Voz de Galicia e El Correo Gallego o día 02/02/2008 e no DOG do 01/02/2008. Simultaneamente déuselle audiencia aos concellos de Negreira, Muros, Noia, Mazaricos e Brión. Así mesmo se solicitaron informes da Demarcación de Costas de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Sanidade, Delegación do Goberno en Galicia, Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Servizo Provincial de Estradas da Coruña, Delegación de Economía e Facenda, Augas de Galicia, Portos de Galicia, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, Servizo de Protección do Litoral da CPTOPT e Deputación Provincial da Coruña.
4. Segundo consta no expediente emitíronse os seguintes informes:
 - Da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Rural de data 24/01/2008.
 - De Portos de Galicia, desfavorable do 18/02/2008; e favorable do 12/03/2009.
 - Da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, informes de datas 29/04/2008 e 27/03/2009, emitidos ao abeiro do artigo 117.1 e 117.2 da lei de costas.
 - En materia de estradas autonómicas, informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas da CPTOPT de data 12/05/2008, cunha serie de condicións.
 - Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, de data 20/06/2008.
 - En materia de estradas provinciais, informe da Deputación Provincial da Coruña de data 9/10/2008, favorable cunha serie de condicións.
 - Informe en materia de costas da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CPTOPT (artigos 112 e 117.1 da lei de costas) de data 20/03/2009.
5. O Concello Pleno aprobou provisionalmente o 11/12/2008 o PPXOM, tras o informe do secretario e do arquitecto técnico municipal de data decembro do 2008.
6. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental elaborou a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM do Concello de Outes o 15/04/2009 (DOG núm. 153 do 6/08/2009).

7. O expediente municipal foi remitido a esta Consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva, tendo entrada no rexistro desta en data 29/10/2009.
8. En virtude do previsto no artigo 85.5 da LOUG, en data 18/11/2009 requiríuse ao Concello de Outes para que corrixise unha serie de deficiencias observadas na documentación e tramitación do Plan.
9. Para dar cumprimento ao requirimento, o Pleno do Concello someteu de novo a aprobación provisional o 29/12/2009 o PXOM, cos informes subscritos polo secretario e mais o arquitecto técnico municipal de data decembro do 2009.
10. O Concello de Outes por escrito do 21/01/2010 achega a documentación requirida, na que constan, entre outros, o exemplar do PXOM aprobado provisionalmente o 29/12/2009, o expediente debidamente dilixenciado e a certificación da Secretaría municipal acreditativa da non recepción en prazo dos seguintes informes:
 - Informe en materia de telecomunicacións que prevé o artigo 26.2 da lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.
 - Informe en materia de patrimonio cultural conforme ao artigo 32 da lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia.
 - Informe en materia de augas que prevé o artigo 25 da lei de Augas (R.D. Legislativo 1/2001, do 20 de xullo).

II. CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTACIÓN

Unha vez analizado o documento, e vista a Proposta literal elevada pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, cómpre facer as seguintes consideracións:

II.1. Tramitación e contido do expediente administrativo.

O Plan non incorpora informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de conformidade co artigo 32 da lei 8/1995, de Patrimonio Cultural de Galicia. Sen prexuízo da certificación do silencio achegada, débese sinalar a transcendencia do pronunciamento para establecer as medidas de protección do patrimonio cultural.

II.2. Cuestións de carácter xeral.

Para os efectos de comprobar o cumprimento dos artigos 4e), 52.2. e 52.3. da LOUG, analizáronse as previsións de crecemento que realiza o PXOM, así como a xustificación das determinacións de ordenación establecidas para atender esa demanda.

O PXOM sinala a influencia positiva na construción de vivendas derivada da futura autovía Santiago-Noia e da mellora nos sistemas de espazos libres e de equipamentos a consecuencia do novo plan xeral; pero o plan prevé máis capacidade residencial correspondente aos solos urbanizables non delimitados e aos núcleos rurais que, pola súa situación próxima á costa e aos tecidos urbanos, cabe esperar unha demanda similar, ou superior, á do solo urbano.

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística do ano 2009, o concello de Outes ten 7425 habitantes; na capital municipal residen 1104 persoas. O parque residencial do concello era de 3.681 vivendas no ano 2001 (das cales 893, un 24%, estaban baleiras). A súa tendencia demográfica é regresiva no conxunto do municipio e no núcleo de

Ribeira do Freixo, aínda que a capital municipal e os restantes núcleos urbanos mantéñense estacionarios.

A memoria do plan calcula unha edificabilidade máxima de 699.538 m² no solo urbano e urbanizable delimitado, e 608.429 m² nos núcleos rurais, o que sen computar a do solo urbanizable non delimitado, a ordenación proposta polo PXOM podería acoller máis de 5.500 novas vivendas.

A desproporción entre a dinámica previsible e as propostas do PXOM evidencia que o plan non se adapta ás características e complexidade do territorio (artigo 52.2 da LOUG) e que carezan de xustificación as determinacións do plan que se refiren aos novos ámbitos para o crecemento urbanístico (áreas de expansión dos núcleos rurais e, especialmente, as extensas áreas de solo urbanizable residencial).

No núcleo capital da Serra de Outes existen bolsas de terreos sen transformar en posicións relativamente centrais do núcleo, que, atendendo a un principio de utilización racional do solo, deberían ser os lugares prioritarios onde situar as novas edificacións, como de feito propón o PXOM, sendo a capacidade residencial destes baleiros abonda para acoller a demanda previsible; non estando xustificada a ocupación de novas zonas, nomeadamente os novos crecementos en todos os núcleos que dan como resultado unha fusión entre núcleos rurais e núcleos urbanos.

II.3. Estrutura xeral e orgánica e dotacións urbanísticas.

1. Non se pode computar o equipamento privado SAX-4 Antigo hospital CENGAS. De conformidade co artigo 165.1 da LOUG, os sistemas xerais serán de titularidade pública, polo que non se cumpre o estándar do artigo 47.1 da LOUG.
2. A zona verde prevista ZVX-07, que constitúe o principal espazo libre do núcleo de Ribeira do Freixo, está situada nas traseiras de parcelas nas que se prevé edificación de uso residencial, sen que o plan garanta un acceso axeitado á mesma.
3. En congruencia coa memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM do Concello de Outes, o plan debe resolver os problemas detectados na rede de saneamento e depuración con carácter previo ao desenvolvemento dos ámbitos proxectados no PXOM, de xeito que quede garantida a depuración das augas a teito de planeamento.
4. Con respecto ao indicado no informe previo á aprobación inicial sobre a accesibilidade das zonas verdes ZVX-2 e ZVX-6, débese sinalar que, malia ás correccións realizadas, segue sen ser idónea, e que a previsión dunha edificación entre a ZVX-6 e o ELX-2 nunha parcela que non cumpre requisitos para ser clasificada como solo urbano, segue a ter unha incidencia negativa.

II.4. Clasificación do solo.

1. Clasificación do solo urbano:

Á vista da documentación achegada, non reúnen as características necesarias para ser clasificados como solo urbano (artigo 11 da LOUG) os seguintes terreos:

- No núcleo urbano da Serra de Outes, os terreos fóra da delimitación vixente de solo urbano que carecen de saneamento.
- PE-SE-20.

- PE-SE-19 xa que non procede a clasificación como solo urbano dos terreos lindeiros con estradas polo mero feito de que por estas discorran as redes de servizos urbanísticos se estas pasan por alí circunstancialmente e non como consecuencia da execución do planeamento urbanístico (Segundo parágrafo do artigo 11.a) da LOUG).
- Extremo oeste do núcleo da Ponte Nafonso.

2. Clasificación do solo de núcleo rural:

A área de expansión do núcleo rural de Viro é incongruente coa súa morfoloxía orixinaria, e atópase desligada do asentamento tradicional debido a unha estrada autonómica, polo que non se axusta aos criterios expresados no artigo 13.3 da LOUG.

Ademais, as áreas de expansión de diversos núcleos non se axustan ao disposto no devandito artigo, por afectar a terreos que, conforme ao establecido polo artigo 32.2 da citada lei, deben ser clasificados como solo rústico de especial protección:

- Conforme aos datos obrantes na Consellería de Medio Rural, as concentracións parcelarias de Cando (S. Tirso) e Entíns (S. Ourense –Sta. María) posúen acordo firme posterior ao 30/12/1992. Por tanto, e agás que se achegue a xustificación sobre a que fundamentar a exclusión á que fai referencia o segundo parágrafo do artigo 32.2 a) da LOUG, deben clasificarse como solo rústico de protección agropecuaria, os terreos situados na área de expansión dos núcleos rurais de:
 - o Parroquia de Cando: Cando de Abaixo, Cando de Arriba, O Vilar, Vilardigo e A Toxeira.
 - o Parroquia de Santa María de Entíns: Entíns e Pazos.
 - o Parroquia de S. Ourense de Entíns: O Cruceiro, A Esfarrapa, Ousesende, A Poza e Sacido.
- Solo rústico de protección forestal os terreos non edificadas que reúnen as características ás que se refire o artigo 32.2.b) situados na área de expansión dos núcleos: As Camposas, Serantes, Carleo de Abaixo, Carleo de Arriba e Moledo.
- Solo rústico de protección de infraestrutura (artigo 32.2.c) da LOUG) os terreos das áreas de expansión incluídos dentro da liña límite da edificación de estradas supramunicipais: Cando de Arriba, O Cotro, O Cruceiro, A Esfarrapa, Ousesende, A Poza, O Valado, Figueiroa, Mosteiro, Siavo, A Carreira, Berres, Outes, Río de Outes, Bendimón, A Central, Viro, Seilán de Arriba e As Touzas.

E os afectados por liñas eléctricas de alta tensión nas áreas de expansión dos núcleos de Cando de Abaixo, Carballido, Loureiro, O Pumar, Entíns, e Boel, así como aquelas áreas de expansión que podan resultar afectadas pola liña eléctrica de 220 kV que vai desde a Minicentral Tambre II ata o sur do núcleo urbano da Serra de Outes e a súa prolongación prevista ata Mazaricos.

- Nas áreas de expansión dos seguintes núcleos prodúcese unha redución, carente de xustificación, da franxa de solo rústico de protección das augas: O Pumar, Filgueiro, Os Muíños, Sarnón, Cerzón, O Barco, Boel, Cambeiro de Abaixo, Río de Outes, Áspera, Bendimón e Esperante e Gosende. Por tanto, en cumprimento do artigo 32.2.d) da LOUG, deben clasificarse como solo rústico de protección das augas os terreos situados dentro da devandita franxa.
- Solo rústico de protección de costas (artigo 32.2.e) da LOUG) os terreos da área de expansión dos núcleos de A Corga, San Tirso, A Toxeira, Mosteiro, Piñeiro,

Rates, Vista Alegre, A Xurisdición, Brión de Abaixo e Riba de Mar que se atopan a unha distancia inferior a 200m do límite interior da ribeira do mar.

A redución desta franxa por razóns cumpridamente xustificadas esixe informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

3. Clasificación do solo urbanizable:

De conformidade co artigo 13 da LOUG, o crecemento dos núcleos rurais, de resultar necesario, farase mediante áreas de expansión, que de feito o Plan prevé. Carecen de xustificación os solos urbanizables residenciais UND-02, UND-03, UND-04 e UND-06.

Algúns solos urbanizables invaden zonas que o Plan debe clasificar como solo rústico de especial protección de conformidade co artigo 32.2 da LOUG:

- Sector S-01: zonas susceptibles de protección de augas e de espazos naturais (humidal Braña do Cotro), como se recolle na memoria ambiental do PXOM.
- Sector S-02: solo rústico de protección das augas, en congruencia coa clasificación dada aos restantes terreos situados na marxe deste curso fluvial.
- Sector S-03: parte dos terreos sustentan masas arboradas, polo que deben clasificarse como solo rústico de especial protección forestal.
- S-04: agás que se acredite a necesidade de crecemento en Cruceiro de Roo, debe clasificarse como solo rústico de protección agropecuaria.
- UND-02, UND-03, UND-04: dado que non queda acreditada a súa necesidade, deben clasificarse como solo rústico de protección agropecuaria.
- Parte dos terreos ocupados polo UND-05 están situados a menos de 200m da ribeira do mar, polo que deben clasificarse como solo rústico de protección de costas. A redución esixe informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.
- UND-06, como solo rústico de protección paisaxística, como de feito pon de manifesto a memoria ambiental do PXOM de Outes.

4. Clasificación do solo rústico:

- Deben clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas, de conformidade co artigo 32.2.c) da LOUG, todas as liñas de enerxía eléctrica de alta tensión, incluíndo por tanto a que vai da Minicentral Tambre II a Noia e a que, partindo desta minicentral atravesa o núcleo urbano de Serra de Outes pola súa parte sur, así como a súa prolongación prevista ata Mazaricos.
- O PXOM clasifica como solo rústico de protección ordinaria terreos que presentan valores agropecuarios, forestais e/ou paisaxísticos ou atravesados por regos, o que conforme co artigo 32.2.a) da LOUG, comporta a súa clasificación como solo rústico de especial protección na categoría correspondente, tal e como pon de manifesto a memoria ambiental para o PXOM de Outes.
- A delimitación dos humidais Braña do Cotro e Pedra do Coiro, clasificados como solo rústico de especial protección de espazos naturais, non é coincidente cos datos obrantes nesta Consellería.
- Os terreos ao longo de vías de comunicación que, conforme á análise paisaxística do estudo de sostibilidade, presentan tales valores, deberan clasificarse como solo rústico de protección paisaxística, ou ben establecer na normativa medidas para a protección destes valores.

- O plan xeral debe axustarse ás determinacións contidas nos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal aprobados definitivamente: parques eólicos, "Central Hidroeléctrica no río Xallas" (Consello da Xunta de 22/07/2004), e incluír na categoría de protección de infraestruturas os terreos que correspondan.

II.5. Determinacións no solo urbano.

1. As zonas que constitúen áreas de recente urbanización xurdidas á marxe do planeamento débense incluír na categoría de solo urbano non consolidado, de conformidade co artigo 12 da LOUG,:
 - Terreos con ordenanza 4 no extremo sur do núcleo de Ribeira do Freixo.
 - Terreos fóra da delimitación de solo urbano das vixentes normas subsidiarias ao norleste dos polígonos P-SE-02 e P-SE-03 e ao suroeste da rúa da Capela.
 - Terreos en Cruceiro de Roo fóra da delimitación vixente de solo urbano ao sur, oeste e norte do núcleo.
2. Nas zonas que non teñen a condición legal de solar, nin poden adquirila mediante obras de urbanización de escasa entidade que se poidan executar simultaneamente coa edificación, débense incluír na categoría de solo urbano non consolidado:
 - Terreos no vial ao sur da Avda. de San Pedro e do parque, que carecen de servizos urbanísticos e nos que se pretende executar unha nova rotonda.
3. As delimitacións dos ámbitos de solo urbano non consolidado deixan fóra terreos necesarios para a axeitada conexión co solo urbano consolidado:
 - Terreos ás beiras do vial ao leste da rúa do Poeta Añón, fronte ao instituto.
 - En Ribeira do Freixo, terreos para a conexión da ZVX-7 coa estrada do Porto e do polígono P-RV-01 coa rúa do Porto.
 - Vial de nova apertura ao sur do P-SE-06.
4. O Plan delimita unidades de reparcelación obrigatoria para a obtención de viarios de nova apertura. De conformidade co artigo 122 da LOUG, as operacións de reorganización da propiedade en solo urbano consolidado teñen por obxecto adaptar a configuración física das parcelas. A apertura dun novo vial non se pode considerar unha obra accesoria e de escasa entidade para que unha parcela adquira a condición de soar; polo contrario, de conformidade co artigo 12.b) da LOUG, os terreos nos que son necesarios procesos de urbanización ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas deben ser clasificados como solo urbano non consolidado (URO-01, URO-02 e URO-09).
5. As delimitacións dos polígonos P-SE-04 e P-SE-05 comparten un vial de nova apertura, polo que, debe esixirse a execución simultánea dos mesmos.
6. Carecen de xustificación, aos efectos do cumprimento dos artigos 46.1 e 104 da LOUG, as seguintes determinacións en materia de alturas:
 - A previsión de 4 alturas nunha única parcela do núcleo urbano de Cruceiro de Roo, xa que no resto das parcelas do núcleo a altura máxima é de 2 alturas.
 - As alturas previstas de 4 plantas na rúa da Vila (Serra de Outes), en relación ás edificacións existentes e aos edificios catalogados de dúas plantas.
 - A elevación en altura prevista para a fachada marítima de Ribeira do Freixo.

7. Nos polígonos P-SE-01, P-SE-03, P-SE-04, P-SE-05, P-SE-15, P-SE-16, P-SE-17 e P-SE-19 non está axeitadamente xustificado que a ordenación formulada cumpre coa reserva obrigatoria de prazas de aparcamento, públicas e privadas do artigo 47.2 da LOUG.
8. Debe clarexarse a formalización da edificación nos polígonos P-SE-06 e P-SE-07, evitando duplicidades de aliñacións posteriores (liñas "ámbito da edificación" e "aliñación") e facendo constar expresamente a prohibición de prolongación das plantas baixas.

II.6. Determinacións no solo de núcleo rural.

1. Conforme á táboa contida na páxina 57 e seguintes da memoria, os núcleos de Cando de Abaixo, Carballido, A Toxeira, A Portela, Cabana Moura, Quintenla, O Vilar de Entíns, Arestião, Mastontán, Serantes, Tavilo, Cambeiro de Arriba, Cures, Mirás, Bendimón, Brión de Arriba, Outón, Esperante, Guimarei, Loios, Sendón, Terelle e As Touzas presentan unha consolidación superior ao 100%; non obstante, en todos eles existen parcelas vacantes e/ou poden xurdir mediante segregacións. Por tanto, deberá xustificarse o criterio empregado para o cálculo da consolidación.
2. A delimitación da área de expansión dos núcleos de Tavilo e Boel supera a dimensión máxima referida no artigo 13 da LOUG (200m).
3. Deberá corrixirse o artigo 9.2.6 da normativa do plan, no apartado 1.b), xa que o cómputo da edificabilidade farase de conformidade co establecido no artigo 46.6.a) da LOUG.

II.7. Determinacións no solo urbanizable.

1. Deben establecerse, conforme ao artigo 53.1.j) da LOUG, os prazos para a aprobación dos plans parciais de desenvolvemento do solo urbanizable delimitado.
2. De conformidade co artigo 57.c) da LOUG o plan xeral debe conter, para todos os sectores de solo urbanizable delimitado, o trazado das redes fundamentais de servizos e as conexións cos sistemas xerais existentes e exteriores aos sectores e as ampliacións ou reforzos necesarios.

II.8. Normativa

1. En cumprimento do artigo 104.c) da LOUG, non deben preverse elementos ou solucións arquitectónicas non congruentes coas características do contorno, tales como entreplantas (artigo 6.4.9 da normativa) ou azoteas (artigo 6.7.15) nos núcleos urbanos nos que este elemento resulte discordante (núcleo da Ponte Nafonso).
2. Na categorización de usos do artigo 5.3.3, os apartados e) zona industrial urbana, f) zona industrial existente e g) outros usos, non definen usos propiamente ditos.
3. As previsións para edificación illada e edificación colectiva no artigo 8.4.1 da (ordenanza residencial unifamiliar apegada) quedan fóra do suposto orixinal.
4. A redacción das condicións de instalacións de invernadoiros contida nas páxinas 97 e 98 da normativa non debera conter a expresión "sen suxeición ao disposto na lexislación do solo vixente e na presente normativa", sendo suficiente a regulación do artigo 9.2.6, no que se deduce que non ten consideración de edificación.

5. De conformidade co artigo 32.1.c) da LOUG, deben corrixirse os parágrafos da normativa que dispoñen que o solo rústico de protección de infraestruturas abrangue unicamente a zona de servidume destas estradas.

II.9. Outras cuestións.

1. O apartado 3.3.1.7.2 da memoria (relativo a solo rústico de protección forestal) non se axusta aos criterios emanados dos artigos 15 e 32.2.b) da LOUG.
2. A acacia da casa do Enxido (Pazo do Tambre) está recollida na publicación de árbores monumentais no patrimonio cultural de Galicia da Consellería de Cultura, polo que debe ser incluído no catálogo do plan, en virtude do artigo 75 da LOUG.
3. Deben identificarse nos planos de ordenación a estación de captación e tratamento de auga potable e o depósito existente en Cando de Arriba que se recolle nos planos de información, coa clasificación e cualificación dos seus ámbitos.
4. Debe corrixirse a remisión do artigo 7.1.24 (Responsabilidade e sancións) da normativa aos artigos correlativos da LOUG.
5. Deben eliminarse as referencias a normativas derogadas (páxina 99 da memoria, que cita a lei de Augas de 1985).
6. Aos efectos previstos no artigo 48.1 da LOUG, o PXOM debe conter unha memoria xustificativa da adecuación á normativa vixente en materia de habitabilidade.
7. Sen prexuízo dos criterios metodolóxicos do equipo redactor, obsérvase que nos planos de ordenación se grafan con tramas moi similares o solo rústico de protección ordinaria e o solo rústico de protección de infraestruturas; polo que, a fin de evitar confusións, débese establecer maior diferenciación entre eles.
8. Deben eliminarse as mencións a outros concellos que pretenden facer referencia ao de Outes (pax. 64 da memoria).

II.10. Análise do plan a efectos do artigo 117.2 da Lei 22/1988 de Costas

O artigo 117.2 da Lei 22/1988, de Costas e o artigo 210 do seu regulamento prevén que con carácter previo a aprobación definitiva do plan se solicite informe en materia de costas; así como o artigo 24º.2.b) do Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

1. No termo municipal de Outes distínguense dous tramos diferenciados por senllos expedientes de deslinde: un, desde Punta do Engano ata o límite co termo municipal de Muros, deslinde aprobado pola O.M. do 29/06/2006, e o outro desde o fondo do río Tambre ata a Punta do Engano, aprobado pola O.M. do 15/02/2007.
2. En relación ao sinalado no informe de data 20/03/2009 emitido ao abeiro do artigo 117.1 da lei de costas, o plan acouta un tramo de fachada marítima no núcleo de Ribeira do Freixo tendente a obter a homoxeneización de dita fachada, en concordancia coa Disposición Transitoria Terceira da lei de costas. Porén, e malia ás correccións introducidas, segue a detectarse que as alturas previstas superan ás das edificacións existentes, o que impediría a homoxeneización pretendida.
3. Nos ámbitos de solo urbanizable non delimitado UND-06, UND-03 e UND-05, situados en zona de influencia e en terreos que gozan de grande visibilidade desde a costa, co consecuente impacto paisaxístico, non se inclúe a xustificación do cumprimento

dos obxectivos sinalados no artigo 30 da lei de costas referidos á non formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes.

RESOLUCIÓN:

Visto o que antecede, RESOLVO,

1º.- Non outorgar a Aprobación Definitiva ao Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes, de acordo co punto 5.b) do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

2º.- O Concello deberá elaborar os documentos corrixidos precisos para emendar as deficiencias sinaladas no corpo desta Orde; e os elevará, logo dos trámites oportunos, a esta Consellería para a súa Aprobación Definitiva, remitindo ao efecto o expediente administrativo debidamente dilixenciado.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2010


O CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Agustín Hernández Fernández de Rojas

**ANEXO VI: INFORME DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DA C.M.A.T.I.,
DO 21 DE ABRIL DE 2010**

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

EXCMO. CONCELLO DE OUTES



ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Con data de 21 de abril de 2010, foi emitida resolución sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Outes. Na resolución resolvíase NON OUTORGAR A APROBACIÓN DEFINITIVA, indicando unha serie de correccións e modificacións a realizar para poder aprobar o plan definitivamente.

No presente informe indícase en que maneira foron incorporadas as modificacións ó Plan Xeral establecidas na devandita resolución, para poder proceder á súa aprobación definitiva.

II.2. CUESTIÓNS DE CARÁCTER XERAL.

1. Cuestiónase a devandita Orde a capacidade residencial que deriva do PXOM, concluíndo que a capacidade residencial do PXOM non garda congruencia coa dinámica do Concello de Outes. Ponse de manifesto deste xeito, un sobredimensionamento da capacidade residencial correspondente, sobre todo, ó solo urbanizable e ás áreas de expansión dos núcleos rurais.

No que atinxe ó uso residencial, resinase que a capacidade residencial correspondente ó solo urbano semella abonda para acoller as demandas de vivenda que cabe esperar no futuro en Outes, polo que non está xustificada a clasificación da maior parte do solo urbanizable e das áreas de expansión dos núcleos rurais.

Ó respecto de todo isto, compre realizar as seguintes matizacións:

Tal e como se recolle na Orde, as perspectivas de crecemento do concello de Outes, coa creación de novas infraestruturas (Autovía Santiago-Noia, Porto do Freixo, Variante da Serra, etc.) están a mellorar exponencialmente, tal e como se recolle no cadro do punto 3.3.1.6. da memoria. A estas perspectivas habería que engadir a creación do futuro polígono industrial (en desenvolvemento do ámbito de solo urbanizable S-01) que axudará a fixar poboación, ó aportar unha media de 850 empregos directos.

CUMPRIMENTACIÓN DAS OBSERVACIÓNS CONTIDAS NA ORDE DA C.M.A.T.I., DO 21 DE ABRIL DE 2010, SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTES (A CORUÑA)

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta panorámica axuda a corroborar as previsións de crecemento indicadas nos diferentes apartados da memoria.

Por outra banda, o PXOM contempla unhas determinadas capacidades residenciais en solo urbano, solo urbanizable e solo de núcleo rural, fundamentalmente en áreas de expansión, que é necesario analizar de cara a comparar con estas perspectivas de crecemento do concello.

No que fai ós núcleos rurais, compre indicar que despois de realizadas as modificacións que se derivan doutros puntos da Orde, a capacidade destes ascende a 1.717 vivendas. Ó respecto disto compre lembrar que o proceso de edificación nos núcleos rurais, segundo a lexislación vixente, non está suxeito a prazos ou obrigas, sendo un proceso individual de cada propietario. Así, é facilmente esperable que por motivos de estrutura da propiedade, de edificacións existentes, ou inexistencia de mercado inmobiliario, tan só se materialice o 40% desta capacidade, é dicir 822 novas vivendas. A previsión deste crecemento é totalmente coherente cos principios de desenvolvemento sostible e utilización racional dos recursos naturais derivados da LOUPMRG, pois debido á propia dinámica destes ámbitos, os índices de materialización son realmente baixos.

Por outro lado, analizada a superficie clasificada como núcleo rural nas vixentes NNSS, e a superficie proposta polo PXOM, pode comprobarse que esta non aumenta, se non que se axusta máis ás diferentes condicións topográficas, parcelarias e de protección de certos ámbitos. Esta premisa corrobora os principios de emprego racional dos recursos naturais ós que se aludía no parágrafo anterior.

Superficie bruta de Núcleo Rural delimitado polas NN.SS.MM.	561,21 Ha
Superficie bruta de Núcleo Rural delimitado polo PXOM	570,61 Ha

Tendo en conta que, tal e como se expresa nos parágrafos precedentes, o PXOM aposta polo crecemento municipal en base ó mantemento da superficie xa clasificada como núcleo rural e solo urbano, procede reducir substancialmente a superficie de solo urbanizable, sobre todo no ámbito do non delimitado. Así, tendo en conta o anterior, procede tan só o mantemento dos solos urbanizables delimitados de A Serra de Outes e

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

de Cruceiro de Roo, coa finalidade de rematar a malla urbana e acadar unha trama viaria axeitada, mellorando o crecemento lineal ó longo das estradas que se está a producir nalgunha zona destes ámbitos ata o día de hoxe.

Mención aparte merece o solo urbanizable de Riveira do Freixo, que se mantén como reserva en base ás boas perspectivas de crecemento que presenta a zona, coa mellora das comunicacións e a creación do porto deportivo ó que antes se aludía.

En base ó anterior, a superficie de solo urbanizable (delimitado e non delimitado) pasa das 87,90 Ha previstas no documento anterior, ás 47,88 Ha do novo documento, das que, se descontamos as 14,25 Ha que ocupa o ámbito industrial, se pode obter unha redución do 55% do solo urbanizable de uso residencial, supoñendo tan só o 0,34% da superficie do termo municipal.

Esta redución da superficie bruta clasificada, unida á redución do 10% na delimitación das áreas de expansión dos núcleos rurais, contribúe a reforzar a coherencia entre as previsións do PXOM e as previsibles demandas de solo xa incluídas na memoria.

No que respecta á capacidade residencial que se pode ubicar sobre esta superficie de solo, pódense aportar os seguintes datos do documento xa adaptado ás demais disposicións da Orde.

No solo urbano (consolidado e non consolidado), a superficie edificada neta, a día de hoxe, ascende a 217.732 m², estando edificadas 956 vivendas. A capacidade edificatoria do solo urbano proposto polo PXOM é de 615.921 m², da cal resultan, seguindo os mesmos parámetros de edificabilidade actuais, 2.713 vivendas. A este número de vivendas restámoslle as que están xa edificadas, resultando un número de 1.757 novas vivendas en solo urbano, que, repartidas nos 20 anos de vixencia prevista para o PXOM, dá unha media de 87 vivendas/ano.

Polo que respecta á capacidade dos núcleos rurais, e despois de ter asumidas as modificacións que se detallan no apartado da Orde referente a ditos núcleos, compre indicar que o ámbito tradicional destes amosa unha capacidade de 546 novas vivendas e

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

as áreas de expansión de 1.289 viviendas, extremos que se detallan oportunamente nos apartados correspondentes da memoria.

É dicir, o PXOM amosa unha capacidade de 3.592 novas viviendas entre solo urbano consolidado, núcleo rural tradicional e áreas de expansión. Destas, 1.835 corresponden ó conxunto dos núcleos rurais. Tal e como se explicaba anteriormente, o proceso de edificación nos núcleos rurais, segundo a lexislación vixente, non está suxeito a prazos ou obrigas, sendo un proceso individual de cada propietario, polo que é facilmente esperable que, por diferentes motivos, tan só se materialice o 40% desta capacidade, é dicir, 734 novas viviendas. Así, o PXOM prevé un crecemento ponderado de 2.445 novas viviendas sobre un parque inmobiliario de 3.681 viviendas segundo censo de 2001, en torno a un 66% máis para o período de vixencia do PXOM.

Por último, compre aclarar que o ámbito de solo urbanizable delimitado que se mantén, tan só aporta unha edificabilidade residencial de 310 viviendas (8% sobre as viviendas existentes), cifra pouco significativa para a cifra global do concello, e perfectamente asumible no período de vixencia do PXOM.

II.3. ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA E DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.

1. Procede modificar a cualificación do antigo hospital CENGAS como equipamento de carácter local SAL-09. En consecuencia, procede recalcular o conxunto dos estándares de equipamentos.

2. Con respecto á zona verde prevista ZVX-07, cómpre dicir que a concesión de licenzas de obra en Riveira do Freixo condicionouse á cesión do patio de mazá previsto nas NNSS para zona verde de uso e dominio públicos. O PXOM recolle dita zona verde cedida, a día de hoxe, polos propietarios, e a amplía, na zona non cedida. Ademais, o plan garante o acceso axeitado á devandita zona a través de dúas áreas establecidas na delimitación, así como a través do polígono P-RV-01, para o cal se fixa como obxectivo *completar a zona verde de dotación para o núcleo de Riveira do Freixo.*

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

3. En congruencia coa memoria ambiental correspondente ó procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM, procede modificar as fichas correspondentes dos polígonos de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado, de xeito que queda garantida a depuración de augas provocadas polo proceso urbanizador.

4. Establécese como obxectivo dos polígonos P-SE-19 e P-SE-20 acadar a máxima zona verde posible no entorno do río Tins para completar a zona verde existente, polo que ZVX-2 e ZVX-6 disporán, ademais dos accesos de concentración parcelaria existentes a día de hoxe, de acceso a través dos devanditos polígonos, de cuxa ordenación pormenorizada encargaranse os respectivos plans de desenvolvemento, polo que procede manter a delimitación proposta.

A parcela localizada entre ZVX-6 e ELX-2, a día de hoxe, está edificada segundo as NNSS vixentes. En base a este feito, non procede facer máis modificacións que a incorporación da edificación á cartografía do PXOM.

II.4. CLASIFICACIÓN DO SOLO.

II.4.1. Clasificación do solo urbano.

- Procede corrixir nos planos de información urbanística a dispoñibilidade do servizo de saneamento nos terreos fóra da delimitación vixente de solo urbano no núcleo de Serra de Outes.

- P-SE-19: os terreos incluídos dentro deste polígono atenden a unha área de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento, polo que deberán ser clasificados como solo urbano non consolidado, segundo o artigo 12 da LOUPMRG. En concreto, é o resultado da urbanización, executada polo concello hai máis de 10 anos, da prolongación da avenida de San Campio, polo que os servizos urbanísticos dos que dispoñen as parcelas incluídas no polígono foron realizados ex profeso, e non como "paso" circunstancial a outras áreas do territorio; ademais, a día de hoxe, e mediante a

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

reportaxe fotográfica que se axunta a continuación, compróbase o grao de urbanización do ámbito.

Por outra banda, entre o viario existente e a proposta de ordenación realizada para o ámbito, xérase unha trama viaria perimetral que cose o solo urbano, a zona verde do río Tins (ZVX-2 existente, e ZVX-6(a), ZVX-6(b), ZVX-6(c) e ZVX-6(d) programadas), o equipamento deportivo de piscina (DPX-3), e o núcleo rural de Boel.

Tendo en conta todo o anterior, procede manter a delimitación proposta.



ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiogt@estudiogt.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA



ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA



ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA





- P-SE-20: os terreos delimitados polo presente polígono quedan localizados entre o P-SE-19 e o solo urbano consolidado, sendo un ámbito clave para comunicar axeitadamente a malla urbana e as zonas verdes ZVX-2 e ZVX-6, sendo necesario para o seu desenvolvemento un proceso de reforma interior. É dicir, trátase dun ámbito residual entre o solo urbano consolidado, o solo urbano non consolidado e a zona verde prevista en solo rústico, que polas súas reducidas dimensións tería comprometida a viabilidade do seu desenvolvemento como solo urbanizable. En base ó mantemento como solo urbano integrado na malla urbana do P-SE-19, procede tamén o mantemento deste ámbito.

- A Ponte Nafonso xa aparece delimitado como núcleo rural nas vixentes NNSS. Admitindo a existencia de servizos urbanísticos, e atendendo á tipoloxía edificatoria existente, xustifícase o cambio de clasificación de Solo de núcleo rural a Solo urbano. Por outra banda, dadas as características homoxéneas do ámbito, tanto en edificación como en grao de urbanización, non procede realizar redución algunha mantendo a delimitación vixente nas NN.SS. Municipais.

II.4.2. Clasificación do solo de núcleo rural.

- A morfoloxía orixinaria do núcleo de Viro (parroquia de Roo) apóiase en tres vías principais, que marcan a súa pauta histórica de crecemento. De feito, é o novo trazado da vía autonómica, posterior á existencia do núcleo, o que divide o núcleo en dúas partes. A delimitación establecida polo PXOM da área de expansión no núcleo de Viro recolle as edificacións existentes, que se viron desligadas unhas doutras pola execución dunha vía supramunicipal realizada posteriormente no tempo, na maioría dos casos, á existencia de ditas vivendas, dado que moitas son tradicionais. En consecuencia, procede modificar a delimitación da área de expansión do núcleo de Viro, pero incluíndo as construcións que manteñen o patrón de crecemento orixinario do núcleo tradicional.

- Segundo o artigo 32.2.a), clasificaranse como solo rústico de protección agropecuaria os terreos concentrados con RESOLUCIÓN FIRME producida nos dez anos anteriores á entrada en vigor da LOUPMRG. Este concepto de resolución firme non coincide con ningunha das fases do proceso de concentración parcelaria establecidas na *Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia*, modificada pola *Lei 12/2001, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia*, modificada pola *Lei 12/2001, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia*, modificada pola *Lei 12/2001, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia*, polo que se pode asimilar a varias das fases das que consta dito proceso. Enténdese que na Orde da Consellería asimilase o disposto na LOUPMRG (RESOLUCIÓN FIRME), ó ACORDO FIRME que deriva do artigo 2 da *lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil, e do Banco de Terras de Galicia*. Sen embargo, segundo o artigo 10 da citada lei, este concepto ten validez só a efectos de tanteo e retracto, sen ter implicacións a nivel urbanístico en ningún momento. Por outra banda, cómpre salientar que este criterio de asimilación de ambos conceptos non ten unha bagaxe temporal ampla, dado que, no informe da Dirección Xeral de Urbanismo, emitido con carácter previo á Aprobación Inicial, emitido en 2005, non se fai mención ós procesos de concentración parcelaria levados a cabo no concello.

Por outro lado, segundo o artigo 19 da citada lei: *“feito o estudo de viabilidade co correspondente estudio de impacto ambiental e o plan de desenvolvemento, que determinarán a procedencia ou non da concentración parcelaria na zona, O DECRETO*

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

REPRESENTARÁ O INICIO OFICIAL do proceso e o compromiso de levar a efecto as medidas contempladas no estudo de viabilidade. A partires da súa publicación, e contando con tódolos datos do estudo de viabilidade, as fases posteriores ó Decreto axilizaranse ó máximo, para que a tardanza na realización da concentración non signifique unha parálise da posibilidade de desenvolvemento socioeconómico da zona afectada.

A tal fin, fixarase un tempo para cada fase, que en conxunto das mesmas, non debería exceder de CINCO ANOS”.

Tendo en conta a normativa, compróbase que no caso da parroquia de Cando, o proceso de concentración levou 11 anos, e no caso das parroquias de Entíns levou 17 anos, períodos considerablemente superiores ó prazo establecido pola lexislación. Esta demora influíu negativamente nas posibilidades de desenvolvemento das parroquias afectadas, dado que, unha vez pasado un período tan longo de tempo, o obxectivo orixinal do proceso aparece como diluído, xa que non é coherente considerar terreos afectados por concentración parcelaria durante 17 anos como altamente produtivos.

Ademais, cómpre dicir que a normativa urbanística municipal vixente foi aprobada no ano 1977, onde aparecían delimitados os núcleos rurais. Os procesos de concentración parcelaria deron comezo anos despois, incluíndo terreos que ate ese momento eran edificables como núcleo rural, polo que se pode considerar que o organismo competente incorreu nun incumprimento da normativa, ó non excluír da concentración terreos previstos polas NNSS para uso residencial.

Por outra banda, se establecemos unha comparación entre o documento de aprobación provisional, e o presente documento remitido no proceso de cumprimentación da Orde emitida pola consellería para a aprobación definitiva do PXOM, pódese comprobar que se modificou o modelo de crecemento previsto para o concello de Outes. Se con anterioridade se apostaba pola clasificación de novo solo residencial mediante áreas de expansión nos núcleos rurais e un bo número de ámbitos de solo urbanizable, tanto delimitado como non delimitado; arestora, e a raíz da Orde, dito modelo evolucionou en base ó mantemento da superficie xa clasificada como núcleo rural e solo urbano, de xeito que a carga da previsión de crecemento no municipio corresponde case por completo ás

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

áreas de expansión dos distintos núcleos rurais e non ó solo urbanizable, reservado exclusivamente para operacións de remate da trama urbana.

En total implicación coa evolución do modelo de crecemento adoptado de acordo coas observacións contidas na Orde, constátase que se reduciu a superficie de solo de núcleo rural, ata a mínima imprescindible para o desenvolvemento urbanístico racional do concello, dando cumprimento, por tanto, ó artigo 33.2.a) da LOUPMRG que di que: “os ámbitos lindeiros sen solución de continuidade co solo urbano ou cos núcleos rurais que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional, serán clasificados como solo urbanizable ou incluídos na delimitación dos núcleos rurais”.

Como consecuencia deste axuste, acádase tamén unha redución de case un 30% da superficie bruta de núcleo rural delimitado polo PXOM, con respecto á superficie bruta delimitada polas NNSS, tal e como se amosa no seguinte cadro:

Superficie bruta de Núcleo Rural delimitado polas NNSS, nas parroquias de Cando e Entíns	245,51 Ha
Superficie bruta de Núcleo Rural delimitado polo PXOM, nas parroquias de Cando e Entíns	172,90 Ha

Tendo en conta todo o anterior, considérase xustificado o mantemento da delimitación das áreas de expansión dos núcleos de Cando de Abaixo, Cando de Arriba, O Vilar, Vilardigo e A Toxeira (parroquia de Cando), Entíns e Pazos (parroquia de Sta. María de Entíns), e O Cruceiro, A Esfarrapa, Ousesende, A Poza e Sacido (parroquia de Santo Ourente de Entíns), dado que non se cumpren os criterios que establece o artigo 32.2.a) da LOUPMRG para a súa protección, nin a lexislación específica vixente, e, tal e como se dixo en parágrafos anteriores, son absolutamente necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional das tres parroquias afectadas.

- Procede modificar as áreas de expansión respectivas dos núcleos de As Camposas e Serantes (parroquia de Outeiro), Carleo de Abaixo, Carleo de Arriba e Moledo (parroquia de Outes), e incluír os terreos non edificadas que reúnen as características establecidas no artigo 32.2.b) da LOUPMRG na clasificación de Solo rústico de protección forestal.

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es
15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

